

Deputación de Pontevedra

Presidenta

Carmela Silva Rego

Deputada de Patrimonio documental e bibliográfico e Memoria histórica

María Ortega Iñarrea

© Edición: Deputación de Pontevedra.

Servizo de Patrimonio documental e bibliográfico

Dirección: Ana Vicente Rivas

Revisión lingüística: Beatriz Collazo Martínez

© Textos: Montse Fajardo, José María Cumbras, Dionísio Pereira, Lola Varela, Marcelino Abuín, Lucio Martínez Pereda, Xoán Carlos Garrido, María Victoria Martins, Xosé Álvarez Castro, Xosé Enrique Acuña, Manuel Igrexas Rodríguez, Antón Mascato, Pepe Novas, Xoán Carlos Abad, Xosé Ramón Paz Antón, Xosé Lois Vilar, Carlos Méixome, Natalia Jorge Pereira, Carmen L. Corgo Silleiro


© Fotografías: Fondos gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra

Deseño e maquetación: Dito&Feito Comunicación

Impresión: Ediciones MIC

ISBN: 978-84-8457-520-7

DL: PO 637-2022



ÍNDICE

Mil imaxes e o valor da palabra.....	7
[María Ortega Iñarrea]	
O que agocha o sorriso do réxime	13
[Montse Fajardo]	
Os fondos gráficos da Jefatura Provincial del Movimiento: unha introdución desde o punto de vista documental	35
[José María Cumbras]	
Fóra de encadramento: A fotografía oficial franquista e as actitudes sociais na Pontevedra dos anos cincuenta.....	49
[Ana Cabana Iglesia]	
Fotografía social e memoria histórica	83
[Dionísio Pereira Lola Varela]	
Baixo a sombra de José Antonio.....	99
[Marcelino Abuín]	
Teatros da propaganda memorialística falanxista en Pontevedra	131
[Lucio Martínez Pereda]	
A Igrexa franquista.....	155
[Xoán Carlos Garrido]	
A muller no franquismo	175
[María Victoria Martins]	
O Lazareto de San Simón, entre a memoria e o esquecemento.....	197
[Xosé Álvarez Castro]	
Retrato necesario da Pontevedra satisfeita e eufórica coa ditadura.....	217
[Xosé Enrique Acuña]	

Análise das fotografías da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra, concellos de Cerdedo e Forcarei.....	243
[Lola Varela Dionísio Pereira]	
“Firme lealtad y adhesión en todo momento”. As visitas do gobernador civil de Pontevedra á comarca do Deza en 1957 e 1958	259
[Manuel Igrexas Rodríguez]	
A propaganda falanxista no Val do Salnés.....	275
[Antón Mascato]	
De xira polos concellos que ficaran sen alcalde.....	293
[Pepe Novas]	
Aguinaldo para Ifni	307
[Xoán Carlos Abad]	
A Jefatura Provincial del Movimiento en Salceda de Caselas, O Porriño e Mos	319
[Xosé Ramón Paz Antón]	
E agora que?	337
[Xosé Lois Vilar]	
O axitado verán do 57.....	351
[Carlos Méixome]	
Un <i>Cara al sol</i> , unha peseta	371
[Natalia Jorge Pereira]	
Fondos para o estudo da memoria no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	387
[Carmen L. Corgo Silheiro]	

Mil imaxes e o valor da palabra

María Ortega Iñarrea

Deputada de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra

Din que unha imaxe vale máis ca mil palabras pero a palabra é imprescindible para entender as case mil imaxes que conforman o arquivo da Jefatura Provincial del Movimiento que reproducimos parcialmente nesta publicación. Facémola para mergullarnos na que probablemente sexa a etapa menos coñecida do franquismo, a dos anos 50, moito menos estudada que o atroz xenocidio das décadas anteriores, ou que a loita para restaurar as liberdades que chegaría despois, no preludio da morte do ditador. Quedaba en terra de ninguén un período caracterizado pola fin da autarquía e o intento do réxime de dar unha imaxe irreal de benestar, que lle abrise as portas dunha comunidade internacional, de súpeto impasible ante a continuidade do mesmo fascismo que ficara derrotado en Italia e Alemaña, e do mesmo sistema represor que sobreviviría aínda máis que o propio xenocida.

Vemos nas imaxes algúns dos executores daquela barbarie dando apertas a crianzas na inauguración de fontes e asfaltados, como se nada pasase. Como se fosen quen os lavadoiros de limpar os nomes do terror para apuntalar unha impunidade aínda hoxe non quebrada. Por iso é tan necesaria unha publicación como esta. Para que non fique no escuro o carácter fascista da ditadura española nin esquecemos a xente que participou nela ocupando cargos e beneficiándose do terror. Para que nos avergoñe a continuidade dos seus nomes en distincións institucionais e placas de rúas.

As fotos evidencian, sen necesidade de explicación, o boato da simboloxía, a complicidade da Igrexa ou o papel secundario das mulleres na sociedade franquista. Pero pretenden amosar tamén unha febril adhesión da poboación que, como moi ben se conta, nin era maioritaria nin voluntaria sempre.

A ditadura sometera o pobo con terror e fame, pero non puido impedir que agromase a semente das sociedades agrarias, os sindicatos e os partidos políticos erradicados co golpe, en forma de loita contra os abusos das taxas e as empresas depredadoras do mar e dos montes. Aínda que iso non o amosen as fotos. Por iso é tan importante desmontar a propaganda. Para mirar aos ollos ao pobo vencido e á súa conivencia, consciente ou obrigada, sen deixar de lembrar a resistencia que protagonizou a guerrilla case ata os anos 50, a oposición antifranquista ata despois da morte do ditador, e a xente do común que defendeu o pan da súa familia, posto en risco por cotas abusivas ou fábricas contaminantes. Esa loita é parte da nosa heranza e vainos permitir afrontar con mellores vimbios o presente, pero tamén decidir cara a onde queremos avanzar no futuro.

Sempre facemos memoria coa ollada posta na Galiza que o perdeu todo co golpe de Estado. Somos plenamente conscientes de que este álbum con sorrisos impostados do réxime e co agradecemento

submiso de quen, truncado o soño da xustiza social, tivo que conformarse coa caridade, non ten a dignidade das fotografías proscritas. Das que amosaban os rostros das vítimas e foron queimadas por medo, ou ficaron agochadas baixo chave no máis fondo dun caixón durante décadas, como tan ben se subliña nalgún dos capítulos. Pero entendemos que son o contrapunto necesario para amosar os rostros do sistema represor, de quen detectaban o poder en cada pobo, en cada vila. Alértannos de que nunca debemos esquecer onde estaban antonte algúns nomes que, ante a timorata Transición, seguiron aparecendo como próceres da nosa provincia e, o que é aínda máis importante, deixan ben claro baixo que bandeira medraron certas ideoloxías e como mantiveron no tempo o seu caciquil xeito de facer política.

O libro que tendes nas vosas mans dá cumprida resposta a dúas das teimas do Departamento de Memoria Histórica que dirixo: por un lado, sérvenos para seguir loitando contra a impunidade, ao darlle visibilidade ao esqueleto da administración franquista na nosa provincia. Por outro, pon a disposición do público imaxes que non deixan dúbida do carácter fascista do réxime, acompañadas por textos que as contextualizan na esperanza de que sexan unha boa ferramenta para futuras investigacións sobre esta etapa.

A análise da situación na provincia serve para entender mellor o funcionamento do franquismo en todo o país e mesmo en todo o Estado, pero ademais fixemos un especial esforzo para achegarnos á realidade das distintas comarcas e localidades da man de especialistas con pulcra rigorosidade e que gozan do total recoñecemento do movemento memorialista, co que sempre intentamos ir da man. A todos, a todas, o noso fondo agradecemento.

Din os colectivos de memoria e as persoas investigadoras que unha das principais eivas para analizar a ditadura xenocida é a difi-

cultade de acceso aos arquivos. Por iso nós queremos abrilos de par en par e analizalos con esa mirada crítica e rigorosa que permita rebater o relato imposto.

Agardamos que esta publicación sirva como alicerce da construción dunha sociedade afastada da que as imaxes amosan. Unha sociedade herdeira daquela que desmantelou o golpe, do pasado luminoso que aínda está por vir.

Con ela pretendemos, en fin, enfrontar a ditadura con democracia, os dogmas con pensamento crítico, o sometemento do terror coa liberdade do coñecemento, e a humillación da caridade con solidariedade e xustiza social. Oxalá que estas imaxes e o valor das palabras que as acompañan nos axuden a conseguilo.

Pontevedra, xullo de 2022

O que agocha o sorriso do réxime

Montse Fajardo

*Técnica do Departamento de Memoria Histórica
da Deputación de Pontevedra*

“En la Jara, donde el señorito, nadie se preocupaba de si éste
o el otro sabían leer o escribir, de si eran letrados o iletrados,
o de si el Azarías vagaba de un lado a otro, los remendados
pantalones de pana por las corvas, la bragueta sin botones,
rutando y con los pies descalzos”

Miguel Delibes (*Los Santos Inocentes*)

Principiaban os anos 50. Un franquismo a piques de ser recoñecido pola comunidade internacional afanábase en deixar atrás a economía de guerra e, por vez primeira, empregaba carto público en obras de asfaltado ou construción de lavadoiros.

A Galiza que acababa de enterrar a Castelao na Chacarita bonaerense dicíalle adeus tamén ao desafiuzamento do ditador e á restitución, dentro do sistema republicano, dos dereitos recollidos no estatuto referendado polo pobo e que o golpe de estado impedira aprobar. As arelas de autonomía afogábanse no leite en po. Americanos, os recibimos con alegría... Chegara a década do plan Marshall e a fin das cartillas de racionamento, e o réxime, afanado en disimular o tufo a fascismo, loitaba por ser aceptado nunha ONU auspiciada polas na-

cións que loitaran contra ese mesmo fascismo, o que axudara os golpistas españois a gañar a guerra. Líderes mundiais posaban co xenocida en vista oficial mentres continuaba a tortura sobre unha oposición minguada polo continuo desmantelamento de cédulas e a caza da guerrilla, ou o aparato franquista proporcionáballes novas identidades a dirixentes nazis que fuxiran dos xuízos de Núremberg.

A ninguén parecía importarlle a impostura franquista. A impunidad dos crimes oficializábase coa entrada de España na ONU o 14 de decembro de 1955. Vencía o relato tramposo, do que tan boa conta dan as imaxes do fondo da Jefatura Provincial del Movimiento en Pontevedra. Mentres a oposición no exilio berraba na prensa internacional que o franquismo seguía matando, os seus dirixentes —homes, salvo contadas excepcións— posaban riseiros rodeados de xente na súa mestura de represión e propaganda. Que a cara agoche a cruz da moeda (*imaxe 1*).



Imaxe 1. O gobernador Fernández Martínez saudando durante unha visita a Fornelos de Montes.

O obxectivo era amosar o músculo do réxime e os xefes do Movimiento, á par gobernadores civís na absoluta simbiose do partido único e a administración, percorrían con denodo as vilas en compañía de representantes da Igrexa cómplice e os caciques locais, ao obxecto de deixar claro que cada obra, cada fonte ou cada lastra, eran froito da bondade de Franco e non das tarefas esixíbeis ao Estado, auxiliadas nese tempo por unha veciñanza obrigada a realizar de balde obra civil.

Non existe no franquismo liberdade de elección. É imposíbel saber cantas persoas acudían a recibir o gobernador por adhesión ao réxime, cantas por xuntarse coa veciñanza en arela de festa, ou cantas obrigadas pola necesidade de desvincularse dun pasado marcado por unha ideoloxía, persoal ou familiar, contraria á que entón era única.

Como explica a profesora Ana Cabana no capítulo “Fóra de encadramento: a fotografía oficial franquista e as actitudes sociais na Pontevedra dos anos cincuenta” non se pode negar que houbo adhesións pero tampouco esquecer que era un réxime autoritario onde todo estaba marcado pola represión, sendo difícil cuantificar canta desta adhesión era real e canta estaba provocada pola necesidade de non ser considerada unha persoa subversiva, como na mítica escena final de *A lingua das bolboretas*. O máis fácil era ser franquista ou polo menos aparentar selo (*imaxe 2*).

Por iso é tan necesario coñecer o que agochan fotos como a que no capítulo “Fotografía social e memoria histórica” amosa a Alfredo Iglesias Álvarez, tenente de alcalde socialista de Forcarei durante a II República fondamente represaliado polos golpistas, mentres recolle unha axuda económica de mans de José Solís Ruíz, *la sonrisa del régimen*. É, como ben sinalan no artigo Dionísio Pereira e Lola Varela, a última das derrotas.



Imaxe 2. Un nutrido grupo de xente participa en 1954 nos actos de conmemoración do mitin que dera Jose Antonio no Teatro Cervantes de Vilagarcía dezanove anos antes.

CANTOS BRAZOS EN ALTO PERTENCEN AO POBO VENCIDO?

Nas fotos, a veciñanza aparece acubillando represores reconvertidos en donos das vilas que, ergueitos, dan vivas a Franco coa súa camisa azul (*imaxe 3*). Por iso ficaron ocultas en caixas, a piques de ser destruídas, cando houbo que finxir de novo, desta volta terse convertido en demócrata dun día para o outro. E por iso é tan importante que vexan a luz: para poder entender o relato e a quen o dita. Pero non chega con amosalas sen máis, teñen que ser contextualizadas por quen mellor coñece a historia da provincia nunha época tan escasamente analizada como son os anos 50.

Ese é o obxectivo de *Desmontando a propaganda franquista*, facer unha sorte de catálogo comentado das imaxes incluídas nos dosieres do departamento de prensa da Jefatura Provincial del Movimiento na etapa de tres xefes provinciais e por tanto, gobernadores civís:



Imaxe 3. Público asistente a unha homenaxe aos “caídos” celebrado en 1958 no cemiterio de Pontevedra fan o saúdo fascista.

Elías Palao, Alberto Martín e Rafael Fernández. Van de 1951 a 1959 e como explica no seguinte capítulo José María Cumbras, xefe da Sección de Audiovisuais do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, departamento responsable da catalogación, descrición e dixitalización das fotografías, son un total de 971, coas que o réxime buscaba dar na prensa unha imaxe de bonanza e modernidade, afastándose dos fascismos que si caeran na Europa non circunscrita á Península Ibérica (*imaxe 4*).

Porén, se miramos máis alá das fotos, tal e como se fai nos traballos que conforman este libro, comprobamos que non só non hai un afastamento do ideario golpista, senón que mesmo hai un evidente intento de reafirmalo, que se reflicte, por exemplo, no nomeamento de excombatentes e *camisas viejas* como alcaldes durante este período. A Falange estaba perdendo poder fronte ás agrupacións católicas



Imaxe 4. O gobernador Fernández Martínez recibido por unha multitude no Rosal.

e fai un esforzo por ocultar o fracaso, como di Lucio Martínez Pereda no capítulo “Teatros da propaganda memorialística falanxista en Pontevedra”. Explica o profesor como a parafernalia de bandeiras e monumentos buscaba precisamente reafirmar a cada vez máis débil vinculación da poboación coa causa e intentar defender sen descanso que a implacábel ditadura estaba lexitimada polo sangue dos franquistas. Apélase ao sentimento eludindo a análise pois non é doado convencer a ninguén de que o bando vencedor é, á par, a vítima do conflito. Moito menos nun territorio onde non houbo guerra nin bandos enfrontados, só o xenocidio contra un ideario: o do goberno democrático. Engade Martínez Pereda que a exaltación da patria levouse ao espazo público, que se encheu de símbolos para loar os feitos sen ter que explicalos, en idéntica función á que terían as cerimoniais e a repetición de consignas, unha vez e outra, como na escola franquista para memorizar aquelas letras que con sangue entran (*imaxe 5*).

As vilas e nomeadamente as fachadas das igrexas enchéronse das cruces en honor aos caídos por loitar contra o lexítimo goberno republicano. Moitos deles aínda hoxe permanecen e, sen contextualizar, seguen sendo unha loa ao réxime.

As fotos non terían sentido sen explicalas, “como se non fosen parte da esmagadora propaganda emitida por unha ditadura tinguida de sangue”, tal e como nos din Pereira e Varela no seu traballo. Imposíbel pasar por alto ante que simboloxía sacaban peito as forzas vivas do réxime aínda dúas décadas despois do golpe (*imaxe 6*).



Imaxe 5. Simboloxía franquista coroando unha obra inaugurada en Campo Lameiro polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, en 1957.



Imaxe 6. Acto franquista en Forcarei en honor aos “caídos”.

O libro busca, ademais, coñecer a historia dos lugares que aparecen como escenario dos actos propagandísticos. En abundantes ocasións, as fotos recollen a inauguración de novas dotacións en Casas do Pobo ou escolas que construíran colectivos veciñais antes da ditadura e que no verán do 36 foran incautadas polos golpistas. Lugares de loita que foran vítimas do espolio e mesmo escenarios de tortura tras a sublevación militar, eran agora convertidos, en moitos casos coa utilización de man de obra obrigada, en escenarios onde loar o réxime a coro, mesmo con voces daquela silenciadas a golpe de cárcere e depuración.

Mais nin sequera nesta época —carente da esperanza que os anos 40 puxeran no desafiuzamento de Franco por parte das forzas aliadas, e apenas preludio da efervescencia antifranquista dos 60— é certa a homoxeneidade no apoio ao réxime que pretenden trasladar as imaxes. Como ben lembra Ana Cabana, algunhas delas sitúanse nas mesmas localidades que rexistraban a conflitividade polas cotas agrarias ou a oposición ao desembarco de ENCE que tivo lugar en Pontevedra a finais desta mesma década.

DO CONCRETO E DO XERAL

A primeira parte de *Desmontando a propaganda franquista* busca realizar unha análise xeral da época, que con epicentro na provincia sirva como instrumento para coñecer mellor o funcionamento do réxime (imaxe 7).

Iníciase coa contextualización do propio arquivo da JPM da man do xefe da Sección de Audiovisuais, José María Cumbraos, e logo desmeda o funcionamento da maquinaria franquista e de como esta lle afectou á poboación tanto no capítulo da profesora Ana Cabana como no asinado por Dionísio Pereira e Lola Varela, que poñen o foco, fundamentalmente, no que as imaxes non contan. O seguin-



Imaxe 7. Acto celebrado en 1953 para conmemorar o mitin que José Antonio dera en Vilagarcía o 17 de marzo de 1935.

te autor é o historiador Marcelino Abuín, que no seu artigo “Baixo a sombra de José Antonio” se centra na análise das numerosas fotografías tomadas durante varios anos no acto que se celebraba en Vilagarcía coincidindo co aniversario do mitin que José Antonio deu o 17 de marzo de 1935 no Teatro Cervantes do municipio, acto que algúns estudos consideran fundacional das Falanges galegas, necesitada Galiza dun lugar que mitificar, a falta dun Belchite ou dunha prisión modelo como a de Madrid, segundo subliña o profesor Lucio Martínez Pereda no seguinte capítulo. Nel analiza de forma pormenorizada o uso que fai a ditadura da simbología, tema tamén presente no capítulo de Abuín, que nos achega ao coñecemento do partido único da ditadura.

A seguinte pata no cabaleta que sostén o retrato franquista é a conformada pola Igrexa, e son varios os artigos que insisten na

importancia de situala, como institución e máis alá do comportamento individual de cada monxa ou sacerdote, entre os organismos responsábeis ou que ampararon o padecemento das vítimas. Ata a Semana Santa deixou de ser só relixiosa para converterse en loa á ditadura (*imaxe 8*).



Imaxe 8. A simbiose entre Igrexa e ditadura foi total. Na foto, xerarcas do réxime en Covelo.

Mais a simbiose, que fica patente en moitísimas das fotos do libro, non estivo tan na xénese como nos fixeron crer. O relato retorceuse desde o principio. Os golpistas non eran talibáns católicos. Nin sequera fascistas convencidos. Usaron a Igrexa e a situación internacional na súa loita contra o comunismo e en defensa dunha orde que non era máis que manter arriba a quen tiña os cartos, e á clase traballadora abaixo. Cada quen no seu sitio. Cóntao o profesor Xoán Carlos Garrido no capítulo “A Igrexa franquista”, o que nos permite afondar na visión crítica da historia recente cuestionando axiomas reproducidos durante décadas como certos: non

deron o golpe para defender a relixión, senón que esta foi utilizada para intentar lexitimar o horror, co plácet dunha Igrexa que, explica Garrido, estaba obsesionada coa persecución do comunismo e porén tolerou o nazismo, malia o seu laicismo e sobre todo, malia as barbaridades cometidas. O importante era acabar coa democracia (*imaxe 9*).



Imaxe 9. O gobernador Fernández Martínez intervéñ durante unha visita á Cañiza, xunto ao altar da igrexa, no que ondea unha bandeira falanxista.

De xeito acompasado, a xerarquía golpista crucificou a Karl Marx mentres adoptaba o “marxismo” de Groucho: se non vos gustan as miñas ideas, aquí teño outras. Nin relixiosos nin fascistas nin monárquicos, aínda que non dubidaran en manter o xogo co rei na súa partida de xadrez. Armaron a idea dunha España católica para soste-lo tempo e chegar ata esta década dos 50 en que cumpría vindicar as diferenzas co fascismo italiano e o nazismo alemán a fin de acadar a aceptación internacional, pero sen deixar de manter, con

puño férreo, o control sobre calquera disidencia. Tamén é importante lembrar, como destaca Garrido, que nunca houbo dor dos pecados nesta Igrexa que, tras a morte de Franco, mantivo as súas prebendas sen necesidade de pedir-lles xamais perdón ás vítimas dunha represión da que fora parte activa. A curia aproveitouse do esquecemento que impuxo a Transición para seguir gozando do seus status malia o papel exercido durante toda a ditadura (*imaxe 10*).



Imaxe 10. A Igrexa estivo tan amparada polo xugo e as frechas como pola democracia.

Non foi só o dano ás vítimas directas. O conxunto da sociedade viuse afectado pola presenza da Igrexa no bando vencedor, pois o seu pensamento instaurouse no novo Estado: derogouse o matrimonio civil, o divorcio, os enterros laicos... e a moral imposta foi especialmente gravosa para as mulleres, tanto a nivel individual como colectivamente, tal e como resalta a doutora María Victoria Martins no seguinte capítulo do libro, “A muller no franquismo”. O espazo



Imaxe 11. O franquismo avogou pola total submisión das mulleres.

público era coudo reservado para os varóns, mentres que a elas calquera dereito lles era negado (*imaxe 11*).

É imposíbel medir canto segue a influír aquel pensamento nos vestixios machistas aínda non erradicados. Na visión patriarcal do rol de cada xénero, na prostitución ou a violencia machista. Mais é indubidábel que o franquismo era un réxime absolutamente misóxino que defendía que a muller estaba abocada á casa e ao coidado da descendencia, coa trampa engadida de desvincular esta idea do seu talibanismo ideolóxico para unila a designios divinos relacionados coa propia natureza feminina.

En consonancia coa partitura que mandaba tocar a Igrexa, a muller estaba destinada a ser nai, e ese era o único obxectivo do acto sexual. Nelas só tiña sentido como goce do esposo e esixencia da procreación. A maternidade das casadas gabábase ata o misticismo aínda que a tutela da descendencia recaese nos homes, mentres que

se producía un repudio total ás nais solteiras, aínda máis no suposto de que a criatura fose froito dos abusos que o señor da casa cometía contra a persoa que o servía, obrigada pola miseria a cumprir con todo o ordenado, como tan ben explica Martins.

O adulterio era delito só para elas, e matar a esposa infiel apenas tiña pena de desterro. Un modo de vida distinto ao imposto polo réxime podía mandar a unha moza de cabeza ao Patronato, organismo vendido como garante de protección pero totalmente carente de vestixio benéfico. Ao contrario, era outro instrumento, e ben feroz, do estado represor. Mais iso non se amosa nas imaxes.

Nun novo exemplo de *grouchomarxismo*, todo en torno ás mulleres é falso. Distinto é predicar que dar trigo e as líderes da Sección Femenina (*imaxe 12*) tiñan un comportamento ben diferente ao do apostolado, mesmo nas prácticas sexuais. Como ben explica



Imaxe 12. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez charla con mulleres da Sección Femenina.

Martins, ata os seus coros e danzas eran parte do relato hipócrita, enmarcados como estaban nunha política de total represión cultural ao folclore galego.

A primeira parte de *Desmontando a propaganda franquista* péchase co capítulo “O lazareto de San Simón, entre a memoria e o esquecemento”, do historiador Xosé Álvarez Castro, que nos achega á corrupción económica do réxime a través da análise do sucedido na illa neste ámbito, logo da súa conversión en cárcere franquista. Moitos dos próceres da patria eran, ademais de represores, corruptos. Verémolo tamén no capítulo “Un *Cara al sol*, unha peseta” de Natalia Jorge, que amosa a corrupción aparellada a unha desas obras das que tanto se gaba o réxime no arquivo da JPM: a construción do mercado de Tomiño.

O capítulo de Álvarez Castro amosa ademais, con total claridade, o trato oposto que se lle dá á lembranza das vítimas da represión franquista —entre elas as sacadas do Lazareto para ser paseadas— e á dos gardas de Franco que faleceron no naufraxio do Monchita. Non son os mortos que o bando golpista tivo na guerra provocada pola súa sublevación contra o goberno lexítimo fóra das fronteiras dunha Galiza na que non houbo campos de batalla. Nin vítimas da represión paralegal, que na Terra só lle afectou ao bando defensor da legalidade republicana.

O franquismo converte en acto de loa aos mártires o recordo ás vítimas dun naufraxio marítimo. O sufrido por integrantes da Guardia de Franco —serve tamén este libro para coñecer mellor o propio esqueleto da administración franquista— que morren ao afundirse unha embarcación procedente de San Simón sen que houbera intervención ningunha de posíbeis inimidades políticas que os convertese en mártires da causa, aínda que, certo é, as familias vencidas quixeran ver, non só nesas, senón en cada morte dos verdugos, unha sorte de xustiza divina (*imaxe 13*).



Imaxe 13. Homenaxe ás vítimas do Monchita en 1958.

UN PERCORRIDO POLA PONTEVEDRA FRANQUISTA DOS ANOS 50

Na segunda parte, *Desmontando a propaganda franquista* baixa ao concreto e fai un percorrido crítico polas distintas comarcas da provincia, intentando poñer luz sobre as imaxes que, a simple vista, só amosan, ora dirixentes franquistas paseando entre unha multitude de xente que os recibe con pancartas, brazos en alto e apertas, ora mostras públicas de caridade ou actos de afirmación do réxime e o Movimiento, nomeadamente en datas sinaladas para eles. Segundo a súa propia terminoloxía: “Día de los Caídos”, Día de la Victoria, conmemoración do 18 de xullo ou aniversario do mitin que deu en Vilagarcía *el Ausente*. Temos un exemplo na xeira que, baixo a advocación da Divina Pastora, deu o gobernador Rafael Fernández Martínez en 1957 por 62 concellos da provincia¹, a fin de anunciar ou inaugurar obras por valor de 50 millóns de pesetas.

¹Datos proporcionados por Carlos Méixome.

Analizar as imaxes distribuídas polo departamento de prensa e contar quen era quen daquela serve para entender porque hai quen segue sendo quen agora, e debería axudar a analizar, con rigor e sen consignas, canto quedou por facer no tránsito á democracia (*imaxe 14*).



Imaxe 14. Autoridades franquistas nun acto no Concello de Vilagarcía. Á dereita da foto, con bastón de mando, o alcalde Rey Daviña, que aínda na actualidade dá nome a unha das principais rúas da cidade.

Xosé Enrique Acuña é o encargado de analizar a zona de Pontevedra; Lola Varela e Dionísio Pereira a de Cerdedo-Cotobade; Manuel Igrexas, o Deza; Antón Mascato, o val do Salnés; Xosé Novas, o Morrazo; Xoán Carlos Abad, as imaxes de Vigo, centradas no envío de aguinaldo aos soldados do Ifni, e Xosé Paz Antón, os concellos de Salceda de Caselas, O Porriño e Mos. As fotos de Tomiño son comentadas por Natalia Jorge, mentres que Carlos Méixome fala do resto do Baixo Miño e Xosé Lois Vilar do Val de Miñor (*imaxe 15*).



Imaxe 15. Visita do gobernador civil Elías Palao a unha das localidades, Salceda de Caselas, en 1951.

A súa xenerosidade compartindo o resultado de anos de investigacións non só nos permite coñecer mellor o pasado senón tamén entender mellor algunhas cousas do presente. Por exemplo, os barros que trouxeron os lodos de ENCE, e a semente da loita pola recuperación da ría. Pero, sobre todo, amósanos a maleabilidade coa que os dirixentes do réxime se incorporaron á armazón institucional da democracia tras a morte de Franco. Só un exemplo: en varios capítulos e numerosas imaxes atopamos a Manuel Crespo Alfaya, que pasa de ser secretario provincial do Movimiento a artífice do aparato da UCD na cidade, aproveitando, sen apenas variacións, a estrutura orixinaria. E, como conta Paz Antón, o seu coñecido pasado falanxista non lle impediu ser vicepresidente da Xunta en 1986. O poder do franquismo foi vitalicio e os seus cargos e os seus modos tiveron un importante compoñente hereditario. O exemplo é o propio Crespo Alfaya, que era o pai de Pablo Crespo, dirixente

do Partido Popular condenado en 2018 a trinta e sete anos e medio de cárcere polo caso Gürtel.

O libro remata cun artigo da directora do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Carmen Corgo, que pretende ser un anzol para futuras investigacións a través do debullo de toda a documentación relacionada coa Memoria Histórica que o organismo atesoura, no deveso de que sirva de pista para todas aquelas persoas que queiran seguir estudando este período, para así quebrar de vez o silencio de décadas. Mais, como xa queda dito, tanto este libro como o resto do traballo realizado polo Departamento de Memoria Histórica buscan ir máis alá da loita contra o silencio para verter unha mirada crítica sobre o relato imposto pola ditadura, absolutamente falto de rigor histórico e pechado a calquera análise obxectiva, pero que callou pola forza na meirande parte da sociedade como unha especie de dogma de fe, que había que asumir sen máis voltas. Desde esa uniformidade, as fotos que esta publicación recolle perseguen amosar a adhesión do pobo a un réxime dadivoso, pero como explican tanto Cumbraos como Abuín nos seus artigos, o paso do tempo posibilita unha lectura que nin era factíbel cando foron tomadas nin moito menos desexábel para quen as encargou (*imaxe 16*).

As fotos realizáronse para ensinar só o que o réxime quería que se vira, mais o seu significado completo revelouse co paso do tempo. No presente, a propaganda franquista debe ser utilizada como ferramenta que nos axude a desmantelar o relato imposto no pasado, a fin de ter vimbios para construír o futuro. Por xustiza poética e, sobre todo, por obriga democrática. Como se recolle nas seguintes páxinas, non é compatíbel cos preceptos de liberdade que sustentan o Estado de dereito manter a falsa imaxe de represores finxindo emular concellos abertos como aqueles que soñara a República. Ou apoiando proxectos científicos cando obrigaran a exiliarse a persoas da talla de Osorio-Tafall, logo máximo responsábel da FAO creada



Imaxe 16. Crianzas entre o público que escoita o discurso do alcalde de Mondariz, José Martínez Couto, con motivo da visita do gobernador civil á localidade en 1956.

pola ONU para loitar contra a fame que, desarticulada a súa xeración prodixiosa, aquí ninguén quitaba.

Era a España que tan ben recolleu Berlanga en *Bienvenido Mister Marshall*, película rodada en 1953, e por tanto no tempo en que se facían estas fotos. Como pasaba naquel Villar del Río ficticio² que se preparaba para a chegada dos benfeitores americanos cunha posta en escena falsa, as imaxes son máis un escenario que a radiografía da Galiza dos anos 50, máis semellante á Estremadura retratada por Delibes en *Los Santos Inocentes*. Aquí, Zacarías vivía da esmola do señorito gobernador civil, e non podemos deixar que as fotografías agochen a rotundidade das consecuencias da derrota, nin tampouco o aceno resistente que supuña a loita polo mar, o agro ou os montes

² Aínda que a vila da película tiña o nome da localidade soriana, a gravación fíxose en Guadalix de la Sierra (Madrid).

comunais, realizada nesta década en relevo das masacradas sociedades agrarias ou os sindicatos mariñeiros. A loita pola desaparecida *milana bonita*.

Moitas veces o mellor das historias é o que non se conta. A memoria de hoxe nítrese cos murmurios que atesouraron onte, no acubillo das casas, as familias derrotadas a fin de ter polo menos unha arma, tan feble como poderosa, coa que plantarlles cara aos berros da propaganda fascista. O mesmo ocorre con esta colección de fotos. Pretenderon poñernos diante do nariz unha imaxe con distorsións, que agora, coa distancia que dá o tempo, podemos ver con máis claridade e sen o balbordo do relato único. Cos murmurios do rigor histórico explicándonos o que non se ve, o que había detrás do sorriso do réxime, tan ben simbolizado por quen foi merecedor dese alcume na ditadura: o ministro do Movimiento, José Solís Ruiz (*imaxe 17*).



Imaxe 17. Un grupo de mulleres con Solís Ruíz, “la sonrisa del régimen”, nun acto de exaltación franquista celebrado na provincia.

Morto xa o ditador, en marzo de 1976, *la sonrisa del régimen* ocupou o cargo de ministro de Traballo e foi baixo o seu mandato que se produciron os asasinatos de Vitoria: cinco traballadores abatidos a tiros pola policía no desaloxo dunha asemblea obreira.

Substituírao como ministro do Movimiento e pode que tamén como sorriso do réxime, Adolfo Suárez, un dos grandes artífices da Transición española. Todo atado e ben atado. Que a verdade do relato nos axude a afrouxar o nó para desvincularnos, por fin, deste pasado incómodo.

Os fondos gráficos da Jefatura Provincial del Movimiento: unha introdución desde o punto de vista documental

José María Cumbraos

Xefe da Sección de Fondos Audiovisuais

Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

da Deputación de Pontevedra

A vida dunha fotografía pouco ten que ver coa súa orixe. Quen a saca dispara a cámara sen ter en conta que o tempo lle dará un valor e un uso moi diferentes. O documento gráfico perdura no tempo sufrindo unha evolución vencellada coa súa orixe e co contexto no que foi producido¹ pero sobre todo coa mirada de quen interpreta a imaxe fixada.

Todas as colaboracións que integran este volume pertencen a persoas que participan deste proceso de colocar a mirada sobre un documento orixinado para un fin concreto e metamorfoseado polo paso do tempo. Aí aparecen, mergullándose na investigación, para indagar nas significacións, achegar os seus coñecementos e extraer

¹ Sánchez Vigil, J.M. e Salvador Benítez, A. (2013). *Documentación fotográfica*. Barcelona: UOC.

as valoracións debidas, recoñecendo a importancia das imaxes para recuperar o pasado, máis se cabe en imaxes como estas das que agora falaremos.

Asumida esta característica evolutiva, non pretende servir este texto para teorizar sobre a fotografía e aínda menos sobre a súa materialización actual, tan difusa e inconmensurable. Interésanos aquí falar da fotografía como documento de arquivo e neste caso, obxecto destes traballos, analizar como a Jefatura Provincial del Movimiento mantivo unha preocupación constante pola fotografía, orixinando un fondo gráfico hoxe moi disperso e en parte aínda pendente dun considerable traballo de documentación e organización.

Consideramos necesaria antes unha breve nota sobre os fondos gráficos conservados e xestionados no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación (SPDB en adiante) e especialmente o corpus fotográfico relacionado co propio Movimiento que, como comprobaremos, non se limita unicamente a estes álbums, fío condutor deste volume, senón que abrangue unha considerable colección de fotos, organizadas as máis delas, soltas un bo número tamén, pero todas elas de enorme interese para o estudo e divulgación da súa época.

Dende 2003 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación conta cunha Sección propia coa que xestiona o seu material audiovisual. Dentro dunha tripla tipoloxía documental (fondos gráficos, fondos sonoros e musicais e fondos de imaxe en movemento) a fotografía, nas súas diferentes expresións formais, é a máis salientable dende un punto de vista cuantitativo: na actualidade, as coleccións gráficas –positivos fotográficos, negativos, diapositivas, tarxetas postais, fotografía dixital e carteis– superan as 60.000 referencias.

A vía de ingreso é múltiple. Na maior parte dos casos as fotografías forman parte de expedientes propios dos servizos integrados

na estrutura organizativa da Deputación ou doutros organismos cuxos fondos foron organizados no Servizo. Pero doutra banda existe un considerable volume de material solto, sen identificar de xeito rotundo con fondo ou institución concreta ningunha e que foron ingresando nos nosos depósitos de xeito continuo, por depósito, doazóns, compra ou incorporados ás transferencias periódicas dende a Deputación.

A localización destes álbums, creados como dosieres de prensa pola Jefatura Provincial, supuxo a incorporación de preto de 1000 fotografías máis (971 delas dixitalizadas e xa dispoñibles para a súa consulta a través do buscador Atopo²) coas que aumentar, e dende logo mellorar, uns xa considerables fondos gráficos procedentes das actividades do Movimiento e de todos os órganos que integraban a estrutura organizativa do réxime franquista.

Este conxunto fotográfico, acompañado de recortes de prensa de diferentes medios escritos (*Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *El Pueblo Gallego*, etc.) que resultaron moi útiles para a súa contextualización e catalogación, forma a parte máis ordenada dun grupo numeroso de imaxes caracterizadas, dende un punto de vista arquivístico, pola súa dispersión.

Os 22 volumes recuperados abranguen un espazo temporal de oito anos, de 1951 a 1959, correspondendo cos mandatos de tres gobernadores civís: Elías Palao, Alberto Martín e Rafael Fernández. Reflicten a necesidade do Movimiento por controlar toda a información e así consolidar, diante da opinión pública, o cariz ideolóxico do novo Estado. A fotografía adquire aquí función de ferramenta de propaganda e incluso as pretensións renovadoras

² ATOPO, metabuscador desenvolvido pola Deputación de Pontevedra en 2020, reúne referencias e fondos documentais, bibliográficos e audiovisuais do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, do Museo de Pontevedra e doutras institucións. Está dispoñible en <http://atopo.depo.gal>

logo da Guerra Civil xustifican o seu uso como “canal propio de la modernidad”³.

Todas as fotografías, as súas temáticas, xiran arredor destes usos: actos internos do Movimiento (visitas de cargos ministeriais, nomeamentos, reunións de cargos ou xefes locais), actos de afirmación do réxime nos que resulta indisociable o político do relixioso (conmemoración en honra dos caídos, da fin da guerra civil, da fundación das falanxes galegas...), actividades relacionadas coa beneficencia e o auxilio social, etc.

As imaxes amosan como era a vida da provincia de Pontevedra na metade do século XX. Nese sentido, algunhas das máis significativas son as que dan conta das “peregrinacións” emprendidas polo gobernador civil correspondente⁴ polos diferentes concellos con motivo da inauguración de obras e infraestruturas, case sempre preto do 18 de xullo e que se convertían nun verdadeiro acontecemento para a parroquia ou a vila que as recibía (*imaxes 1 e 2*) e para as que a maquinaria administrativa se coordinaba previamente de xeito uniforme⁵.

Ademais do traballo de mantemento destes dosieres e da existencia dalgunha publicación de recompilacións na que a fotografía é o contido fundamental⁶, semella indubidable que o Movimiento, a través dos seus múltiples órganos, empregaba a fotografía para consolidar a súa política. Observando unha foto como a que segue

³ Purcet, A. e Alonso, J. (2014). *Fascismo, guerra y fotografía: la mirada de la nueva España*. Girona: Archivos e industrias culturales.

⁴ Dende 1941 o gobernador civil ostentaba tamén o cargo de xefe do Movimiento na súa provincia correspondente.

⁵ Existe documentación preparatoria desta visita no propio arquivo da Deputación. ADPO. Fondo da Junta de Ayuda a Municipios. Concello de Cerdedo: Relación das obras que poden ser inauguradas a partir do 1º de Xullo de 1957.

⁶ Por exemplo, *Veinte años de paz en el Movimiento Nacional bajo el mando de Franco (1939-1959): provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Jefatura Provincial del Movimiento, 1959.




Imaxe 1. Visita do gobernador civil, Rafael Fernández, a Cerdedo, en 1957.



Imaxe 2. Visita do gobernador civil, Elías Palao, a Codeseda, A Estrada en 1951.



Imaxes 3 e 4. Concurso provincial de educación física en Cangas. Bene, 1949 (anverso e reverso).



(*imaxes 3 e 4*), pódese constatar o ánimo de sistematizar datos relativos ás fotografías (data, autoría e contido da imaxe aparecen no reverso) semellando incluso a existencia dun arquivo gráfico ou polo menos dun proceso documental.

Os fondos gráficos dos dosieres de prensa da Jefatura Provincial explícanse tamén dende a súa interrelación non soamente cos fondos organizados polo SPDB, dos que falamos a continuación, senón tamén cunha colección considerable de fotografías e documentos gráficos que conservamos soltos, sen identificar como pertencentes a fondo ningún pero que proveñen, directa ou indirectamente, das actividades do Movimiento na provincia, algo que xunto ao solapamento de institucións e organismos que formaban o Movimiento (Sección Femenina, Obra Sindical del Hogar, Frente de Juventudes, etc.) dificulta aínda máis o seu tratamento documental.

Así, dende 1948 os expedientes da Junta de Ayuda a Municipios (organismo que funcionou entre 1945 e 1965 presidido polo gobernador civil e no que tiñan representación outros como a Deputación, o Movimiento, ou algunhas delegacións ministeriais) comezan a incorporar fotografías como complemento da documentación en papel co fin de ilustrar os procesos de construción de infraestruturas desenvolvido polos concellos da provincia e que a Junta financiaba. O labor da Junta foi continuado polo Servizo de Cooperación da Deputación co desenvolvemento de plans bienais para a realización de obras nos concellos. Por medio do Servizo de Cooperación realizouse a transferencia dos fondos documentais da Junta ao SPDB. Hoxe están documentadas e dixitalizadas máis de 5000 imaxes datadas entre 1948 e 1975 correspondentes a lavadoiros, fontes, bebedoiros, traídas de augas, beirarrúas, arranxo de camiños, centros rurais de saúde e casas dos médicos, escolas e vivendas para os mestres, etc.

Son fotografías cun obxectivo técnico, en moitos casos de infraestruturas xa desaparecidas, pero que agora se converten en obxectos

patrimoniais, pegadas doutras épocas e doutros xeitos de vida. Por exemplo, as lavandeiras de Chapela (*imaxe 5*) incorporadas a unha fotografía que tiña por obxectivo último xustificar o remate da instalación; ou, o home en Porta do Conde (*imaxe 6*) que posa para o fotógrafo deixando pegada do labor da Junta na construción da fonte e lavadoiro, inscrición mediante.



Imaxe 5. Lavadoiro cuberto na parroquia de Chapela, Redondela. Autor descoñecido. Ca. 1950. Fondo da Junta de Ayuda a Municipios.

Polo mesmo tempo, inicios da década dos 50, o Fogar Provincial, incluído na estrutura da Deputación sucedendo ao antigo Hospicio, forma tamén unha colección fotográfica representativa do labor de “auxilio social” que o réxime levaba a cabo. O SPDB conserva preto de 1800 fotografías que permiten coñecer como era a vida diaria no centro e tamén recoñecer a importancia que o Movimiento, a través de toda a súa estrutura orgánica, lle outorgaba á fotografía (*imaxe 7*).



Imaxe 6. Fonte e lavadoiro en Porta do Conde, Portas. Enrique R. Sampayo, 1949. Fondo da Junta de Ayuda a Municipios.



Imaxe 7. Exames de alumnas do Fogar Provincial, no curso 1961-1962. Fondo Hospicio-Fogar Provincial.




Imaxe 8. Actos do XXVII aniversario da considerada como fundación das Falanges galegas. Siorty, 1962.



Imaxe 9. Actos do XXVII aniversario do acto considerado fundacional das Falanges galegas. Magar, 1962.

Esa multiplicidade e solapamento organizativo orixina problemas relacionados coa xa mencionada dispersión dos fondos. Por exemplo, do mesmo acto, a anual conmemoración en Vilagarcía da suposta fundación das falanxes galegas, posuímos varias fotos, entre elas estas dúas (*imaxes 8 e 9*), ingresadas en diferentes momentos e de diferente xeito no noso arquivo e realizadas por Siorty e Magar, fotoxornalistas vigueses.

Resulta evidente que eses problemas que a dispersión e falla de control lle provocan ao persoal dos arquivos, teñen a súa contrapartida nas diferentes visións das que dispón quen investiga para documentar procesos políticos e sociais como os que identificamos nesta última sucesión de imaxes. A primeira delas (*imaxe 10*), pertencente a un amplo conxunto de fotografías técnicas da Obra Sindical del Hogar, dispersas e aínda pendentes dun proceso de documentación



Imaxe 10. Vivendas da Obra Sindical en Lalín.



Imaxe 11. Vivendas da Obra Sindical en Lalín. Foto Español Bernabé, 1957. (Servizo de Cooperación).

a realizar no noso Servizo, corresponde a un edificio promovido en Lalín mentres que o resto de imaxes foron tomadas durante o acto de entrega dos títulos de propiedade: na segunda (*imaxe 11*), pertencente aos fondos do Servizo de Cooperación vemos o edificio engalanado mentres que as dúas seguintes (*imaxes 12 e 13*) describen xa o acto de entrega coa presenza de autoridades do Movimiento, incluíndo o propio gobernador civil.

Incluso temos entre os nosos fondos (*imaxe 14*) unha imaxe máis, tamén solta, sen incorporar a ningún fondo, na que se ve a comitiva de autoridades e veciños polas rúas de Lalín.

UNHA NECESARIA REIVINDICACIÓN FINAL

Para rematar esta introdución, consideramos tan xusto como obvio dedicar unhas liñas a valorar e recoñecer as persoas que se atopaban detrás da cámara e que inmortalizaron toda esta época.

Fotoxornalistas como Tilve, Graña ou Rafa na capital, Siorty ou Magar en Vigo, e sobre todo os moi pouco valorados fotógrafos locais (por citar algúns, Maky en Marín, Pérez Chaves no Salnés, Albino Vidal en Mondariz e Paradanta, Bernabé no Deza, Ferrazo ou Martín en Vilagarcía e a comarca de Arousa) que traballaron para o Goberno civil e posteriormente para a Deputación recollendo coas súas cámaras infraestruturas, lugares, actos e persoas do seu tempo, merecen que dende os centros da memoria reivindicemos o seu labor e o seu legado, convertido hoxe en patrimonio histórico.

Susan Sontag falaba da fotografía como “un inventario do mundo”. Nós, entregados como estamos diariamente a mergullarnos no patrimonio gráfico, falamos destas fotografías como pezas do noso pequeno e limitado inventario profesional. E facémolo movéndonos por un único obxectivo: facilitar a súa difusión para que a cidadanía dispoña dos mellores medios para coñecer e interpretar o seu pasado (*imaxe 15*).



Imaxes 12 e 13. Visita do gobernador civil Rafael Fernández Martínez a Lalín en 1957.





Imaxe 14. Inauguración de vivendas da Obra Sindical en Lalín. Bernabé Español, 1957.



Imaxe 15. Lavadoiro en Trabanca, Vilagarcía. Foto Martín. Ca. 1950.
Fondo ADP-Junta de Ayuda a Municipios.

Fóra de encadramento: A fotografía oficial franquista e as actitudes sociais na Pontevedra dos anos cincuenta

Ana Cabana Iglesia

Profesora do Departamento de Historia

Grupo de Investigación Histagra

Universidade de Santiago de Compostela

MATERIAL FOTOGRÁFICO: UN INTRE DE REALIDADE HISTÓRICA

Un gran número de fotografías de persoas que foron asasinadas polo franquismo pasaron décadas escondidas nas carteiras de familiares que as sobreviviron. Trátase de retratos miles de veces desdobrados e centos de veces bicados, ata case rompelos, ata case perderse os trazos das facianas e os perfís dos corpos. Son fotografías que, por medo, non puideron estar onde a parentela das vítimas queredría, encadradas á vista de todo o mundo, xa fora colgadas nas paredes de comedores, salas de estar ou recibidores, xa postas sobre un labor de encaixe encima de aparadores e mesas de braseiro. Son fotografías que nin sequera houbo a ousadía de poñer enriba da morea de instantáneas que cada familia garda nunha caixa de puros na gabeta da mesa de noite.

Sobre elas trata *El duelo revelado*, un libro tan maravilloso como imprescindible, obra do antropólogo Jorge Moreno¹. As fotografías que vén de rescatar a Deputación Provincial de Pontevedra son o seu oposto en todos os sentidos. Trátase de fotografías institucionais en vez de privadas e están feitas para ver a luz e ser miradas por canta máis xente mellor, a poder ser ocupando as portadas e páxinas centrais dos xornais, en vez de se converter nun segredo só confiado en espazos de intimidade. Son a testemuña dun triunfo fronte a aquelas outras que teñen impreso o arrecendo da derrota.

Julio Aróstegui foi un dos historiadores que máis insistiu na utilidade de incluír como fontes históricas os materiais audiovisuais e iconográficos e, entre eles, a fotografía. O que fora catedrático da Universidade Complutense predicía que no futuro esa tipoloxía de fontes, xunto coas sonoras e as informáticas, chegarían a ter máis importancia ca documentación escrita, que na actualidade alimenta a maior parte dos traballos de investigación². Boris Kossoy ratifica o papel das fotografías como instrumento de apoio nas pescudas, “como medio de coñecemento visual da escena pasada, e, polo tanto, como unha posibilidade de descuberta”³. Pero o fotógrafo e historiador brasileiro advirte que as fotografías, malia ser un “residuo do pasado”, non reproducen a realidade. Elas, conclúe, conxelan momentos e instantes desconectados, polo que necesitan ser interpretadas.

As fotografías non serven para transmitir a historia completa, non pola súa natureza, senón porque empregar unha soa fonte para tratar de coñecer un período histórico é unha garantía de erro. As instantáneas non son quen de reconstruír de maneira fidedigna nin

¹ Moreno Andrés, J. (2020). *El duelo revelado. La vida social de las fotografías familiares de las víctimas del franquismo*. Madrid: CSIC.

² Aróstegui, J. (1995). *La investigación histórica. Teoría y método*, Madrid: Crítica.

³ Kossoy, B. (2001). *Fotografía e Historia* (p. 43). Bos Aires: La Marca.

a situación dos anos nos que foron tomadas, nin a sociedade retratada, nin o poder representado. Para iso é preciso poñelas en contexto, isto é, mirar cara a esa parte da sociedade que non concitou o interese do obxectivo e observar esa xente plasmada nas fotografías en momentos nos que non mediera unha cámara. A realidade histórica é moito máis complexa que o que amosan as instantáneas oficiais e para lograr aprehendela con rigor é preciso preguntarse polos ángulos mortos ou puntos cegos, por aquilo que acontecía lonxe dos flashes, polo que quedou fóra de plano. E sobre iso xira esta achega.

Xa que logo, as instantáneas do fondo gráfico da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra son un testemuño de gran valor para achegarnos á realidade histórica da provincia de Pontevedra no período da ditadura militar e abren unha fiestra para coñecer mellor



Imaxe 1. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez e o presidente da Deputación Luis Rocafort, posan coas alumnas e monxas das colonias que tiña na Estrada a Casa da Caridade de Vigo, nunha visita realizada en 1956.



Imaxe 2. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, nun acto da visita oficial que fai en 1957 ao Concello da Cañiza, no momento da entrega a un rapaz dun cheque de 5.000 pesetas destinado ás escolas municipais, segundo o dossier de prensa incorporado ao álbum.

tanto a quen gobernaba como á poboación gobernada naquel momento. Pero o caso é que esa realidade que plasmaron non é a verdade, ou por mellor dicir, non é a única nin toda a verdade do que alí acontecía.

Porque as nenas da Estrada (*imaxe 1*) de diario non vestían todas de branco nin mantiñan unha espléndida formación, como o fixeron o día que o gobernador civil Rafael Fernández Martínez visitou a vila en 1956.

E o mesmo acontece coa cativada que en 1957 o acompaña na Cañiza (*imaxe 2*) e coa rapazada que se xuntou para darlle a benvida con bandeirolas cando foi inaugurar un camiño no Couso, no concello de Campo Lameiro (*imaxe 3*), un ano despois. Non foron retratadas nin nas súas vidas cotiás nin nunha conducta habitual. E o mesmo cabe dicir das persoas adultas que aparecen nas múltiples



Imaxe 3. Inauguración dun camiño veciñal na parroquia de Couso, en Campo Lameiro, o 1 de maio de 1958. A veciñanza saúda o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, que vai acompañado polo alcalde, Ramón Barreiro Aboy.

fotografías que captaron intres das visitas que realizou a mencionada autoridade ao concello das Neves (*imaxe 4*), de Bueu, de Cerdedo ou de Covelo ao longo do ano 1957. Amosan un momento concreto, inmortalizan un segundo no que todo reflicte consenso, pero, pola mesma, todo transloce escenificación.

DE FONDO: O RETO DE OBTENIR IMAXES DAS FOTOGRAFÍAS.

As instantáneas que conforman este fondo fotográfico perseguían un obxectivo, probar que a ditadura conseguira a sociedade coa que soñara dende o golpe de Estado de xullo de 1936. As imaxes aluden ao compromiso da poboación de Pontevedra co franquismo, á súa convivencia, á participación activa da xente de todo os recunchos



Imaxe 4. Público asiste ao acto inaugural dun transformador eléctrico no Concello das Neves en 1957.

da provincia na consolidación do sistema. Fotografías coma estas e discursos feitos dende os poderosos altosfalantes do réxime (medios de comunicación, igrexa, ensino, etc.) produciron a narrativa oficial que, por reiterativa e incontestable, se converteu nunha verdade hexemónica da que derivan os lugares comúns que marcan a memoria colectiva dese período tan “incómodo”⁴.

As actitudes que se perciben nas fotografías remiten a un consenso social sen fisuras e con elas erixiuse unha imaxe pretendidamente obxectiva sobre o réxime franquista. Por suposto, non se pode negar nin a existencia da adhesión nin mesmo a súa condición

⁴ Fernández Prieto, L. e Artiaga Rego, A. [ed.] (2014). *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*. Madrid: Libros de la Catarata; Fernández Prieto, L. e Míguez, A. [ed.] (2018). *Golpistas e verdugos do 36. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Edicións Xerais.

de actitude asumida pola maioría, en Pontevedra e en calquera outro lugar da xeografía galega e española⁵. Agora ben, o que cómpre é non perder de vista que detrás destas mostras de respaldo social está, de maneira explícita ou implícita, a sensación de medo que impuxo a ditadura na poboación. A violencia despregada polo réxime durante toda a súa vixencia e a profundidade do control imposto quedan no ángulo morto do encadramento.

O cómputo actualizado de vítimas mortais no período de guerra e posguerra que recollen os autores do libro *Verdugos impunes*, entre eles o historiador compostelá Antonio Míguez Macho, está nas 150.000. Un balance no que se debe apreciar que un terzo do total corresponde en exclusiva á posguerra. É esta represión, á que non se lle pode atribuír ningún vencello coa dinámica bélica, a que sitúa a ditadura de Franco como unha das máis sanguinarias da Europa da primeira metade do século XX. As mortes foron a parte máis cruenta da represión, pero non a única. Habería que sumar as 600.000 persoas procesadas en causas militares entre 1936 e mediados dos corenta, as que pasaron polo universo concentracionario e penitenciario, as represaliadas economicamente e as incontables que se viviron violentadas no ámbito moral e no dos costumes.

As cifras de vítimas durante o período bélico e a década dos anos corenta producen tal vertixe que parece que de aí en diante a represión se esvaece⁶. 1945 define un panorama disímil no contexto

⁵ Cabana Iglesia, A. (2009). *Xente de orde. O consentimento cara o franquismo en Galicia*. Santa Comba: TresCtres; Arco Blanco, M. del et ali. [ed.] (2013). *No solo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936-1977)*. Granada: Comares; Hernández Burgos, C. (2013). *Franquismo a ras de suelo: zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)*. Granada: Universidad de Granada; Prada, J. [ed.] (2014). *No solo represión: la construcción del franquismo en Galicia*. Madrid: Biblioteca Nueva.

⁶ Míguez Macho, A. (2009). *Xenocidio e represión en Galicia*. Santiago de Compostela: Lóstrego. Prada, J. [ed.] (2013). *Franquismo y represión de género en Galicia*. Madrid: Libros de la Catarata. Para Pontevedra, entre as publicacións máis recentes, incluíndo vitimarios, vd. Amoedo López, G. (2010). *A memoria e o esquecemento: o franquismo da provincia de*

internacional que facilitou que callara en España, malia a continuidade do réxime político, a distinción entre “primeiro franquismo” e a de “segundo franquismo”. Esta segmentación do período tivo sentido na praxe da investigación pero provocou algunhas consecuencias perniciosas. E unha delas é a de marcar unha diferenciación no uso dos mecanismos represivos e de violencia por parte do Réxime. Callou a imaxe dun primeiro franquismo definido pola brutalidade e dun segundo caracterizado por un aparentemente moito menos cruento “desarrollismo”. Pero non houbo nada “amable” no sistema político vixente en España dende a fin da guerra civil ata a democracia. O que houbo foi unha ditadura que modulou a represión, en función das súas capacidades e as presións que impoñía o contexto internacional.

O franquismo valeuse de mecanismos represivos para desactivar e/ou facer fronte a calquera acción individual ou colectiva que non remitira á expresión de consenso, xa tomara a forma de oposición política, xa de resistencia social. Así pois, no período no que están tomadas as fotografías deste catálogo que acompañan este texto, os anos cincuenta, a incidencia en números de vítimas mortais redúcese, pero a sociedade era consciente de que a natureza represiva do sistema non mudara. Así o demostran os efectos da lexislación de orde pública, con gran protagonismo do foro militar desde 1968 e da acción do Tribunal de Orden Público (TOP), a presenza continuada da tortura ou o resultado en vítimas mortais das accións policiais, moitas delas para tratar de cortar a conflitividade obreira e estudantil. Son exemplos incontestables de como o franquismo renovou as súas ferramentas represivas e de como,

Pontevedra. Vigo: Edicións Xerais, é unha mirada novidosa sobre o universo do terror na cidade de Pontevedra, en: Cidrás, A. (2018). “A construción da culpabilidade colectiva en Pontevedra (1936-1939)”, en Fernández Prieto, L. e Miguez Macho, A. [coord.] (2018). *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* (pp. 227-290). Vigo: Editorial Galaxia. Datos e estatísticas sobre a represión en Galicia en: www.nomesevoces.net.

aínda na súa recta final e xa claramente debilitado, respondeu sempre con extrema violencia⁷.

Malia que o temor non foi a razón exclusiva para que a xente se amosara afín ao poder, si que resultou unha constante na existencia de quen viviu o franquismo. A intimidación non debe ser desbotada como razón pola que algunhas persoas aceptaban acudir aos actos que rexistraron moitas das fotografías deste catálogo. Era de dominio público que a negativa a participar da ficción requirida pola ditadura comportaba altos custes.

LER FOTOGRAFÍAS: VIVINDO EN DITADURA⁸

A outra consecuencia perniciosa desa partición do franquismo en dous períodos á que aludimos máis arriba é que provocou que se pasase con pés de la polos anos cincuenta, que parecen estar colocados *in medias res*, (como unha “bisagra”, se ten sinalado). É a década que menos atención ten recibido por parte da historiografía porque se tiñan interpretado como os anos nos que “non pasou nada”. Nos corenta créase o novo Estado, o bando gañador dunha cruenta guerra civil tomou todos os resortes do poder estatal, nos sesenta e setenta vese o seu declinar e fin. Os cincuenta parecían carecer de atractivo *per se*. Un erro de percepción onde os haxa. Foi a década da consolidación do franquismo. Sobrevivira ao final da Segunda Guerra Mundial e á esperanza creada por unha posi-

⁷ Gómez Bravo, G. e Martín Nájera, Aurelio [coord.] (2018). *A vida o muerte. Persecución a los republicanos españoles*. Madrid: FCE/Cátedra del Exilio; Babiano Mora, José, et ali. (2018) *Verdugos impunes. El franquismo y la violación sistémica de los derechos humanos*. Barcelona: Pasado y Presente; Casanellas Peñalver, P. (2014). *Morir matando. El franquismo ante la práctica armada, 1968-1977*. Madrid: Cátedra; Oliver Olmo, P. [coord.] (2014). *La tortura en la España contemporánea*. Madrid: Libros de la Catarata.

⁸ Tomo o título de Fuertes Muñoz, C. (2017). *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*. Granada: Comares.

ble intervención por parte dos Aliados, acabara coa única ameaza interna real para a súa supervivencia, a guerrilla, e tamén cos intentos clandestinos por revitalizar as organizacións políticas e sindicais. Ese afianzamento no poder explica os outros dous nomes que ten recibido esa década, o de “anos do consenso” e o de “anos sen esperanza”⁹.

O que persegue o réxime inmortalizando determinados actos e momentos en fotografías é plasmar e probar ese respaldo social que validaría a súa condición de “pseudo Estado de dereito”¹⁰. É un intento por dar aparencia de lexitimidade á ilexitimidade. Porque na década dos cincuenta, sen expectativas fundadas de cambio e sempre con temor, a poboación asumiu que había dous camiños para tratar de garantir a supervivencia e certo grao de “normalidade” nas súas vidas, ser e/ou facerse franquista era o máis seguro, o outro era aparentar ser franquista. Así, as actitudes polas que optou a maioría supoñían amosar un compromiso máis ou menos finxido, máis ou menos sentido coa ditadura.

Trátase, por suposto, dunha representación, pero isto non que-re dicir que a escena fotografada sexa ficticia. Estes actos unían unha dose de realidade e outra de ficción nun mesmo marco referencial. Géraldine Schwarz emprega o termo alemán *Mitläufer* para referirse a persoas coma as que saen nestas fotografías. Ela defíneas como “as que seguen a corrente” e son aquelas, ao cabo, as que resultan elementos chave no sostemento do réxime¹¹. Certamente as persoas que se achegaron ás escenas retratadas non

⁹ Arco Blanco, M. A. de e Hernández Burgos, C. [ed.] (2020). *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)*. Zaragoza: PUZ.

¹⁰ Aróstegui, J. “Coerción, violencia, exclusión. La dictadura de Franco como sistema represivo”, en Aróstegui, J. [coord.] (2021). *Franco: la represión como sistema* (pp. 30-35). Barcelona: Flor del Viento.

¹¹ Schwarz, G. (2019). *Los amnésicos. Historia de una familia europea*. Barcelona. Tusquets.

son elementos pasivos: efectivamente acudiron aos actos, mesmo posaron para o fotógrafo e transluciron una actitude aprobatoria. Pero as imaxes non son mostra inequívoca de adhesión política, ou polo menos non só está en xogo esa actitude. Nin todo era medo, nin todo soporte á ditadura.

As visitas das autoridades provinciais puideron ser recibidas con agrado e mesmo con real entusiasmo por unha poboación, especialmente no caso da xuventude rural, que as vía non como un acto político, senón como un episodio que os sacaba da monotona, como unha oferta de día de ocio, como unha posibilidade de ter un día festivo con menos labor ou escola, e mesmo como a oportunidade de dedicar unhas horas a participar activamente nunha celebración (no cerimonial de benvida, no baile, etc.) e de ver un espectáculo. É o mesmo propósito de socialización e ocio que está detrás da participación nalgúns actividades que ofrecían as Delegacións de Sección Femenina ou o Frente de Juventudes¹².

En todo caso, fora a adhesión finxida ou real, nas fotografías que conforman o fondo da Jefatura del Movimiento dábase un testemuño irrefutable do éxito do réxime político. Tómanse as instantáneas para facer patentes as novas fontes da lexitimación que o franquismo buscaba na altura¹³.

Cando os ecos da mítica “cruzada” e das “hordas marxistas” ían quedando cada vez máis lonxe no tempo e convida a mudar o referente, tanto cara ao exterior como cara ao interior, no novo relato as expresións constantemente empregadas serán “modernidade” e “progreso” e redúcese o uso da noción de “violencia” cara a unha idea de “orde”.

¹² Román Ruiz, G. (2020). *Franquismo en carne y hueso. Entre el consentimiento y las resistencias cotidianas (1939-1975)*. Valencia: PUV.

¹³ Cazorla, A. *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo, 1939-1945*. Madrid, Alianza.

A apoiar esa retórica que conseguiu callar na memoria colectiva contribuíron fotografías como as que dan sentido a este catálogo, nas que se recalca o perseverante labor do réxime para achegar a todos os recunchos da provincia de Pontevedra esa modernidade ambicionada. Véxase ao gobernador civil do momento inaugurando a electrificación en Pontearreas (*imaxe 5*) e en Zamar, no concello de Vilagarcía de Arousa (*imaxe 6*), ou a casa do médico e o centro de hixiene en Ribadumia (*imaxe 7*), todo no ano 1957, ou poñendo a funcionar o transformador eléctrico en Soutelo, en Salceda de Case-las, un ano máis tarde (*imaxe 8*).

Son imaxes nas que a autoridade aparece rodeada de veciños e veciñas da localidade con caras alegres e expresións que irradian compracencia, despreocupación e benestar. Subliñamos o das veciñas, porque o xénero non é un elemento menor no alarde de apoio



Imaxe 5. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na inauguración da electrificación do concello de Pontearreas, en 1957.



Imaxe 6. Acto inaugural da electrificación no lugar de Zamar, parroquia de Rubiáns, en Vilagarcía de Arousa, co gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, dirixíndose á veciñanza.



Imaxe 7. Inauguración do centro médico en Ribadumia, presidido polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, o 23 de decembro de 1958.



Imaxe 8. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, acompañado doutras autoridades, logo de inaugurar un transformador eléctrico na parroquia de Soutelo, en Salceda de Caselas, o día 1 de maio de 1958.

social, e escenifícase non só nas paradas cerimoniais organizadas pola Sección Femenina, senón na presenza masiva e en primeira fila das mulleres, como as que conversan en San Xoán de Cerdeira, no concello das Neves (*imaxe 9*), ou na visita a Baiona co gobernador civil Rafael Fernández (*imaxe 10*), ou as que apa-

recen xusto detrás del cando foi á Cañiza (*imaxe 11*). Ben é certo que hai unha distinción entre os actos nos que elas aparecen como actrices principais, ou entre a concorrencia, e aqueles nos que non comparecen porque se conceptuaban como “cousas de homes”, caso da inauguración dun centro de mellora gandeira no barrio da Seca na cidade de Pontevedra, no ano 1952, ou na visita un ano antes a un monte de Pontearreas, xa convertido en forestal, do gobernador civil Elías Palao Martialay.

Estas fotografías oficiais e outras similares aparecerán de maneira cotiá nos xornais xunto con grandes titulares coa misión de facer pedagogía social. Esta implica a presenza protagonista da simboloxía do réxime, véxase o xugo e as frechas que aparecen ben grandes na torreta por diante da que pasa a comitiva de Cam-



Imaxe 9. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, conversa con mulleres durante unha visita oficial ao concello das Neves, na parroquia de Cerdeira.



Imaxe 10. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, saudando as mulleres durante unha visita oficial a Baiona.



Imaxe 11. Unha nena con bandeira española nas mans durante unha visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, á Cañiza.

po Lameiro na visita oficial de 1957 (*imaxe 12*), e tamén inclúe a presenza multitudinaria da poboación, ás veces tan masiva como a que é capturada na instantánea da abertura do camiño do Cou-

so, tamén en Campo Lameiro, en 1958 (*imaxe 13*). Unha audiencia que se concita sen importar que. A veciñanza de Mondariz acode a escoitar o discurso da autoridade provincial en 1956 malia a choiva (*imaxe 14*). Porque o mal tempo non é escusa para quedar



Imaxe 12. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, ataviado co uniforme do Movimiento, na inauguración dun transformador eléctrico na parroquia de Moimenta. Na torre pode verse a simboloxía do réxime.



Imaxe 13. Masiva presenza da veciñanza na visita que o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, fai a Campo Lameiro en 1957.



Imaxe 14. Público congregado durante unha intervención do gobernador civil Rafael Fernández Martínez a Mondariz en 1956.

na casa aínda que só algunha das persoas presentes tivera parau-gas. Igual que os chuzos de punta se atura estar soportando unha calor que facía caer os paxaros, como a que se advirte nas diversas fotografías na mencionada visita a Campo Lameiro da autoridade provincial en 1958 (*imaxe 15*).



Imaxe 15. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, corta a cinta inaugural dun camiño en Campo Lameiro, acompañado de autoridades militares, relixiosas e civís, entre elas o alcalde Barreiro Aboy.

Porque que non te visen como afín supuña non só poder ser obxecto da violencia despregada polo réxime, senón a renuncia a candidatarte a futuribles recompensas daquel. Ao gobernador civil íaselle escapar a ausencia de alguén ou da representación dalgunha casa, el conformábase con ver o xentío, pero ás autoridades locais non se lles pasaba. Alcalde, cura, mestre, garda civil... todos eses, que se recoñecen moi ben na fotografía da inauguración do camiño do Couso encabezando a comitiva (*imaxe 16*), estaban en condi-



Imaxe 16. Actos inaugurais do camiño veciñal na parroquia de Couso, en Campo Lameiro, coa presenza do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, o alcalde Barreiro Aboy, un mando da Garda Civil e representantes eclesiásticos.



Imaxe 17. Un momento do acto de entrega dos títulos de propiedade das “casas baratas” presidido polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, o 18 de xullo de 1957.

cións de sinalar as persoas ausentes ou quen, aínda presentes, non arengaran debidamente á máis alta autoridade, e iso podía supor o seu retiro do listado para obter posibles beneficios das políticas do réxime. Porque co franquismo non había dereitos, había reparto de favores, e entre eles estaba acceder a unha vivenda oficial, como o conseguiran os homes que foron retratados na cerimonia de entrega dos títulos de propiedade da Obra Sindical de Pontevedra en 1957, na xa mencionada instantánea (*imaxe 17*)¹⁴.

ABRIR O ANGULAR: PROTESTAS E RESISTENCIAS CARA AO FRANQUISMO

As imaxes capturadas pola cámara oficial que seguía os gobernadores civís e xefes do Movimiento producen e difunden unha mensaxe que lle afecta á comunidade vencedora, dándolle cohesión e argumentos para manterse afín. Pero, sobre todo, a participación nos actos de exaltación da política franquista alude á comunidade vencida converténdose nunha maneira máis de submisión cando se ve na obriga de participar deses actos e de saír na foto para despois mesmo atoparse na prensa. Porque coa súa presenza axudara a apuntalar a ideoloxía do “desarrollismo” e a mítica do relato de que en España nos anos cincuenta nada pasou que non fora o inicio da modernización do país.

No éxito do cambio de referentes do discurso franquista, tiña unha importancia suprema esta participación social. Os veciños e veciñas actúan e reciben a imaxe que o propio réxime quere amosar de si mesmo. A proxección da retórica do progreso vai ser quen de tapar a realidade dos anos cincuenta en España e en Galicia, unha década na que a pegada da violencia e a miseria seguen

¹⁴ Lanero Táboas, D. [ed.] (2020). *De la chabola al barrio social. Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*. Granada: Comares.

presentes e na que nin esas dúas realidades nin o férreo control social conseguen impedir o xurdimento de distintas formas de resistencia e de protesta social, igual que no resto do Estado¹⁵, que non fará máis que agudizarse nas seguintes décadas, especialmente nos setenta¹⁶.

Unha das instantáneas que compón o fondo gráfico da Provincial de Pontevedra recolle o momento no que Elías Palao Martialay inaugura unha fonte na parroquia de Campañó, no concello de Pontevedra no verán de 1952 (*imaxe 18*).



Imaxe 18. Veciñanza de Campañó acompaña o gobernador civil, Elías Palao, e outras autoridades no acto de inauguración dunha fonte pública na parroquia o 18 de xullo de 1956.

¹⁵ Mateos, A. (2008). “El franquismo durante los años cincuenta. Oposición y protesta social”. *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V*, 20, 225-227; Arco, M. A. del e Hernández Burgos, C. [ed.], op. cit.

¹⁶ Cabana Iglesia, A. et al. (2013). “Dinámicas políticas de la sociedad rural gallega entre la agonía de la dictadura y la implantación de la democracia (1970-1978)”. *Historia del Presente*, 21, 123-144

A fotografía mostra un grupiño de veciñas e veciños dando o seu beneplácito á obra e, por extensión, á autoridade que sufragou o gasto e viña oficializar o inicio do goce do surtidor. O pracer foi perecedoiro, por moito que a captura da cámara oficial logre eternizar o momento. Serán varias veciñas de Campañó tan só un ano despois, xunto a varias da parroquia de Marcón, as que encabecen unha rebelión en toda regra contra o pago das cotas da Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos. Xusto no ano de 1953 se iniciou a sindicación obrigatoria (“encadramento”) na institución franquista, establecendo, ao tempo, unha subida das cotas¹⁷. A protesta estendeuse a outras parroquias do concello de Pontevedra, S. Andrés de Xeve, Sta. María de Xeve, Alba, Lourizán e Verducido e mantívose durante varios anos nesa chamada década “do consenso”. A veciñanza expresou abertamente o seu descontento por varias vías, dende a morosidade e a negativa continuada ao pago da cota da Hermandad, á agresión física e verbal contra o presidente da Hermandad e o cobrador da devandita cota cando se presentaban nas aldeas, e á organización dun motín en marzo de 1956 para evitar que se levara a cabo o embargo dos bens dunha veciña de Verducido, que se mantivera firme na postura do non pago acumulando unha cuantiosa débeda. O motín non é unha fórmula de protesta novidosa no rural (nin no espazo urbano) galego, e tampouco no pontevedrés, pois durante o século XIX, e tamén con gran protagonismo feminino, fora activado para facer fronte a políticas entendidas como lesivas pola poboación. Neste caso as redes de solidariedade veciñal e de xénero (sororidade) funcionaron para evitar que unha delas perdera os seus bens e para demostrar a fortaleza da súa protesta. A intensidade do conflito desbordou as capacidades de control do presidente da Hermandad, o home de prol, que mesmo

¹⁷ Lanero Táboas, D. (2011). *Historia dun ermo asociativo: labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o Franquismo*. Santiago de Compostela: TresCtres Editores.

solicitar a o apoio dos párrocos das aldeas “díscolas”, porque era de “bos cristiáns” estar ao día dos pagos. Cando nada funcionou o home de prol non tivo máis remedio que recorrer á máxima autoridade provincial para tentar acabar coa campaña de desacreditación da institución e de impago. Recorreu a ese mesmo gobernador que aparecía na instantánea de Campañó tan feliz e contento recibindo o alento comunitario. O eloxio e a aprobación do momento da inauguración da fonte non tivo por que ser nin finxido nin falso, pero non se pode esquecer, para ter a fotografía completa, como ese tipo de harmonía convivía con posicións, actitudes e accións que demostraban desacordo coas políticas e cos modos de proceder da ditadura franquista protagonizadas polas mesmas persoas ou comunidades¹⁸.

As Hermandades, a diferenza do que acontecía coas sociedades agrarias de preguerra, non foron sentidas como unha institución útil e tendente á busca da mellora do agro, e iso demostrouse, porque a negativa ao pago, encabezada por mulleres das parroquias rurais do concello de Pontevedra, non foi unha protesta illada. Non estar ao corrente do pago das cotas foi habitual en moitas Hermandades, como a de Mondariz-Balneario, máximo expoñente de morosidade, por moito que tamén foran escoitar o discurso do gobernador aguantando a molleira, como se vía na fotografía comentada. Mesmo nalgunha, como a de Sanxenxo, a situación foi tan grave (chegou a non pagarse o 40% das cotas) que a Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA) solicitou en 1959 o embargo dos bens de quen incumpriía. Coa lección aprendida do caso da Hermandad de Pontevedra, nesta ocasión o gobernador civil non concedeu o permiso para proceder por vía de constrinximento.

¹⁸ Sobre a protesta das mulleres do rural do concello de Pontevedra contra a Hermandad nos anos cincuenta, vd. Cabana Iglesias, A. (2017). “Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego”. *Boletín Galego de Literatura*, 20, 89-114. Tamén en: www.dogrisaovioleta.gal/tema/traballadoras/as-mulleres-contra-a-hermandad/

Outra das fórmulas para demostrar a falta de adhesión ao proxecto de sindicación franquista no rural foi a renuncia a participar naqueles espazos que a institución sindical franquista abriu para facelo, caso da asistencia e participación nas asembleas anuais ou o emprego dalgún dos servizos que ofertaba. A pasividade e a falta de entusiasmo por involucrarse son actitudes das que se queixaban continuamente e con amargura as diferentes autoridades, dende as locais ata as provinciais, e mesmo as máis altas instancias, o Ministerio de Agricultura ou Jefatura del Movimiento. A directiva da Hermandad de Ribadumia láíase en 1956 de que os seus servizos non os usan os encadrados, e nun arrebatado de sinceridade, recoñece que non entende o que acontece porque a xente labrega do concello si que estaba moi implicada nos da Sociedade de Agricultores do Umia creado antes da guerra. A Hermandad de Mondariz-Balneario, por exemplo, durante a década dos 50, non consegue nin, como xa vimos, recadar o diñeiro das cotas, nin a prestación do traballo que demanda da veciñanza para limpar as canles de rego. Tan só na parroquia de Escubeiro a institución tramitou multas a 25 que se negaron a acudir á súa chamada en 1958. O servizo das Hermandades que xerou máis resistencia entre a veciñanza da provincia foi o de Policía y Guardería Rural. Os directivos da de Cangas pasaron a década tentando crealo, pero a xente acudía á asemblea *ex profeso* para votar en contra da iniciativa. E na Hermandad de Pontevedra mostrouse tal grado de desacordo cando a directiva constituíu a gardería que conseguiron que sufragar o servizo fora voluntario. A Hermandad de Ponteceso tamén impuxo o servizo en 1952 e, para tratar de reducir o desacougo veciñal, concedeu que sería “a modo de proba”. Na asemblea do ano seguinte a masa social pechouno por unanimidade. As de Valga e Rodeiro nin sequera foron quen de establecer o servizo “de proba”, e a veciñanza de Vilaboa, en 1953, tamén acudiu á asemblea para deixar claro que non estaba disposta a pagalo. Dous

anos despois votan para pechalo a da Estrada e a de Caldas. E tamén a de Baiona, esa que quedara retratada acudindo masivamente en 1957 a arroupar o gobernador civil Rafael Fernández Martínez cando visitou o concello, resistiuse ás directrices da directiva da Hermandad e conseguiu que o pago do servizo de gardería se declarara discrecional¹⁹.

Se por algo se destacou a provincia de Pontevedra no cambio do século XIX ao XX foi polo temperán e exitoso desenvolvemento de mutuas gandeiras e de sociedades agrarias. Ambas institucións foran o resultado do artellamento da sociedade civil e estaban relacionadas co auxe económico do sector gandeiro, especialmente do de vacún. As primeiras establecíanse a partir de acordos voluntarios entre persoas propietarias de gando e funcionaban para compensar a perda económica derivada de calquera tipo de contratempo con algún dos seus animais (morte, enfermidade ou accidente). De alcance parroquial ou infraparroquial (lugar), as mutuas perduraron no tempo ou convertéronse no xerme dunha sociedade agraria. Estas tiñan distintas adscricións políticas e, entre outros moitos obxectivos (loita antiforal, compra cooperativa de insumos, creación de escolas rurais, etc.), buscaban a mellora do gando e das súas canles de comercialización (venta conxunta, frete de vagóns de tren, etc.).

As autoridades franquistas entenderon que as sociedades agrarias eran a encarnación deses “males nacionais” que pretendían erradicar de raíz: a politización e a organización autónoma da sociedade. E esa é a causa de que tanto directivas como integrantes destas sociedades foran un obxectivo prioritario e temperá da represión franquista. Asasinatos e cadea estiveron á orde do día para as persoas máis significadas ideoloxicamente co antifranquismo. Pero a represión societaria tamén foi activada no plano economi-

¹⁹ Cabana Iglesia, A. (2013). *La derrota de lo épico*. Valencia: Prensas Universitat de Valencia.

co, xa que os bens das sociedades, o seu patrimonio, acumulado en dúas ou tres décadas de actividade (cartos, mobles, aveños, etc.), e que en moitos casos incluía o edificio da súa sé, foron confiscados e pasaron a mans das falanxes locais ou engrosaron os patrimonios individuais de quen exerceu a represión. En Pontevedra sábese que, cando menos (a información é incompleta, polo que a cifra sería necesariamente superior), se obrigou a disolver 67 sociedades e estimase que se desarticularon un 70% das existentes xa no ano 1936. O resto seguiron a funcionar uns anos, pero xa baixo o estreito control das novas autoridades franquistas, ata que nos anos cincuenta, como xa indicamos, se organizou a sindicación vertical obrigatoria para o agro e se crearon as Hermandades.

O labor represivo non acabou, porén, coa actividade de todas as mutuas gandeiras. Moitas non conseguiron manterse pola represión a integrantes ou garantes e sucumbiron nos anos do conflito bélico, como a de Castelo e Casal Novo, na parroquia pontevedresa de Lérez, que nacera en 1923 e se desactivou en 1938. Nos anos cincuenta as superviventes e as de nova creación, como a ponteareá de Padróns (fundada en 1953), convertéronse, polo mero feito de existir, nun mínimo espazo de resistencia. Lograran certa autonomía de acción, sorteando o control institucional e a influencia da ideoloxía falanxista, converténdose no que hoxe se interpreta como “escolas de democracia”, pois o seu funcionamento interno obedece a lóxicas que inclúen as votacións libres, a negociación de acordos e o respecto polas decisións consensuadas e maioritarias, a antítese do que o sistema político franquista supoñía²⁰. Neste contexto é onde se deben ler instantáneas

²⁰ Cabana Iglesia, A. e Cabo Villaverde, M. (2006). “Cuando lo viejo muere y lo nuevo no acaba de nacer. El asociacionismo agrario en Galicia entre el Golpe de Estado y la creación de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos”, en Juana López, J. de e Prada Rodríguez, J. [coord.] (2006). *Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)* (pp. 165-185). Barcelona: Editorial Crítica. <http://cedofeita.arcanaverba.org/mutua.html>; <https://guilladenses.com/2018/08/11/a-mutua-gandeira-de-padrons/ron>

como na que o gobernador Elías Palao se retrataba detrás dun notable espécime bovino en Salceda de Caselas co gallo da visita que realizou en 1951 a ese concello (*imaxe 19*). A imaxe é un modo de incidir e afianzar a represión simbólica, aquela que aseguraba o triunfo do réxime sobre a memoria do labor realizado polas extintas sociedades agrarias e un intento por impoñer a presenza do novo Estado en todo o relativo á gandería, diminuindo o influxo das mutuas.



Imaxe 19. Un momento da visita realizada polo gobernador civil, Elías Palao Martialay, a Salceda de Caselas o 26 de decembro de 1951.

Esa instantánea co boi salcedán trae os mesmos ecos dunha das fotografías ás que xa aludín de pasada, a que foi realizada con motivo da inauguración dun centro de mellora gandeira no barrio pontevedrés da Seca en 1952. Trátase dunha instantánea tomada diante do propio edificio, do que se distingue o rótulo, mentres as distintas autoridades e responsables presentes se saúdan entre si (*imaxe 20*). O nome pode que resultara moi ambicioso e rimbombante para o



Imaxe 20. Inauguración do novo Centro Cooperativo de Mejora Ganadera no barrio da Seca en Pontevedra o 22 de xaneiro de 1952. Entre as persoas presentes, o gobernador civil Elías Palao, como presidente do Consello Provincial do Plan Agrícola de Galicia; o presidente da Deputación, Luis Rocaforot e Antonio Puig Gaité, en calidade de xefe da Hermandad de Labradores.

que eran este tipo de instalacións, porque, de certo, nada de investigación en mellora pecuaria se levaba a cabo entre as súas paredes, todo o máis era un centro de inseminación artificial. A traxectoria de innovación tecnolóxica, coma tantos outros procesos, interrómtese en Galicia en 1936. E, neste eido da investigación agraria, cando menos ata 1959, queda estancada e lonxe dos niveis e estándares que se estaban marcando na Europa do momento. E iso ten que ver coa represión de persoal científico e técnico. Persoas represaliadas fisicamente, purgadas nos seus cargos e impedidas de participar en intercambios e estadias científicas no estranxeiro. E tamén se explica polo deterioro que as directrices políticas supuxeron para os centros de investigación agropecuaria ata daquela destacados por mor da falta de financiamento que sufriu a ciencia en xeral nesa altura en España (escasea o instrumental, péchanse e desabastécense

os laboratorios, non se compra literatura científica foránea, etc.)²¹.

E se hai un intento deliberado de crear a través das fotografías unha atmosfera de consenso arredor dun aspecto con escaso ou nulo apoio social, ese levouse a cabo coa repoboación forestal. Nalgunhas das fotografías da visita do gobernador Elías Palao a Salceda de Caselas (*imaxe 21*), e mesmo na instantánea na que aparece en Ponteareas,



Imaxe 21. Imaxe da visita realizada polo gobernador civil, Elías Palao Martialay, a Salceda de Caselas o 26 de decembro de 1951.

reas, ambas en 1951, queda reflectida esa pretensión (*imaxe 22*). A instantánea de Ponteareas é tremendamente simbólica. Parece certamente azarosa, o gobernador departindo amigablemente durante un paseo polo monte no que, casualmente, se ven piñeiros en vez de

²¹ Fernández Prieto, L. (2007) *El apagón tecnológico del franquismo. Estado e innovación en la agricultura española del siglo XX*. Valencia: Tirant Lo Blanch; Bernardez Sobreira, A. e Cabo Villaverde, M. (1996). "Ciencia y dictadura: investigación agronómica en Galicia durante el primer franquismo (1936-1950)". *Noticiario de Historia Agraria*, 12, 119-139.



Imaxe 22. O gobernador civil, Palao Martialay, observando as obras de regadío en Ponteareas en xullo de 1951.

toxo ou xestas. Pero o certo é que un dos montes dese concello (Salgueirón-Cobas) foi dos primeiros en repoboarse na provincia (entre 1937 e 1939, en pleno período bélico). E tamén serán os montes de Ponteareas, xunto cos de Cuntis e Agolada, os primeiros que se lle devolveron ás comunidades na provincia de Pontevedra. Lógrano mediante unha sentenza xudicial, con anterioridade á que a lei de 1968 iniciara ao longo proceso de devolución do monte veciñal galego.

Durante os anos cincuenta ata en dezaioito concellos da provincia de Pontevedra se presentaron escritos contra a repoboación forestal. En parroquias de Agolada, das Neves, Crecente, Cuntis, Pontesampaio, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Vila de Cruces e tamén de Bueu e Cerdedo, onde as fotografías (*imaxe 23*) inmortalizan a veciñanza celebrando naquela mesma altura a visita de Rafael Fernández Martínez, ben soa, ben acompañada por párrocos e alcalde pedáneos, esta opúxose abertamente e por escrito á repoboación do seu monte veciñal. As instancias foron o recurso inicial co que moitas comunida-



Imaxe 23. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, acompañado de autoridades e veciñanza mentres percorre unha rúa de Cerdedo en obras.

des rexeitaron unha das políticas estrelas do franquismo, e xunto ao recurso á xustiza, constituíron as fórmulas legais coas que se resistiu o envite repoboador do Patrimonio Forestal del Estado (PFE). Estas accións de protesta acompañáronse doutras medidas ilegais como a introdución de gando nas repoboacións, a cavadura do monte, a destrución de viveiros, o arrinque de gromos, o traballo de repoboación lento e mal feito ou a queima (esta será a medida estrela na década seguinte). Algúns datos son especialmente reveladores do rexeitamento xeral á conversión dos montes veciñais en forestais: do 10 ao 24 de marzo de 1955 os oficios da brigada do PFE da provincia de Pontevedra indican que se puxeron 324 multas por pastoreo ilegal. E iso tendo en conta que a relación de sancións non está completa, que os gardas forestais eran insuficientes para o control dos montes repoboados e que só se teñen datos para 14 concellos²².

²² Rico Boquete, E. (1995). *Política forestal e repoblacións en Galicia, 1941-1971*. Santiago

Nestas protestas silandeiras contra a repoboación hai unha considerable representación feminina. De feito, o protagonismo das mulleres do rural do concello de Pontevedra na resistencia contra o pago da cota da Hermandad xa comentado non constitúe unha excepción, ben ao contrario será cotiá a presenza “delas” en actos de protesta e resistencia cara o franquismo²³.

Fóra do marco temporal no que se enmarca este texto, os anos cincuenta, e polo tanto, fóra da nosa análise, quedan todas aquelas mulleres que non acataron as directrices franquistas dos anos corenta e aseguraron a mantenza das súas familias ou cando menos reduciron a súa necesidade de alimentos acudindo ao mercado negro a *estraperlear* pequenas cantidades de produtos ou pasalos de contrabando pola raia de Portugal.

Os seus nomes enchen as listaxes das multas en temas de abastos. Tamén nos sesenta se rexistran en Pontevedra protestas encabezadas por mulleres. Unha delas aconteceu no outono de 1965 e ten como protagonistas as veciñas de Pontesampaio e Arcade, que se enfrontarán a pedradas contra a draga que quitaba a area onde elas mariscaban. E igualmente teñen unha presenza significativa na última década do franquismo, cando se farán visibles, por exemplo, nas mobilizacións contra a autopista do Atlántico en concellos como o de Vilaboa²⁴.

de Compostela: Servizo Publicacións USC e “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo, 1939-1959” (2000). *Historia Social*, 38, 117-140; Cabana Iglesia, A. (2013), op. cit.

²³ Testemuños de protagonistas e estudo de casos poden consultarse en *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*: <https://www.dogrisaovioleta.gal>

²⁴ Cabana Iglesia, A. (2021). “Ciento cincuenta mujeres y ningún hombre. Mujeres y protesta en el campo gallego durante el franquismo”. *Historia Social* 99, 119-131. En democracia as mulleres buscarán tamén a través dos sindicatos un espazo para as súas reivindicacións, vid. Martins Rodríguez, M. V. e Rodríguez Gallardo, A. (2013). “Incorporación de las mujeres en las luchas sindicales agrarias: el caso del Sindicato Labrego Galego”, en Ortega López, T.M. e

Nos cincuenta tivo lugar o primeiro envite da loita contra a instalación de Ence na ría de Pontevedra e elas serán un elemento notorio e visible daquela. Pescadores e mariscadoras de Marín opuxéronse dende que souberon da iniciativa do Instituto Nacional de Industria (INI) de abrir unha fábrica de celulosa. Fixérono tanto por entender que a fábrica afectaría ao ecosistema da ría, e por tanto á riqueza pesqueira da mesma, como porque a súa instalación ía supoñer perder terreos do dominio público onde acudían a apañar o marisco. Entendendo que esta iniciativa empresarial poría en risco o seus ingresos e modo de vida, iniciaron o que se converterá nun longo conflito que soborda a década dos cincuenta. O descontento inicial fano sentir enviándolles aos organismos públicos e autoridades as súas reivindicacións mediante escritos colectivos. Con esta fórmula legal de protesta pescadores e mariscadoras da ría de Pontevedra conseguiron o apoio de diferentes institucións da provincia, pero as súas queixas non foron atendidas e a construción da factoría, obviamente, seguiu adiante. Isto provocou que ampliaran o abano do seu repertorio de protesta e optaran por unha acción aberta e directa. Era o mes de xaneiro de 1959 cando as mariscadoras de Placeres (Marín) e de Campelo (Poio) organizaron unha manifestación que tiña previsto recorrer o traxecto entre Marín e Pontevedra. A marcha puido realizarse ata a entrada da cidade, pero alí foi disolvida polo exército. Ás protestas engadíronse axiña os boicots dos materiais da empresa estatal (rotura do tubo de dragado da auga da ría, roubo das boias de sinalización, etc.), co que conseguiron tan só adiar os traballos de posta en marcha da fábrica. O descontento aumentaba conforme a fábrica se facía unha realidade e con el medraba o número de xente que se concitaba na ría para protestar (afectadas directas, veciñanza, familia, simpatizantes coa súa causa, etc.). Co

Arco Blanco, M.A. del [ed.]. Claves del mundo contemporáneo. *Debate e investigación*. Actas del XI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea. Granada: Comares.

paso do tempo tamén se incrementaba a nómina de responsables do desastre ambiental e económico que prevían. Aos seus ollos, xa non só era ENCE, eran tamén as autoridades locais que non atendían as súas demandas. Certamente esas autoridades enseguida se viron sen capacidade de calmar o conflito e solicitaron a axuda do gobernador provincial. Este non dubidou en pedir axuda á Armada. A presenza dun destacamento desta resultou unha medida disuasoria eficaz polo medo que suscitaba no momento de levar adiante unha protesta aberta contra a fábrica. O temor xerado funcionou para deter as hostilidades nese ano de 1959, pero, como se sabe, reproducíranse con máis virulencia nada máis comezar o anos sesenta²⁵.

Das protestas e resistencias dos anos sesenta e setenta quedaron rexistros fotográficos e mesmo audiovisuais. O labor de fotoxornalistas e profesionais da cámara consignaron eses momentos, o que axuda enormemente a reconstruír a historia dunhas décadas que instantáneas e relatos oficiais seguían persistindo en caracterizar como de extraordinario consenso e paz social. Para os anos cincuenta non contamos con fondos visuais que rebatan o relato das fotografías oficiais, pero o emprego doutra tipoloxía de fontes documentais e orais posibilitou botar luz sobre eses ángulos mortos que quedan nas imaxes que o franquismo buscaba dar de si mesmo. Todas as imaxes xuntas, as que ofrecen as fotografías oficiais e as que constrúen memorias e outras fontes, compoñen un quebracabezas que nos permite coñecer moito mellor aquel pasado definido pola ausencia de liberdades e no que todo era gris.

²⁵ Rico Boquete, E. (1997). *La creación de Celulosas de Pontevedra y su influencia en el sector forestal de la provincia*. Madrid: Fundación Empresa Pública; Lanero Táboas, D. “Entre dictadura y democracia: la conflictividad socioambiental en las Rías Baixas, 1959-1980”, en Lanero Táboas, D. [ed.] (2013). *Por surcos y calles. Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)* (pp. 139-172). Madrid: La Catarata; González Crespo, M^a. C. (1988). Celulosas, a mazá envenenada. “Pequena historia da oposición”. *A Nosa Terra. A Nosa Historia*, 5, 62-68.

Fotografía social e memoria histórica

Dionísio Pereira

Investigador

Lola Varela

Investigadora

A Fotografía Social pretende analizar a realidade dun colectivo utilizando as imaxes como documentos que permiten o estudo de diversos campos verbo das condicións e o medio no que se desenvolve a actividade humana. Algúns dos temas tratados nesta disciplina atinxen as desigualdades sociais; a vida familiar e doméstica; o estudo de comunidades étnicas, de colectivos profesionais ou de calquera outro tipo e as mudanzas sociais e políticas, etc., tanto de fenómenos actuais como do pasado. Deste xeito o instante eternizado, tal como se ten cualificado á fotografía, serve para novas achegas ao devalar da sociedade, mesmo nos seus intres máis fuscos¹.

¹ Paz Antón, X. R. (2011). “Escritura con luz.” Limiar a Pereira, D. [ed.]. “Facianas da represión franquista na Terra de Montes”, *Vieiros da Memoria*, 2, Cerdedo: Verbo Xido.

FOTOGRAFÍA DA INFAMIA

Hai anos, nunha desas recompilacións gráficas locais financiada con fondos públicos², publicáronse varias fotografías que nos causaron un fondo desacougo. Arrodeadas doutras “fotografías de sociais”³ e das crónicas daquelas misións que fanatizaban as parroquias, sen rastro gráfico ningún das axitacións que tamén alucaron polas Terras de Montes no primeiro terzo do século XX e dos rebeldes que as alumearon, figuraban varias fotos do ano 1950 que daban conta da visita a Forcarei do, daquela, gobernador civil da provincia, o xerezano José Solís Ruíz, considerado por algúns *la sonrisa del Régimen*. Nelas, recollíase a entrega do subsidio a unha veciñanza cansa e avellentada por parte dunhas autoridades, representadas polo devandito gobernador e polos alcaldes falanxistas de Forcarei e de Cerdedo, que, previamente, pasaran o seu dominio absoluto, simbolizado nos cadanseus bastóns de mando e nos seus uniformes azul escuro inzados de medallas franquistas, polas rúas da capital municipal.

Até aquí nada fóra do común, agás a normalidade con que este tipo de documentos se acolle por estes lares, como se non formaran parte da esmagadora propaganda emitida por unha ditadura tinxida de sangue, que na Terra de Montes pontevedresa deixou a mouro estatística de 41 persoas asasinadas, 37 veciños mortos loitando co Ejército Popular de la República e un mínimo de 269 represaliados e represaliadas de distintas maneiras, no período comprendido entre 1936 e as datas (1951) das referidas fotografías⁴. Mais a imaxe da

² Rozados, F. (2005). *Forcarei. Historia fotográfica do século XX*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

³ Instantáneas que recollen acontecementos tipo voda, bautizo, aniversario, e outros eventos que se cualifican deste xeito para diferenciarlos da Fotografía Social. Paz Antón, X. R. (2011), op. cit.

⁴ Pereira, D. (2010). *As vítimas do franquismo na Terra de Montes (1936-1953)*: Beariz,

entrega a un home xa maior, vestido de xeito moi humilde e cuxa faciana deixaba albiscar unha vida dura e, quizais, miserable, levaba un pé de foto que interiorizamos coma quen sinte, de súpeto, unha labazada. Velaí: “Curioso contraste: o loitador agrario e extenente de alcalde Alfredo Iglesias recibe ‘o subsidio’ de José Solís Ruíz, en 1950, seis anos antes da súa morte” (*imaxe 1*).



Imaxe 1. O antigo líder societario Alfredo Iglesias recibe o subsidio de mans do gobernador civil José Solís Ruíz, durante a visita deste a Forcarei en 1950. Fotografía publicada en Rozados, F. Forcarei. *Historia fotográfica do século XX* (Deputación de Pontevedra, 2005).

Certamente, aquel home era Alfredo Iglesias Álvarez, noutrora destacado cadro socialista de Alfonsín (Santa Mariña de Presqueiras) e moi coñecido antes de 1936 por toda a provincia de Pontevedra. En publicacións recentes lembrabamos que era dirixente da Agrupación Socialista Obrera e da Sociedad de Oficios Varios La Lealtad (UGT) de Presqueiras. Canteiro de profesión, exerceu como

Cerdedo e Forcarei. Vieiros da Memoria nº 1. Asociación Verbo Xido: Cerdedo.

líder agrario e obreiro no Concello de Forcarei dende os anos vinte do século pasado até a Guerra Civil. Foi primeiro tenente de alcalde do Concello de Forcarei polo PSOE antes da Ditadura de Primo de Rivera e repetiu como xestor interino do Concello na Fronte Popular. Tras o golpe militar foi detido e xulgado nun consello de guerra no que o condenaron a cadea perpetua.


A detención de Alfredo tivo lugar o 22 de xullo de 1936 en Codeseda (A Estrada), onde traballaba como contratista no viario de Vilapouca. En 1938, foi obxecto dun expediente de responsabilidade civil sendo condenado a unha multa de 200 pts⁵. Estivo preso máis de catro anos na Estrada, Pontevedra, a illa de San Simón, o Penal de San Cristóbal (Pamplona) e El Dueso (Santoña). Na cadea de Pontevedra viu moi comprometida a súa situación tras as acusacións deitadas polo párroco falanxista da Magdalena (Soutelo de Montes) Aquilino López Picón, que, de xeito inaudito, comandara á brava o asalto ao seu domicilio de Alfonsín levado a cabo por un remuíño de gardas civís e membros da Guardia Cívica de Forcarei, na procura de probas de cargo. Semellante *razzia* deu como resultado a incautación dun carné de Alfredo —que cando estivera, alá polos anos 20, emigrado nos EE.UU., afiliárase á Masons' Union (Unión de Albaneis) integrada na central sindical International Working&OverBook (*imaxe 2*)—, así como dun escrito datado en xaneiro do ano 1932 e asinado por numerosa veciñanza da súa parroquia, pedindo a clausura temporal da igrexa de Santa Mariña mentres non se reparara o tellado, pois estaba en mal estado e xa caera enriba da xente en plena misa. Daquela, obra e graza da mala entraña do cura Aquilino de infausta memoria na zona, no sumario do consello de guerra o carné sindical mudou en carné “masónico” e o inofensivo escrito nunha instigación en toda regra a clausurar as igrexas e a erradicar a relixión no que noutro fora solar dos Churruchaos.

⁵Pereira, D. (2010), op. cit.

En definitiva, Alfredo Iglesias zafará por pouco da morte mercé o testemuño favorable doutro crego, o benquerido abade da súa parroquia e canteiro vocacional Manuel Fraíz Garrido (alcumado O Morrón, debido ao seu devezo polo *argina*), e dalgunha veciñanza solidaria, caso do avogado Sabino Mariño Pereira, quen ocupara a alcaldía de Forcarei durante boa parte da República. O veredicto daquel xuízo-farsa foi, porén, reclusión a perpetuidade, condena que o canteiro de Presqueiras comezou a cumprir en San Simón a partir do mes de febreiro de 1937⁶.

Con posterioridade, entre setembro de 1940 e agosto de 1943, aplicóuselle a prisión atenuada no seu domicilio de Presqueiras e na localidade leonesa de Villablino e, ao cabo, ficou en liberdade condicional no verán de 1943.

A fotografía na que Alfredo recollía o subsidio era explícita dabondo: un dos “vencidos” tras o golpe militar, que fora sometido a todo tipo de represalias e obrigado a sobrevivir na miseria a unha idade (60 anos no intre de saír da cadea; 67 no instante de recibir o subsidio) que, daquela, representaba xa a vellez completa, continuaba a ser atacado publicamente na súa dignidade e “derrotado” de maneira definitiva a posteriori, primeiro en 1950 e despois en 2005, sen que puidera tan sequera procurar a súa defensa. Por demais, a ferinte rexouba do pé de foto (“curioso contraste...”) obviando a traxedia vital do vencido, a súa indefensión e a radical inxustiza que el e os seus compañeiros e compañeiras de infortunio sufriron, viña



Imaxe 2. Carné sindical norteamericano de Alfredo Iglesias, incorporado á Causa 525/369, Archivo Intermedio Militar del Noroeste, Ferrol (AIMN).

⁶Pereira, D. (2011). “Aníbal Otero e a Terra de Montes: lingüística e represión franquista”. *Revista A Xanela*, nº 31. Asociación Cultural Eira Vella: Betanzos.

a se incorporar en clave menor e a destempo á morea de mentiras, menosprezos e calumnias, que o réxime franquista deitou durante 40 anos sobre a memoria de todos e todas. Nun resplandecente ensaio de Xosé Ramón Paz Antón, apúntase:

No referente aos procesos de Memoria Histórica, a Fotografía Social ofrece un novo marco de actuacións tanto para a investigación e a divulgación da represión franquista, como para os procesos de dignificación das vítimas e a reparación, entre outras cousas, da súa imaxe⁷.

Unha imaxe, reiteramos, desvalorizada e manipulada como a de Alfredo Iglesias, para que, acompañada de moitas outras da mesma caste, perdamos toda esperanza en acadar un mundo máis libre e máis xusto; para que teñamos o íntimo convencemento de que acabaremos “pasando polo aro”, tal e como xa o deberon facer, tras o escarmiento franquista, quen loitaran con afouteza no pasado. Esa é a deformada imaxe da Humanidade adoecida que pretenden fixar e transmitir os epígonos da desmemoria, mesmo quen presume da súa modernidade e amplitude de miras cultural e social.

Chegados a este punto, cabe reflexionar sobre os obxectivos da fotografía propagandística do réxime de Franco, ben reflectida no fondo da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra. Ou o que ven sendo o mesmo, que construción do devalar social representa e que crúa realidade pretende eclipsar. Que nos transmiten, en definitiva, esas instantáneas (por exemplo, as tomadas nas visitas do gobernador civil Rafael Fernández Martínez a Cerdedo e Forcarei nos anos 1956 e 1957⁸) que nada teñen de neutrais? Unha análise

⁷ Paz Antón, X. R. (2011), op. cit.

⁸ Ver unha análise denotativa das referidas fotografías en Varela, L. e Pereira, D. “Análise das fotografías da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra. Concellos de

connotativa⁹, se acaso, suxeriría o dominio onnipotente da xerarquía franquista e o seu paternalismo construtor; a manipulación da infancia adoutrinada, da muller subordinada e da vellez desvalida; a submisa docilidade do resto da poboación¹⁰, decote apampada pola demostración de poderío absoluto (*imaxes 3 e 4*).



Imaxe 3. O gobernador Fernández Martínez e o alcalde falanxista Francisco Filgueiras, departindo coa veciñanza na visita a Forcarei levada a cabo en xullo de 1956.

Pola contra, que fica escurecido á mantenta, fóra da difamación do adversario e da sanguenta represión sobre as que se apousentaba

Cerdedo e Forcarei”, neste mesmo volume.

⁹ Amador Carretero, P. (2005). “Fotografía y memoria histórica”, en Amador Carretero, P., Robledano Arillo, J. e Ruiz Franco, M. R. [coord.]. *III Jornadas Imagen, Cultura y Tecnología* (pp. 223-246). Madrid.

¹⁰ Virxilio Vieitez, fotógrafo de Soutelo de Montes, clareou o ambiente social daquel tempo: “O primeiro era buscar un fondo, iso o primeiro. Logo colocábaos. Eles deixábanse dominar ao meu antollo, eran persoas moi nobres e tamén era o tempo da ditadura, en que a xente era moi submisa, estaba afeita a obedecer”. Ver, Suso de Toro “El fotógrafo de pueblo” en *El País Semanal*, Madrid, 14/02/1999.



Imaxe 4. O gobernador Fernández Martínez e o alcalde falanxista Francisco Filgueiras na visita a Forcarei levada a cabo en xullo de 1956.

o réxime? O conflito, sequera esbozado, que naquela altura pairaba no rural pontevedrés tras o espolio dos montes comunais e a resistencia ao pago da cota das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos; o feito recoñecido coa boca pequena polos propios mandatarios falanxistas de que a pequena obra pública reiteradamente inaugurada, só era posible pola prestación obrigatoria de traballo nas aldeas; que a nova dotación de centros de ensino e dispensarios, tiña en non poucas ocasións os seus alicerces no previo tecido de escolas e casas do pobo edificado pola veciñanza e logo espoliado e abandonado tras o golpe militar¹¹; que os subsidios que agora se

¹¹ No traballo de Varela, L. e Pereira, D. “Análise das fotografías da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra. Concellos de Cerdedo e Forcarei”, publicado neste mesmo volume, faise referencia na imaxe 7, relativa á visita do Gobernador Civil Rafael Fernández Martínez no ano 1957 a Cerdedo, á antiga Casa do Pobo de Pedre, incautada pola Falange tras o golpe militar de 1936 e, naquel intre, en transo de ser recuperada



Imaxe 5. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, departindo co presidente da Deputación de Pontevedra, Rocafort, co alcalde da Estrada e deputado provincial, Manuel Campos Paseiro, e co dirixente falanxista Manuel Crespo Alfaya, na visita realizada ao Concello de Forcarei en xullo de 1956. De costas, albíscanse entre outros o xuíz municipal, Segundo Mariño, e o comandante de posto da Garda Civil.

repartían con grande aparato governativo, xa comezaran a ser capitalizados a partir do traballo da xente humilde antes da deostada II República e non eran produto da benfeitora xenerosidade de alcaldes e gobernadores¹²... (imaxes 5 e 6).

Ao cabo, a fotografía do réxime agachaba máis do que amosaba e ben puidera ser cualificada como consciente e deturpado modelo de infamia. Só a desmemoria permite nesta altura incorporala ao imaxinario colectivo pagando o alto prezo do branqueo e a naturalización dunha etapa na que a maioría da poboación padeceu penalidades sen nome e no que moitas vidas foron aniquiladas. Porque, a

para escola.

¹² Ver Elu Terán, A. (2006). “Las primeras pensiones públicas de vejez en España. Un estudio del Retiro Obrero (1909-36)”. *Revista de Historia Industrial*, 32, 33-67.



Imaxe 6. O gobernador Fernández no concello de Cerdedo durante a visita celebrada o día 30 de outubro de 1957, co alcalde falanxista Antonio Peleteiro Fernández na súa dereita e co xefe local de Falange Manuel Gutiérrez Torres na súa esquerda.

contemplación acrítica destas fotografías sen botar man da memoria da xente vencida, pode levar a conclusións presentistas sobre a bondade do franquismo e o consenso social no que aparentemente se sustentaba. Unhas conclusións, cabe insistir, nefastas para os tempos que corren (*imaxe 7*).

FOTOGRAFÍA DA DIGNIDADE

Pola contra, Paz Antón clarea que é a ruta ética e ideolóxica das propias vítimas daquel tempo de ferro o que dignifica as súas humildes fotografías, gardadas con devoción polas persoas achegadas. Sabido é que as vítimas da ditadura franquista seguirán a padecer un tratamento inxusto no futuro na pel de xente próxima a elas ou de quen lles axudou, en tanto en canto non se lles recoñeza xurídica, política e socialmente como tales. Nesta loita por desvelar o franquismo que



Imaxe 7. Momento da inauguración dun cruceiro na praza da igrexa de Forcarei, celebrado co gallo da visita oficial do gobernador civil en outubro de 1957. Na instantánea aparecen en primeira liña, amais do gobernador Fernández, o crego Secundino Cortizo, o xuíz municipal Sabino Mariño, o alcalde estradense Manuel Campos Paseiro, o secretario do Consejo Local del Movimiento Manuel Crespo Alfaya e os representantes dos excombatientes locais.

aínda nos condiciona en múltiples aspectos, a fotografía social representa un novidoso campo de traballo que debe permitir a devolución ás familias dos represaliados e represaliadas e á sociedade enteira, as imaxes das persoas que foran escarnecidas, maltratadas ou masacradas, acariñadas por unha prezada auréola de dignidade e lexitimidade: para que nunca máis se lles ataque sen que se poidan defender; para que non se esqueza o seu exemplo liberador como proposta de futuro.

Fotografía e memoria histórica, xa que logo, conforman un binomio que se beneficia nas dúas partes, pois a imaxe achega matices que estimulan a memoria e esta engade valores e novos significados a instantáneas, que en moitas ocasións naceron cunha simple función pragmática como a elemental foto de carné. Porque, aquí, son as víti-

mas quen enchen de dignificación as imaxes: as súas biografías soterradas, demonizadas, as súas vivencias estarrecedoras, a altura e o compromiso dos seus ideais e comportamentos, engaden significantes que transforman totalmente a nosa visión do retrato¹³.

A foto xornalística xa non transmite unicamente a figura dun home maior, sentado a carón do seu hórreo en Figueiroa (Cerdedo), senón a historia dun antigo afiliado á CNT, Rogelio Arca Rivas, que fora combatente do Exército Republicano represaliado tras a derrota, e cuxo pai fora asasinado. Rogelio mantivo ata a fin dos seus 95 anos de vida os seus ideais e transmitiu a súa memoria de persoa consciente a quen lle quixo escoitar¹⁴ (*imaxe 8*).



Imaxe 8. Rogelio Arca Rivas no seu hórreo, Figueiroa-Cerdedo, 2008. Foto *Faro de Vigo*.

¹³ Paz Antón, X. R. (2011), op. cit.

¹⁴ Arca Rivas, Rogelio (Figueiroa): fillo de Francisco Arca Valiñas, asasinado na Ponte do Barco o 13/8/1936, e canteiro coma el. Estaba afiliado ao Sindicato Único del Ramo de la Construcción de Madrid (CNT), ao Ateneo Libertario de Vallehermoso e á Sociedad El Trabajo de Figueroa (CNT). O golpe militar colleuno en Madrid, onde traballaba xunto con outros conveciños no lousado das rúas. Fixo a guerra voluntario primeiro na Columna del Rosal e logo na 39 Brigada Mixta, 153 Batallón, do Exército Republicano do Centro; ao rematar estivo un tempo preso no campo de concentración da praza de touros de Teruel e, logo, nunha Compañía de Revisión constituída no Cuartel das Mercedes de Lugo. Máis tarde, obtivo a liberdade condicional e debeu presentarse a diario no cuarteliño da Garda Civil de Cerdedo. Daquela, segundo as súas lembranzas,



Imaxe 9. Elvira Quibén Reigosa e a súa descendencia, Fondós-Quireza, anos 30. Arquivo particular.

A foto de estudo dunha muller coas súas fillas cobra novo sentido ao saber que era a imaxe da taberneira de Fondós-Quireza Elvira Quibén Reigosa, muller de rexo carácter que aturou, sen perder a integridade, continuas requisas e extorsións da Falange de Quireza, que a trataba de *Segunda Pasionaria* (*imaxe 9*).

A ficha consular da República dos Estados Unidos do Brasil, correspondente a unha emigrante orixinaria, así mesmo, de Fondós-Quireza chamada

Otilia Fernández Ovelleiro, transcende a súa cualificación administrativa cando recoñecemos nela a ollada dorida dunha muller marcada polo maltrato e a humillación que padeceu a mans dos falanxistas, que lle fixeron un simulacro de execución a carón do seu pai, para logo rapala ao cero na tristemente célebre taberna do Outeiro, na mesma parroquia de Santa Apolonia de Quireza¹⁵ (*imaxe 10*).

aos que loitaran no bando republicano “non se lles tiña en conta para nada, non eran ningún...”.

¹⁵ Pereira, D. “1936: dinámicas represivas na Terra de Montes pontevedresa” en VV.AA, (2017). *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*. Santiago de Compostela: Sermos Galiza, S.A.



Imaxe 10. Ficha do Consulado do Brasil em Vigo de Otilia Fernández Ovelleiro. Arquivo Policía Marítima e Imigración dos EE.UU. do Brasil.



Imaxe 11. José María Taberneiro, mineiro na rexión dos Grandes Lagos, EE.UU., terceira década do século XX. Arquivo particular.

A imaxe deste mineiro dos Grandes Lagos de EE. UU. (*imaxe 11*) cos trebellos propios do oficio, moi no estilo daquela fotografía que dende mediados do século XIX mesturou o retrato individual coa información social do devalar das clases traballadoras¹⁶, apenas agocha unha biografía loitadora, a de José María Taberneiro Fraiz máis coñecido como o Rolo de Vilapouca, pequena localidade a carón de Soutelo de Montes. Tras a súa etapa americana a comezos dos anos 20 do século pasado, Taberneiro fora un dos primeiros comunistas da provincia de Pontevedra para logo incorporarse con responsabilidades municipais ao PSOE durante a Fronte Popular, antes de ser pasado polas armas pouco despois do golpe militar por un fato de *camisas viejas* da Falange de Cerdedo e Soutelo, entre os que se

¹⁶ Rosenblum, N. (2011). “O retrato como documento social” (pp. 161-168.). *Virxilio Vieitez*. Vigo: Fundación Telefónica.

atopaba o antedito crego Aquilino López Picón. A día de hoxe, a súa morte aínda non foi rexistrada e a descendencia finou sen saber onde fica soterrado o seu corpo¹⁷.

En todo caso, é preciso pasar da “memoria individual” á “memoria colectiva”, entendida esta última como distintivo da comunidade que determina a súa conciencia social. Sen estendernos no tema, non debemos obviar a importancia que adquiriu na Galiza a fotografía como documento senlleiro desa maltreita memoria colectiva, mediante a proliferación de actividades e publicacións diversas que comezaron a xurdir na década dos 90 e comezos do segundo milenio, propiciadas pola fuxidía mudanza política do período do Goberno Bipartito. Daquela, a fotografía foi a protagonista en exposicións multitudinarias tal que o *Barco da Memoria* (2006) ou o *Memorial pola Liberdade* (2007), sen esquecer as máis de 10.000 imaxes que conforman hoxe o arquivo fotográfico do Proxecto de Investigación Interuniversitaria Nomes e Voces, creado no ano 2006.

CODA

Dignificar a memoria das vítimas e das transformacións que promoveron son tarefas canto máis imperativas na medida en que hoxe a caverna que rexorde pretende borrar o seu percorrido vital e desacreditar os avances sociais que protagonizaron. A represión franquista, o silencio obrigado e os pactos da Transición impediron unha transmisión con normalidade dos terribles feitos causados

¹⁷ Taberneiro Fraiz, José M^a. (Vilapouca-Soutelo de Montes): antigo emigrante en EEUU, onde traballou como picador na minería de carbón na zona dos Grandes Lagos a partir de 1920. Propietario dunha tenda, foi concelleiro do PCE en Forcarei no ano 1923 e durante a Fronte Popular formou parte da corporación municipal como segundo tenente de Alcalde, integrado no PSOE. Xunto con tres veciños de Cerdedo foi asasinado por falanxistas cerdedenses e souteláns no lugar de Alba, na estrada Pontevedra-Santiago, na noite do 11 de agosto de 1936. A muller nunca cobrou pensión de viuvez. Pereira, D. op. cit. 2010. Sobre a implicación do crego Picón, ver Causa 377/51, AIMN, Ferrol.

polo golpe de estado de 1936 e tamén condicionaron unha lectura crítica do imaxinario franquista que, durante 40 anos, presidiu sen apenas resistencias o acontecer cotián. Precisamos, xa que logo, non só difundir e dar a coñecer eses feitos, senón deconstruír o relato da normalidade do réxime fascista potenciado neste caso polo fondo fotográfico da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra, botando man da memoria histórica como instrumento esclarecedor e reparador que acompañe a súa reprodución. Daquela, a fotografía da dignidade pode ser unha boa ferramenta para esta angueira¹⁸.

¹⁸ Pantaleón, X. (2008). “Limiar” a Arca Rivas, R. e Pereira, D. *Álbum de guerra. Canteiros da Terra de Montes no Exército Popular da República*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Baixo a sombra de José Antonio

Marcelino Abuín

Historiador

Hai quen di que unha imaxe vale máis que mil palabras. Segundo isto, nada mellor que esta colección de fotografías para explicar o acto denominado “de conmemoración da fundación da Falange galega”, que se celebrou anualmente, durante catro décadas, en Vilagarcía de Arousa. Mais dela dedúcense un apoio en masa á Falange e unha total unidade dentro do denominado Movimiento que non poden estar máis lonxe da realidade.

Resumíao perfectamente aquel profesor de fotografía que lle ensinaba ao seu alumnado que a foto existe antes de nada na mente de quen dispara a cámara. As fotografías fannos ver o que quere que vexamos quen a fixo. O que se deduce delas quizá sexa a realidade máis falseada de toda a documentación posible. A fotografía adquire valor histórico cando se relaciona con información procedente de fontes de diversa índole.

A conmemoración recollida nas imaxes ten a virtude de percorrer un longo período de tempo, e a través dela podemos ir vendo o contexto cambiante en que se desenvolve.

A FALANGE E O MITIN DE JOSÉ ANTONIO

O 29 de outubro de 1933 fúndase en Madrid a chamada Falange Española. É unha organización que une o que foi o Somatén e a Unión Patriótica da Ditadura de Primo de Rivera, ás que se lles engaden ademais as formas importadas do Fascio italiano.

O corpo teórico da Falange é moi débil, o programa que presenta é a suma de ideas xenéricas sen concreción ningunha. Un ano máis tarde, fúndase coas JONS de Ramiro Ledesma. A partir de aí o ideario falanxista resúmese nos famosos vinte e sete puntos, que recollen un nacionalismo español exacerbado, a aspiración de recuperar a idea de imperio, o militarismo, o antiparlamentarismo, a redistribución da riqueza e o catolicismo como ideas principais.

Non será ata o momento posterior á Revolución de Outubro cando a Falange empece a ter unha actividade pública aberta en Galicia. Cumprindo ordes da xefatura central, cada JONS ofrece os seus efectivos ás autoridades locais para combatela. Daniel Buhigas, que chegará a ostentar as xefaturas local e provincial, ademais de ser membro do Consejo Nacional de Falange, ofrécelle á alcaldía os efectivos da súa organización para o combate armado.

A presenza de José Antonio en Galicia acelera as cousas. O máximo xefe de Falange realiza unha viaxe polas provincias galegas e, como fito importante da súa xira, anúnciase a celebración dun mitin en Vilagarcía.

José Antonio entrará por Ourense, en cuxa capital pasará a noite, e despois dirixirase á localidade arousá para marchar posteriormente cara á Coruña. O mitin de Vilagarcía non se concibe como un acto local, senón que está dirixido a toda a militancia galega (*imaxes 1, 2 e 3*).



Imaxe 1. Público concentrado na praza de Ravella para participar no XII aniversario do acto de José Antonio en Vilagarcía.



Imaxe 2. Dirixentes do Movemento pasando revista a membros da Falange nos actos celebrados en Vilagarcía no ano 1953.



Imaxe 3. Desfile militar celebrado nas rúas de Vilagarcía o día 17 de marzo de 1954.

Cabe preguntarse, de entrada, o porqué da elección desta localidade e non calquera outra para celebrar a concentración falanxista. A resposta cremos que está na estratexia propagandística da propia organización. A Falange contempla a súa presenza na rúa como a mellor forma de propaganda. Busca o maior impacto posible ante a opinión pública, ben con enfrontamentos violentos con grupos de esquerda, ben con demostracións como a que se pretende en Vilagarcía. Trátase de ocupar a rúa, en palabras de José Antonio, de facerse “os amos” nos lugares onde actúan.

O número de persoas coas que contaba esta organización nunca sería dabondo para facerse notar en Vigo ou A Coruña, pero si en Vilagarcía. Polo tamaño da localidade, unha concentración así tería aquí un impacto moito maior. Ademais, a presenza de grupos de esquerda suponse importante e os posibles choques violentos agrandarían o impacto desexado.

Desde primeiras horas da mañá do 17 de marzo de 1935, circulan polas rúas vilagarcíás grupos de falanxistas con camisa azul, brazos arremangados e arma ao cinto¹. O mitin celébrase ás once da mañá no Teatro Villagarcía. Con José Antonio tomarán a palabra Jesús Suevos, xefe local no Ferrol; Manuel Valdés, xefe nacional de Educación; e o tipógrafo Manuel Mateo. Da presentación dos oradores encárgase o xefe local, Daniel Buhígas.

O interior do teatro estaba presidido por unha gran bandeira falanxista. Fronte ao escenario “unha escuadra de camisas azuis cos brazos cruzados sobre o peito e arremangados, facían garda, ergueitos, firmes”. O aforo do teatro completárase e, segundo Meleiro, “o público aburguesado e riseiro comentaba frivolumente as incidencias e pormenores daquela xornada nacionalsindicalista”.

Un mozo Jesús Suevos é o primeiro en arengar ao público. Define aquel acto como o inicio dunha nova etapa, non só para a Falange: “Despois de moitos anos de caciquismo cerril, de raposerías liberais, de democracia turulata e esmirriada, Galicia vai oír por fin palabras virís, preñadas de enerxía, de forza e de paixón. Palabras de homes e para homes”².

José Antonio lembra o seu paso pola localidade no ano 1930³. Naquela ocasión, con José Calvo Sotelo e o Conde de Guadalhorce, participaba na xira que, en defensa da ditadura do seu pai, organizaba a Unión Monárquica. Para el, naquela campaña foran todo amarguras. Lembrou que, naquel mesmo sitio, non tivo a oportunidade de tomar a palabra ante as constantes interrupcións e apupos

¹ Meleiro, F. (1957). *Anecdotario de la Falange de Orense*. Madrid: Ediciones del Movimiento.

² Jerez Riesco, J. L. (2018). *Los Hijos del Trueno: Historia de la Falange en Galicia*. Madrid: Ediciones Fides/Ediciones Esparta.

³ Fernández Santander, C. (2000). *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)*. Sada: Edición do Castro.

do público⁴. No seu regreso, en cambio, agora, “todo foron éxitos e satisfaccións”. Dirá máis, afirma a súa vontade de volver outra vez, unha terceira vez, pero entón “para tomar o poder”.

O contido da súa intervención foi o que cabía esperar. A unidade de destino da nación española, o combate contra o marxismo, a loita contra o galeguismo, a necesidade de liberar a España do xudaísmo, a definición de Falange como nin de dereitas nin de esquerdas...

Dúas notas do discurso de José Antonio chaman a atención. Por unha banda, sorpréndese do ambiente que o recibe, un “auditorio de aparencia burguesa e pacífica”, e mostra a súa preferencia polos lugares onde se lles recibe a tiros, xa que, segundo el, alí penetraban moito mellor as ideas falanxistas. Ademais pídelles aos seus adeptos que se endurezan, que se preparen, “porque veñen días terribles”.

O xefe de Falange e a militancia falanxista que o acompaña aínda permanecerán unhas horas máis en Vilagarcía. El xanta cun grupo afín no bar Casablanca e ata alí chegan noticias dos incidentes da xornada. Os enfrontamentos entre fascistas e xente de esquerda succédense. Nun resulta ferido por arma branca o falanxista ourensán Emilio Romero. O apedramento dos autobuses cando saían da localidade e a resposta a tiros da Falange poñen fin á xornada do día 17.

Aquel acto serviulle ao xefe nacional para testar o estado do seu partido. A impresión que recibe da Falange galega non é boa⁵. Transmítello ao xefe territorial, Jesús Suevos, nunha carta, publicada posteriormente por Manuel Hedilla. Falaba, segundo as súas palabras, “intensificación doutrinal” e, ao xefe local de Vilagarcía e ao provincial de Pontevedra, veos con necesidade de “un forte tónico revolucionario”.

Tras este acto a Falange reorganízase. Jesús Suevos é substituído aos poucos meses polo ourensán Fernando Meleiro, e a xefatu-

ra provincial de Pontevedra asúmea o vilagarcían Daniel Buhigas, en detrimento de Kruckenberg. Coa xefatura galega de Meleiro os cambios acentúanse. Nomea a Mario González Zaera xefe provincial en Lugo, para a xefatura da Coruña designa a Víctor Muñoz e como xefe de Sanidade a Manuel López Sendón. A xefatura territorial da Central Obrera Nacional Sindicalista (CONS) recae no vilagarcían José Santiago Vaello Pastrana. Por último, para a dirección das milicias falanxistas nomea o coruñés Juan Canalejo.

A impresión que deixa a visita de José Antonio é que a Falange abre unha nova etapa. Nela, a axitación na rúa e o enfrontamento con grupos de esquerda tentarán crear unha situación propicia para o golpe de estado.

Efectivamente, durante o ano 1935 a actividade da Falange intensifícase. Como sinala Meleiro, neste tempo “recrutabamos combatentes... convencidos de que as baionetas, e non os votos, salvarían



Imaxe 4. Público concentrado na praza de Ravella, en Vilagarcía de Arousa, para participar no XXII aniversario do acto de José Antonio na vila.

⁴ Abuín Duro, M. (2017). *La conquista de la República. Vilagarcía de Arousa, 1929-1935*. A Coruña: SOBIGA, S.L.

⁵ Hedilla, M. (1977). *Testimonio de Manuel Hedilla*. Barcelona: Ediciones Acervo.

á Patria”. O mesmo autor afirma cal é o principal obxectivo da Falange, non é outro que “a violencia constante sobre os marxistas” (*imaxe 4*).

Os incidentes sucédense. Con ocasión da visita do presidente da República a Vigo, nun mitin de Azaña na Coruña, na conmemoración do cuarto aniversario da República en Ourense, en Meside atacando as persoas que se manifestan no Primeiro de Maio, en Santiago con enfrontamentos con xente de esquerda... Como recolle Carlos Fernández, en palabras de Jesús Suevos, “a Falange vaise abrindo paso co sorriso nos beizos e o dedo no gatillo”.

As autoridades republicanas propóñense poñer freo á agresividade falanxista. Os rexistros das súas sedes, con incautación de armas, sucédense nas principais cidades.

FALANGE E O GOLPE MILITAR

A Falange convértese no referente violento dos sectores máis reaccionarios da sociedade. Empeza a recibir financiamento de empresas e os seus contactos con sectores golpistas do exército fanse cada vez máis estreitos. A Falange ourensá estaba coordinada con sectores militares para executar unha intervención no caso de que as eleccións xerais de febreiro do 36 fosen gañadas polas dereitas e o seu triunfo fose contestado polas esquerdas de modo violento⁶.

O cambio de goberno acelera a escalada falanxista. O atentado contra o vicepresidente do Congreso, Luís Jiménez de Asúa, onde resulta morto o seu escolta, desencadea unha tensión crecente que culminará co asasinato de José Calvo Sotelo.

Para poñer freo a esa escalada, en marzo detense a José Antonio Primo de Rivera e, en abril, ilegalízase a Falange por incitación á

⁶ Meleiro, F. (1957). *Anecdotario de la Falange de Orense*. Madrid: Ediciones del Movimiento.

violencia. Para dificultar os plans golpistas, o goberno cambia de destino os mandos do exército máis proclives a unha revolta. A pesar diso, os plans para dar un golpe de estado continúan. No mes de maio, á capital da VIII Región Militar chegan enlaces comunicándolles aos mandos golpistas o aprazamento do levantamento ata o mes de xullo⁷.

A Falange ármase. O mesmo xefe territorial de Galicia, Fernando Meleiro, desprázase a Portugal para establecer unha canle estable de subministración de armas e, desde o mesmo cárcere onde estaba detido, José Antonio envía instrucións para participar na sublevación militar. Nos preparativos do golpe, Manuel Hedilla, substituto provisional de José Antonio, percorre Galicia desde o día 12 de xullo para reorganizar os mandos falanxistas. Destitúe a Meleiro como xefe territorial por escapar a Portugal no medio dos preparativos golpistas, e substitúeo por Manuel González Zaera, xefe provincial en Lugo.

Cando se produce o levantamento, en Vilagarcía a maioría dos falanxistas xa están no cárcere, ben por tenza de armas ou ben por reunión clandestina, e, os que non, son arrestados por orde da alcaldía⁸.

O triunfo do golpe suporá a súa saída do cárcere. De maneira inmediata, ofrécese á Garda Civil como voluntarios. Juan Rey Durán, o único que non se atopaba en prisión, “foi voluntario para todos os servizos de máis exposición”. Daniel Buhigas, detido en Cambados, actúa naquela localidade, aínda que, como reconece a propia Garda Civil, “ás veces raiou en exceso de celo mal entendido”. José

⁷ Silva Ferreiro, M. (1938). *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas históricas*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar.

⁸ Na lista de persoas a deter figuran os nomes de Segundo Mariño, José Luis Rey, Marcos (fábrica de velas), irmáns marmolistas, Isaac Caeiro, Miguel Acosta, Aguirre (militar retirado), Marcos de Carril, Guillermo Poyán, *el Beloso*, irmáns Villaronga, Zoilo Trigo, Manuel Romero e José Freire.

Martínez Freire formará parte “do grupo auxiliar da forza tomando parte nas operacións de limpeza efectuadas polos montes de Xiabre e Lobeira”. Tamén José Martínez Filgueira tomou parte “en todas as operacións de limpeza que se levaron a cabo nesta comarca”⁹.

A adscrición de falanxistas ao golpe faise de maneira individual, non se trata dunha adscrición organizada. As cousas cambian cando se forman as milicias de Falange, dirixidas primeiro por Luís Palacio Vega, máis tarde por José Martínez Freire e, xa en 1937, por Asensio Bernal, (*imaxe 5*).



Imaxe 5. Vista da praza de Ravella, en Vilagarcía de Arousa, durante o XXII aniversario do acto de José Antonio. A foto está tomada dende detrás do palco de autoridades, que aparecen saudando brazo en alto, o que fai tamén o público asistente.

As Milicias de Falange convértese nunha autoridade local máis. Desenvolven actividades de indagación, persecución e detención de persoas afíns á República. Despois entréganas, cando as entregan, á

⁹ Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa 1936-1941*. A Coruña: SOBIGA, S.L.



Imaxe 6. XXII aniversario do acto de José Antonio en Vilagarcía. Na imaxe, autoridades do Movemento conversando.

Garda Civil. No cuartel de Falange sucédense os interrogatorios, o rapado de pelo ás mulleres ou a aplicación de aceite de rícino. Nos últimos meses de 1936 noméase a dirección local da Sección Femenina con Branca de la Vega como xefa local (*imaxe 6*).

As principais adhesións ao golpe militar identifícanse co sector político que apoiara a Ditadura de Primo de Rivera e, no período republicano, adscribiuse á Unión Rexional de Dereitas (URD). Os actos públicos de exaltación da figura de Calvo Sotelo como mártir da Patria son a ocasión na que se fan presentes Enrique R. Lafuente, Jacobo Rey Daviña, Román Fernández Gil e Juan Gil Sequeiros, reclamando unha posición que nunca obtiveron nas urnas (*imaxe 7*).

Consolidado o golpe de estado, amplíase a inicial xestora municipal e nela o predominio do sector conservador é absoluto. Á fronte está Frutos Cerecedo e acompañanlle Juan Gil, Francisco Viqueira, Rafael Arizcun, José María Remírez de Esparza, Luciano Buhigas...



Imaxe 7. No XIX aniversario do acto de José Antonio en Vilagarcía. Presidido polo ministro de Traballo, José Antonio Girón de Velasco, que na foto aparece xunto ao gobernador civil, Elías Palao, o alcalde Rey Daviña (de claro, á dereita da imaxe) e outras autoridades.

A repartición do poder político tras o golpe é bastante simple. A máxima autoridade é militar, ben a través da figura do comandante ou ben a través do delegado de Orde Pública, o garda civil Aurelio Belay. Da xestión municipal encárgase o grupo de seguidores de Calvo Sotelo. A contribución civil á forza armada, coas milicias de Falange e Guardia Cívica primeiro e, despois, fusionadas estas, coa Milicia Nacional, recae en mans de falanxistas.

Cando a Falange pasa a ser o partido único do novo réxime integra todos os grupos civís que apoian o golpe de estado. Falanxistas de sempre, a coñecida como *Vieja Guardia*, convivirán con conservadores e, co decreto de unificación promovido por Franco, cos monárquicos carlistas. Non faltan tampouco simpatizantes da República que, por supervivencia, pretenden facer borrar o seu pasado político (*imaxe 8*).



Imaxe 8. Ofrenda floral celebrada na praza da Igrexa, co ministro José Solís Ruiz no centro.

A LOITA POLO PODER

A partir do mes de setembro de 1936, a FE das JONS convértese nun partido de aluvión. As tensións entre os grupos que a integran fanse evidentes e agudízanse con ocasión do Decreto de Unificación de marzo de 1937 e a asunción por Franco da Jefatura Nacional en detrimento de Manuel Hedilla e a Vieja Guardia.

O enfrontamento entre un e outro sector viña de atrás e prodúcese tamén a nivel provincial. Por unha banda está o sector conservador que ostentaba a Alcaldía, primeiro con Frutos Cerecedo, despois con Juan Gil e, por último con Manuel García Lago. Haberá que esperar ata o ano 1940 para que Vilagarcía teña alcalde falanxista, primeiro Zoilo Trigo e despois Eduardo Miranda, os dous o mesmo ano, para dar paso, outra vez, a Frutos Cerecedo.

Frutos faise coa Jefatura Local de Falange. O seu apoio político vénlle da Jefatura Provincial que ostentaba Castro Pena. Tanto un como outro tiñan como rival interno o anterior xefe provincial, Daniel Buhígas, que chegará a ser expulsado da organización falanxista.

O outro sector encabézao o propio Buhígas. Tivo que deixar a Jefatura Provincial cando foi detido, nomeando substituto a Castro Pena, e vese agora afastado da JONS de Vilagarcía, da que era o seu xefe “natural”. Ao seu lado sitúase José Vaello Pastrana, xefe territorial en Galicia do sindicato falanxista, das CONS.

Para estes últimos, o alcalde e xefe local, Frutos Cerecedo, era un falanxista de última hora. Era un oportunista que se aproveitou do encarceramento de falanxistas de sempre para facerse coa organización local. O mesmo podíase dicir de Castro Pena e a provincial.

O grupo de Cerecedo descualifica a Vaello e Buhígas de maneira persoal. Son de pouco fiar, son covardes, son bebedores e camorristas: as descualificacións sucédense unha tras outra (*imaxe 9*).



Imaxe 9. Público no Teatro Cervantes de Vilagarcía de Arousa nun acto celebrado en 1953 en conmemoración do XVIII aniversario da visita de José Antonio.

A purga do sector de Buhígas e Vaello dentro de Falange prodúcese no mes de novembro. Aos poucos días teñen lugar os sucesos do bar Nueva España, onde un e outro bando se enfronta pistola en man, provocándose feridas de distinta índole por arma de fogo¹⁰.

As indagacións posteriores teñen consecuencias políticas inmediatas. Frutos Cerecedo e Castro Pena son cesados nos seus cargos. Os seus adversarios, Vaello e Buhígas, repóñense das súas feridas ou permanecen en prisión ata que son absoltos, xa no mes de setembro de 1937. A nivel de provincia, a situación interna da Falange vólvese tan complicada que para a súa saída búscase a alguén como Jesús Suevos, alleo aos avatares da política provincial.

Chegados ao mes de marzo de 1937, aquí produciuse un proceso similar ao que se vivirá ao mes seguinte en Salamanca, coñecido como os Sucesos de Salamanca. A unificación cos requetés, a subordinación da Falange aos mandos militares e o nomeamento de Franco como novo xefe nacional, provocan enfrontamentos armados entre falanxistas. A figura de José Antonio Primo de Rivera, “o Ausente”, convértese en lexitimador das posicións enfrontadas no seo da organización do xugo e as frechas, polo menos as dunha parte. A maior proximidade ao líder desaparecido, o seu nomeamento como xefe provincial fíxoo directamente Jose Antonio, dirá Buhígas, para lexitimar a súa posición.

Nese contexto celébrase o acto que desde 1937 se repetirá, ano tras ano, ata 1977. No mapa dos lugares onde o fundador estivo presente, Vilagarcía sería dos poucos territorios, naquel momento, en mans do chamado bando nacional. No medio da crise interna de Falange, un dos seus principais protagonistas, Manuel Hedilla, pronuncia un discurso de conmemoración do primeiro aniversario da detención de José Antonio e nel defende o carácter revolucionario da Falange.

¹⁰Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa 1936-1941*. A Coruña: SOBIGA, S.L.

Con aquel acto de marzo de 1937, en Vilagarcía reivindicase a esencia mesma da Falange dos *camisas viejas*. Como xefe nacional interino, Hedilla defende que o seu programa sexa o horizonte da guerra civil. Reivindica a fusión da exaltación nacional coa “nivelación da riqueza”¹¹. Fala da conquista do pobo “pola xustiza e o amor”, e critica tanto os “folgazáns obreiros” como os “folgazáns patróns”. Avoga porque “o capitalismo non sexa un almacenador de ouro” e pide finalmente “que o que mande sexa ante todo español puro de sangue e puro de ánimo”.

Apenas un mes máis tarde, en Salamanca, e tras os sucesos que conmocionaron á dirección do bando nacional, Hedilla é detido e acusado de conspirar contra Franco. Xúlgaselle nun consello de guerra e condénaselle, primeiro, a cadea perpetua e, despois, a morte. Franco accede a conmutar a pena de morte e, xa en 1941, pon en liberdade o líder falanxista.

A conmemoración do 17 de marzo nace entón no medio dunha profunda crise dentro do bando sublevado. Os seus inicios son os dun acto de reivindicación dos ideais primeiros da Falange fronte a outros sectores golpistas. A partir de aí a conmemoración prolongárase no tempo coñecendo no seu contido diferentes etapas.

17 DE MARZO NO TEMPO

O ritual falanxista repítese en Vilagarcía un ano si e outro tamén. A recepción de xerarcas provinciais no Concello; a marcha ata o Teatro Villagarcía, onde se celebra unha misa en memoria de José Antonio, e o posterior mitin, as máis das veces no Cine Cervantes, marcan a orde do día de cada 17 de marzo. Nalgunhas ocasións existe un punto especial que caracteriza a xornada daquel ano. A inauguración do

¹¹ AHP. Pontevedra. Jefatura Provincial del Movimiento. Caixa 269. Expedientes de actividades: actos en Vilagarcía de Arousa, 1961.

monumento aos caídos na igrexa parroquial, en 1940, a imposición de medallas da Vieja Guardia, no ano 1943, a compra á Facenda pública do Teatro Villagarcía, no ano 1958, ou a inauguración do Hogar Juvenil, en 1967, serven tamén de exaltación do réxime (*imaxe 10*).



Imaxe 10. Asistentes, moitos deles de uniforme, á misa celebrada nas ruínas do antigo Teatro Villagarcía.

As cifras que temos de falanxistas que se mobilizan nesa data están sacadas dos informes da Jefatura Provincial del Movimiento. No ano 1961, os autocares que chegan á localidade arousá son vinte e transportan 650 falanxistas. En 1962 a cifra de persoas asistentes elévase a catrocentas corenta e, xa en 1967, os 28 autobuses contratados desprazan un total de 1169. Obviamente, a estas cifras habería que engadirlle a quen se desprazou en vehículos propios, hoxe imposible de calcular. Os gastos que supoñía a celebración deste acto, segundo as contas da xefatura provincial, elevábanse ao redor de 60.000 pesetas¹².

¹² AHP. Pontevedra. Jefatura Provincial del Movimiento. Caixa 41 a 43. Actos de Vilagarcía.

A estas alturas cabe preguntar que se celebraba o 17 de marzo de cada ano. Popularmente está admitido que aquela conmemoración era a do aniversario da fundación da Falange en Galicia. Con todo, en toda a documentación contemporánea ao mitin de José Antonio non se fai referencia a ningunha fundación. Nin no discurso dos oradores, incluído o do xefe nacional, nin nas verbas das testemuñas presentes, a Falange xa estaba formada en Galicia dende había meses.

Como xa vimos, no primeiro acto conmemorativo, o do ano 1937, tampouco se fai referencia á suposta fundación da Falange galega. O que se conmemora coa presenza do xefe nacional, Manuel Hedilla, é o aniversario da detención de Primo de Rivera. En anos posteriores, a conmemoración fai referencia ao discurso de José Antonio como único motivo de celebración. A documentación interna da Jefatura Provincial del Movimiento falará sempre de recordo da arenga do líder. Tan só a prensa escrita e as edicións madrileñas dos discursos dese día, e a partir do ano 1942, falan do aniversario da fundación da Falange en Galicia, pensamos, por asimilación a unha das datas sinaladas no calendario de Falange, o 29 de outubro, data do mitin fundacional no Teatro de la Comedia.

A partir de aí, a xornada do 17 de marzo é o perfecto reflexo da evolución do réxime franquista.

O mitin dos *camisas viejas* (1938-1945)

Entre os anos 1938 e 1945, o protagonismo da conmemoración do 17 de marzo recae no que podíamos denominar *camisas viejas*. Neste período dous son os oradores principais da xornada, ambos participantes no mitin de 1935 á beira de José Antonio. Un era Jesús Suevos, por uns anos xefe provincial de Falange en Pontevedra, e o outro Manuel Valdés Larrañaga, Vicesecretario Nacional

de Servizos. O contexto desta etapa vén marcado pola II Guerra Mundial e o aliñamento do réxime franquista coa Alemaña nazi. Na prensa destácanse as noticias favorables ao nazismo, recóllense os discursos de Hitler e as vitorias que lles inflíxe a ingleses e ru-



Imaxe 11. En primeira liña, Elías Palao, gobernador civil e Jesús Suevos, que fora xefe provincial do Movimiento e orador no mitin de 1935, con outras autoridades.



Imaxe 12. Outro momento do acto do XX aniversario, en 1955.



Imaxe 13. Discurso de Jesús Suevos no Teatro Cervantes de Vilagarcía no XX aniversario do acto de Jose Antonio.

sos. Tamén son destacadas as noticias favorables á División Azul (*imaxes 11, 12 e 13*).

O ascenso da figura de Serrano Suñer marca o impulso político de falanxistas de primeira hora fronte á militancia conservadora tamén adscrita ao franquismo. No plano local, é neste momento, en 1940, cando a Falange logra ostentar, por un período curto, a alcaldía de Vilagarcía. Tamén en 1943, na mesma conmemoración do 17 de marzo, reaparece Daniel Buhigas facendo entrega das medallas distintivas a *camisas viejas* de toda Galicia.

Os discursos desta etapa resúmeos Jesús Suevos nunha das súas primeiras intervencións: “Vitoria, Revolución e Imperio”. España pasa a converterse no baluarte dunha cultura construída a través dos séculos cuxa razón de ser é a razón imperial. No ámbito interno, tras a vitoria bélica, chega o momento de poñer en marcha a revolución

nacionalsindicalista. Da etapa ofensiva pásase agora á etapa construtiva. A Falange espera a orde de Franco para poñela en marcha¹³.

O previsible final da contenda mundial marca un xiro na política franquista. Manuel Valdés xa non fala tanto de revolución e de imperio como da necesidade “de resolver os nosos problemas, dentro do espírito católico e tradicional”. O nacional catolicismo preséntase como alternativa ao nacional sindicalismo (*imaxe 14*).

Pecha esta etapa a purga interna que, en 1945, expulsa da Falange de Vilagarcía a duascientas persoas. Forman parte desta depuración a maioría de *camisas viejas* locais e os dous alcaldes que podemos adscribir ao sector orixinario da Falange, Eduardo Miranda e Zoilo Trigo¹⁴. En paralelo prodúcese a primeira grande rectificación do réxime.



Imaxe 14. José Antonio Girón de Velasco participa na ofrenda floral “aos Caídos” durante os actos do XIX aniversario da visita de José Antonio a Vilagarcía. Na imaxe está depositando flores ante a cruz erixida na fachada da igrexa Santa Eulalia de Arealonga, que non foi retirada ata 2022.

¹³ AHP Pontevedra. Xefatura Provincial do Movimiento. Caixa 269. Intervencións do 17 de Marzo.

¹⁴ Entre os expulsados de Falange atópanse os *camisas viejas* Antonio Vidales Fernández, César Martínez Martínez, Enrique, Eugenio e Manuel Villaronga Ferro, José Martínez Freire, Jacobo Rey Sánchez, José Martínez Filgueira, Joaquín Morquecho Posse e os exalcaldes Eduardo Miranda Lamas e Zoilo Trigo Sánchez.

Fernández-Cuesta, Girón e Solís (1946-1959)

A partir de 1945 o réxime busca adaptarse ás novas circunstancias internacionais. A confrontación de bloques favorécelle e o inicial rexeitamento internacional convértese en paulatina integración nos países occidentais baixo o patrocinio de USA.

Ábrese un período de transición longo que terminará co abandono do discurso estritamente falanxista. Os tres oradores principais desta etapa así o deixan ver nas súas intervencións. Raimundo Fernández Cuesta é quen mellor define, no ano 1951, a situación política do momento, á vez que reivindica a vixencia do pensamento joseantoniano¹⁵.

O entón ministro de Xustiza reconece que non se alcanzaron todas as metas propostas. A economía convértese no eixo central da política do momento e “os resultados obtidos non están en harmonía co esforzo que realizamos”. Imponse unha rectificación, aínda á conta dos que se queixan de “que a revolución non se fixo”, e dos que queren ver realizados “ata o último dos postulados da nosa doutrina”. A revolución nacionalsindicalista pasaba, co tempo, cada vez máis, á categoría de “pendente”.

As tensións no interior do Movimiento agudízanse e só cabe unha opción: “hai que ter fe cega no que manda e non dubidar nin un só momento de que el sente coa mesma intensidade con que podemos sentir nós, os nosos afáns e os nosos desvelos”. A Falange era máis franquista que nunca.

A disciplina e a fe cega en Franco convértese tamén no eixo do discurso de José Antonio Girón, ministro de Traballo, no ano 1954¹⁶. É o xefe nacional quen sinala o rol que ten que desempeñar a Falange. Esta debe obedecer e reforzar o papel de España como

¹⁵ Discursos pronunciados en Villagarcía de Arosa en el XIV Aniversario del Acto Fundacional de la Falange Gallega. Jefatura Provincial del Movimiento. Pontevedra, 1951.

¹⁶ Discurso de Girón en Vilagarcía. *La Voz de Galicia*, 19 de marzo de 1954.



Imaxe 15. O gobernador civil, Elías Palao, dá un discurso ante unha multitude e diante dos micrófonos de EAJ 40 Radio Pontevedra.

“sentinela avanzado de occidente”. Os cambios acélanse e a adaptación ás novas formas de vida cóstalles traballo aos xa vellos falanxistas: “Compréndenos unha responsabilidade tremenda ante ese acontecer inestable que expón o contacto co exterior despois de case vinte anos de peche... e os problemas de conciencia falanxista ante o desenvolvemento de sistemas novos de vida” (*imaxe 15*).

Á altura do ano 1957 o cambio de rumbo dentro do réxime franquista estaba consolidado. A crise estudantil do ano 56 provocou cambios no organigrama do Movimiento e José Solís substitúe a Fernández-Cuesta como ministro secretario xeral do Movimiento.

Naquel ano, como tal ministro, Solís pronuncia en Vilagarcía o seu primeiro discurso. Era a provincia de Pontevedra un terreo xa coñecido para o andaluz. De 1951 a 1954 ocupara aquí a Jefatura Provincial del Movimiento e o cargo de gobernador civil. O seu dis-



Imaxe 16. José Solís facendo un discurso na praza Ravella de Vilagarcía en 1957.



Imaxe 17. As autoridades do Movimiento, así como autoridades civís e militares percorrendo as rúas de Vilagarcía, camiño dos actos de homenaxe de 1957.

curso, en cambio, é distinto¹⁷. Abandona a nostalxia pola revolución pendente e afirma que o Movimiento “non é retrotraerse á súa iniciación porque é unha empresa en marcha... e ten necesidade de adaptarse á realidade política”. En sentido positivo, ao Movimiento defíneo como “un estilo vocacional” (*imaxes 16 e 17*).

Unha novidade importante introduce Solís no discurso político do momento. Fala da incorporación do pobo á acción do Movimiento. Chega a afirmar o seu desexo da existencia dunha opinión pública a quen “pedir asentimento a través de entidades naturais”. A familia, o sindicato e o municipio como articuladores da vida política cobran nova forza. O discurso do estado corporativo, iniciado por José Calvo Sotelo trinta anos antes, faise presente coa categoría de “leis fundamentais”.

Solís, no concerto de países occidentais, avoga porque España sexa unha excepción. Fronte aos réximes parlamentarios da contorna, pide que deixen a España “gobernarnos como cremos que é máis conveniente”. A prioridade estaba lonxe das fantasías revolucionarias de tinguadura azul, agora búscase a integración na comunidade internacional. En palabras do ministro, “comprácenos moitísimo todo aquilo que contribúa a achegarnos a todos os países e a integrarnos con eles en Organismos de colaboración, de relación e cooperación internacionais”.

SUANZES, FRAGA E SOLÍS (1960-1974)

A rectificación do réxime en política económica concrétese no Plan de Estabilización do ano 1959. Introducido polo cada vez máis poderoso Luís Carrero Blanco, o sector vinculado ao Opus Dei dirixe a economía. As receitas falanxistas da autarquía que-

¹⁷ Solís Ruiz, J. (1957). *Discurso del Ministro Secretario General en Villagarcía de Arosa*. Servicio de Información y Publicaciones de la DNS.



Imaxe 18. Saúdo fascista na celebración do XX aniversario do acto.

dan atrás e ábrese paso á tecnócrata etapa “de desarrollo”. O mellor exemplo desta política vémosto no discurso de Juan Antonio Suanzes na Vilagarcía de 1962. O Marqués de Suanzes preside nese momento o Instituto Nacional de Industria (INI) e, xa de entrada, é significativo que sexa el o principal orador da xornada do 17 de marzo¹⁸ (*imaxe 18*).

A súa intervención iníciase cunha negación. Fala dos últimos tempos e como neles caeron réximes en Europa que algúns identificaban co franquismo. O réxime renega de antigas alianzas e proclama, despois da etapa de illamento exterior, o seu aliñamento coas potencias occidentais.

A industrialización española é xa unha realidade e a emigración o alto custo do cambio de estrutura da poboación. España vive un auténtico proceso de expansión que se estende ao sector pesqueiro, ao

¹⁸ Reseña dos actos e texto dos discursos pronunciados por Juan Antonio Suanzes e José González-Sama García en Vilagarcía. Editorial del Movimiento. Madrid, 1962.

sector enerxético, á vivenda, ás estradas, aos ferrocarrís, aos portos, aos aeroportos... O turismo é unha das liñas estratéxicas para lograr “a elevación dos niveis de vida”. Os seus ingresos equivalían ao 50% do total das exportacións e servía para nivelar a balanza comercial. Ao réxime agora interésalle a integración en Europa. A incorporación a unha Europa unida, así o explica Suanzes, traería “vantaxes de todo orde para o noso país”.

Ao ano seguinte, o ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne, continúa coa liña marcada por Suanzes. Describe o século pasado como unha etapa infestada de “guerras civís por razóns de ideas, razóns de clase, ou razóns xeográficas” que fixeron que España non atopase o camiño cara ao mundo novo, “o mundo das máquinas, o mundo das grandes cidades, o mundo do progreso moderno”¹⁹. Para Fraga, a paz e o desenvolvemento logrado ata ese



Imaxe 19. Desfile de membros da Falange pasando por diante do palco das autoridades situado na praza de Ravella, nos actos de aniversario de 1957.

¹⁹ Discurso de Fraga Iribarne en la conmemoración de la Falange Gallega. *La Voz de Galicia*, 19 de abril de 1963.

momento débense ás ideas dunha xeración capitaneada por José Antonio Primo de Rivera. O pensamento falanxista xustifica o presente, aínda que o ministro xoga coas palabras. A tecnocracia de agora equipárase a aquel “nin de dereitas nin de esquerdas” de entón. A mirada está posta no futuro e aquilo do “destino no universal”, afastado de calquera idea de imperio, cobra agora novo significado. Afirmar que “temos que buscar o camiño cara a unha organización da comunidade nacional inserida no signo do noso tempo, incorporada aos destinos universais e concibida con vocación de futuro” (*imaxe 19*).

Á conmemoración do 17 de marzo non lle quedaba xa nin o carácter nostálgico. A tarefa do presente, da xeración actual, nada tiña que ver coas supostas pretensións revolucionarias de décadas atrás. O sector reformista do franquismo faise notar. Para Fraga, “a actual xeración atópase no compromiso de alentar unha orde política definitiva para todos os españois”. Cabe deducir que a orde política vixente era algo provisional, con data de caducidade, similar a aquilo da paréntese con que se definiu no seu día á Ditadura de Primo de Rivera. Fraga non volverá intervir naquela conmemoración.

Quen si o fará será José Solís Ruíz. O que era ministro-secretario xeral do Movimiento tenta nas súas intervencións, nos anos 1969 e 1974, establecer o marco do futuro político. Fronte á tecnocracia, defende o papel da política no deseño dun porvir próximo sen Franco. Renega da democracia liberal e de todo intento de volver ao parlamentarismo. O Movimiento Nacional ten que abrirse á sociedade e facerse plural, iso si, sempre dentro dos principios fundamentais do réxime. Defende a liberdade “dentro dunha orde” e avoga por profundar na participación popular “a través das entidades naturais regulamentadas polas nosas leis”²⁰.

²⁰ Solís Ruíz, J. (1969). *Discurso del XXXIV aniversario de la fundación de la Falange Gallega*. Madrid: Ediciones del Movimiento.

Un ano antes da morte do ditador, Solís defende a democracia orgánica e unha xefatura do Estado que dea continuidade ao réxime²¹. A doutrina do Movimiento estaba garantida pola Monarquía que instaurou Franco cando designou sucesor ao Príncipe Juan Carlos. Ao réxime militar debía sucederlle unha monarquía de carácter autoritario, ou como dicía José Miguel Ortí Bordás neste mesmo acto, pero en 1971, o futuro estaba baseado “na continuidade política e nunha institución como a Monarquía... cuxa lexitimidade xorde daquel 18 de Xullo”²².

O DESCONCERTO (1975-1977)

Os últimos anos do franquismo son a constatación do fracaso da Falange. A sociedade española tiña emprendido un camiño que culminará coa integración na Comunidade Europea. Os intentos de revitalización do pensamento de José Antonio estrélanse contra a indiferenza xeneralizada.

Aproveitando a tímida apertura do réxime, José Antonio Girón e Raimundo Fernández Cuesta presentan no ano 1975 ao presidente do goberno o proxecto de crear unha asociación política co nome de FE das JONS, á marxe da organización do Movimiento.

A morte de Franco precipita as cousas. A desaparición do partido único cambia o carácter das conmemoracións do 17 de marzo. Xa non terán o carácter oficial e institucional de todos os anos anteriores. A Falange critica agora a manipulación sufrida polos franquistas. Antonio Castro Villacañas, director do Centro de Estudios Sindicales,

²¹ Solís Ruíz, J. (1974). *Discurso en el XXXIX aniversario de la Fundación de las Falanges Gallegas*. Madrid: Ediciones del Movimiento.

²² *Discurso del Vicesecretario General del Movimiento en el acto conmemorativo del XXXVI aniversario de la fundación de las Falanges Gallegas, (1971)*. Madrid: Ediciones del Movimiento.

lamentase, en 1976, de que os méritos falanxistas teñan servido para que se levantasen ata o poder quen “de falanxistas non tiñan máis que a camisa con que cubrían a súa falta de integridade e conviccións”²³.

O desencanto coa situación política non é pequeno e a fragmentación falanxista medra. No acto do 17 de marzo daquel ano, unha facción de *camisas azules* convoca un acto de protesta no lugar da conmemoración. Os choques violentos cos membros da chamada Guardia de Franco sucédense.

Para o ano 1977 convócase o último gran acto falanxista en Vilagarcía. As eleccións xerais están preto e convén tomar posicións se se quiere influír no futuro do país. É a representación máis xenuína da Falange durante corenta anos a que



Imaxe 20. Elías Palao e Jesús Suevos, no Teatro Cervantes de Vilagarcía, durante as conmemoracións do XX aniversario da intervención de José Antonio.

se reúne no ximnasio da Casa do Movemento. Jesús Suevos, Raimundo Fernández Cuesta e Pilar Primo de Rivera danse cita no que non son máis que os estertores do falanxismo, do franquismo e do partido único (*imaxe 20*).

O eco dos discursos apenas chega á opinión pública ante o escaso interese que mostra a prensa escrita. As loas a Franco provocan o aplauso do público e a defensa da unidade nacional convértese no

reto da contenda electoral próxima. As eleccións celébranse no mes de xuño. O seu resultado é o reflexo do peso do falanxismo na sociedade española cando non ten detrás o apoio do aparello do estado. No cómputo global non chega a alcanzar nin o 0'5% dos votos emitidos. Naquel momento, do mesmo xeito que en 1935, a Falange non era máis que unha minoría insignificante dentro das preferencias políticas da cidadanía.

²³ El XLI aniversario de las Falanges Gallegas, conmemorado en Villagarcía. *La Voz de Galicia*, 18 de marzo de 1976.

Teatros da propaganda memorialística falanxista en Pontevedra

Lucio Martínez Pereda

Profesor e historiador

O culto aos caídos foi un dos rituais simbólicos máis importantes do franquismo. Serviulle para lembrar que o sangue derramado na guerra foi o alicerce que lexitimou o novo réxime e que a vitoria na contenda civil se converteu nunha sanción bélica que deu o poder a quen a obtivo. O concepto “caídos” era amplo, abarcando os mortos en combate e as vítimas franquistas da retagarda: heroes e mártires. Nesta dobre inflexión a figura do caído uniuse á tradición de valor militar e relixioso. Foi a celebración que mellor vinculaba a guerra coa relixión, e un dos elementos máis extensamente empregados na ritualización do nacionalcatolicismo (*imaxe 1*).



Imaxe 1. Misa celebrada en 1952 nas ruínas do antigo Teatro Villagarcía na conmemoración do XVII aniversario do acto presidido por José Antonio Primo de Rivera, nese mesmo teatro, en 1935.

A imaxe do caído xeneralizouse nos países perdedores da Primeira Guerra Mundial. A configuración deste culto político na ditadura franquista non foi satisfeita só tendo en conta este costume practicado despois do conflito na Alemaña nazi e na Italia fascista: a tradición cristiá española foi moi rica no testemuño da forza de fe adquirida polo martirio. A chamada á morte pola fe é un ideal de sufrimento que vén da *imitatio Christi*. O martirio e a recompensa celestial están asociados á idea de que a morte provocada na loita contra os infieis permitiulles entrar no paraíso. A morte coma sacrificio estaba constantemente presente nos textos falanxistas que glosaban a guerra como unha demostración transcendente de rexeneración nacional.

Foi esta tradición española —alén das experiencias do nazismo alemán e do fascismo italiano— a que serviu para fornecer os elementos narrativos cos que facer un traslado do sacrificio do martirio por Deus ao sacrificio heroico pola Patria.

A violencia e a morte, para o fascismo, tiñan un carácter case ontolóxico. Ademais dunha estratexia para facerse co poder e a vitoria na guerra, foi unha manifestación da aristocracia heroica e un xeito de manter unida á comunidade seareira arredor do compromiso coa defensa da patria en perigo. Pero tamén unha forma de propaganda vital para atraer as súas filas á mocidade que non cría na praxe política da democracia. A Falange construíu unha haxiografía sobre a morte dos seus membros —os Caídos— como demostración dunha vida posta ao servizo da Patria¹ (*imaxes 2 e 3*).



Imaxe 2. Autoridades participantes nos actos celebrados no Teatro Cervantes de Vilagarcía de Arousa no ano 1952 saúdan man en alto.

O concepto “caído” non só incluía a activistas anti-República, tamén abarcaba os miles de soldados dos exércitos franquistas mortos en combate. A súa figura centralizouse durante a guerra arredor

¹ Outro intre dos actos celebrados en Vilagarcía de Arousa no ano 1952 en conmemoración do XVII aniversario do acto de José Antonio de 1935, reclamado logo pola Falange en Galicia como acto fundacional.



Imaxe 3. Outro intre dos actos celebrados en Vilagarcía de Arousa no ano 1952 en conmemoración do XVII aniversario da intervención de José Antonio de 1935, reclamado logo pola Falange en Galicia como acto fundacional.

do “Ausente” José Antonio —fusilado o 20 de novembro de 1936— e do político de extrema dereita José Calvo Sotelo —propagandisticamente chamado “protomártir”— asasinado na espiral de violencia anterior ao golpe de estado de xullo de 1936.

A pesar de que os actos fúnebres do bando contrario á República se estenderon por todo o territorio estatal ao remate do conflito, xa se realizaran con anterioridade nas zonas de retagarda controladas por rebeldes franquistas. As vítimas afamadas (Onésimo Redondo, Carlos Miralles...) son obxecto de funerais e rituais públicos. Un decreto do 16 de novembro de 1938, ditado con motivo do segundo aniversario do fusilamento de José Antonio, ordena que se poñan lápidas en todas as vilas de España coa relación dos seus caídos.

Os rituais da morte terían a súa celebración máis importante o 29 de outubro co “Día de los Caídos”². Durante os primeiros meses

² O 29 de outubro, nunha conmemoración a dúas caras, celebrouse simultaneamente o día da fundación da Falange, pero tamén o “Día de los Caídos”. O primeiro aniversario

da guerra, estas celebracións farían alusión aos mortos falanxistas, pero a partir do Decreto de Unificación de 1937³ conmemorarían a todas as vítimas do bando rebelde. Antes de finalizar a contenda bélica, en febreiro de 1938, créase unha Comisión de Estilo de las Conmemoraciones de la Patria, para controlar a homoxeneización simbólica e estética na construción de cruces, obeliscos e monumentos dedicados á vitoria e aos caídos. Despois do final do conflito bélico, en agosto de 1939, a revisión e a aprobación destes proxectos pasou a mans do Ministerio de Gobernación, que se encargou de establecer e verificar a súa unidade de estilo (*imaxe 4*).

Previamente ao remate do enfrontamento bélico existían xa numerosos monumentos espallados por todo o territorio. A Comisión de Estilo de las Conmemoraciones de la Patria, baixo a dirección de Eugenio D’Ors, tratou de someter o proceso á normalización centralizada, e nada máis concluír a guerra, unha orde da Subsecretaría de Prensa e Propaganda (BOE 28/4/1939) sinala que o Estado debe “garantir a dignidade e a decorosa representación dos seus propios símbolos, figuras e consignas, así como do Movimiento e dos exérci-

do mitin fundacional da Falange no Teatro de la Comedia aproveitouse para celebrar un funeral masivo de 15 mártires da Falange, alí se leu por primeira vez a oración polos mortos escrita por Sánchez Mazas.

³ Mediante a oficialización da data do 29 de outubro realizáronse unha serie de fusións simbólicas, adaptándoas á configuración do Partido Único. O carlismo entrou en xogo na fabricación simbólica do mártir caído: como o demostra a reutilización da súa festividade dos Mártires de la Tradición tras o Decreto de Unificación. A operación para transformar esta festa tradicionalista no “Día de los Caídos” realizouse en plena guerra, en Vitoria, en 1937, en parte como compensación das renuncias que a Comunión Carlista sufriu pola súa obrigada integración no Partido Único. Esta “compensación” prexudicou os tradicionalistas, xa que finalmente se produciu unha falanxización da festa a través dunha maquillaxe cerimonial de símbolos: integráronse a cruz *requeté* de Borgoña e os signos da Falange, nunha liturxia relixiosa típica das misas de campaña. Os rituais carlistas relacionados cos Mártires de la Tradición mantivéronse, tras esta absorción, como unha inframemoria alternativa á oficial, circunscrita a pequenos espazos de pouca relevancia en Navarra, tolerados polo franquismo en tanto mantiveran unha presenza marxinal.



Imaxe 4. A orixinaria Cruz de los Caídos de Pontevedra, situada na Avenida Montero Ríos durante os actos en conmemoración do denominado “Día de los Caídos”, o 29 de outubro de 1951.

tos nacionais”. Estes símbolos son vistos como un “vehículo da emoción nacional”, pero, para evitar os “abusos” da súa explotación comercial, o Estado resérvase o uso e difusión “das Armas de España, as cores, bandeiras e emblemas de España e de FET e de las JONS, os lemas, consignas e nomes do Estado e do Movimiento, as representacións de figuras, episodios ou lugares da Historia de España e da Guerra e da Revolución”, creando para tal fin un Departamento de Artes Plásticas al Servicio de Propaganda, suxeito á dirección de Dionisio Ridruejo e ao mando do ministro Serrano Suñer (*imaxes 5 e 6*).

Baixo a supervisión das institucións de control propagandístico, os monumentos dos caídos impuxéronse como unha tipoloxía de síntese arquitectónico-escultórica con símbolos e significados unificados. Terían como elemento central —destacado polo seu maior tamaño— unha cruz. Formaban un conxunto de liñas sinxelas, pensadas para evitar incorrer no exceso ornamental que puidese dis-



Imaxe 5. Outra imaxe da celebración do “Día de los Caídos”, ante a cruz de Montero Ríos, coas coroas de flores para as vítimas do bando franquista.



Imaxe 6. O gobernador civil e xefe provincial do Movimiento Elías Palao facendo un discurso na Avenida de Montero Ríos, diante da Cruz de los Caídos, en Pontevedra con motivo do día 1 de outubro de 1951, Día del Caudillo.

traer a concentración na mensaxe do dó. Levantados coa gravitas e austeridade propias do estilo clásico escurialense do reinado de Felipe II. As virtudes patriótico-guerreiras foron evidenciadas polos materiais construtivos empregados: pedra de granito ou mármore: símbolos de eternidade, severidade e afouteza que encaixan na arte contrarreformista, tan do gusto dos teóricos da estética falanxista. En Pontevedra escolleuse para a súa localización o conxunto urbano que concentraba a arquitectura do poder: o Pazo da Deputación e a rúa Montero Ríos, onde durante a guerra civil española se celebraban as principais cerimoniais político-relixiosas: bendicións das bandeiras das tropas, cerimoniais de substitución de bandeiras nacionais, misas de campaña e manifestacións patrióticas. No Día de la Conmemoración foron falanxistas —como se pode ver nos testemuños fotográficos do seu servizo provincial de propaganda— custodiando o monólito en garda permanente: a ambos os dous lados da cruz aparece a simboloxía sincrética da bandeira vermella e amarela, o estandarte da Falange, e a bandeira coa cruz de Borgoña. Os costumes rituais que conformaban o culto aos caídos complementábanse con listas de mártires da relixión publicadas en libros e placas cos nomes das vítimas nos muros das igrexas (*imaxes 7, 8, 9 e 10*).

O único discurso político que puido chegar ao espazo público durante a ditadura foi elaborado conxuntamente polos servizos de propaganda da Falange e militares rebeldes. En Pontevedra existiu dende os primeiros tempos un servizo de Falange dedicado á coordinación e vixilancia da realización dos actos públicos. Correspondíalle ditar as ordes que regulaban todas as cerimoniais levadas a cabo pouco despois do levantamento contra a legalidade republicana: funerais de restos de mártires, manifestacións patrióticas, substitución de crucifixos. A reiterada repetición de consignas da “cociña” propagandística da Jefatura Provincial de la Falange, que acompañaba estes actos, foi transmitida a través de artigos xornalís-



Imaxe 7. Vista da Cruz de los Caídos, con motivo dos actos de homenaxe a José Antonio Primo de Rivera no XV aniversario da súa morte, celebrados na avenida de Montero Ríos.



Imaxe 8. Un momento do acto relixioso celebrado diante da Cruz de los Caídos, na Avenida Montero Ríos de Pontevedra, con motivo da conmemoración do Día de la Victoria de 1953.



Imaxe 9. Integrantes da Falange forman no acto de lembranza do XIX aniversario do pasamento de José Antonio, fundador da Falange, celebrados na Avenida de Montero Ríos de Pontevedra en 1955.



Imaxe 10. Público asistente aos actos de homenaxe a José Antonio Primo de Rivera con motivo do 15 aniversario da súa morte, celebrados na avenida de Montero Ríos en 1951.

ticos, anuncios radiofónicos e discursos publicados na prensa local. Os elementos temáticos que constituían os alicerces destes discursos eran sinxelos pero efectivos, demagóxicos pero emotivos. A capacidade de trasladar e penetrar socialmente das mensaxes políticas e consignas asociadas á realización dos actos, é un compoñente imprescindible para artellar o que se deu en chamar cultura da guerra, e producir unha percepción colectiva do inimigo dotada de perfís sinxelos e facilmente asimilables pola poboación (*imaxes 11 e 12*).



Imaxe 11. Discurso do gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, Elías Palao realizado no Teatro Cervantes de Vilagarcía de Arousa en 1952, coincidindo co XVII aniversario da intervención de José Antonio que a Falange reivindicaba como fundacional.

Todas as cidades e localidades da provincia, dende o punto de vista simbólico, quedaron totalmente fascistizadas en 1937, dous anos antes do remate da guerra. Neste sentido, pódese afirmar que Pontevedra e o resto de Galicia foron un laboratorio no que ensaiar os actos masivos que, tras a vitoria bélica do 1 de abril de 1939, se



Imaxe 12. Público asistente ao acto de Vilagarcía de 1952.

trasladaron a todo o Estado. As manifestacións e cerimoniais resultaron ser un mecanismo eficaz para que a poboación recibise un discurso xa elaborado, unha avalancha de consignas sobre as que non había posibilidade de discrepancia. Tratábase de controlar o pasado, non só con propaganda, senón tamén mediante ritos que estenden a interpretación dese pasado no espazo público, creando unha historia hexemónica sobre os valores que sustentan os mecanismos de dominación do poder. Esta narración hexemónica do pasado precisaba ser ritualizada a través de símbolos que servían para representar os feitos sen necesidade de explicalos.

Durante a guerra civil, nas rexións rebeldes, as pautas de comportamento colectivo ante o suceso bélico fixéronse mediante un variado conxunto de actos político-relixiosos de adhesión á causa franquista. As reparacións públicas polos atentados contra imaxes relixiosas, a substitución de crucifixos e corazóns sagrados, os funerais de mártires e heroes, as manifestacións patrióticas realizadas cada vez que

unha importante cidade era “liberada da tiranía do xugo marxista”, e a recepción dos actos pola chegada de tropas espalladas por toda Galicia, contribuíron á expansión dun patriotismo relixioso con marcados compoñentes belicistas. A provincia de Pontevedra, como as demais provincias galegas nas que axiña triunfou a rebelión militar contra a República, non quedou fóra do esforzo organizativo por situar a relixiosidade e o patriotismo no centro da cultura bélica da retagarda.

As cerimoniais relixiosas celebradas durante a guerra en Galicia supuxeron un enorme investimento na implantación e extensión dos fundamentos doutrinais do novo réxime. A tríade Patria, Relixión, Exército estaba inseparablemente unida no imaxinario popular a través destes espectáculos públicos de masas. Non só foi necesario establecer a identidade ideolóxica do novo réxime senón estendela a toda a poboación mediante a realización de ritos. Había que crear un ambiente social da cruzada, convencer á poboación da retagarda de que a guerra era necesaria porque a través das armas se defendía a Relixión e a Patria, postas en perigo durante a etapa republicana (*imaxes 13 e 14*).



Imaxe 13. Asistentes, en moitos casos con uniforme, á misa celebrada nas ruínas do antigo Teatro Villagarcía en 1952.



Imaxe 14. Outro intre da misa de 1952.

O fervor relixioso contribuíu a potenciar o ánimo patriótico e este, á vez, contribuíu a aumentar aquel. Esta interrelación do ámbito político e o relixioso fai que as cerimonia políticas teñan ritos eclesiásticos —bendicións, misas de campaña— nos seus actos, e que as festas da Igrexa estean ateigadas de bandeiras, himnos patrióticos bélicos e elementos alusivos á “Cruzada”.

A identificación pública entre Igrexa e Estado franquista, compoñente fundamental do nacionalcatolicismo, adquiriu visibilidade social neste abundante e variado conxunto de actos. A guerra converteuse nun recurso para reactivar as manifestacións relixiosas nos espazos públicos, e sacar o catolicismo da situación de letargo institucional na que o poñía a política secularizadora e modernizadora da II República (*imaxe 15*).

As cerimonia político-relixiosas serviron como medio para levar a cabo a implantación dun novo ritual colectivo, difundindo todo o conxunto de novos xestos patriótico-simbólicos: saúdo coa



Imaxe 15. Autoridades nas primeiras filas durante a misa celebrada nas ruínas do antigo Teatro Villagarcía en 1952.

man ergueita, himnos, a nova bandeira nacional. A prensa falanxista e os servizos de propaganda contribuíron a difundir unha linguaxe de embriaguez emocional case mística. Os espazos públicos transformados por este conxunto de signos e símbolos convertéronse nun medio que transmitía indirectamente as pautas simbólicas que exteriorizaban os compoñentes ideolóxicos. A arquitectura efémera de arcos de triunfo, os retratos de Franco situados nas rúas principais, os símbolos relixiosos e militares pendurados dos edificios, os tapices, bandeiras e insignias, este conxunto de intervencións urbanísticas efémeras transformaron a cidade nun espazo “tomado” polo nacionalcatolicismo (*imaxe 16*).

Todas estas celebracións tiñan un obxectivo conmemorativo, non só dirixido a preservar a memoria de determinados acontecementos, senón tamén a establecer unha forma de interpretalos coa intención de crear unha memoria colectiva única da propia historia



Imaxe 16. Actos celebrados no Teatro Cervantes de Vilagarcía de Arousa no ano seguinte, 1953, en conmemoración do XVIII aniversario do mitin que José Antonio presidiu en 1935.

da comunidade, esgotando así a posibilidade alternativa de desenvolver formas memorialísticas capaces de integrar relatos diferentes ou discrepantes coa ideoloxía nacional católica.

Pero a creación e o mantemento desta comunidade nacional arredor das vítimas reais non funcionou como medio de mobilización das masas. O seu éxito dependía da proximidade temporal dos sufrimentos invocados, e estes foron perdendo a súa capacidade de convocatoria social a medida do paso do tempo e de que o final da guerra se precipitase no esquecemento. As representacións públicas do heroísmo “dos caídos” e do sufrimento pasado polas vítimas da violencia revolucionaria, foron insuficientes para constituír unha memoria das vítimas perdurable, xa que esa memoria foi construída dende o poder a favor do bando vencedor: como podería ser crible, incluso para ese bando, que quen acadara a vitoria na conflagración

bélica fose a principal vítima da mesma? Por moito que se fixera o investimento en ritual e propaganda, esa metamorfose estaba condenada ao fracaso, xa que a “comunidade imaxinada” das vítimas non podía acadar o status de comunidade real duradeira. Pero a falta de condicións reais para elas —desaparecida despois da guerra como consecuencia da vitoria— non foi a única circunstancia que produciu este fracaso, tamén hai que ter en conta que a repetición abusiva das celebracións conmemorativas acabou transformándoas en actos petrificados que estaban perdendo o seu potencial de chamada. A apatía xeral mostrada pola poboación —por efecto da abundancia excesiva— anunciaba un cansazo da “memoria da dor”.

A eficacia mobilizadora destes actos foi escasa na posguerra, tal e como sinalan os informes da Falange dos anos 40. Estes apuntan o risco dunha sobrecarga de memoriais nun momento no que a poboación estaba sometida á extrema dureza das condicións económicas da autarquía. Os rituais políticos de masas foron un fracaso en Galicia mesmo antes de rematar a guerra.

A década dos 50 foi unha época na que a familia falanxista viu como perdía cotas de poder no aparello da administración do Estado a mans da familia católica. De aí que esta Falange dedique todos os esforzos a tentar demostrar a súa utilidade como partido de masas. O fondo fotográfico dos anos 50, coa súa pormenorizada colección destes actos propagandísticos, é un retrato deste esforzo por ocultar o fracaso e revalorizar unha función que levaba tempo resultando imposible (*imaxe 17*).

Na década dos 50 —momento da que data a maior parte desta rica documentación visual— a Falange galega era un partido totalmente burocratizado: a organización fundada polo fascismo español quedara reducida a ser a plataforma dun dos ascensores sociais empregados polo réxime para seleccionar persoal político hábil e submisivo: un dispositivo para optar a postos e conseguir ascensos. Un partido



Imaxe 17. Autoridades portando coroas de flores con motivo dos actos de homenaxe en Montero Ríos a José Antonio Primo de Rivera no XV aniversario da súa morte.

que —como sosteñen algúns traballos históricos— a diferenza doutros fascismos, como o nazi ou o italiano, non conquistara o Estado, senón que foi conquistado polo Estado. Despois da caída de Mussolini no verán de 1943, a fascistización total do réxime —unha fantasía coa que se entretivo parte da Falange— fíxose imposible e Franco iniciou un proceso de catolicización nacional, irreversible coa caída definitiva das potencias do Eixo en 1945. Durante a década de 1950, a Asociación Nacional Católica de Propagandistas e Acción Católica foron as dúas organizacións —viveiro de cadros para o réxime— que substituíron pouco a pouco á Falange neste papel. Ambos aseguraron a relación de permeabilización social entre o catolicismo político e o Estado franquista, até que na década dos 60 foron desprazados neste papel polo Opus Dei.

Os “monumentos aos caídos” complementáronse coa perpetuación das ruínas como espazos conmemorativos da cruzada. As ruínas

foron o escenario perfecto para dramatizar epopeas de resistencia e valentía. Tiveron o seu precedente no Alcázar de Toledo⁴ e en lugares de mártires como a prisión modelo de Madrid ou a localidade aragonesa de Belchite, cuxos restos tras o combate conserváronse como “santuario do patriotismo”. Galicia non tiña ningún lugar mitificado por unha historia de resistencia ou martirio. A Falange, que buscaba un espazo con posibilidades propagandísticas similares, atopouno nas ruínas do Teatro Cervantes de Vilagarcía, onde José Antonio Primo de Rivera realizou o seu primeiro acto público en Galicia, un espazo que tamén podería ser escenario axeitado para inventar unha orixe fundacional que situaría a Falange pontevedresa á cabeza da memorialística cruzadista galega (*imaxe 18*).



Imaxe 18. Saúdo fascista durante o acto do Cervantes de 1952.

Así, entre os rituais do franquismo en Galicia, destacou o aniversario da “fundación” das Falanges galegas, que lembraba o acto

⁴ As ruínas do Alcázar son declaradas Monumento Nacional en febreiro de 1937. En novembro de 1940 estableceuse o Patronato de las Ruínas del Alcázar de Toledo.

celebrado o 17 de marzo de 1935 no vilagarcían Teatro Cervantes, coa asistencia de José Antonio Primo de Rivera, acompañado dos que daquela exercían o liderado da Falange en Galicia: Jesús Suevos, Juan Canalejo e Fernando Meleiro. Unha autoridade nacional do Movimiento acudiu sempre á efeméride para pechar o acto cun discurso alusivo á ocasión. O rito adoitaba rematar coa celebración dunha misa no medio das ruínas do teatro, misa que remataba invariablemente co canto do himno fascista *Cara al sol*. A Falange pontevedresa afanouse especialmente na celebración, esforzándose en ampliar a repercusión propagandística do seu gran acto anual, non só publicando grandes reportaxes fotográficas e artigos encomiables na prensa controlada: enviábanse consignas aos xornais cos principais slogans pronunciados nos discursos. Para conseguir unha maior repercusión mediática, Ediciones del Movimiento —a editorial falanxista— e o servizo de publicacións da sede provincial do Movimiento publicaron os discursos pronunciados nas conmemoracións anuais do acto “fundacional”⁵. En ocasións, a Falange de Pontevedra conseguiu —probablemente a petición de Jesús Suevos— que un equipo de rodaxe se desprazase ata Vilagarcía e a cerimonia filmada se proxectase no NODO (25-03-57 N°742) (*imaxe 19*).

A vitoria do exército franquista na Guerra serviu —como xa comprobamos— para implantar unha cultura da vitoria e un calendario político festivo constantemente lembrado nos espazos públicos mediante a celebración de cerimoniais político-relixiosas. Este obxectivo levouse a cabo non só a través dos abundantes “monumentos a los caídos” e as restantes cerimoniais políticas, senón tamén median-

⁵ Jefatura Provincial del Movimiento Pontevedra (1951). *Discursos pronunciados en Villagarcía de Arosa en el XVI Aniversario del Acto fundacional de la Falange Gallega*. Pontevedra: Ediciones del Departamento de Estudios Políticos; Solís Ruiz, J. (1951). *Discurso en el XXXIV Aniversario de La Fundación de La Falange*. Pontevedra; Valcárcel, A. (1967, 17 de marzo). *Discurso acto conmemorativo de la fundación de las falanges gallegas*. Madrid: Ediciones del Movimiento.



Imaxe 19. Outro instante dos actos celebrados en Vilagarcía de Arousa no ano 1952 en conmemoración do XVII aniversario presidido en 1935 por José Antonio. Na foto aparece o público, moito con uniforme, durante a misa celebrada nas ruínas do antigo Teatro Villagarcía.

te actos de contido exclusivamente relixioso —secularmente arraigados na tradición da relixiosidade popular católica—. Nestes ritos a Falange viu a oportunidade de facer propaganda das institucións que estaban baixo a súa dirección e control.

Non só o culto aos caídos serviu para difundir a idea de que a morte era un sacrificio necesario para construír o novo estado franquista. A Semana Santa tamén cumpría esa función. Durante a guerra, as súas celebracións relixiosas deixaran de ser só cerimoniais litúrxicas para converterse en oportunidades que a Igrexa ofrecía á ditadura para poñer as crenzas ao servizo do Estado franquista. Na guerra e na dura posguerra dos anos 40, os rituais militares e a liturxia católica fusionáronse nestas procesións da paixón de Cristo (*imaxe 20*).



Imaxe 20. O gobernador civil portando o estandarte da Cofradía, coñecida como a dos Excombatientes, na procesión do Xoves Santo de Pontevedra de 1957.

A fundación de novas confrarías de Semana Santa por excombatentes foi frecuente nos anos corenta. A Delegación Nacional de Excombatientes foi creada pola Falange en 1939, inspirada na Associazione Nazionale Combattenti da Italia fascista. A delegación pretendía solucionar os problemas económicos e sociais inherentes á reinserción dos veteranos na vida civil, pero tamén atribuírlles un importante papel político para manter na cultura da guerra unha “identidade de excombatente” caracterizada polo seu apoio á ditadura franquista. Estas confrarías foron unha forma de manter viva a presenza social desta identidade vinculándoa aos valores relixiosos cruzados que animaron o espírito guerreiro das tropas durante a contenda. O país redimido polo sangue dos soldados mortos na loita contra o “ateísmo” tivo nas datas da Semana Santa a oportuna celebración para lembrar que os sacrificios de vidas serviron para redimir os pecados do período republicano: sen a Redención, a vitoria na guerra non sería posible. A través desta resignificación nacional católica da

relixiosidade popular, a Semana Santa resultou a celebración máis axeitada para vencellar a paixón, morte e resurrección de Cristo co martirio de España e coa acción mesiánica do Caudillo (*imaxe 21*).



Imaxe 21. Outra imaxe do gobernador civil portando o estandarte da Cofradía de Nuestro Padre Jesús con la Cruz a Cuestas, coñecida como a dos Excombatientes na procesión do Xoves Santo en Pontevedra.

A Cofradía de Nuestro Padre Jesús con la Cruz a Cuestas foi fundada en marzo de 1949 por excombatentes pontevedreses. A finais de 1948 comeza a concretarse por iniciativa do crego Luis Pintos Fonseca. Despois de contar co visto e prace da Delegación Nacional de Excombatientes e da Igrexa, constituíuse en 1949. O patrocinio desta confraría de Semana Santa foi exercido pola elite local pontevedresa. No seu ceremonial participaban falanxistas, militares, gardas civís, policía urbanas, autoridades eclesiásticas, militares e civís. Contou coa presenza do gobernador militar e

civil, o alcalde, o xefe provincial e o secretario local de FET e das JONS. O seu ritual tiña a función de evidenciar no espazo público o matrimonio do poder militar e relixioso. Os cortexos desta confraría —e todos os de excombatentes— amosaban unha conxunción entre a xerarquía eclesiástica e as autoridades cívico-militares. Esta maridaxe abarcaba todos os aspectos do ritual: mesmo no andar dos pasos, a influencia marcial era evidente, con capataces e portadores simulando as formas de desfile dos actos militares.

Unha vez máis, a simbiose entre franquismo e Igrexa foi total.

A Igrexa franquista

Xoán Carlos Garrido

Profesor de Filosofía

A Igrexa católica forma parte fundacional da trama que fai caer a República. Se ben non intervén directamente na organización do golpe militar, si que participa decisivamente no bando franquista durante a guerra desatada como consecuencia de terse levantado o pobo contra os militares fascistas, e constitúe un pilar fundamental do mantemento da ditadura durante 40 anos.

Logo dos servizos prestados para o triunfo bélico, a Igrexa reclamaba do réxime a xusta compensación que consideraba merecer polas súas achegas ao que bautizara como “Cruzada”. O programa co que actúa na contenda pasaba pola instauración dun Estado teocrático que impuxera unha monolítica opción relixiosa, o que deu en chamarse nacionalcatolicismo. Por outra banda, desde o fascismo español, que inicialmente tiña as súas propias intencións, non se veu con malos ollos o papel que a relixión podía proporcionarlle ao seu proxecto de reedición do pasado glorioso daquel Imperio Católico no que non se poñía o sol.

A REPÚBLICA LAICA

A altura dos anos 30, a xerarquía católica, co Papa á cabeza, entrara en pánico diante do proceso imparábel e acelerado de disociación entre Igrexa e Estado en moitos países que até agora mantiveran retardada a modernización das súas estruturas. A revolución rusa é unha das expresións desa secularización que xerou máis alarma interesada pola proxección que se lle quixo dar como ameaza para calquera relixión, mais nese territorio precisamente a católica en particular era moi minoritaria. Foron fenómenos como o que estaba a acontecer en México e no resto de América Latina por unha banda, e en Europa, no Estado español e Italia pola outra, os que realmente preocupaban no Vaticano de xeito máis directo, como mostran as encíclicas que se van sucedendo (tres no caso de México). Agora ben, é obvio que ideoloxicamente o socialismo é un inimigo a bater polo seu laicismo, mais curiosamente tamén é laico o nazismo e non recibe ataques tan crús. Quizais sexa porque pronto se decatan de que para combater o “marxismo ateo” no marco dun Estado liberal, opcións como a Democracia Cristiana resultaban dunha eficacia moi limitada. Pareceulles máis axeitado eliminar o propio marco democrático que consideraban un escenario pouco proclive para frear a secularización, apoiando forzas como o fascismo italiano que lles ofrecía non verse sometidos ao escrutinio da vontade popular cada vez menos propicia á súa mensaxe. Tratábase de apoiar estes “estados novos” a cambio da salvagarda das súas prerrogativas.

Non hai que quedarse na verborrea superficial na análise desta confrontación e ver en perspectiva o xogo dos intereses políticos e económicos que se agochan baixo a controversia relixiosa. No caso dos países latinoamericanos é obvio que historicamente a maridaxe entre Igrexa e Monarquía española empuxaba fronte a ela unha coalición entre independentismo, republicanismo e anticlericalismo. E

dalgún xeito na República española aconteceu outro tanto do mesmo. O combate contra a Monarquía acabou derivando nun enfrontamento coa relixión que lle daba cobertura e apoio desembocando, en casos extremos, nunha reacción violenta contra esta.

Mais a proba de que non é consubstancial o catolicismo a unha opción política determinada é a existencia dun partido, como o PNV, que tendo esa compoñente fundacional alíñase coas forzas democráticas porque é nese marco onde pode cumprir as súas aspiracións. A anomalía do nacionalismo vasco ou de Unió Democrática de Catalunya, que tanto molestaba ao cardeal primado na súa intención de identificar catolicismo e fascismo español, deixaba en evidencia que non necesariamente a relixión católica como tal esixe unha determinada praxe política. Os auténticos intereses que conducen ao uso instrumental da relixión católica quizais haxa que buscalos fóra dela. Certo que se pode facer lecturas desta doutrina mesmo para levar a cabo xenocidios, e no seu pasado rastrexamos múltiples exemplos. Mais iso mesmo poderíámolo facer coa maior parte das relixións existentes. E tamén encontraríamos, se buscáramos, aspectos que serven para a defensa das persoas perseguidas, e contraexemplos históricos que o corroboran. Non se pode caer pois en simplificacións.

Seguramente algún peso tivo o catolicismo español no reparo ante determinadas accións que si tiveron lugar noutros fascismos europeos. Véxase o caso da euxeñese. Mais habería que estudar se a normalización e proliferación do tráfico de bebés que teñen tanto éxito neste e noutros estados con esta doutrina se deba efectivamente a algún tipo de factor cultural. Mais debemos evitar calquera determinismo ambiental.

Non todos os fascismos son iguais e, desde logo, fascismo e catolicismo non son o mesmo. Mais cando se dá esta confluencia, como aconteceu aquí, haberá que ir ao concreto sen perder a perspectiva xeral (*imaxe 1*).



Imaxe 1. Visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, ao acto de inauguración da praza da igrexa de Forcarei, en outubro de 1957. Na imaxe vese como o público saúda co brazo en alto.

Proclamada a República española e decretada a separación da Igrexa e do Estado, e coa perda de privilexios e monopolios que esta ostentaba, desde o catolicismo militante óptase por unha ofensiva en todas as fronteiras do xeito máis iracundo na defensa dos dereitos adquiridos. Polas boas e, senón, polas malas. E como diría Azaña, con “manobras visíbeis e invisíbeis”.

O artigo 26 sinalaba que “O Estado, as rexións, as provincias e os municipios non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, asociacións e institucións relixiosas”. A Ley de Confesiones y Congregaciones Religiosas fixaba que “O Estado non ten relixión oficial. Todas as confesións poderán exercer libremente o culto dentro dos seus templos. Para exercelo fóra destes requirírase autorización especial gubernativa en cada caso”. E proclamárase tamén a neutralidade relixiosa das escolas, coa “retirada de crucifixos” como a nota que máis se destacou como agravio. Todos estes

foron fitos que alporizaron os ánimos e axitaron militantes integristas que fixeron *casus belli* de cada unha destas cuestións para desatar liortas que nalgúns casos tiveron un resultado trágico. Véxase o acontecido na Estrada co conflito cos mestres de Guimarei que teimaron en impoñer o ensino da relixión católica. O caso pode servir de mostra pola súa repercusión e as ramificacións que tivo no momento, ao considerarse que estaba mesmo detrás dun asasinato, o do xornalista Manuel Brea Abades o 8 de novembro de 1931. Nos medios republicanos acusouse directamente ao crego de Rubín como instigador do crime.

Tamén son habituais as provocacións a través da celebración de procesións e rituais en espazos públicos sen solicitar autorización gubernativa e que en concellos como Cerdedo teñen tido consecuencias graves para a corporación, estando mesmo na orixe de paseos e condenas a morte logo do 36.

Mais a polarización neste asunto, con ser relevante, non se pode considerar o factor causante da guerra. Hai que sumarlle outros eixos de confrontación entre intereses contrarios como son os conflitos de clase, a tensión entre o centralismo e descentralización e, a nivel internacional, as estratexias xeopolíticas en xogo que teñen a súa inxerencia directa nas cuestións internas do Estado español. A articulación dunha Santa Alianza contra a República, na que se conxuran eses intereses, —particulares pero que teñen como inimigo común a legalidade vixente—, fará que se concilien, efectivamente, o integrismo católico cos fascismos europeos e coas clases e castas dominantes do Estado, que vían perigar as súas prebendas. A suma de todos estes esforzos, e non cada un deles por si só, é o que lles permitiu aos militares albiscar o éxito dun levantamento contra a República.

Non é que se formalizara unha conspiración ou un programa común previo. Indo cada quen ao seu viñeron a cristalizar nun proxec-

to conxunto que rematou por materializarse no franquismo. Non hai unha alusión directa inicial dos militares á cuestión relixiosa na súa proclamación golpista, como tampouco houbo unha alusión fascista nin monárquica. A retórica que se empregou para levantarse en armas foi o anticomunismo e a defensa da orde. Mais progresivamente camiñouse cara a un discurso cunha linguaxe irracional que fundía a idea de España co catolicismo. Iso si, a trama civil do golpe xa estaba inzada desde un principio de fanatismo relixioso e contaba cun partido, como é a CEDA coas súas xuventudes, que dicía obedecer as directrices da Igrexa. Na propia Falange hai que constatar relevantes militantes cregos e requetés, que levaban o seu extremismo relixioso moito máis alá do que demandaba a propia institución. Mais será o transcurso da guerra o que irá fusionando Igrexa e Estado nun aparello represivo cada vez máis perfeccionado cun fin común de aniquilar calquera rastro físico e ideolóxico do republicanismo (*imaxe 2*).



Imaxe 2. Bendición relixiosa da nova sede da Junta Local del Movimiento en Cuntis, celebrada con motivo da visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez en xullo de 1958.

A GUERRA SANTA

Aínda que moitas das persoas que apoian e participan do golpe militar teñan motivacións diferentes, algunhas delas inconfesábeis, rapidamente se adhíren todas ao relato que lles ofrece a guerra de relixión. Esa elevada xustificación moral conta ademais coa cobertura emocional que lles proporciona matar en nome de Deus. A Igrexa pon a disposición do bando franquista todos os seus recursos e expresamente se pronuncia como tal organización de xeito conxunto ao seu favor a través da carta colectiva do episcopado español no ano 37. En canto á súa actuación práctica, ademais do feito de que moitos dos sacerdotes participaran directamente nas matanzas tanto na fronte como na retagarda, o fundamental vai ser a súa especialización no papel de delatores dentro da maquinaria formal de exterminio. Referímonos aos consellos de guerra. A través deles irase executando de xeito selectivo aqueles cadros intelectuais, políticos e sindicais que permitirían descabezar completamente ao republicanismo no país. Neste sentido, a rede de informantes que proporciona a Igrexa, con axentes en todas as parroquias e con recursos como o sacramento da confesión ao seu dispor vai ser un valioso instrumento ao servizo do que eles consideraban o nobre e cristián labor de arrincar as malas herbas (*imaxe 3*).

O caso é que a delación espontánea dependía da vontade particular de cada relixioso en levar a cabo ou non esta tarefa polo cal, en agosto do 36, desde o bispado compostelán enviábase un formulario coa orde explícita de que todos os eclesiásticos rexistren os actos cometidos contra a relixión para poñer estes datos a disposición das autoridades civís.

Está acreditada a causalidade directa entre testemuños de integrantes da Igrexa e condenas a morte. Agora ben, hai que comentar que tamén se teñen dado abondosos casos de cregos que depoñen



Imaxe 3. O gobernador civil da provincia, Rafael Fernández Martínez, de padriño da primeira misa oficiada polo membro da Falange, Ricardo Rodríguez, na igrexa da Moreira, A Estrada, o 28 de abril de 1957, mentres outro falanxista bica a man do crego.

en favor das persoas procesadas sen por iso conseguir influír en sentenzas favorábeis. De feito, en setembro do 36, o propio arcebispo de Santiago, Tomás Muñiz de Pablos, veuse impelido a ditar instrucións contrarias a que os relixiosos deran “certificados de buena conducta religiosa a los afiliados a sociedades marxistas”. E volve en novembro a insistir con máis contundencia:

Mas de una vez la autoridad pública nos ha hecho indicaciones para que reprimamos las actividades de algunos párrocos y sacerdotes que bajo el pretexto de hacer favores andan de acá para allá recomendando o pidiendo recomendaciones, informando sin que les pidan informes, o dándolos a veces con marcada parcialidad, por lo menos objetiva. Hemos tratado de cortar estas actividades, siempre reprobables y hoy sumamente peligrosas.

Nesta nota, a máxima autoridade relixiosa na Galiza, xa pasa directamente a ameazar a quen informe no sentido contrario ao que se lle demanda:

Si hay alguno que por inconsciencia o malos hábitos persiste en estas actividades, dignas de toda condenación, no será el prelado quien trate de mitigar los rigores de las medidas coercitivas que le aplique la autoridad pública, sino que por la inversa él también aplicará las sanciones canónicas que procedan.

Isto dá conta das dificultades da xerarquía eclesiástica para levar a cabo os seus obxectivos. A aniquilación de “sen Deus” contou con entusiastas executores mais tamén topamos coa resistencia no momento de obedecer estas encomendas de moitos párrocos que por escrúpulos morais ou vencellos coa súa comunidade chegaron a insubordinacións en sentido ben diferente do que se lles ordenaba. Lembremos o xuízo militar contra a corporación estradense no que varios cregos capitaneados por Nicolás Mato Varela certifican a boa conduta moral e relixiosa dos acusados. Na sentenza ameázase directamente a estas testemuñas con abrir causa contra eles por ter actuado a prol da súa veciñanza.

A XESTIÓN DO BOTÍN

Grazas ao triunfo do fascismo a Igrexa recuperou todo o terreo perdido no proceso de modernización do Estado dos últimos séculos e prestouse a administrar a vitoria tentando acaparar todo o poder que lle fora posíbel. Na orde lexislativa non tivo problema en que se derogara o matrimonio civil, a lei do divorcio, os enterros civís e devolverlle o carácter confesional ao Estado en todas as súas



Imaxe 4. Autoridades presidindo un acto relixioso na igrexa do convento de San Francisco, en Pontevedra, en lembranza de “Mártires de la Tradición”.

dimensións. A ensinanza da relixión católica volvíase obrigatoria e impúñase o crucifixo na presidencia de todas as aulas, mesmo as universitarias. Desde o punto de vista económico, unha das primeiras medidas do Estado franquista será o restabelecemento do orzamento do clero (*imaxe 4*).

A cambio, a Igrexa prestaría un importante labor de lexitimación do réxime. Aquel lema que figuraba nas moedas referíndose a Franco como caudillo “por la gracia de Dios” apelaba ao dereito divino a ocupar o cargo polo cal non precisaba do consentimento popular. Dificilmente se podería ter apostado pola vontade de Deus como sostén da xustificación dun mandato tan lonxevo sen a colaboración continuada e explícita da Igrexa católica. Agora ben, a relación formal resultaba modulada na súa eficacia e intensidade en función das características e do perfil dos brazos executantes en cada caso. Detectándose lóxicos conflitos froito das interferencias existentes. Os relixiosos sentíanse con potestade de regular a vida social e mesmo



Imaxe 5. Un sacerdote facendo unha bendición relixiosa nun acto inaugural presidido polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez no concello das Neves en outubro de 1957. A carón do gobernador está Luis Rocafort, presidente da Deputación.



Imaxe 6. Bendición e entrega de vivendas da Obra Sindical levadas a cabo en Pontevedra en presenza do gobernador civil Rafael Fernández Martínez, o cardeal arcebispo de Santiago Quiroga Palacios e o alcalde pontevedrés Argenti Navajas.

privada das persoas, e na administración civil pronto se atoparon co problema de dirimir e coordinar as competencias de cada quen para evitar discordancias (*imaxes 5 e 6*).

En calquera caso, a Igrexa, como tal, é franquista de xeito oficial, sendo o grao de exaltación e adoración da ditadura maior ou menor segundo de quen se trate, mais nos primeiros anos é difícil atopar no seu seo quen combata activamente este goberno. Certo que co tempo irá cobrando máis relevancia o activismo antifranquista dalgúns cregos.

Sexa por conviccións monárquicas, galeguistas ou socialistas, ou sexa por enfrontamentos persoais ou solidariedade coas persoas perseguidas, na primeira década, algún caso de relixioso con prácticas de enfrontamento co réxime si que hai. Podemos coller como mostra o do crego da parroquia estradense de Ribela, Casimiro Cubela García, que é xulgado en agosto de 1948 por colaboración coa guerrilla. A este respecto abonda con transcribir unhas notas manuscritas do seu amigo, o tamén crego galeguista Antonio Rodríguez Fraíz, que deixou esta referencia necrolóxica con motivo do seu pasamento: “descanse en paz este bo crego que algunhas veces os feixistas non o deixaron en paz incluso torturándoo, nin os ‘guerrilleiros’ antifranquistas que comeron moitas veces na reitoral de Rivela”.

Este caso que se cita pola súa excepcionalidade serve tamén para poñer en evidencia o feito de que o normal é que a Igrexa como tal e os seus membros en particular reciban un trato especial favorábel no marco franquista. A lei non era igual para todo o mundo e mesmo un feito tan grave, a ollos do aparato represor, como é dar acubillo a grupos armados non ten as mesmas consecuencias para todas as persoas acusadas. A condición de sacerdote permitirlle a Casimiro Cubela ser retido no convento de Poio en vez de nunha prisión, e os abusos, con ser duros como revela o seu correligionario, non chegan aos sufridos por outras persoas procesadas. Finalmente é condena-

do a seis meses de desterro. Algo insólito no contexto das duras penas habituais por este delito de colaboración con quen o réxime denominaba “bandoleros”.

En definitiva, mesmo a análise dos casos nos que houbera actuacións particulares discrepantes, queda constatada a posición que conquista a Igrexa grazas ao trunfo fascista cun papel preponderante e omnipresente da relixión nestes momentos como contraforte do franquismo (*imaxe 7*).



Imaxe 7. Un sacerdote bendice unha das obras inauguradas polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez, de costas na foto, na súa visita a Cuntis en xullo de 1958.

A BENDICIÓN DA REPRESIÓN

Unha retrospectiva das fotografías da época amosan a presenza permanente de relixiosos en todo tipo de actos, dando a súa bendición a un Estado que estaba a vulnerar os dereitos fundamentais. Acompañar o gobernador civil nas súas visitas institucionais, participando



Imaxe 8. A presenza dos sacerdotes nos actos institucionais é constante. Na foto, nun acto do gobernador civil Rafael Fernández Martínez, durante a súa visita a Meis en 1957.

activamente na súa recepción e recoñecemento, reforzaba moral e socialmente o máximo responsábel de executar unha represión terríbel na provincia (*imaxe 8*).

Non eran meros actos neutrais de respecto entre diferentes esferas de poder nas cales cada un se restrinxía á que lle era propia sen entrar na do outro. Primeiro, porque, como queda dito, neste momento non existen ditos ámbitos separados. Segundo, porque o que está a facer o poder civil é violar sistematicamente os dereitos humanos básicos, o cal xa debera por si só ser razón dabondo para absterse en participar en semellantes rituais de exaltación de gobernantes franquistas. Pero ademais, o tipo de actos que se levan a cabo non se reducen á inauguración de instalacións senón que tamén se prolongan aos que teñen unha significación ideolóxica marcada como é o Día del Caudillo ou a conmemoración do 18 de xullo. O

feito de labrar en pedra nas fachadas das igrexas os nomes dos “caídos por Dios y por España” deixaba patente que estabamos diante dunha toma de partido determinada (*imaxes 9 e 10*).

A única organización política permitida, a Falange, contaba nos seus actos coa presenza de representantes do clero. Non só daqueles que eran os seus militantes senón dos que corresponderan en cada parroquia. Hai que indicar que nas actividades das súas organizacións xuvenís, como é a OJE, sempre estivo presente un crego e se celebraban misas diarias, ademais de catequese.



Imaxe 9. Unha autoridade militar coloca unha coroa en ofrenda aos caídos diante da Catedral de Tui, nos actos conmemorativos do Día del Caudillo de 1951.



Imaxe 10. Militares poñendo flores noutro momento da celebración do Día del Caudillo de 1951.

A relixiosidade popular foi a miúdo unha resposta de autonomía respecto da Igrexa institucional. Pero tiña tal forza e intensidade que desde as instancias oficiais tentouse canalizar máis que proscribir explicitamente. Compre lembrar as instrucións que no 36 daba o arcebispo para tratar coas crenzas populares: “Hemos encontrado por esas parroquias del arzobispado, y no en aldeas por cierto, a alguna buena mujer que en los días más peligrosos de la última quincena de julio hacía una novena al Sagrado Corazón de Jesús (con comunión diaria inclusive) para que el comunismo triunfase cuanto antes. ¿Ignorancia?, ¿Simpleza?, ¿Desequilibrio mental? Todo ello puede ser”. Esta anécdota que o prelado cita como caso extremo do desvarío vulgar do uso para o que debe empregarse a relixión é para insistir na correcta interpretación do que é propiamente cristián e o que non. Non abonda con combater o que eles consideraban “inimi-



Imaxe 11. Acto de bendición do novo Centro cooperativo de mellora gandeira inaugurado no barrio da Seca en Pontevedra no ano 1952, coa presenza, entre outros, do gobernador civil Elías Palao, presidente do Consejo Provincial del Plan Agrícola de Galicia; o presidente da Deputación, Luis Rocafort, e Antonio Puig Gaité, daquela xefe da Hermandad de Labradores.



Imaxe 12. Bendición dunhas obras inauguradas en Ponte Caldelas coa presenza do gobernador civil, Elías Palao o día 18 de xullo de 1953.



Imaxe 13. Un sacerdote, cun rapaz facendo de acólito ao seu carón, fai a bendición relixiosa nun acto inaugural presidido polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na visita oficial ao concello das Neves en outubro de 1957.



Imaxe 14. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, xunto a un sacerdote e o resto de autoridades na praia en Baiona con motivo dunha visita oficial en outubro de 1957.



Imaxe 15. Un sacerdote, en presenza do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, e o resto de autoridades, dando a bendición a unha das embarcacións doadas polo Movemento aos pescadores de Baiona.



Imaxe 16. Un sacerdote bendice, diante de autoridades e veciñanza, o mercado e o matadoiro de Santa Lucía, en Moraña. Foi durante a inauguración, que tivo lugar en 1958 con presenza do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez.

gos da fe” senón aclarar cal é o Deus no que se debe crer e como este debe ser instrumentalizado ao servizo dunha determinada ideoloxía e non de ningunha outra (*imaxes 11 a 16*).

Todo tipo de expresións da relixiosidade: as romarías cos seus santiños locais, —que amosan un politeísmo sospeitoso e que teñen máis que ver coa adhesión ás comunidades próximas—, e mesmo os cruceiros, —que estaban vencellados con lugares e ritos pagáns—, tiñan que ser postas en harmonía coa orientación que lle interesaba ao réxime. De xeito tamén anecdótico podemos citar un destes elementos nomeados á luz de fotografías aquí rescatadas da inauguración da praza do Concello de Forcarei, nun claro caso de resignificación. Hai un cruceiro en Mourente que tiña unha figura dun garda civil que o custodiaba (*imaxe 17*). O seu propietario tivo que tapalo cunha caixa por orde da comandancia, porque o uniforme non cumpría o regulamento que lucía nese momento este benemérito corpo.



Imaxe 17. Acto de inauguración da praza da igrexa de Forcarei en outubro de 1957.

Cos anos, a Igrexa iría tratando de revisar o seu fervor ao servizo dunha causa, o fascismo, que parecía que non ía ter moito máis percorrido naquel formato. Foise adaptando co obxectivo de conservar o esencial do adquirido durante a ditadura no vindeiro réxime. Para iso puidera agardarse que se amosase algún tipo de arrepentimento pola complicidade desta institución cos crimes franquistas. Mais ao decretarse o esquecemento polas forzas que levaron a cabo a Transición, a Igrexa católica viu unha oportunidade no esquecemento do seu papel pasado para gozar de vantaxes no seu rol presente. Alargando así a súa influencia adquirida até a actualidade, se ben perdendo moita da súa abafante preponderancia visíbel e simbólica. Quizais por iso se suma tan activamente ao bando de quen traballa pola desmemoria, a fin de que se ignore a orixe ilícita do status privilexiado que posúe.

A muller no franquismo

María Victoria Martins

Profesora de Historia e investigadora

Unha das características sociais máis determinantes da ditadura franquista foi a desigualdade entre os homes e as mulleres. O espazo público era coudo reservado dos varóns, que se ocupaban polo tanto de xestionar e de dirixir a actividade política e económica. Esta circunstancia explica o maior protagonismo masculino en fondos fotográficos como o que nos ocupa, centrado na actividade política do réxime.

A sociedade orgánica do franquismo caracterizábase por unha política de xénero baseada nunha lexislación que lles negaba ás mulleres calquera tipo de dereito que puidera derivar na súa emancipación, e nunha estratexia de reeducación e reconversión das mesmas ao ámbito doméstico. O franquismo, en consonancia cos réximes fascistas, consideraba que o seu lugar estaba no fogar e a súa función básica era o coidado da familia. Segundo o fascismo, a natureza

feminina abocaba as mulleres a ocuparse das cuestións domésticas e dos coidados, mentres era tarefa propia dos varóns o mantemento económico familiar. Unha idea, por outra parte, moi acorde coa tradición católica española. Asomaba baixo estas teorías a intención de rachar coa traxectoria emancipadora que viñan experimentando as mulleres, impulsada polo movemento feminista. Os esforzos do réxime por devolver a muller ao seu lugar tradicional tiñan por obxecto contrarrestar os efectos das mobilizacións femininas, que chegaran a traspasar o moderado proxecto republicano e comezaran a cuestionar xa a estrutura patriarcal tamén no interior das organizacións de esquerda.

Pero houbo tamén desigualdades entre o colectivo feminino, ao conformarse un grupo de mulleres do réxime dispostas a colaborar no arquetipo de xénero do franquismo (*imaxe 1*).



Imaxe 1. Visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, ao albergue da Sección Femenina en Rande.

Polo xeral, trátase de mulleres pertencentes a familias propietarias, cuxos integrantes masculinos eran tamén membros de Falange e polo tanto tiñan a condición de elite social. Tomaron partido integrándose na organización, conformando a súa Sección Femenina e aceptando o encargo do propio ditador de ocuparse da “formación política e social das mulleres españolas en orde aos fins propios de Falange”. Son estas mulleres as que teñen unha maior visibilidade na vida pública, participando nos eventos políticos do réxime e formando parte da súa política de propaganda.

A Sección Femenina reservou para a súa organización o papel de elite dirixente destinada a educar a masa de mulleres, gardándose para si un comportamento diferente, o denominado “estilo falangista”. Os cargos da Sección Femenina eran mulleres solteiras que realizaban tarefas fóra do fogar relacionadas coa súa misión de adoutramento e propaganda (*imaxe 2*).



Imaxe 2. Grupo da Sección Femenina.

Encargáronse da formación das mozas a través da súa presenza nos centros de ensino como profesoras de Enseñanzas del Hogar e de Educación Física¹, materias obrigatorias que servían para introducir as mulleres no coidado do fogar e da familia e para controlar e preservar a moralidade e a feminidade na práctica deportiva. O seu obxectivo principal serán as nenas, as novas xeracións, nas que inculcar o espírito da nova España. Elas serían as nais de futuras xeracións convencidas que permitirían a estabilidade e a perpetuación do réxime (*imaxe 3*).



Imaxe 3. Imaxe dun acto relixioso celebrado en conmemoración do Día del Caudillo en Tui, no que se aprecia a presenza de nenas.

A tarefa das mulleres de Sección Femenina formaba parte da política de propaganda que buscaba mostrar o labor benfeitor e rexeñador do réxime. Entre as actividades máis populares estarían os Coros y Danzas, grupos de baile que adoitaban acompañar os ac-

¹ España. Orde de 16 de outubro pola que se establecen en todos os centros de primeira e segunda ensinanza as disciplinas de Educación Política, Física e Deportiva e as de iniciación nas Enseñanzas del Hogar, baixo a inspección e vixilancia do Frente de Juventudes, Boletín Oficial del Estado, 18 de outubro de 1941, núm. 291.

tos do franquismo e cos que pretendían “dar a conocer al mundo la variedad y riqueza de nuestra música popular”². Unha afirmación como esta resulta máis que cuestionable tendo en conta a política cultural represiva do réxime respecto das zonas do Estado nas que non se falaba castelán. Resulta máis plausible analizar os coros e danzas como un intento de “representar o pobo” nunha actitude festiva de canto e baile, afastada da realidade gris na que se vivía. Trátase de captar e formar a muller como transmisora da tradición, pero tamén de mostrar o bo ánimo do pobo español. Tiñan tamén unha misión como “xentís embaixadoras de España” no estranxeiro, nun momento de difícil aceptación internacional do réxime. Para a poboación emigrante a chegada dos coros e danzas tiña un gran efecto emotivo, a nostalxia da patria superaba calquera outra apreciación de carácter político e ía directo ao corazón. (*imaxes 4 e 5*).



Imaxe 4. O gobernador civil, no centro da fotografía, recibindo o grupo de Coros y Danzas da Sección Femenina logo da súa viaxe a Bruselas no marco da Exposición Internacional que tivo lugar na cidade belga en 1958.

² Primo de Rivera, P. (1983). *Recuerdos de una vida* (p. 249). Madrid: Dyrsa.



Imaxe 5. Grupo de nenas bailando diante do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, e o resto de autoridades nunha visita oficial ao concello de Baiona en 1957.

As iniciativas benéfico-asistenciais son un dos principais obxectivos do réxime. As súas capacidades propagandísticas e de adoutramento póñense a proba desde o inicio da guerra civil española e mantéñense ao longo de todo o primeiro franquismo. O emprego das mulleres como mediadoras nesta ponte entre o réxime e as clases máis desfavorecidas é tamén un elemento esencial da ditadura. O traballo nos comedores do Auxilio Social³ foi levado a cabo polas recrutadas pola Sección Femenina a través do Servicio Social de la Mujer, que estivo baixo o control das falanxistas tras o decreto de decembro de 1939.

Este servizo era de obrigado cumprimento para todas as solteiras entre os 17 e os 35 anos se querían acceder a estudos superiores

³ A organización de Auxilio Social foi creada inicialmente como Auxilio de Inverno, en outubro de 1936, inspirada na *Winterhilfe* da Alemaña nazi.

e a determinados postos de traballo ou se querían obter o carné de conducir. As “cumpridoras” do servizo eran unha peza fundamental na obra asistencial do réxime como man de obra sen custe nas tarefas de atención e coidado das persoas asistidas. A súa duración era de seis meses, tres de formación teórica e tres de prácticas, e tiña tamén por obxecto completar a formación socio-política das mulleres máis alá da etapa escolar. Na comarca de Vigo realizaban a parte teórica, en réxime de internado⁴, nas instalacións coas que contaba a Sección Femenina en Rande (Redondela). No programa de formación incluíanse as ensinanzas domésticas e de puericultura, as prácticas relixiosas e as visitas de personalidades relevantes que acudían a impartir conferencias de carácter político-social (imaxes 6 e 7).



Imaxe 6. Muller servindo a cea de Noiteboa a crianzas nun comedor social.

⁴ As rapazas permanecían internas nas instalacións da Sección Femenina. De aí que nas imaxes aparezan uniformadas coa roupa que se lles proporcionaba para a súa estancia.



Imaxe 7. O gobernador civil da provincia, Rafael Fernández Martínez, nunha visita ao albergue que a Sección Femenina posuía en Rande, Redondela.

Finalmente, as mulleres da Sección Femenina participaban tamén en eventos de carácter político. Estaban presentes nos actos que celebraban datas de gran simbolismo como o 18 de xullo, o 20 de novembro ou os aniversarios do acto do 17 de marzo en Vilagarcía. Tamén nas habituais homenaxes a integrantes do partido ou en calquera outra das múltiples actividades de reafirmación e proselitismo, sobre todo entre a mocidade (*imaxes 8 e 9*).

Na actividade política só é posible observar a presenza individualizada dunha muller como cadro dirixente no caso dos cargos da Sección Femenina. Non as veremos ocupar un lugar central, como correspondería a un líder, pero si como unha comparsa que vén a simbolizar a conformidade e a participación delas co sistema (*imaxes 10 e 11*).

Na formación da muller e na asistencia social competían con outro sector feminino tradicionalmente encargado destas tarefas: as



Imaxe 8. Un grupo de mulleres na Praza de Ravella de Vilagarcía, durante os actos do XXII aniversario do mitin que deu José Antonio na cidade en 1935, considerado como acto fundacional da Falange Gallega.



Imaxe 9. Un rapaz co uniforme falanxista bica o crucifixo que suxeita o crego, ante a mirada de integrantes da Sección Femenina.



Imaxe 10. Carmen Mir, delegada de Magisterio, entre as autoridades presentes na visita oficial do gobernador civil Rafael Fernández Martínez á casa do concello da Lama en 1957.



Imaxe 11. Outra imaxe de Carmen Mir, entre as autoridades presentes na inauguración de vivendas da Obra Sindical de Lalín en 1957.

monxas. Tanto relixiosas como falanxistas cumprían co seu labor de adoutramento con base nas directrices de Deus e na ideoloxía do réxime, pero entre ambas deuse unha certa rivalidade por atraer para si as novas xeracións e por acadar o logro da salvación das “desviadas” e das desposuídas (*imaxes 12 e 13*).

O recurso ás precarias infraestruturas da beneficencia era inevitable para una poboación sen saídas. Nos duros anos da posguerra e do primeiro franquismo foron moitas as criaturas que quedaron desamparadas. A represión, a miseria e a indefensión foron causa do aumento de nenas e nenos que quedaron baixo o control das organizacións asistenciais do réxime.

A estas circunstancias habería que sumar o ancestral abandono que sofren as nais que deben asumir en soidade a crianza das súas fillas e fillos, ben sexa pola emigración dos varóns ou directamente



Imaxe 12. Monxas e alumnas do colexio da Purificación da Nosa Señora, na parroquia de Tortoreos (As Neves) durante unha visita oficial do gobernador civil Rafael Fernández Martínez e o presidente da Deputación, Luis Rocafort.



Imaxe 13. Visita realizada polo gobernador civil, Elías Palao, ao Sanatorio da Lanzada con motivo do día de Reis de 1952; na foto aparece tamén o presidente da Deputación Luis Rocafort, xunto a monxas do Sanatorio, visitando a doentes.

pola omisión das súas responsabilidades. Son moitas as mulleres que deben afrontar a maternidade en soidade e moitos os estigmas sociais que recaen sobre elas. A beneficencia era a única opción (*imaxe 14*).

Prestándolles atención ás imaxes e fixando a mirada nas marxes, as fotografías permiten albiscar a realidade das mulleres máis alá da propaganda.

A primeira das dificultades sería a da propia supervivencia. O embarazo e o parto podían entrañar un alto risco para as vidas das criaturas e das súas nais. A precariedade económica, a deficiente habitabilidade das vivendas, e un amplo abano de enfermidades ⁵, unido aos escasos recursos sanitarios, teñen como consecuencia

⁵ Enfermidades como broncopneumonía, difteria, disentería, gastroenterite, meninxite, peritonite, septicemia, tose ferina, e aquelas derivadas da fame e da miseria, anemia, atrepsia, debilidade conxénita, raquitismo, caquexia, etc.



Imaxe 14. O gobernador civil, Elías Palao, xunto con outras autoridades nunha visita a un centro benéfico de auxilio social, posiblemente o Hospicio de Pontevedra, con motivo das festas de Nadal de 1951.

unha alta mortalidade das criaturas ao nacer ou durante a súa infancia, e tamén unha alta porcentaxe de persoas en situación de discapacidade que debían ser atendidas polas mulleres na máis absoluta precariedade. Os informes dos centros asistenciais documentan a situación nos seguintes termos:

He comprobado el tremendo y bochornoso problema de la material indigencia en que vive la mayoría de la población infantil acogida, sin calor ni luz, ni abrigo (...) Hemos hecho gestiones cerca de la Fiscalía de la Vivienda, denunciando casos de ruina y triste es confesar que no hemos obtenido más resultado que buenas palabras, pero hecho concreto ninguno⁶ (*imaxes 15, 16 e 17*).

⁶ Informe de Manuel Fontoira Peón, médico do Centro de Alimentación Infantil de



Imaxe 15. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez coa veciñanza na inauguración da instalación eléctrica de Lougares, no concello de Covelo.

O lugar idóneo para unha pequena sería a escola, pero no franquismo escaseaban e ademais non se consideraban algo imprescindible para as nenas. Ían pouco ou a abandonaban a idades moi temperás para axudar na casa, nas tarefas do campo ou nas domésticas, ou directamente para traballar porque o diñeiro era escaso e calquera imprevisto, como unha avaría na casa ou unha enfermidade, podía levar a familia a ter



Imaxe 16. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez nunha visita ao concello de Covelo, conversando cun neno con problemas de mobilidade.

Pontevedra, ano 1941. Auxilio Social, Ca. 164/3, Arquivo Histórico de Pontevedra.



Imaxe 17. Unha muller en cadeira de rodas entre o público que recibe o gobernador civil Rafael Fernández Martínez na visita que fai a Ponteareas o 27 de abril de 1957.

que empeñarse. O máis frecuente era que se dedicaran a servir, a maioría das veces sen salario, pola comida e a durmida, simplemente para non ser unha boca máis que alimentar na casa. O servizo era un traballo escravo que realizaban maioritariamente en calidade de internas nas casas dos “amos”, quedando a súa mercé. Ás veces había bo trato, noutros casos había todo tipo de abusos, incluso sexuais, con consecuencias nefastas para as rapazas.

A escaseza de oportunidades marca as súas vidas. A falta de formación lastra as súas posibilidades profesionais e ensínalles desde pequenas que a súa tarefa é servir e non formarse e intentar acadar unha profesión. Ademais, nenas e nenos se educaban de xeito diferente. As nenas aprendían as tarefas domésticas porque o destino da muller era casar e levar a casa, e recibían formación moral e relixiosa encamiñada a lograr rapazas castas e puras (*imaxe 18*).



Imaxe 18. Alumnas e autoridades na inauguración da escola de Paredes, no concello de Vilaboa, o 27 de xullo de 1957.

O destino de toda muller era o matrimonio, e a formación dunha familia a súa culminación. Calquera outra opción supuña desviarse do camiño e como tal estaba mal visto. Con este convencemento, as mulleres asumían o matrimonio como algo intrínseco e introducían no seu imaxinario vital como un día de ledicia que marcaría as súas vidas. En realidade o matrimonio supuña para a muller a perda da súa xa minguada independencia, pasando de estar baixo o control paterno a estar baixo o control do marido. Un matrimonio “para sempre”, porque o divorcio, que fora instaurado en 1932, foi derogado e sometido á normativa legal imposta pola ditadura.

A reimplantación do Código civil de 1889 ⁷ serve de marco xeral para a confección dun sistema legal represivo desde os seus

⁷ España. Real Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código civil. *Gaceta de Madrid*, 25 de xullo de 1889, núm. 207.

cimentos. Estipulaba a obediencia da muller ao marido, e convertía a este no seu representante legal e no administrador dos bens conxugais ata o punto de que ela non podía vender os seus nin facer outras compras que as “destinadas al consumo ordinario de la familia”. Pese a recaer nas mulleres a responsabilidade da crianza da descendencia o Código retiráballes a patria potestade ao consideralas inhábiles para ser titoras, equiparándoas con penados por delitos de roubo, estafa ou corrupción de menores, ou con persoas insolventes.

Na orde publicada en 1938 sobre “El problema del trabajo de la mujer” o réxime declaraba as súas bases ideolóxicas respecto da actividade laboral feminina e do lugar que debía ocupar na sociedade, tendo en conta que o conflito bélico dera lugar a circunstancias particulares que requiriran da participación das mulleres en actividades propias do xénero feminino pero fóra do fogar, e contando xa con que a cantidade de homes mortos ou desaparecidos ía ser extraordinaria:

El problema del trabajo de la mujer es una de las constantes preocupaciones del Poder Público y la primera necesidad que para abordarlo se siente, es la de determinar el alcance que tiene en los presentes momentos y prever el que tendrá una vez terminada la guerra. La tendencia del Nuevo Estado es que la mujer dedique su atención al hogar y se separe de los puestos de trabajo; pero es el caso que por la misma guerra, son numerosas las que, quedando como cabeza de familia, tendrán que trabajar para sostener a los hijos⁸.

Desde o réxime dispuxéronse unha serie de medidas destinadas a estipular e controlar a tipoloxía de mulleres que poderían traba-

⁸ España. Orde do Ministerio de Organización y Acción Sindical de 27 de decembro de 1938. Boletín Oficial del Estado, 31 de decembro de 1938 núm. 183.

llar, con que condicións e en que tipo de actividades. Un importante número de regulamentos laborais estaba destinado a permitir o control dos maridos sobre o traballo das súas esposas. Desde o denominado “permiso marital”, que impedía a unha muller casada exercer calquera actividade profesional se o marido deixaba constancia de non dar o seu consentimento, ata a “excedencia forzosa”, que implicaba o despido da traballadora no momento en que esta contraía matrimonio⁹.

A combinación entre a obediencia por lei e a forte presión exercida desde a Igrexa católica sobre a moralidade feminina dá lugar a un marco xurídico-social especialmente represivo coas mulleres e especialmente permisivo cos varóns. Así, a lei sobre o adulterio é especialmente lesiva con elas, que poden acabar en prisión por este delito¹⁰, mentres que aos homes estalles permitido incluso matar a súa muller se esta é adúltera:

Art. 428. El marido que sorprendiendo en adulterio a su mujer matare en el acto a los adúlteros o a alguno de ellos, o les causare cualquiera de las lesiones graves, será castigado con la pena de destierro. Si les produjere lesiones de otra clase, quedará exento de pena¹¹.

A violencia exercida sobre as mulleres era algo habitual. O home tiña un fogar onde ser o amo e señor, onde podía relaxarse pero

⁹ Normativa aplicada na regulamentación de traballo de empresas como Renfe (BOE, 14.01.1945), Tabacalera (BOE, 04.07.1946), Telefónica (BOE, 10.07.1947) ou Bazán (BOE, 06.08.1950), entre outras.

¹⁰ España. Lei de 11 de maio de 1942 pola que se restablece no Código penal o delito de adulterio. Boletín Oficial del Estado, 30 de maio de 1942, núm. 150.

¹¹ España. Decreto polo que se aproba e promulga o Código penal, texto refundido de 1944, segundo a autorización outorgada pola Ley de 19 de xullo de 1944, Boletín Oficial del Estado, 13 de xaneiro de 1945, núm. 13.

tamén descargar a súa ira e aliviar tensións. Como sinala Jo Labanyi, cabe preguntarse se o patriarcalismo esaxerado do primeiro franquismo non tería sido unha maneira de compensarlle á poboación masculina a súa castración política. En todo caso, foi socialmente un tema tabú que quedaba na intimidade dos fogares e onde polo tanto non se debía entrar, unha falacia que permitía que os homes actuaran con total impunidad.

Solteiras ou casadas, o traballo das mulleres era fundamental para a supervivencia das familias, aínda que se ten considerado como un traballo de segunda categoría, como un “non traballo”, nun intento de non romper co mito do varón “gaña-pan”. A traballadora no mar e no campo galego, a traballadora doméstica, a operaria fabril, que se deslombaron desde a infancia, non foron documentadas como asalariadas. A recorrente falta de contrato nas actividades por conta allea e a negativa a considerar as mulleres como copropietarias¹² das explotacións familiares teñen como consecuencia a consideración oficial do traballo feminino como S.L., os Seus Labores.

Esta circunstancia converte o seu mundo laboral nun campo abonado para a irregularidade. As traballadoras quedaban expostas a sufrir todo tipo de abusos, administrativo, laboral, sexual, e por suposto a realizar sempre tarefas de menor categoría e a cobrar salarios máis baixos. O problema agrávase ante unha situación de incapacidade ou de enfermidade profesional, non recoñecida como tal, e por suposto á hora de xubilarse e cobrar unha merecida pensión despois de toda unha vida de esforzo, que permita unha vellez tranquila e que non reproduza de novo a dependencia económica do marido (*imaxe 19*).

No campo galego as mulleres tiñan un importante peso específico. O éxodo masivo dos varóns ou a súa desaparición física, que evi-

¹² O Decreto de cotitularidade para explotacións agrarias non foi aprobado ata o ano 2011, xa polo tanto no século XXI.



Imaxe 19. Grupo de veciñas na praia das Sinas (Vilanova de Arousa) durante unha visita que fai o gobernador civil Rafael Fernández Martínez en 1957.

dencia a tradicional imaxe das enloitadas mulleres galegas, deixaba en mans femininas a explotación das terras, o mantemento do fogar e o coidado da descendencia. Ao traballo nas terras familiares ou como xornaleiras uníronse múltiples actividades que ían desde o comercio dos escasos excedentes, a elaboración e venda de produtos caseiros e artesáns, á venda de gando ou a práctica do pequeno contrabando, con produtos como o café, o aceite, o cobre ou o pan.

Daquela, a tarefa das mulleres era tripla: facían os labores domésticos, coidaban do campo e traballaban fóra, e os medios cos que contaban eran escasos e precarios. A ausencia de infraestruturas, como a auga corrente imprescindible para incorporar os electrodomésticos, converte esta tripla tarefa nun labor inxente, esgotador e interminable. Para elas o ocio era escaso e ademais diferente ao dos varóns, máis controlado e comedido.



Imaxe 20. Veciñas riseiras durante unha visita do gobernador civil Rafael Fernández Martínez, ao concello do Rosal o 30 de xullo de 1957.

Chegada a vellez, as nosas maiores non reciben a recompensa e a atención que merecen. Os tempos mudaron moito e hoxe en día a sociedade non é consciente de que aquela vida existiu e de que coa súa forza e o seu compromiso aquelas mulleres foron quen de sacar adiante a toda unha xeración nos escuros anos do franquismo, mostrándolles ás súas fillas e fillos o rostro máis doce daquela época, o sorriso das súas nais (*imaxe 20*).

BIBLIOGRAFÍA

- Gallego Méndez, M^a T. (1983). *Mujer, Falange y franquismo*. Madrid: Taurus.
- Labanji, J. (2002). *Historia y mujer en el cine del primer franquismo*. Secuencias, 15, 42-59.

- Martins, M^a V. (2012). *A Regresión franquista. A muller durante o primeiro franquismo. A Sección Feminina en Pontearreas (1936-1959)*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Molinero, C. (1998). “Mujer, franquismo, fascismo. Clausura forzada en un mundo pequeño”. *Historia Social*, 30, 97-117.
- Molinero, C. (2005). *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista*. Madrid: Cátedra.
- Morant, I. [dir.] (2008). *Historia de las mujeres en España y América Latina. Del siglo XX a los umbrales del XXI*. Madrid: Cátedra.
- Moreno, M. (2013). “La dictadura franquista y la represión de las mujeres”, en Nash, M. [ed.], *Represión, resistencias, memoria: las mujeres bajo la dictadura franquista*. Granada: Comares.
- Nielfa, G. [ed.] (2003). *Mujeres y hombres en la España franquista: Sociedad, economía, política, cultura*. Madrid: Editorial Complutense.
- Primo de Rivera, P. (1983). *Recuerdos de una vida*. Madrid: Dyrsa. p. 249.
- Rubio, O. M^a e Tejeda, I. [dir.] (2012). *100 años en femenino. Una historia de las mujeres en España*. Madrid: Asociación Cultural Española.
- Ruiz Franco, R. (2007). *¿Eternas menores? Las mujeres en el franquismo*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Valiente, C. (1997). *Políticas públicas de género en perspectiva comparada: La mujer trabajadora en Italia y España (1900-1996)*. Madrid: UAM.

O Lazareto de San Simón, entre a memoria e o esquecemento

Xosé Álvarez Castro

Historiador

Na dilatada historia da illa de San Simón, un dos días máis recordados é o 22 de agosto de 1950: ás cinco e media da tarde un grupo de máis de sesenta membros da Guardia de Franco, que pasaban uns días no albergue que tiñan establecido na illa, viaxaban na motora Monchita camiño de Redondela onde tiñan pensado xogar un partido de fútbol. A medio percorrido, un dos integrantes caeu ao mar e, ao tentar socorrello, a maioría dos pasaxeiros concentrouse nun lado da barca orixinando o naufraxio da embarcación. A maioría non sabía nadar e afogáronse corenta e tres, oito deles galegos.

Ao lugar do suceso acudiron as autoridades, entre elas o gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, José Solís Ruíz, que posteriormente sería ministro e coñecido polo apelativo de *la sonrisa del Régimen*. Os cadáveres foron conducidos ao peirao de conservas

Job, en Rande, desde onde se trasladaron en camiós a Redondela; a capela ardente instalouse no local, aínda sen inaugurar, do Auxilio Social, onde foron velados polos seus camaradas da Falange mentres militantes da Sección Femenina rezaban un rosario.

Os funerais celebráronse en Redondela o día 24 coa asistencia do bispo de Tui, frei José López Ortiz, e do lugartenente nacional da Guardia de Franco. O xefe do Estado mandou condolencias (*imaxe 1*).



Imaxe 1. Autoridades franquistas como Rafael Fernández Martínez, gobernador civil, Prudencio Landín Carrasco, alcalde de Pontevedra e a partir de 1959 presidente da Deputación, e José Solís Ruiz, secretario do Movimiento, na homenaxe ás vítimas do Monchita celebrada en 1958.

Os falecidos galegos foron: José María Lamas Lens (Santiago de Compostela), inspector do servizo municipal de limpeza, excombatente e voluntario da División Azul; Nereo López Rojo, xefe da garda municipal e lugartenente da Guardia de Franco no Porriño; Manuel Nogueira Pérez, garda municipal na mesma localidade; Simplicio Dafonte Salinas, Manuel Seara Iglesias, Ramón Mateo Reinoso e Lu-

ciano González (os catro de Ourense) e Isaac Rosón Pérez (Lugo), estudante de veterinaria en León e irmán de Antonio Rosón, daquela presidente da Deputación e subxefe provincial do Movimiento de Lugo. A morte deste último, dada a relevancia política da súa familia, acadou moita repercusión nos medios, que gaban as súas calidades: “Sabíamos de su noble afán de estudio y de su encendida fe de católico y español que le llevó a militar en las filas de la Falange”¹.

A organización á que pertencían as vítimas era a Guardia de Franco —ás veces confundida co corpo encargado de darlle escolta militar ao xefe do Estado—, que era unha organización encadrada na Delegación Nacional de Organizaciones del Movimiento, constituída por “miembros activos al servicio permanente de los Principios Fundamentales”² e dependente do xefe nacional, baixo a directa responsabilidade do ministro secretario xeral.

Fundada no ano 1944 e disolta en 1977, os seus membros procedían das Falanges Juveniles, Vieja Guardia de Falange, excombatentes e voluntarios da División Azul. Era unha organización de carácter paramilitar, con servizo de información propio, que na posguerra colaborou coa Garda Civil na loita contra as guerrillas. Representaba os sectores máis fundamentalistas do réxime como se testemuña no seu xuramento: “¿Juráis al ingresar en la Guardia de Franco vivir en constante afán de superación, servir con fanatismo y disciplina hasta la muerte al jefe nacional de la Falange?”³.

Nos anos posteriores, o aniversario do naufraxio conmemorábase cunha serie de actos na illa aos que asistían distintas organizacións falanxistas como a Vieja Guardia, Guardia de Franco ou SEU; celebrábase misa e ofrendábanse coroas que se arroxbaban ao mar.

¹ *El Progreso*, 24 de agosto 1950.

² Decreto 4 de febreiro 1970.

³ *El Pueblo Gallego*, 1 de abril 1945.

En 1958 asistiu o ministro Solís e realizouse a bendición dunha cruz colocada para lembrar o sucedido (*imaxes 2 a 7*).



Imaxes 2 e 3. Homenaxe ás vítimas do Monchita en 1958.



Imaxes 4, 5, 6 e 7. Homenaxe ás vítimas do Monchita en 1958.

O Lazareto convértese, pois, nun espazo de memoria no que conflúe a memoria dos vencedores como vítimas (falaxistas mortos no naufraxio) e como represores (responsábeis da chamada Colonia Penitenciaria), coa memoria dos vencidos presos na illa entre 1936 e 1943. Mais no conflito entre a memoria do bando vencido e o vencedor, é este último o que monopoliza o relato, capitalizado polas homenaxes anuais e actos simbólicos relativos ás mortes de integrantes da “nueva España”, a cruz que recorda o sucedido e a repercusión mediática dos actos que se celebraban.

O relato das vítimas foi relegado ao círculo privado, á familia (e aínda non sempre se falaba neste ámbito). O suceso deu lugar á consideración por sectores da poboación da existencia dunha especie de resarcimento no que estas obtíñan algo de xustiza coa morte violenta de xentes comprometidas coas organizacións que participaron na represión, unha sorte de xustiza divina para quen se vira desamparado na xustiza terreal (*imaxes 8 a 10*).



Imaxes 8 e 9. Mentres a Igrexa participaba nos actos falanxistas, as familias dalgunhas vítimas da ditadura crían ver “xustiza divina” en cada morte de militantes de Falange, máis alá do caso do Monchita.



Imaxe 10. Homenaxe ás vítimas do Monchita en 1958.

O relato triunfador, baseado no esquecemento do pasado carcerario e de terror da illa, pasa a estar centrado nas conmemoracións do naufraxio; hai unha conversión da illa da memoria (dos presos que alí padeceron) na illa do esquecemento, vixente aínda na actualidade. Isto fai imprescindible que, dende o coñecemento histórico, nos acheguemos ao ambiente de terror que someteu os alí presos naqueles anos escuros e o divulguemos entre a poboación. E para coñecer o alí sucedido nada mellor que utilizar a memoria dos represores, as biografías de dous personaxes capitais como foron o inspector de prisións Fernando Lago Búa e o médico de prisións Francisco Bustelo Bustelo, como fío condutor para adentrarnos nos mecanismos do terror.

En el día de hoy han sido pasados por las armas después de recibir los Santos Sacramentos los paisanos Francisco Bustelo Bustelo y Fernando Lago Búa, que hubieron de ser juzgados

y condenados a la última pena en el Consejo de Guerra sumarísimo celebrado el día 21 de Diciembre del año anterior.

Así daba conta o 5 de xaneiro de 1937, o comandante militar da praza de Vigo, Felipe Sánchez, da execución do inspector de prisións Búa e do médico Bustelo; remataba deste xeito a curta traxectoria dunha trama de extorsión e corrupción desenvolvida nos cárceres pontevedreses no último período do ano 1936 (*imaxe 11*).



Imaxe 11. Edificio da illa de San Simón que foi cárcere. Foto Rodríguez.

Nun tempo no que este tipo de comportamentos corruptos, que lles afectaba ás cúpulas da Falange provincial, Guardia Cívica pontevedresa e doutras localidades, estaba moi estendido, este caso pechábase deixando na poboación a sensación de que eran “chibos expiatorios” sacrificados nunha trama que parecía chegar a máis altas instancias, feito de difícil comprobación documental:

O funcionario de prisións Lago Búa só foi un home de palla que serviu para tapar as malas consciencias dalgúns, pero sobre todo a que debeu ser trama real.[...] Lago Búa e Bustelo só foron a punta dun témpano no que tamén estaban presentes o tenente Francisco González Rabioso e o propio gobernador civil, o tenente coronel Ricardo Macarrón Piu-do, que foi cesado no seu cargo⁴.

Fernando Lago Búa nacera no seo dunha coñecida familia de carniceiros do pontevedrés barrio do Burgo; a súa gran paixón era o fútbol, en concreto, a arbitrase. Do seu labor neste ámbito, a información na prensa rexional non era moi favorable a Búa, e mesmo dubidaba da súa honradez e imparcialidade: “Dudamos y dudaremos siempre de su nobleza y moralidad⁵”.

A finais do ano 1932 forma parte da directiva do Colexio Galego de Árbitros de Fútbol no que, en 1935 chega a ocupar o cargo de vicepresidente.

Ingresa no corpo de gardas de seguridade interior de prisións en 1934 co número 140 da oposición⁶. Estivo destinado na prisión do Dueso e, en febreiro de 1935, consta como trasladado á prisión celular de Madrid⁷; o 4 de abril de 1935 foi destinado á prisión de Vigo⁸; algunhas fontes afirman que, posteriormente, fora sancionado con traslado a Pamplona debido a malos tratos aos presos esquerdistas. Cando o golpe, estaba na prisión do forte de Ezkaba en Pamplona

⁴ Amoedo, G. (2005). *O penal das illas de San Simón. A II República e a guerra civil*. Actas do II Congreso da Memoria. Culleredo (pp. 589-597).

⁵ *El Correo Gallego*, 21 de outubro 1931.

⁶ *Vida Penitenciaria*, nº 64, 30 de marzo de 1934.

⁷ *Vida Penitenciaria*, nº 94, 20 de febreiro de 1935.

⁸ *El Pueblo Gallego*, 12-4-1935. *Vida Penitenciaria*, nº 99, 10 de abril de 1935.

polo que parece confirmarse o traslado. Con data de 26 de agosto de 1936 aparece na relación de cesantes e baixas na escala ditada polo Consello de Ministros do goberno da República e figura como garda de seguridade interior destinado en Pontevedra⁹.

Membro moi activo do Partido Radical Socialista, presidido en Pontevedra por Celestino Poza Cobas, forma parte da comisión conxunta co Partido Socialista para “contrarrestar la propaganda que en contra de la república y sus leyes vienen sosteniendo todos los elementos de las derechas”¹⁰.

Na reunión do 14 de decembro de 1932 varios militantes piden a expulsión de Lago Búa e dous correligionarios polo seu labor de desprestixio do partido; no caso de Búa, ademais, por pertencer ao “frente izquierdista juvenil” en contra do que se ordenara. Outra acusación é a de que, cando se creara no partido unha milicia cidadá con motivo da folga revolucionaria, estes militantes entregáranlle a Víctor Lis unha lista cos nomes de quen a formaba; ademais son acusados de informar ao gobernador das críticas que se lle facían nas reunións do partido. Lago Búa foi expulsado por unha maioría de 56 votos contra 12¹¹.

A primeiros de setembro de 1936 os xornais eloxian a “admirable obra social” de Lago cos enfermos detidos.

En publicacións do exilio faise referencia á actuación de Lago Búa cun relato no que a fabulación e os rumores parecen ter un forte peso; contan que pronunciaba arengas patrióticas aos presos “xogando distraidamente coa pistola” e nunha ocasión puxérala no peito a un preso gritándolle que berrara “¡Viva España!”, cousa que o preso facía con desgana ata que, diante das ameazas, berrou for-

temente e Búa enfundou a pistola murmurando: “Covardes. ¡Nin se-quera saben morrer!”¹². Tamén existen testemuños de presións con demandas de tipo sexual sobre as mulleres dalgúns presos: “As mulleres íanlle pedir a el o favor de ir ver o marido. E dicíalle: Se queres ir...tantos cartos. E levábaas a un hotel de Vigo, a durmir con elas”¹³. O 11 de novembro do 36, ás seis da tarde, comparecía na comisaría viguesa o doutor Francisco Bustelo Bustelo, de 50 anos, natural de Arca (A Coruña) e domiciliado en Vigo, cidade na que exercía como médico do cárcere. Detivéranlo por orde da Comandancia militar e incautáranlle documentación relacionada cunha extorsión ao tamén médico Ramón de Castro. Este, antigo afiliado á loxa masónica Vicus nº 8 e membro da CEDA, estivera detido en Príncipe e logo en San Simón por atoparlle no seu domicilio unha escopeta.

Ao día seguinte, 12 de novembro, declara e conta a súa versión dos feitos: o doutor Ramón de Castro, preso no cárcere, pedíralle chorando que falase con Lago Búa para que fixera por el o que puidese; Lago Búa díxeralle a Bustelo que con dúascentas mil pesetas quedaría en liberdade e nada lle pasaría. Bustelo aducira que lle parecía unha cantidade exorbitante e Lago Búa contestáralle que era indispensable pois tiña que atender outros compromisos. Como naqueles momentos había dificultades para conseguir esa cantidade en metálico, Lago Búa propuxo que Castro asinase dous documentos, por valor de cen mil pesetas cada un, a nome dun pontevedrés parente seu.

A operación contra Lago Búa e Bustelo estivo dirixida polo comandante do Estado Maior Francisco Senac Sánchez, axudado pola policía. Senac manifesta que soubo dos antecedentes do caso por confidencias e porque era de rumor público que De Castro achegara unha importante cantidade para o exército co obxectivo de obter a liberdade.

⁹ *Gaceta de Madrid*, nº 239, 26 de agosto de 1936.

¹⁰ Acta nº 12 de 29-4-1932. AHPPO. Agradezo a Serafín Fontenla por facilitarmas.

¹¹ Acta nº 21 de 14-12-1932. AHPPO.

¹² Pereira, C. [ed.] (1998). *O que fixeron en Galicia. 1936* (p. 63). Vigo: A Nosa Terra.

¹³ Franco Torres, M^a E. (2010). *Pasaxes na memoria* (p. 63). Sanxenxo: Librería Nós.

A Fernando Lago Búa detivérono o 14 de novembro; nunha primeira declaración negou todos os feitos pero o 28 de novembro rectifica as negativas anteriores e admite que lle dixeran a Bustelo, e posteriormente a De Castro, que se era preso governativo non sería difícil liberalo facendo entrega dunha cantidade en relación á multa que lle imporían; convindo que fora de duascientas mil pesetas.

Máis alá das versións ofrecidas por encartados e testemuñas nas súas declaracións, a investigación policial saca á luz outros aspectos das actuacións de Lago e Bustelo. Merece especial atención o contido de numerosas “Notas reservadas” con diversas consideracións de singular importancia, especialmente no referido ao funcionamento interno do cárcere de San Simón ou a información sobre “paseados”.

En relación coa detención de Lago Búa, afírmase que ese día entrara na oficina a recoller documentos e listas nas que figuraban relacións de presos para “sacar” de noite e encargáralle a un primo seu, Antonio Muíños Búa, preso na illa, levarlle 2.075 pesetas ao seu cuñado, condutor do coche de servizo do Lazareto. Ademais, a outro primo, o mestre Eduardo Muíños Búa¹⁴, díxolle que recollera o tabaco comisado e diversos obxectos. A nota tamén apunta que collera o abrigo do preso Álvaro Gil, valorado en 300 pesetas.

Noutra nota reservada afírmase que:

Durante la actuación de los señores Lago Búa y Bustelo, el funcionamiento del Economato ha venido efectuándose de una manera muy deficiente principalmente en lo que se refiere al rancho. Este, en la mayoría de las noches, se componía de berberechos con fideos y agua. En los demás días, así como en las comidas del mediodía era de carne con garbanzos, siendo aquélla de ínfima calidad, pues se trata de vísceras y otros desperdicios de las reses. Hasta

el día 7 u 8 del mes actual el peso de la carne consumida diariamente, oscilaba entre 30 y 35 Kilogramos; a partir de esa fecha, el rancho mejoró notablemente y sobre todo al hacerse cargo el jefe actual ya que la carne era de buena calidad y su peso aumentó hasta la cantidad de 60 a 85 Kilogramos. De todos los víberes (sic) empleados en la cocina, como berberechos, estos de un valor insignificante, legumbres, carnes, etc, se pagaban sin factura original y esto daba lugar a que en los asientos de los libros figurasen cantidades, que en realidad, no han existido. Por el propietario de la carnicería (sic) de Redondela abastecedora del Economato ha sido adquirida la noticia de que el señor Búa escudándose en el cargo que ostentaba, obligaba a vender la carne a una peseta el Kilo cuando su valor era de una peseta con cincuenta céntimos. El señor Búa además, se quedaba con el tabaco y comidas que los familiares de los presos enviaban para éstos, con el fin de obligarles a que consumiesen en el Economato. En éste, se vendía el tabaco con un recargo de cinco céntimos, a excepción de los paquetes de una peseta y diez céntimos, que se vendían a una veinte. El vino que se vende y que es de pésima calidad, es al precio de una peseta el litro. También se vendían botellas de coñac OSBORNE al precio de ocho pesetas con cincuenta céntimos la botella y el vino tostado MARUXA a seis pesetas la botella y Vermout pero este sin poder precisarse el precio¹⁵.

As pescudas policiais apuntan a que Lago Búa posuía na súa casa de Pontevedra un verdadeiro almacén de roupas de cama, caixas de xabón e botellas de auga de Mondariz. Segundo estas fontes, o

¹⁴Mestre de Verducido executado o 2 de decembro de 1936 en Pontevedra.

¹⁵Causa 1219/36. AIMN.

barbeiro do Lazareto entregáballe o 25 por cento do recadado e os barqueiros que se encargaban do transporte de familiares para as visitas aos presos tamén achegaban unha porcentaxe. No relativo á conduta, fan referencia ás visitas “a su querida” e dos regresos “completamente embriagados” xunto a un recluso que exercía de chofer “diciendo el señor Busquet [o chofer] que el conocía la lista de los que iban a sacar aquella noche para aplicarles la ley de fugas, por habérsela enseñado el señor Búa” (*imaxe 12*).



Imaxe 12. Autoridades franquistas, con Solís á cabeza, na homenaxe de 1958.

Sobre a existencia de implicación na trama de personalidades a maior nivel, como o delegado de orde pública Eugenio Calderón, o gobernador civil Ricardo Macarrón e o tenente da garda civil Francisco González, o Rabioso, existen numerosas publicacións, á parte a citada de Amoedo, que apuntan nesa dirección aínda que sen achegar probas concluíntes:

Al verse perdidos los dos ensartados (sic), pudieron tirar de la manta y denunciar a sus cómplices revelando los nombres y los cargos de los jefes de Falange y de los militares que estaban positivamente comprometidos, con lo que hubiesen puesto al descubierto la podredumbre del régimen “salvador de España”. Lo hubieran hecho, sin duda, si no se les hubiese insinuado que absteniéndose de hacer revelaciones que pudiesen causar descrédito a las autoridades superiores y resignándose a que aparentemente se les condenase sin mayor escándalo, serían en última instancia graciados y el proceso quedaría simplemente en una hábil comedia representada sin otra finalidad que la de salvar las apariencias. Les tuvieron así espe-



Imaxe 13. Autoridades en visita oficial á illa de San Simón e ao Fogar de formación mariñeira Méndez Núñez sito na mesma.



Imaxes 14 e 15. Autoridades en visita oficial á illa de San Simón e ao Fogar de formación mariñeira Méndez Núñez sito na mesma.



ranzados hasta el último momento y pudieron fusilarles sin que tuviesen ocasión de delatar a sus elevados cómplices¹⁶ (*imaxes 13 a 15*).

O auto de procesamento, ditado en Vigo o 20 de novembro de 1936, afirma que Lago e Bustelo propuxéranse “subrepticia y alevosamente” obter 200.000 pesetas de De Castro como “compra de su libertad y en un abuso de la función que le estaba encomendada”.

Como apuntamos anteriormente, algunha das notas reservadas contén información sobre “paseados”; nunha delas afirmase que o día 8 de novembro de 1936 sacaron de San Simón, para conducirlos ao cárcere de Redondela, a José López Bernárdez, Luis Frade Pazos, Ramiro Granja González, Luis Varela Sobrado, José Montoto Rodríguez, Eliseo Garra Lalín, Alfonso Alonso Portugue (sic), Telmo Rodríguez Alonso, Juan Alonso Pérez, José Gómez Sampayo e Antonio Picallo Buela. Sabemos que foron fusilados na volta do Couto e enterrados en Tenorio. O día 9 efectuaron o mesmo con Manuel Fontán Herbón, Manuel Lustres Rivas, Abdón Simón Da Ponte, Silo Marmolejo Santos, Vicente Bautista Faria, Manuel Nores Portela, Víctor Fraiz Castellanos e Florentino Vázquez Doval. Neste caso foron “paseados” en Trasmañó (Redondela).

O día 11 sacan a Gumersindo González González, José Romero Castiñeiro, Alberto Casal Dozo, Ángel Rial Vidal e Eduardo García Santos. Estes, xunto con Antonio Fariña Duque, foron asasinados na estrada de Campo Lameiro, na Lomba (Gargallóns), e enterrados nunha foxa na parte exterior do cemiterio de santo André de Xeve. Examinando o que lle fixeron a Alberto Casal Dozo, o Rosquilleiro comprobamos o mecanismo utilizado para as “sacas” do Lazareto: na causa 199/37 afirmase que foi entregado á Garda Civil para trasladalo ao cárcere da Cañiza; existe un oficio do xefe do Lazareto,

¹⁶ Pereira, C. (ed.), op. cit., (pp. 64-65).

Pelegrín González (29-1-1937), no que se comunica que Alberto foi trasladado ao cárcere de Redondela o 11 de novembro xunto con varios máis, gárdase recibo da entrega; no cárcere de Redondela certifican o ingreso por orde de Lago Búa e que o 12 de novembro fíxese cargo deles a garda civil. Afírmase que ao chegar á parroquia de Xeve, ao parar o vehículo por avaría, tentou a fuxida e, ao non deterse ás voces de alto, a forza condutora causoulle a morte.

Un caso significativo das actuacións de Lago Búa foi o referido ao médico Celestino Poza Cobas; este confirma o terror existente na illa “una depresión de espíritu tan brutal que rebasaba los límites del terror”, pero reconece que Búa nunca lle fixera ningunha oferta de liberdade a cambio de diñeiro. De todos os xeitos, conta un suceso sospeitoso que lle ocorrera cando foi detido por primeira vez e, na noite do 2 de setembro, conducido pola Garda Civil e Lago Búa ao cárcere de Cambados, ao parecer por orde verbal do delegado de orde pública:

Al llegar al citado punto de Campañó bajaron (sic) la Guardia Civil para hablar con un grupo de falangistas y un cabo de guardia civil y siguieron unos treinta metros el dicente y un cabo y un falangista y al poco tiempo después de hablar Lago Búa con los restantes le manifestó al cabo a quien llamó, algo que el dicente traduce en la intervención directa de Lago Búa por el, al volver el cabo le dijo Rece Vd un padre-nuestro que le ha salvado la vida¹⁷.

Escenificación pactada entre Búa e os gardas ou defensa real de don Celestino?

Tamén se investiga o destino do diñeiro e materiais obtidos na recadación propensos. Lago manifesta que non se chegara ás mil pesetas en metálico, que foron empregadas en gastos do cárcere pon-

¹⁷ Causa 1219/36. AIMN.

tevedrés. Di que o resto do material, entre eles lámpadas e unha reixa do cárcere da Normal, foi levado en calidade de depósito a unha finca da súa propiedade cando foi desaloxado aquel, e que de todo iso lle dera conta ao delegado de orde pública, o Sr. Calderón¹⁸.

O 21 de novembro, o gobernador militar de Pontevedra comunícalo ao comandante militar de Vigo que o gobernador militar de Navarra encarecía a detención e condución a Pamplona de Búa. O motivo da requisitoria era a denuncia diante das autoridades militares navarras da súa conduta cando, nos primeiros días do Movimiento, prestara servizos de vixilancia en Falange con autorización do director do cárcere do forte de san Cristóbal, no que prestaba servizo. Segundo a nota, Búa desertara cando sospeitou que o ían encarcerar por “haber cometido atropellos y robos en las casas en que efectuó registros, recogiendo cantidades que no entregó a nadie”¹⁹.

Da súa estancia como preso no cárcere de Vigo conta Manolo Barros, preso naquelas datas, que tentara suicidarse cortándose as veas e apunta que lle asinaran a un tal Bamio, boxeador preso, para compartir cela con el e evitar que se suicidase. Logo da condena parece ser que Búa “só facía choromicar” e nin contestaba aos insultos dos outros presos; Bustelo, segundo Barros, era menos escandaloso e pasaba o tempo charlando cun condenado a morte: “ti morres apreciado dos teus amigos, en cambio eu son odiado dos meus inimigos e despreciado dos meus amigos”²⁰.

Na causa 1219/36 actuou como instrutor o comandante Luis de Vicente Sasiain. O fiscal xurídico militar, Hernán Martín-Barbadillo, foi moi duro no seu ditame acusándoos de miserables infiltrados

¹⁸ Eugenio Calderón Montero-Ríos, capitán de enxeñeiros, relevado o 23-10-1936 polo comandante Julio Fernández de los Ríos.

¹⁹ Comunicación do gobernador de Pontevedra, 7-12-1936. Causa citada. AIMN.

²⁰ Amoedo, G. [ed.] (2006). *Memorias de Manolo Barros* (p. 81). Santiago: Fundación 10 de marzo.

nas filas dos “buenos patriotas”, aproveitando para lucrarse con sucios e turbios negocios. Cualifica os feitos de rebelión militar coa circunstancia agravante de perversidade e solicita a pena de morte e dous millóns de pesetas de indemnización. O consello de guerra celebrouse o 21 de decembro de 1936 e foron condenados a morte. Fernando Lago escribe nunha carta ao xuíz instrutor: “Yo pido perdón a todos los que por mi han sido ofendidos y ruego a Dios perdone a los que me juzgaron y a V; ya muerto que Dios no me tenga en su gloria si yo fui un traidor, ni merecía ser juzgado como tal; di por mi patria todo lo que pude [...] La injusticia de mi muerte, les remorderá la conciencia a los que me juzgaron”²¹.

Francisco Bustelo diríxese ao xeneral Franco noutra carta, nela excúlpase atacando ao doutor De Castro “de conocidísima significación izquierdista y destacado masón” e sinala a Lago Búa como o único responsable, xa que el se limitara a acceder a un rogo dun amigo; ademais fai un recordatorio dos seus servizos á causa e a súa intercesión a favor dos falanxistas vigueses cando os prendían.

Os condenados foron pasados polas armas ás 11 da mañá do 5 de xaneiro de 1937 nos arredores do cuartel do Castro, en Vigo, e trasladados ao cemiterio de Pereiró. Mandaba o piquete o tenente da Garda Civil Francisco González, o Rabioso, a quen, como xa apuntamos, algunhas fontes sinalan como partícipe da trama.

O doutor Ramón de Castro marchou posteriormente para Valladolid e alí traballou no Instituto Nacional Antituberculoso ás ordes do xeneral Martínez Anido. Logo da morte deste, foi xulgado e condenado a 12 anos e un día por delito de masonería, a pesar de que fixera declaración de retractación no 1940, que foi considerada insincera. Morreu en 1944 aos corenta e catro anos de idade.

²¹ Causa 1219/36. AIMN.

Retrato necesario da Pontevedra satisfeita e eufórica coa ditadura

Xosé Enrique Acuña

En Pontevedra, os que gañaron a guerra, ben que a gañaron. Esta era unha frase que sempre circulou pola cidade e, paradoxal, repetida tanto polas familias azuis e de dereitas (con orgullo, descaro e lucro), como polas roxas e de esquerdas (aquí con dolor e amargura), e tamén por aquelas (a maioría) que non gozaron con premio ningún logo da vitoria armada de 1939.

As armas e a violencia foron fundamentais e decisivas desde os primeiros días do alzamento militar nunha cidade que nunca se destacara por conflitos sociais de carácter violento ou que derivasen en mortes ou asasinatos. Todo o contrario. O movemento obreiro sempre se implicara na boa gobernanza da cidade e compartiu decisións cidadás con cargos políticos e concelleiros da dereita desde postos de representación no concello. Un distinto e externo facer, puramente represivo, asentará na cidade en xullo de 1936.

Neses días, a veciñanza puido ver como un médico, o caso de Víctor Lis, lideraba en persoa o piquete de execución que asasina en decembro de 1936 a Consuelo Acuña e o seu irmán Ramón na Poza do Crego (sen descartar, como era de ordenanza, que o propio Lis efectuase os regulamentarios tiros de graza), ou soportar como mulleres católicas apostólicas e romanas da dirección das carlistas “Margaritas” locais, asistisen orgullosas, tamén vingativas, a moitos dos fusilamentos que se desenvolvían nas beiras do Lérez para celebralos e airealos, voz en alto, unha vez retornadas á vila. Tamén coñecer que aulas do Instituto local foron convertidas en “capela” onde as persoas condenadas a morte esperaban a execución de sentenza ou que a escola de Maxisterio fose convertida en prisión. Polos xornais se transmitía unha continua relación de persoas “pasadas polas armas”, tiroteadas en aplicación do “bando de guerra”, e mais tamén unha sucesión, imposible de conter, de nomes e apelidos dos “seus” mortos na fronte. Toda unha socialización interesada da morte que coincide cunha sorte de comunión co sufrimento que servirá como claro motor de explosión dos sentimentos e apoios necesarios que precisaban as autoridades militares e as súas alianzas. Tamén unha certa colectivización das emocións (e da propiedade privada, apuntamos) que implicaba aceptar a violencia, contribuír economicamente co esforzo de guerra (o caso aínda non cuantificado das entregas familiares de ouro), e comprender —desde un deturpado concepto da resignación cristiá— a posibilidade da morte en combate contra o exército *rojo*.

Aínda así, os falecidos na guerra (voluntarios ou da leva) tampouco foron tratados de igual xeito polas novas autoridades. Un descarado clasismo arrodeou a elección sobre a quen se lle celebraba a morte en acción bélica con maior vigor. En Pontevedra, dous foron os “caídos” aos que se lle prestou máis atención e cuxo falecemento foi utilizado en clara clave de propaganda. Caso a salientar foi o que

acontece con Paco Leis, un “caído” que en realidade se correspondía con Francisco Pardo de Castro, fillo menor dos marqueses de Leis, con pazo da súa liñaxe en Campolongo. Por un tempo *novillero* afeccionado, mobilizado como alférez provisional, Leis falece en febreiro de 1937 na fronte de Madrid encadrado na Legión, e o concello bautizará co seu nome unha praza, xa en febreiro de 1938. Outro falecido en acción de guerra, Salvador de Foronda, recibe honores de inmediato cando morre o 25 de agosto de 1937 aos 16 anos como voluntario nas columnas falanxistas. “¡Como le envidiamos!”, afirmábase ante esta desaparición desde a Falange local, que admitía que Foronda “era el más joven de los viejos” militantes. A propia familia Foronda asume o trágico óbito abrazándose á retórica necrolóxica en uso. A súa irmá Mari Carmen, a famosa señorita de Foronda (sempre recordada armada de pistola no cinto), expresaría: “¿Es que pensábamos que la guerra era tomar cerveza en el café y hacer trincheras con los mondadientes y avances con los huesos de las aceitunas? (...) ¡Al frente se va a morir...!”.

Como se fixera con Paco Leis, o nome de Salvador Foronda sería o escollido pola Falange para denominar o Hogar Juvenil do Frente de Juventudes.

Certo é que os que gañaron a guerra, despois de reverter polas armas a legalidade constitucional, tiveron unha descomunal cantidade de vítimas. Entre elas, na fronte de Teruel, Manuel Ferreirós Espinosa, o fiscal militar que conseguira a condena a morte de Consuelo e Ramón Acuña. A prensa dos anos bélicos era un rego continuo de informacións sobre mortos na fronte, homenaxes fúnebres e enterros e, en nada, chegou a demanda de erixir monumentos funerarios colectivos para así mandar unha mensaxe á sociedade de que esas vítimas foran necesarias para a vitoria “sobre Rusia y el comunismo”. En Pontevedra, o primeiro deles edificouse no cemiterio de San Amaro (*imaxes 1 e 2*), sorprendentemente, por parte dunha



Imaxe 1. Acto que anualmente celebraba a Falange en Pontevedra como homenaxe a Secundino Esperón e ao resto de “caídos” no cemiterio de San Amaro (Pontevedra).



Imaxe 2. Alumnas dun colexio relixioso entre o público asistente á homenaxe a Secundino Esperón e o resto de “caídos” realizada no cemiterio de San Amaro.

nada neutral Asemblea Provincial da Cruz Vermella, que nese tempo tiña como secretario a Luis Huesa, antigo membro do Seminario de Estudos Galegos, que se sumara á Falange. Un mausoleo granítico a xeito de arco de triunfo dedicado, díxose, aos que “ascendieron a la región de los luceros”. Da autoría do arquitecto Emilio Quiroga, a súa inauguración, con misa a cargo do infausto padre Luis (Fernández Espinosa), celebrouse o 23 xullo de 1939.

Dous anos máis tarde, malia a envergadura do monumento de San Amaro, as xerarquías falanxistas entenderon que o centro da cidade merecía un novo espazo monumental para homenaxear en exclusiva os seus mortos. Escollen a avenida de Montero Ríos, paralela á bautizada como Alameda de José Antonio, para levantar unha Cruz de los Caídos que, con enorme pompa falanxista, militar e católica (e representación, resaltouse, do “partido nazi e del fascio italiano”), será inaugurada en decembro de 1941 (*imaxe 3*).



Imaxe 3. O presidente da Deputación, Luis Rocafort, e o gobernador militar de Pontevedra, o xeneral Amador Regalado, facendo unha ofrenda floral na Avenida de Montero Ríos no XVI aniversario da morte de José Antonio Primo de Rivera.

Por moitos anos estes dous monumentos foron utilizados, en especial a Cruz de los Caídos, para realizar na súa contorna actos e concentracións nos días en que o réxime franquista precisaba acumular forzas, render homenaxes e aniversarios e demostrar, sobre todas as cousas, a súa capacidade de mobilización. Estratexias de propaganda e control político que pasaban por carretar excombatentes, soldados pensionados e excautivos, gardas de Franco, alféreces provisionais e, sempre con camisa azul, militantes da Falange (*imaxe 4*).



Imaxe 4. Comida da Hermandad de Alféreces Provisionales, cuxo capítulo provincial foi constituído en xullo de 1958 na sede da Junta Provincial del Movimiento de Pontevedra.

Tamén transportando de xeito obrigado soldados e mariñeiría ou, como no caso de Pontevedra, estudantes que se sacaban de centros públicos e relixiosos (tamén hospicianos e escolanías) da cidade e a súa contorna. Era o momento das fotos brazo en alto, dos discursos grandilocuentes e de dar testemuño da enorme potencia simbólica dun réxime que se mantiña intacto desde o tramo de guerra e pos-

guerra até aquela cínica e aparatosa celebración dos “25 Años de Paz” de abril de 1964.

Entre 1936 e ese 1964 da “paz” franquista (tan publicitada e vendida por Fraga Iribarne e Pío Cabanillas, este aínda en 2022 “fillo adoptivo” da cidade e “predilecto” da provincia), Pontevedra sufriu once gobernadores civís designados desde Madrid e —xa en clave de submisiva trama colaboracionista local— de oito presidentes da Deputación e nove alcaldes, todos elixidos con dedo ditatorial desde a dirección da Falange. Gobernadores como aquel Torres Bestard, que cesara o 4 de abril de 1939; o sinistro Manuel Gómez Cantos, un comandante da Garda Civil que dera ordes de que se lle alcumase como Papá Manuel ou outro oficial do mesmo corpo como Francisco García Alted, desde setembro de 1939. En marzo de 1940 chegaba por primeira vez ao goberno civil un *camisa vieja* andaluz da Falange —e á vez militar— como era Francisco Rodríguez Acosta que foi o que presidiu a inauguración da gran cruz erguida en 1941. Foi substituído por Genaro Riestra Díaz, un asturiano que tivera un papel destacado na Falange de La Habana onde realizara labores de espionaxe en apoio do exército golpista e que, xa retornado, acadara protagonismo na creación das chamadas Falanges del Mar. Ascendido Riestra (sen ningunha relación cos Riestra pontevedreses) con destino a Bilbao, pasa a ocupar o goberno civil a finais de 1944 Luis Ponce de León y Cabello (*imaxe 5*). Este enxeñeiro, que salta a gobernador cando ocupaba a alcaldía de Pontevedra, é todo un exemplo do enorme poder que gozaban os técnicos do Estado na toma de decisións que implicaban, mediante obras públicas (neste caso nos portos de Pontevedra e Marín), o enriquecemento de escollidas familias pontevedresas plenamente involucradas no colaboracionismo coa ditadura militar.

Ponce de León, con parte da súa familia máis directa asasinada na zona republicana, foi coñecedor de primeira man, mediante o seu



Imaxe 5. Luís Ponce de León, no medio sen gorra na cabeza e co uniforme da Falange, á saída dunha celebración relixiosa na basílica de Santa María de Pontevedra. Foto Pintos.

cargo e posición, do papel de policías como José Ruiz Calvo e Carlos Caba, que dirixiron as investigacións (con Óscar Montero Rodríguez como especialista operativo da Brigada Político Social) que conducirían á caída en 1948 dun importante número de activistas de esquerdas que, tras o triunfo aliado en 1945, intentaran reorganizar, con entusiasmo renovado, a oposición local e provincial ao réxime franquista. Por moitos anos, fóra de escoitar as emisoras clandestinas, o activismo republicano e de militancia obreira na cidade de Pontevedra sofre unha limitación absoluta ante a situación de desmantelamento e medo que xerou esta gran redada policial e xudicial do 48. De certo que haberían de pasar moitos anos para que —e exclusivamente no PCE—, fose renovada a militancia clandestina e aparecesen, e aínda así de xeito tímido, xusto despois dos “25 Años de Paz”, estruturas organizativas da esquerda en Pontevedra.

Estes réditos policiais foron aproveitados polo gobernador civil que chega a Pontevedra para suceder a Ponce de León, dotado no seu caso dunha enorme experiencia na represión e exterminio de militancia obreira. Trátase de José Solís Ruiz, figura despois con enorme proxección como ministro de Franco, que desde a súa arribada en agosto de 1948 —cunha esquerda na práctica liquidada e ben vixiada pola policía política e mais os servizos de información da Falange e da Garda Civil— céntrase en renovar a estrutura do Movimiento na provincia. Ábrelle a porta a novos cargos intermedios e á vez ratifica o control xerárquico de Antonio Puig Gaité e César López Canabal na Falange provincial (*imaxe 6*).



Imaxe 6. Recepción ao ministro, José Solís Ruiz, secretario xeral do Movimiento, á súa chegada á casa do concello de Pontevedra en 1956. Ao fondo, entre o público, Filgueira Valverde.

Solís, que exerce até o 20 de xuño de 1951, dá paso ao médico Elías Mario Palao Martialay, que ocupa o seu cargo até febreiro de 1956, vivindo en exclusiva das rendas organizativas de Solís e Puig Gaité.



Imaxe 7. Un momento do acto de toma de posesión de Alberto Martín Gamero, co uniforme do Movimiento, como gobernador civil de Pontevedra, o 16 de febreiro de 1956. Con el aparece Antonio Puig Gaité.

Palao daralle remuda, por un breve tempo, non máis de dous meses, ao notario, *camisa vieja* e divisionario en Rusia, Alberto Martín Gamero, que en Pontevedra non deixou a pegada que, en cargos posteriores, conseguirá dentro da nomenclatura ministerial e empresarial do réxime (*imaxe 7*).

Maior incidencia lograría o seu sucesor, Rafael Fernández Martínez, fiscal de carreira, e que nos seus cinco anos no cargo se beneficia dos cuantiosos investimentos administrativos que o goberno central realiza na cidade (*imaxe 8*).

Remata o seu mando en marzo de 1961 cando ocupaba despacho no novo edificio construído ad hoc para goberno civil e no que a continuación sentará José González-Sama García, un avogado chegado desde Tarragona, que será o gobernador que administre toda a propaganda e fastos da celebración dos chamados “25 Años de Paz”.



Imaxe 8. Reunión do Consejo Provincial del Movimiento na que tomaron posesión dos seus cargos Prudencio Landín Carrasco, como delegado provincial de Xustiza e Dereito e David Pérez Puga, como xefe provincial do SEU; ambos aparecen na foto xunto con Rafael Fernández, xefe provincial e gobernador civil, e os antecesores nos cargos respectivos.

Toda esta serie de cargos franquistas nomeados en cadanseu consello de ministros para dirixir politicamente a provincia baixo os ditames do partido único, contaron coa colaboración directa dunha serie de submisos e á vez interesados alcaldes de Pontevedra, que sempre foron escollidos con base nun contrastado e recoñecido colaboracionismo, e mais tamén desde a aceptación por parte deles —ben que coñecían os nomes e alcumes dos matarifes e paseadores do 36— de todos e cada un dos métodos de coerción represiva exercidos pola policía política, garda civil, exército e, non hai que esquecerlo, a ampla rede de coacción das distintas organizacións e servizos da Falange, coa Sección Femenina e sindicatos verticais, incluídos.

A esta extensa trama, en Pontevedra en particular, habería que engadirlle unha vixiante malla clerical e nacional católica e máis, cun papel nada desprezable, a propia xustiza civil da ditadura coa Fiscalía de Tasas (tan pouco estudada) e os tribunais especiais e administrativos, como totalitario exemplo das prácticas de represión e control da cidadanía en xeral e, claro é, da poboación non adepta con particular saña.

Así, superado o tempo das xestoras nadas no tempo real do golpe de estado, o gobernador civil (ou militar) pasa a situar alcaldes como Eladio Becerril, coronel de infantería, e Ernesto Baltar Santaló, avogado, aínda en período bélico. De seguido, co mesmo sistema, a un empresario, antigo home de confianza da Banca Riestra e empresario conserveiro, Remigio Hevia Marinas, polo seu “carácter enérgico”, sinalara o gobernador Gómez Cantos. Logo a Luis Toledo Freire, secretario da primeira CONS, (Central Obrera Nacional Sindicalista) provincial. Nun discurso de 1937 deste sindicato fascista, Toledo afirmaba: “La Patria son las carabelas colombianas que fueron a descubrir nuevas rutas imperiales”. Sucédelle Luis Ponce de León y Cabello, enxeñeiro director de Obras del Puerto até setembro de 1944, data na que foi obscenamente substituído por Calixto Gómez Posada, o seu secretario en Obras del Puerto, que ocupará a alcaldía até 1949. Ano que pola Falange volve a ser sinalado para ocupar o posto o autoritario Remigio Hevia, un home que tivera un familiar directo paseado polos homes de Víctor Lis e tamén un fillo piloto na División Azul, e mesmo condecorado pola Alemaña nazi coa Cruz de Ferro (*imaxe 9*).

Hevia, que xa fora alcalde tamén na anterior ditadura de Primo de Rivera, cesa en 1952 e o seu posto pasa a ocupalo o arquitecto Juan Argenti Navajas. Persoa, que malia a súa formación, foi o autor intelectual da alcaldada que levou á retirada en 1953 —o mesmo ano que recibe a Franco na cidade— do monumento a Valle Inclán que



Imaxe 9. O gobernador civil e xefe provincial do Movimiento Elías Palao e o alcalde de Pontevedra, Remigio Hevia, á dereita, colocando unha coroa diante da “Cruz de los Caídos” na Avenida de Montero Ríos, en Pontevedra, con motivo do día 1 de outubro de 1951, data na que se conmemoraba o “Día del Caudillo”.

se erixira en Pontevedra en 1936. Argenti Navajas, con filla casada con militar (un dos grandes negocios das familias desta dereita local sempre foron as vodas), é todo un visible exemplo da actuación retórica do colaboracionismo pontevedrés para xustificar a súa presenza en determinados cargos públicos da ditadura. Argenti, que tratara persoalmente a persoas fusiladas, agachadas e exiliadas do 36 (coincidira co comunista Manuel García Filgueira e Bibiano Osorio F. Tafall na Escuela del Trabajo), no seu discurso de toma de posesión pronunciara unha desvergoñada frase: “Me hago cargo de la alcaldía contra mi voluntad” afirmación que, en distinta versión ou ano, era repetida como finxida escusa por tantos dereitistas pontevedreses cando estes aceptaban ocupar cargos de responsabilidade na ditadura.

Como caso paradigmático, por ocupar en distintos anos tanto a alcaldía de Pontevedra como a presidencia da Deputación provincial, sería destacable subliñar o de Prudencio Landín Carrasco. Debe citarse como exemplo de como se colocaron e situaron diversas personalidades pontevedresas, e as súas familias, dentro da estrutura política e empresarial do franquismo. Prudencio Landín Carrasco titulárase en Madrid en 1933 como avogado e era fillo de Prudencio Landín Tobío, tamén avogado e xornalista que na primeira década do século XX significárase na loita antiforal, e que xa declarada a República se mantivo leal ao novo réxime democrático desde un achegamento interesado a Portela Valladares, político que na súa etapa de poder ministerial incluíu na súa secretaría particular o seu fillo José, irmán xa que logo dun Prudencio Landín Carrasco que en 1937 xa era alférez provisional no exército de Franco. Os fillos e fillas do vello Landín, que sufriu represión económica e certas molestias do novo réxime, súmanse con entusiasmo á Falange e a Acción Católica, cun deles, Amancio, convertido en militar e posteriormente en divisionario en Rusia.

Prudencio Landín Carrasco, casado con Cruz Martínez Martínez, filla do comerciante e empresario agrícola Severino Martínez, exerce por un breve tempo de maxistrado suplente na Audiencia Provincial antes de que, plenamente involucrado na Falange, sexa sinalado polo goberno civil para ocupar, en distintas etapas, a alcaldía de Pontevedra (1957) e a presidencia da Deputación Provincial (1959) (*imaxe 10*).

Complementado o poder familiar con vodas e emparellamentos, Prudencio Landín Carrasco continúa a súa carreira política no réxime até o momento no que, ocupando o cargo de gobernador civil da Coruña, o antigo alcalde de Pontevedra verase directamente implicado nos graves actos represivos polos que forzas á súa orde actuaron violentamente no conflito obreiro de marzo de 1972 de Ferrol. As operacións policiais provocaron o asasinato dos sindicalistas Ama-



Imaxe 10. Prudencio Landín, na súa etapa como alcalde, xunto a outros cargos do Movimiento como o gobernador e xefe provincial Rafael Fernández Martínez logo dunha reunión no edificio dos Sindicatos, en Pontevedra.

dor Rey e Daniel Niebla, numerosas persoas feridas, así como procesos e torturas en dependencias policiais baixo o seu control gubernativo, que quedaron plenamente documentadas por reiteradas testemuñas directas. Nese mesmo ano, e xa desde 1968, Prudencio Landín Carrasco se significou igualmente desde o seu goberno civil na represión do movemento estudantil na Universidade de Santiago, servíndose do papel de acreditados policías franquistas, no caso de Ferrol, ou de comisarios da brigada político-social á súa orde directa, como o sinistro José Ramón Piñeiro Gómez. Tristemente para a saga Landín Carrasco, o seu irmán Rafael —tamén con traxectoria como cadro do Movimiento en Pontevedra e home de confianza de Manuel Fraga Iribarne— viviu un episodio semellante, pero de maior gravidade se cabe, cando ocupaba o cargo de gobernador civil de Álava, xa en plena transición á democracia. En marzo de 1976, no contexto dunha folga xeral, forzas da Policía Armada baixo o control

gubernativo de “Rafaelito” Landín, dispararon friamente sobre unha concentración obreira co resultado final de cinco traballadores mortos e varias persoas máis feridas por impacto de bala. Un massacre acontecido xa despois da morte do ditador Franco, a quen Prudencio Landín Carrasco tratou, moi de primeira man, durante o seu paso como gobernador civil na Coruña. De feito, parte da familia do ditador pasou xornadas convidada na mansión pontevedresa que na Parda mantiña aberta a familia Landín Carrasco, cando menos até 1973 (nesta data, xa, as netas do “caudillo”).

Esta clara asunción de cargos públicos da ditadura por parte de representantes da dereita católica e falanxista pontevedresa, con enormes vantaxes para as súas familias, prodúcese igualmente na deputación provincial. Os seus presidentes, primeiro xestores, foran designados pola autoridade militar para pasar posteriormente a ser premiados no cargo pola Falange. Nomes como Javier Puig Llamas (1936), o militar Rafael González Besada (1937), ou o alcalde vilagarcían Jacobo Rey Daviña (calvosotelista primeiro, joseantoniano despois, que, cando Franco visita Pontevedra en outubro de 1937, manifestou estar disposto a ofrendar a súa vida “por la reconquista de los valores eternos de la hispanidad”).

Tamén Luis Toledo Freire, Rafael Picó Cañeque (outro enxeñeiro de portos) ou Manuel Fontoira Peón, médico ao que se lle encargara en novembro de 1937 o retorno ao Toledo “liberado” dos sesenta e seis nenos e nenas desa provincia acollidos en Pontevedra. Fontoira recibirá en 1948 unha institución practicamente desmantelada no económico e con fortes deficiencias nos servizos, que intentarán corrixir os presidentes que chegan desde 1951, como Luis Rocafort Martínez, Luis Suárez-Llanos, Prudencio Landín Carrasco e Enrique Lorenzo Docampo, que será o presidente que lle conceda a Medalla de Ouro da provincia á Sección Femenina, colocándolla en 1964 á propia Pilar Primo de Rivera.

Todos eles baixo o poder real e efectivo do falanxista de primeira hora Antonio Puig Gaité que, en rigor, era quen manexaba todas e cada unha das estratexias e intereses, ás veces encontrados, nos que se vía inmersa a Deputación co conseguente reparto de regalías e empregos (*imaxe 11*).



Imaxe 11. Reunión do Consejo Provincial del Movimiento na que se procedeu “a elección dun conselleiro nacional representando á provincia de Pontevedra”; o elixido foi Antonio Puig Gaité, que aparece na foto sendo felicitado polo xefe provincial e gobernador civil, Rafael Fernández Martínez.

Luis Estévez Rocafort Martínez, tras licenciarse como avogado en 1933, realiza unha ampla viaxe de estudos que o conduce a Suíza e París durante 1934. Fillo dun comerciante almacenista, que formaba parte dunha familia de armadores e consignatarios asentados en Marín, o sorprendente é que sendo fillo de Salvador Estévez Rocafort, na súa vida política, Rocafort sempre gustou de esquivar o Estévez do seu primeiro apelido. Na guerra do 36 fora sarxento de automobilismo, mais en posteriores biografías oficiais adxudicában-

selle numerosas medallas militares logradas, malia a súa escasa gradación, por méritos bélicos. En 1950 foi responsable do Auxilio Social en Pontevedra e mesmo logra que se lle conceda polo réxime a Orden de Cisneros. Rocafort sorprendera as súas amizades en 1938 ao casar con Isabel Quintero, filla do compositor español Antonio Quintero (do famoso trío Quintero, León y Quiroga).

Con apoio de falanxistas como Ramiro Pardo Ciorraga, e desde o achegamento comenenciado que a súa muller abrira con Isabel R. Sedano, esposa de Solís Ruiz, Rocafort foi nomeado presidente da Deputación en setembro de 1951, e un ano despois xa era procurador nas cortes franquistas. Como contrastado nacionalcatólico, Rocafort foi o inventor do ficticio padroado da Virxe Peregrina sobre a provincia (sempre utilizado e manipulado, mesmo na democracia, polas dereitas locais). En novembro de 1956, recibe eufórico ante o pazo da Deputación, a manifestación pro Celulosas organizada por



Imaxe 12. O alcalde Filgueira Valverde acompaña ao ditador na inauguración de Pontesa. (Arquivo do Concello de Pontevedra).

Puig Gaité e Canabal. Unha concentración á que Filgueira Valverde traslada o alumnado do Instituto e na que, en apoio da futura fábrica contaminante, se gritaba simplemente como consigna: “¡Franco, Franco!” (*imaxe 12*).

Aínda que ocupará a presidencia da Deputación de Pontevedra até febreiro de 1958, Rocafort nunca deixou de lado os seus negocios privados, que sempre circularon e medraron en relación coa fortaleza política que acumulara. A maiores, exerceu de conselleiro provincial do Movimiento, como presidente da Caixa de Aforros Provincial e, como un claro premio económico, de conselleiro de Celulosas de Pontevedra, a empresa que gozara de vantaxes e movementos privilexiados desde o seu despacho presidencial na Deputación. En paralelo, mantivo coa súa familia participacións como armador de barcos e converteuse nun sinalado pioneiro daqueles apetitosos lucros xerados no Sanxenxo clasista dos anos 50 e 60 que el, con outra xente da mesma bandería franquista, converteron nun cuartel xeral para certos negocios non confesables, pero especialmente apetitosos. Con todo, os rumores que daquela circularon —tanto en ambientes oficiais como da oposición— sobre unha implicación súa en tramas de estraperlo e contrabando nunca puideron ser demostrados.

Tanto estas presenzas en cargos públicos, o seu desenvolvemento nesta función, como os negocios alternativos que controlaban, sempre foron “fiscalizados” polos altos cargos do Movimiento en Pontevedra que, segundo os casos, deixaban facer ou xeraban preventivas caídas en desgraza que, na inmensa maioría, eran resoltas coa discreción necesaria para que no chegasen á cidadanía. Os homes de Puig Gaité sempre supervisaron a situación e mantiveron intacto o seu poder desde 1939 até o mesmísimo 1975. Dous nomes destacarían entre os falanxistas que actuaron ao ditado de Puig Gaité e que ocuparon con contrastado éxito organizativo interno a



Imaxe 13. Manuel Crespo Alfaya, á esquerda do gobernador civil, que é quen porta o estandarte da confraría coñecida como a dos Excombatientes durante a Semana Santa de Pontevedra de 1956.

xerarquía do Movimiento en Pontevedra. Foron, con distintas pero executivas responsabilidades, César López Canabal e Manuel Crespo Alfaya (*imaxe 13*).

César López Canabal, que sería durante moitos anos un dos dirixentes falanxistas da provincia con enorme peso específico na propia cidade de Pontevedra, ten unha biografía entre característica e predestinada. Nacera en Forcarei o 1 de novembro de 1914, dentro dunha familia asentada no lugar de Cachafeiro, como fillo de María Canabal Vázquez, que era viúva de Delfín López Fernández. Un home que á altura de 1932 tiña unha camioneta que dedicaba tanto ao transporte de gando como de persoas, sempre relacionado con mundo das feiras. Cando a súa nai xa casara de novo, Cesarito Canabal, escolar no seu Cachafeiro, tivera como mestre a Ramón Puente Barcala, que poucos anos despois, en 1938, sería sinalado mediante expediente por implantar unha pedagogía progresista.

O ambiente familiar de César L. Canabal sempre estivera marcado polas amizades que o seu pai Delfín, condutor e propietario da liña de autobuses La Carolina, abrira con homes que mamaran política e negocios abeirados ao marqués de Riestra. Uns contactos que tamén lle servirían a súa viúva para, xa coa súa nova parella, instalarse en Pontevedra e abrir nunha céntrica rúa unha casa de comidas que tamén ofrecía servizo de fonda nos tempos en que o seu fillo era xa un mozo de vinte anos. Daquela foi cando César López Canabal, arrimado aos máis rancios católicos pontevedreses, ensaia unha breve e prescindible relación coa literatura. Algunha —e pésima— poesía relixiosa e mais tamén ripios —nos que lles cantaba, sen saír do tópico, aos cruceiros galegos— que lle publica a revista integrista *Spes* (*imaxe 14*).



Imaxe 14. López Canabal, á dereita, nunha imaxe de 1958, co gobernador civil Rafael Fernández Martínez. Foto Graña, Reportaxes Graña, Pontevedra.

Esta aposta conduciríao de xeito natural a formar parte da Comunión Tradicionalista local, unha vez triunfante o movemento armado contra a República. Canabal queda inserido nunha das denomi-

nadas Juntas Carlistas de Guerra, liderada en Pontevedra por Álvaro Losada, antes na Unión Regional de Derechas, e no Directorio primorriverista activo dirixente de Unión Patriótica. Vai ser Losada quen sinala a figura de López Canabal para ocupar a secretaría xeral da organización carlista na que se incluían militares e gardas civís que se responsabilizan das súas milicias, e un inspector de policía, Antonio Iglesias Garcés, para o seu servizo de información. En clave política, a Comunión Tradicionalista á que se sumou Canabal en 1936, incluía un melquiadista como Manuel Artime, médicos como Enrique Marescot, curas como Manuel Vázquez Millares e os antigos galeguistas Xosé Sesto e Luís Pintos Fonseca. Un solvente grupo dereitista que ocupaba no colaboracionismo local un nada desprezable papel dentro da rede de control político e axitación militar da que se dota o exército alzado na cidade.

O *requeté* Canabal —que librara de servir na fronte bélica por motivos físicos que o cualifican de inútil para formar parte da leva golpista— pasa a ostentar na retagarda novas ocupacións, a maiores do seu cargo carlista, que chega a ser de responsabilidade provincial. Exerce de censor na delegación de telégrafos e suma unha secretaría na asesoría xurídica da nova organización sindical falanxista tras a unificación de *joseantonianos* e carlistas nun único partido. Rematada a guerra do 36 —na que un dos seus irmáns, que era lexionario, morre na fronte—, en 1939 é nomeado xefe provincial de Estadística y Colocación co apoio directo de Manuel Castro Pena —un falanxista implicado en actos armados contra a República— e de tal xeito comezar unha traxectoria como alto funcionario local e provincial do réxime franquista.

Un ano máis tarde, en 1940, xa se lle concede a Jefatura Provincial de Previsión Social, con sede en Vigo, que desempeña até 1947. De seguido é nomeado secretario da Cámara Oficial Sindical Agraria de Pontevedra, á vez que mantén cargo en Previsión, para abrir des-

de esta posición política unha traxectoria que lle permite establecer redes de influencia que o trasladarán definitivamente cara a postos claves da Falange pontevedresa.

Canabal pasa a controlar directamente a Hermandad Provincial de Labradores y Ganaderos, con apoio de antigos republicanos de dereitas como Leandro del Río Carnota, o intocable cura da parroquia de Lérez, e os dous utilizarán como arma fundamental unha estrutura sindical marcada pola cesión clientelar dos subsidios e a repartición privilexiada de produtos agrarios. En realidade, Canabal sèrvese no día a día do labor de técnicos como Ignacio Marcide Odriozola e Ismael Sierra Franco que, malia ser franquistas, articulaban —cando menos teoricamente— respostas á secular crise, degradada polo control sindical do réxime, que sufría o campo galego.

A rede de contactos e promesas que nacían dos actos e asembleas anuais das Hermandades, forman parte da suma de valores que levan a López Canabal a se converter no home de confianza de Antonio Puig Gaite, xefe supremo da Falange pontevedresa tras a caída en desgraza do *camisa vieja* Manuel Castro Pena, aínda a pesar de que o estradense chegara a ocupar en 1940 a Inspección Nacional de Información das FET das JONS. Os dous, Puig e Canabal, acadan un maior grao de xerarquía tras lograr a confianza de Solís Ruiz, logo de asumir este xurídico militar o cargo de gobernador civil cando estaban aínda quentes as numerosas condenas de morte que solicitara —e lograra confirmar mediante execucións sumarias— en innumerables consellos de guerra. Canabal era en 1949 conselleiro provincial do Movemento, permanecía en Previsión, escribía relatorios sobre o campo ao ditado dos seus técnicos, e mesmo acompañaba a Solís Ruiz en momentos delicados nos que aínda se mostraba a persistencia da actividade armada antifranquista na provincia (*imaxe 15*).

Con Solís asiste en xaneiro de 1949 ao enterro de José Couceiro, mestre de Soutelo (tamén xefe local da Falange e cabo do soma-



Imaxe 15. César López Canabal, á dereita, nunha reunión do Consejo Provincial celebrada na sede de Pontevedra o día 7 de xullo de 1958, xunto a Antonio Puig, Rafael Fernández Martínez e Fernando Herrero Tejedor falando.

tén) e a súa dona María Constenla que viñan de morrer por man da guerrilla. En outubro de 1955, Canabal agasalla en Pontevedra a Mercedes Sanz-Bachiller Izquierdo, viúva de Onésimo Redondo, o fundador das JONS, antes de que desde 1958, co inmune Puig Gaité ao mando, se convertese en subxefe provincial del Movimiento até a súa morte a causa dunha grave enfermidade —o 21 de febreiro de 1964— sen poder vivir pois o manifesto fracaso económico e societario (caso da UTECO) da estrutura político-sindical agraria que liderara. Soterrado no cemiterio de San Amaro, foi acompañado á tumba pola plana maior do falanxismo provincial, mentres que o anteriormente galeguista José Filgueira Valverde (nese tempo alcalde de Pontevedra, membro da dirección do Movimiento na provincia e con biografía secuestrada desde 2015), tamén presente, achegou o coro do Instituto —que tamén dirixía— para que ofrendase pezas relixiosas en homenaxe ao falanxista falecido. Por moitos anos, até a morte de Franco, Puig Gaité e demais xerarcas do partido único

celebraron o aniversario da morte de Canabal cantando ante o seu nicho, brazo en alto, o *Cara al sol*.

Pola súa parte, Manuel Crespo Alfaya ocupou a secretaría local do Frente de Juventudes de Pontevedra en 1948 e en dous anos, baixo o mandado de Solís Ruíz e ao abeiro de López Canabal e Puig Gaité, xa era secretario local da Falange de Pontevedra á vez que xefe de Propaganda do SEU. En 1953 foi nomeado secretario provincial do Frente de Juventudes (onde terá baixo as súas ordes o dinámico mando Sabino Torres), e en 1956 recibe a confianza da xerarquía que o sitúa como secretario provincial do Movimiento. Crespo Alfaya, —que tiña un irmán, Carlos, integrante do PCE que acababa de saír do cárcere—, ocupa desde esa data o cumio da política de propaganda e control que se responsabiliza de todas as mobilizacións que se rexistran (e se fotografan en Pontevedra) xunto con outros falanxistas como Pedro Rial, Manuel Lilo Paz e Joaquín Queizán Taboada (imaxe 16).

Despois da morte do xeneral Franco, Crespo Alfaya arrímase tacticamente á dereitista Unión Nacional Española ao lado do líder histórico de FET e das JONS de Pontevedra, Puig Gaité. Dirixente franquista, hai que subliñalo, do que é imprescindible abordar con extensión unha argumentada biografía política.

Como funcionario e ao mandado de Pío Cabanillas Gallas, Crespo Alfaya foi o artífice da primeira e exitosa estrutura política provincial de Adolfo Suárez, para a que aproveitou integramente as intactas estruturas do Movimiento na provincia de Pontevedra. Integrado a continuación no partido de Manuel Fraga Iribarne, nel coincide outra vez con camaradas da Falange de Pontevedra como Queizán Taboada. Aberto o proceso de democratización e descentralización do Estado, o dirixente falanxista Manuel Crespo Alfaya foi upado ao posto de xefe do Gabinete Técnico da Xunta de Galicia na súa etapa preautonómica. Noméao en 1986, o daquela vicepresidente Mariano Rajoy,



Imaxe 16. Joaquín Queizán Taboada durante unha intervención ante a “Cruz de los Caídos” de Pontevedra. Colección privada.

a pesar de coñecer sobradamente o seu pasado na Falange. A figura de Manuel Crespo Alfaya e das persoas que colaboran con el de xeito máis próximo, quedaría relacionada por parte de documentalistas e testemuñas coa fatal e practicamente total desaparición dos arquivos documentais da Falange e o Movimiento da provincia de Pontevedra.

Nomes, todos os citados, presentes en moitas das fotografías da propaganda oficial acumuladas polo Movimiento e que, desde o seu triunfalismo ampuloso, agachan tanto negocio oculto, tanto fracaso político-administrativo e tantos desastres fillos da corrupción. Imaxes que tamén ocultan moita dobre moral, moito obsceno enriquecemento e, sobre todo, o sufrimento e a represión —social, económica e penal— de todas as persoas que nunca quixeron comungar coa ditadura franquista. Todo o contrario daquela xente de Pontevedra que se sentiu cómoda, segura e satisfeita con ela e que a desmemoria organizada pretende embozar, sen desenmascarala, na nosa historia máis recente. O colaboracionismo herdado (e mediático) aínda persiste.

Análise das fotografías da Jefatura Provincial del Movimiento de Pontevedra, concellos de Cerdedo e Forcarei

Lola Varela

Investigadora

Dionísio Pereira

Investigador

Moitas das fotografías que recolle o arquivo da Jefatura Provincial del Movimiento nos daquela concellos de Cerdedo e Forcarei correspóndense coas xiras que, de xeito periódico, facían os gobernadores civís aos distintos lugares da provincia para facer inspección das infraestruturas municipais, inaugurar obra pública, decote a carón de xerarcas falanxistas e funcionariado dos Servizos Provinciais da Deputación, e facer propaganda do réxime franquista dende o punto de vista da Falange.

A nivel cronolóxico, hai dous grupos de fotografías: as que recollen a visita que fai o 18 de xullo de 1956 aos concellos de Cerdedo e Forcarei o gobernador civil Rafael Fernández Martínez, elixido para

o cargo na primavera dese mesmo ano, e a levada a cabo o 31 de outubro de 1957¹. En 1956, a presenza de Fernández formaba parte dunha xira de presentación do novo Gobernador en todos os municipios da provincia. Ambas visitas foron amplamente recollidas polo xornal *El Pueblo Gallego*, con fotografías de Secundino Iglesias Ortigueira, *Siorty*, en 1956 e de Graña en 1957.

O contexto das visitas é, en todo caso, relevante e xustifica o alto contido propagandístico destas: o mandato do anterior gobernador civil, Elías Palao Martialay (1951-febreiro 1956), deixara albiscar unha conflitividade subxacente no rural pontevedrés, centrada no boicot ás cotas da Hermandad Sindical de Agricultores y Ganaderos e na loita contra os embargos derivados daquel en diversas parroquias e que ameazaba con se estender provincia adiante². Tampouco debemos esquecer que, durante o mandato de Palao, se acelerou a repoboación forestal masiva dos montes comunais por parte do consorcio formado polo Patrimonio Forestal del Estado, a Deputación e os Concellos, perdendo a veciñanza o control do comunal e provocando a desfeita dos usos tradicionais do monte en detrimento das capas máis humildes³. O devandito deu lugar a resistencias locais que chegaron a nós mediante fontes orais; así, a comezos da década dos 50 na parroquia de San Martiño

¹ No caso de Forcarei, algunhas fotografías correspondentes a visitas anteriores dos gobernadores civís José Solís Ruiz (1950) e Elías Palao Martialay (1955), así como da visita de Rafael Fernández Martínez en 1956 e outras posteriores do período 1958-60, foron reproducidas nas revistas *Cotaredo*, *Metacios* e *Rozados*, F. (2005) *Forcarei Historia fotográfica do século XX*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.

² Ver Cabana Iglesia, A. “Mulleres diante. A protesta social contra o pago da cota das Hermandades Sindicales de Labradores e Ganaderos na provincia de Pontevedra dende a perspectiva de xénero” en AA.VV. (2015). *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra* (pp. 89-96): Pontevedra: Concello de Pontevedra.

³ Balboa, L. “Notas para a historia dunha usurpación. Os montes veciñais na posguerra”, en AA.VV. *Os anos despois (1936-1953)*, (pp 20-22). A Nosa Terra, Especial A Nosa Historia 2, Vigo, 25 de Xullo de 1987.

de Figueiroa (Cerdedo) a veciñanza (maiormente mulleres, xa que os homes estaban na emigración temporal propia dos canteiros) negouse á prestación obrigatoria esixida para os traballos de repoboación, obrigando á Forestal a traer xente de fóra; tamén houbo tirapuxas contra os gardas forestais (moitos deles falanxistas de primeira hora) polas multas que impuñan a quen levara o gando ao monte. Como resultado, varias mulleres do lugar de Figueiroa foron detidas pola garda civil e pasaron algúns días na cadea. Logo, aparecerán os primeiros incendios....

No devalar interno do réxime, cómpre mencionar que poucos meses despois, a fins de 1957, íanse celebrar eleccións municipais coas restricións propias daquel intre, pois todos os candidatos estaban vinculados dunha maneira ou doutra á ditadura franquista; algúns pertencían ao Movimiento Nacional e á Falange, mentres outros eran independentes que simpatizaban co réxime. Daquela, só podían votar os “cabeza de familia” de cada casa, ou sexa os varóns adultos casados e viúvos, así como os solteiros que tiveran unha vivenda exclusiva; canto ás mulleres, só podían votar as viúvas cabezas de familia ou as solteiras que tivesen vivenda propia. Na altura de 1957, o aparato franquista deulle pulo aos candidatos do Movimiento para debilitar as faccións monárquicas, tradicionalistas ou dereitistas independentes, diante da recomposición do réxime que xa se albiscaba co devalo do período da autarquía. No caso de Cerdedo, é de sinalar a relevancia que se lle confire á presenza protocolaria de quen fora alcalde durante o período 1950-54 e na altura xefe local de Falange, o *camisa vieja* e fundador (1934) da organización na Terra de Montes, Manuel Gutiérrez Torres, presaxiando deste xeito o seu retorno á alcaldía entre 1958 e 1960. No tocante a Forcarei, a ubicuidade do xefe de Falange e ao tempo alcalde perpetuo (1949-1974), o tamén *camisa vieja* Francisco Filgueiras Gulías, é abafante.

O CONTIDO DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías amosan como, na visita de 1956, o gobernador civil estivo acompañado polo presidente da Deputación, Luis Rocafort Martínez; o subxefe provincial do Movimiento, José Puig Gaité, e o seu irmán Antonio, futuro vicepresidente perpetuo da Deputación e, daquela, conselleiro nacional do Movimiento e inspector provincial; o conselleiro provincial do Movimiento, Juan Antonio Martínez Casanueva; o delegado provincial do Frente de Juventudes, Manuel Corrochano Gálvez, o secretario do Consejo Provincial de Falange, Manuel Crespo Alfaya; o enxeñeiro director do Servicio de Repoblación, Agustín González; o arquitecto da Obra Sindical, Enrique Álvarez-Sala Morís e os técnicos da Administración Local, Terrados e Eduardo Fernández-Abelenda Eiriz. O séquito foi recibido en Cerdedo na estrada nacional, a rentes do cuartel da Garda Civil, polo alcalde e falanxista de primeira hora Antonio Peleteiro Fernández; o devandito Manuel Gutiérrez, o deputado provincial da zona e alcalde de A Estrada, Manuel Campos Paseiro, o xuíz municipal Cortizo, Corporación Municipal, comandante da Garda Civil, Consejo Local del Movimiento, outras representacións e “numeroso público”.

Deste episodio, consérvanse dúas fotografías: na primeira, diante do autobús La Trucha podemos albiscar o gobernador Fernández, de costas, a Manuel Crespo Alfaya e Antonio Puig Gaité, a Manuel Campos Paseiro, ao alcalde Peleteiro, ao comandante do posto da Garda Civil e ao *camisa vieja* Francisco Gutiérrez Torres, irmán de Manuel e beneficiario dun estanco na capital cerdedense (*imaxe 1*).

Na segunda, o gobernador e Manuel Gutiérrez Torres departen con dous veciños xa entrados en anos (*imaxe 2*).

Logo, o gobernador e acompañantes visitaron Barro de Arén e A Revolta para inaugurar dúas fontes e un lavadoiro, construídos polo



Imaxe 1. As autoridades nun momento da visita do gobernador a Cerdedo en 1956.



Imaxe 2. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, e Manuel Gutiérrez Torres, xefe local da Falange, conversan con dous veciños.

Plan de Cooperación da Diputación (a cargo da Junta de Ayuda Municipal) para retornar a Cerdedo e inspeccionar a casa do concello e a Jefatura Local del Movimiento. A visita finalizou tras unha ofrenda floral á Cruz de los Caídos sita no templo parroquial.

Pouco despois, o gobernador era recibido no linde con Forcarei polo alcalde Filgueiras, polo xuíz comarcal Sabino Mariño Pereira⁴ e por un lugartenente da Guardia de Franco; logo, se trasladaron a Soutelo de Montes, Vilar, Quintelas, Fixóo, Cobas, Rozados e Meavía, para inaugurar ramplas de acceso e a estrada provincial de Forcarei-A Estrada, construída pola Deputación Provincial, diante de representacións veciñais dos lugares en cuestión. A visita remataría na capital municipal para inaugurar o alumeadado público, a reforma da praza do Concello e, simbolicamente, unha chea de pequenas obras en múltiples aldeas do concello, obras que, como precisa, se fixeron botando man da prestación obrigatoria do traballo veciñal. De feito, durante a reunión que o gobernador ce-

⁴ Mariño Pereira, Sabino (Cotaredo-Forcarei): avogado e alcalde de Forcarei ata xullo de 1934, data na que dimitiu ao ser nomeado delegado provincial de Trabajo na Coruña mercé á influencia de Emiliano Iglesias, cofundador con Lerroux do Partido Republicano Radical; porén, seguiu de concelleiro no municipio. Próximo aos liberais-demócratas na alborada republicana, exerceu como apoderado das dereitas nas eleccións de febreiro de 1936. Logo do golpe de Estado substituíu o derradeiro alcalde republicano, Francisco Gamallo Racamonde, ao ser nomeado o 25 de xullo daquel ano delegado de Orden Público. En marzo de 1937 foi denunciado polos seus antecedentes políticos e por facilitar supostamente documentación a catro veciños de Millarada de ideas esquerdistas que desexaban emigrar a América. Procesado por auxilio á rebelión, foi absolto pero resultou despojado do seu cargo e debeu pagar unha multa de 10.000 pesetas, que depositou en agosto daquel ano. En 1941, afiliado á Falange, foi obxecto dun expediente de responsabilidades políticas, do que saíu indultado. Posteriormente, a partir dos anos 40, exerceu como xuíz municipal e comarcal. Fonte Pereira, D. (2010). “As vítimas do franquismo na Terra de Montes (1936-1953) Beariz, Cerdedo e Forcarei”. *Vieiros da Memoria nº 1*. Asociación Verbo Xido: Cerdedo.

Respecto do abuso da prestación obrigatoria de traballo na obra pública no rural galego, ver Magariños, A. “O concello de Cuntis (1939-1953). Un exemplo de franquismo na base” (pp. 29-37), en *A Nosa Terra, Especial A Nosa Historia 2*, Vigo, 25 de Xullo de 1987.

lebrou no Concello coa corporación municipal e o Consejo Local del Movimiento, o alcalde Filgueiras destacou “la decisiva ayuda personal prestada por los vecinos para la realización de las obras” que acababa de inaugurar.

Na fotografía que recolle un daqueles actos, recoñecemos amais do gobernador Fernández, ao presidente da Deputación, Rocafort, a Manuel Crespo Alfaya (quen tras a Transición será dirixente de Alianza Popular con Manuel Fraga e mentor de Mariano Rajoy e Xosé Cuíña), a Antonio Puig, ao alcalde Filgueiras, a Sabino Mariño e a Manuel Campos Paseiro, así como a distintos técnicos dos servizos provinciais non identificados. Nesta imaxe (probablemente tomada en Fixóo), a carón de Crespo Alfaya e Rocafort, aparece tamén na esquerda o fotoxornalista de *El Pueblo Gallego*, Siorty (imaxe 3).



Imaxe 3. O gobernador, acompañado polas autoridades que formaron parte da comitiva, inaugurou varias obras durante a visita de 1956.

Tamén se tomou unha fotografía no intre de inaugurar a devandita estrada en Rozados ou en Meavía. Aparecen, de esquerda a dereita, Antonio Puig (en segundo plano), o alcalde Filgueiras, Manuel Campos, o gobernador, Rocafort e un técnico falanxista non identificado (*imaxe 4*).



Imaxe 4. As autoridades cortan a cinta durante a inauguración da estrada que unía Forcarei con A Estrada. En primeira liña, de esquerda á dereita, o alcalde Filgueiras, Manuel Campos, o gobernador Fernández Martínez e Rocafort.

Na xira de 1957, acompañaron a Rafael Fernández Martínez a militante catalá da Sección Femenina de Falange, Carmen Mir Sanz, que acababa de ser nomeada delegada do Sindicato Español del Magisterio e inspectora-xefe de Primera Enseñanza na provincia de Pontevedra; o enxeñeiro-xefe de Vías y Obras da Deputación Eloy Fernández Valdés, o enxeñeiro da Jefatura de Obras Públicas Antonio Iribarren Negro e o enxeñeiro agrónomo de Colonización An-

tonio Rueda Muñiz (avó de Alfonso Rueda, substituto de Alberto Núñez Feijoo na Presidencia da Xunta de Galicia).

No linde do Concello de Cerdedo, recibiron ao séquito o alcalde Peleteiro e o xefe de Falange Gutiérrez e, de seguido, se desprazaron a Pedre para visitar as obras da escola que se pretendía instalar na antiga Casa do Pobo, incautada pola Falange en 1936⁵. O gobernador trasladouse máis tarde á capital municipal, onde revisou o estado das obras de asfaltado da *calle A* (hoxe rúa da Constitución) e presidiu un “concejo abierto” no local do Concello, no que comisións dos distintos lugares manifestaron as súas peticións ao gobernador, así como ao persoal técnico dos servizos provinciais e responsables do réxime que o acompañaban. Compre, non obstante, facer unha advertencia: o simulacro de concello aberto, ao que de xeito significativo non asistiu representación da parroquia de Figueiroa, foi presidido polo gobernador acompañado na mesa polo alcalde Peleteiro e o xefe falanxista Gutiérrez, persoas de inevitable referencia verbo das represalias padecidas no concello a partir do verán de 1936⁶. Nada que ver, pois, cos vellos hábitos comunitarios agora corrompidos pola ditadura.

Velaí a Rafael Fernández Martínez falando no Concello de Cerdedo, co alcalde Peleteiro á súa dereita, Manuel Gutiérrez á súa esquerda, e os tres enxeñeiros (*imaxe 5*).

⁵ Casa do Pobo de Pedre: casa de planta baixa de 96,75 m² que pertencía á Sociedad de Agricultores y Obreros La Guía e fora construída mediante o traballo voluntario de toda a veciñanza, aportando cada quen a súa cota de pedra traballada. Incautada pola Falange en 1936, primeiro ficou en desuso, logo foi escola por pouco tempo e, ao cabo, nos anos 80, o edificio foi traspasado primeiro á Xunta e logo ao Concello, que a cedeu en uso á veciñanza da localidade. Ver Pereira, D. (2010) op. cit.

⁶ Pereira, D. “1936: dinámicas represivas na Terra de Montes pontevedresa” en VV.AA. (2017). *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron* (pp. 151-172). Santiago de Compostela: Sermos Galiza, S.A. Vinte cidadáns de Cerdedo foron asasinados entre 1936 e 1939, outros 26 faleceron tras loitar no Ejército Popular de la República e un mínimo de 147 veciños e veciñas padeceron todo tipo de represalias por parte dos franquistas; ver Pereira, D. (2010), op. cit.



Imaxe 5. O gobernador Fernández Martínez intervén no concello, flanqueado polo alcalde á súa dereita e Gutiérrez á súa esquerda.

Entre a veciñanza presente no acto identificamos o transportista Luis Peleteiro, a Santiago González da familia dos *Majitos* contratistas do camiño de ferro na provincia de Ourense, a Manuel Campos Troitiño e, no medio, con camisa branca sen gravata e faciana de circunstancias, a Severino Bugallo Valiñas, un coñecido militante republicano moi perseguido tras o golpe militar e, na altura, propietario dunha panadería⁷ (*imaxe 6*).

⁷Bugallo Valiñas, Severino (Cerdedo): tesoureiro do Concello e concelleiro en 1931 e na Fronte Popular, foi xunto co seu irmán Sabino o organizador de Izquierda Republicana na vila, malia que en 1936 xa figuraba no PSOE. Estivo na “lista negra” xunto con Torres, Taberneiro, Cortizo, Garrido e González, para ser asasinados o 11 de agosto de 1936. Salvouse polo seu cunhado Vicente García Dapena, o da Carteira, xefe de Falange en Soutelo de Montes, que o reclamou cando estaba cos devanditos no Cuartel das Milicias de Falange en Pontevedra. Despois dun tempo agochado na igrexa da Magdalena (Soutelo) contando coa complicidade do crego falanxista Aquilino López Picón, andou fuxido por Limeres, Chamadoira e polo Seixo. Logo, puido embarcar para Cuba no porto de Vilagarcía, acompañado polo seu irmán. Pasou daquela aos EE.UU., retornando á zona republicana coas Brigadas Internacionales. Estivo destinado en Reus e Salou (Tarragona), trasladándose a Francia co remate da guerra; alí foi internado no campo



Imaxe 6. Entre a veciñanza que escoitou o discurso que o gobernador civil deu no Concello de Cerdedo en 1957, estaba Severino Bugallo, militante republicano represaliado após o golpe de Estado. (No medio con camisa branca e sen garavata).

No resto das fotografías do fondo, albiscamos o gobernador Fernández xunto co alcalde Peleteiro e o dirixente falanxista Gutiérrez na súa chegada a Cerdedo e no seu percorrido polas obras da *calle A*, onde tamén se percibe a Manuel Crespo Alfaya, o transportista e camisa vieja da Falange, Francisco Nieto, a Carmen Mir e os técnicos acompañantes. Como exemplo, velaí a imaxe da visita ás obras en curso na antiga Casa do Pobo de Pedre, na que recoñecemos o gobernador, a Manuel Gutiérrez, a Carmen Mir, a Manuel Crespo Alfaya e a persoal técnico (*imaxe 7*).

de Argelés, de onde fuxiu a Bordeaux para participar na resistencia contra os alemáns. Preso no ano 1941, foi deportado a España por Irún e xulgado, pasando catro anos en diversos internados como preso político, entre eles nun campo de concentración en Villaverde (Madrid) traballando en Reconstrucción Nacional, nas cocheiras de Vigo, ou na factoría de Barreras. No ano 1938, foi multado polo gobernador civil de Pontevedra con 500 pts. Ver Pereira, D. (2010), op. cit.



Imaxe 7. Un momento do percorrido polas obras da *calle A*.

En Forcarei, o gobernador foi recibido na encrucillada entre a rúa Progreso e a estrada de Dúas Igrexas polo alcalde Filgueiras, a Corporación municipal, o Consejo Local del Movimiento, as xuntas parroquiais, o comandante de posto da Garda Civil, unha representación dos cregos do concello encabezada polo arcipreste de Montes e párroco de Forcarei no período 1940-1984, Secundino Cortizo, e a do maxisterio, da sanidade e a veterinaria, do Frente de Juventudes e a dos excombatentes. De seguido, as autoridades inauguraron a remodelación da praza da Igrexa cun responso rezado polo clero diante do cruceiro e a entrega á delegación de excombatentes dunha pequena arca que contiña un pergameo con todos os “caídos” do exército franquista no concello. Logo da lectura de todos os nomes e dos discursos do alcalde e do gobernador (este último en chave electoral), o acto rematou cun *Cara al sol* cantado pola xente que ateigaba a praza.

Na instantánea da recepción a Rafael Fernández na rúa Progreso, recoñecemos ademais do anfitrión Filgueiras e o propio Goberna-

dor, a delegación de excombatentes, a Manuel Crespo Alfaya, a Manuel Campos Paseiro, a Secundino Cortizo, ao crego de Soutelo de Montes, Manuel Cacheda Vigide, ao de Pardesoá, Vicente Gulías y Gulías e ao de Aciveiro José Bugallo Bugallo (*imaxe 8*).



Imaxe 8. Recepción a Rafael Fernández Martínez na rúa Progreso de Forcarei.

Na seguinte fotografía do susodito recibimento, sita diante do edificio da desaparecida Caja de Pontevedra, o gobernador saúda unha delegación de docentes falanxistas, na que distinguimos ao *camisa vieja* cerdedense Secundino Jorge Monteagudo, daquela mestre de Ventoso, e ás mestras de Forcarei María Elena Campos (con camisa azul) e Carmen Cubela, que puxo alí escola moitos anos e deixou fonda pegada (*imaxe 9*).

No traxecto cara á praza da Igrexa, encabezaron o cortexo Rafael Fernández, o alcalde, o deputado provincial Manuel Campos Paseiro e o secretario do Consejo Provincial de Falange, Manuel Crespo



Imaxe 9. Docentes falanxistas participaron na recepción ao gobernador civil en Forcarei.



Imaxe 10. Un momento do acto na praza da Igrexa, onde o párroco de Forcarei, Secundino Cortizo, dirixiu os actos relixiosos e o alcalde Filgueira falou para a radio.

Alfaya. Detrás viñan o xuíz comarcal Sabino Mariño, os devanditos cregos e a comitiva de docentes, así como os tres membros da delegación de excombatentes. Pouco despois, no acto da praza da Igrexa, Secundino Cortizo dirixiu os oficios relixiosos e o alcalde Filgueira falou para a radio EAJ40, repetíndose as mesmas personaxes coa engádegas de Carmen Mir e unha delegación da Falange, da Sección Femenina e do Frente de Juventudes local (*imaxe 10*).

“Firme lealtad y adhesión
en todo momento”.
As visitas do gobernador civil de
Pontevedra á comarca do Deza
en 1957 e 1958

Manuel Igrexas Rodríguez

Profesor e investigador

Rafael Fernández Martínez, un avogado falanxista pontevedrés criado en Oviedo, foi nomeado gobernador civil e xefe provincial do Movimiento de Pontevedra en abril de 1956.

A súa primeira visita ás terras do Deza aconteceu en xullo, aos poucos meses do seu nomeamento. Iniciaba un novo xeito de relación coa veciñanza administrada, coa presenza nas vilas e aldeas e unha política propagandística de inauguracións e contacto coa poboación (“acercarse al pueblo a golpes de corazón” nas súas palabras). Nesa ocasión visitou os seis concellos mantendo reunións coas corporacións e os consellos locais de Falange. Os cambios continuaron ao ano seguinte coa substitución de todos os alcaldes dezaos e o nomeamento para o cargo de excombatentes ou *camisas viejas* de Falange.

Volveu o gobernador a Deza o 1 de abril de 1957, e co gallo do Día de la Victoria inaugurou o tendido eléctrico en Álceme e Santa Baia de Camba (Rodeiro) e nas parroquias de Castro, Filgueira, Catasós e Barcia de Lalín, finalizando a visita pola noite cun acto político en Barcia. Pero o obxecto deste artigo son as xiras de xullo de 1957 e de novembro de 1958 das que dispoñemos de fotografías no fondo da Jefatura Provincial del Movimiento. Foron empregadas como parte da campaña propagandística dos logros do réxime, cun acentuado paternalismo e tratando de mostrar o seu rostro máis amable, como se pode apreciar en moitas das imaxes nas que aparece a máxima autoridade provincial rodeada de veciñanza ou escoitando e dialogando con xente labrega. Estas campañas foron amplamente difundidas nas reportaxes de prensa dos dous principais xornais de ámbito provincial, *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*.

A VISITA DE 1957

En conmemoración do 18 de xullo, a data do “Alzamiento Nacional”, o gobernador iniciou o 24 de xullo de 1957 unha xira por varias comarcas da provincia. Na xornada do 26 realizou un vertixinoso percorrido polos seis concellos dezaos. Acompañábano un amplo grupo de cargos políticos: Francisco Pérez Crespo, vicepresidente da Deputación; León Terrados Jarabo, subxefe provincial do Movimiento; Ramón Gutiérrez Flores, delegado provincial de Sindicatos; Manuel Crespo Alfaya, inspector provincial de FET e das JONS; José Puig Gaité, conselleiro nacional de Falange; Carmen Mir Sans, inspectora delegada do Servicio Español del Magisterio, e os conselleiros provinciais Lorente, Álvarez Salas, López Canabal e Corrochano. Coa comitiva viaxan sete técnicos da deputación. Durante toda a xornada estará presente o deputado provincial da zona, Luis González Taboada, que xunto ao gobernador, co uniforme branco de xefe pro-

vincial do Movimiento, aparece en case todas as fotografías.

Inician a visita en Silleda onde os recibe o alcalde Manuel García Cerviño e o xefe local do Movimiento Casimiro Fernández Otero, que uns meses despois había substituír a García Cerviño como alcalde. Logo da visita protocolaria á casa do concello, proceden á inauguración dunha nova rúa, que provisionalmente se denomina coa primeira letra do alfabeto (*imaxes 1 e 2*).



Imaxes 1 e 2. O gobernador, o alcalde Manuel García Cerviño e o xefe local do Movimiento, Casimiro Fernández Otero, inauguran e percorren a *calle A* de Silleda.



Imaxe 3. O párroco e militante falanxista Manuel Pérez participando na homenaxe realizada ante o monumento aos “caídos” de Silleda.

Realizan unha homenaxe no monumento aos “caídos” coa presenza do párroco e militante falanxista Manuel Pérez (imaxe 3), para despois facer unha breve visita ás obras da Casa da Hermandad de Labradores y Ganaderos (imaxe 4). Rapidamente parten á Bandeira, onde inaugura a centraliña e locutorio telefónico.

Da Bandeira a comitiva diríxese a Vila de Cruces, facendo unha parada na ponte da liña férrea en construción Ourense-Santiago (imaxe 5).

En Cruces, co alcalde Amable Durán Bergueiro, que había ser cesado meses despois, tócalle a quenda á Praza da Vila (imaxe 6), a visita ás obras do novo mercado, un novo camiño na parroquia de Besexos, e na de Salgueiros fonte, lavadoiro e escola.

En Agolada a comitiva foi recibida aos sons da gaita polo alcalde José Otero Fernández, que tamén sería cesado meses despois, as au-



Imaxe 4. Un momento da visita ás obras da Casa de la Hermandad de Labradores y Ganaderos de Silleda.



Imaxe 5. Gobernador e autoridades na ponte da liña férrea Ourense-Santiago en construción.



Imaxe 6. O gobernador co alcalde Amable Durán e o deputado provincial Luis González logo da inauguración da praza de Vila de Cruces.

toridades reciben na casa do concello dúas comisións de Esperante e Santa Comba (*imaxe 7*) e trasládanse a Ventosa para visitar as obras do transformador. Tamén inaugura un camiño na Baíña.

Chegan con retraso a Lalín, onde son recibidos na praza do Concello por un grupo de escolares e o seu mestre Manuel Rivero (*imaxe 8*).

Na protocolaria recepción da corporación, Fernández Martínez aproveita para agradecerlle os servizos prestados ao anterior alcalde, Alfonso Garra, que acababa de ser substituído polo médico e deputado provincial Luis González. A comitiva diríxese ao grupo de vivendas construídas pola Organización Sindical a carón do Mercado (*imaxe 9*).

Logo da bendición polo párroco Victoriano Sucasas proceden á entrega dos títulos de propiedade a cabezas de familia, nomeadamente varóns (*imaxes 10 e 11*).

Pechan o acto o discurso de agradecemento dun dos veciños que recibira a propiedade; o do delegado de Sindicatos, Gutiérrez Flores,



Imaxe 7. O gobernador en Agolada conversando con veciñanza de Esperante e Santa Comba.



Imaxe 8. Un grupo de nenos con bandeiras españolas recibindo o gobernador en Lalín.

que exalta a “xustiza social” do réxime, rematando o gobernador insistindo en que esa xustiza social debía ser tamén “de abaixo arriba, como lealdade e adhesión a Franco”.

Antes de abandonar Lalín, pasan por Donramiro, onde se procede á apertura do novo local para a escola da parroquia (*imaxe 12*).

Despois de xantar van a Rodeiro, e xunto co alcalde Javier Hermida Vázquez, nomeado poucos días antes, trasládanse á parroquia de Río. Téñenlle preparada unha recepción con foguetes e banda de música, na que está presente o pá-



Imaxe 9. Grupo de vivendas da Obra Sindical en Lalín engalanado coas bandeiras de España e da Falange e con retratos de Franco e José Antonio para a inauguración.



Imaxe 10. O gobernador entregando o título de propiedade dunha das vivendas da Obra Sindical.



Imaxe 11. O gobernador entregando o título a un veciño. Detrás veciñanza de Lalín, con moita cativada.



Imaxe 12. O gobernador na inauguración da escola de Donramiro coa inspectora Carmen Mir.



Imaxe 13. Un momento do recibimento ao gobernador en Río (Rodeiro).



Imaxe 14. Outra imaxe do recibimento ao gobernador en Río (Rodeiro) coa banda de música.



Imaxe 15. Veciñanza de Río (Rodeiro) diante do transformador que vén de inaugurar o gobernador.

rroco, que adoitaba ser o presidente da Junta de Electrificación (*imaxes 13 e 14*).

Logo ten lugar a inauguración do subministro eléctrico á parroquia, coa visita ao transformador (*imaxe 15*). Desde unha tribuna, o gobernador dirixiuse á veciñanza anunciando novas obras e esixindo a cambio lealdade e traballo: “Cuando queremos algo, algo nos tiene que costar”.

Rematado o acto, trasládanse a Dozón, onde Fernández Martínez é recibido polo que tamén ven de ser nomeado alcalde, Manuel Crespo Vázquez, co que inaugura o transformador da parroquia do Castro, capitalidade do concello, e mantén un encontro coa veciñanza que lle enumera as dificultades para acceder ao seguro de vellez.

Pasa por Bendoiro para poñer en marcha a electrificación (*imaxe 16*) e no serán remata o periplo na parroquia da Xesta (Lalín) cun acto pola chegada da corrente eléctrica.

Desde unha tribuna na praza, na que colocaron unha pancarta de gabanza a Franco, despois das palabras do presidente da Junta de Electrificación e dos versos alusivos do “poeta” lalinense habitual nestas cerimoniais, Salvador Madriñán, Rafael Fernández pronuncia un discurso afirmando que a pretensión do réxime era “sacar al pueblo de las tinieblas del espíritu”. Rematou pedindo “atención y cumplimiento de las consignas del caudillo” (*imaxe 17*).



Imaxe 16. O gobernador civil acompañado de autoridades e veciñanza logo da inauguración do transformador de Bendoiro (Lalín).



Imaxe 17. Un instante do discurso do gobernador durante a inauguración da electrificación da parroquia da Xesta (Lalín).

A VISITA DE 1958

Ao ano seguinte, o 11 de novembro, en plena epidemia de febre aftosa que viña afectándolle ao gando no norte da provincia, Fernández Martínez volveu visitar a comarca. Desta volta, e xa sen uniforme, só estivo nos concellos de Lalín e Dozón, e dedicou boa parte das intervencións a explicar as medidas previstas polo Goberno civil para combater a epidemia de glosopeda.

Formaban a comitiva que o acompañaba o presidente da deputación, Luis Suárez-Llanos Menacho; o alcalde de Vigo, Tomás Pérez Lorente; Antonio Puig Gaite, agora vicepresidente da Deputación; o delegado do Ministerio de Información e Turismo, José María García-Cernuda Calleja; o enxeñeiro xefe de Obras Públicas, Ricardo López Molero; o xefe provincial de gandería, Benito Fernández García-Fierros; a delegada provincial do SEM, Carmen Mir; a delegada provincial da Sección Feminina, María Luisa Otero Moratinos e outros cargos provinciais.

Visitaron primeiro a escola de Cadrón onde crianzas e mestre lles fixeron unha recepción, e logo pasaron a Muimenta para inaugurar a nova escola-vivenda. Continuaron a Goiás para visitar as obras dun camiño que se estaba facendo con prestación persoal da veciñanza. En Lalín paráronse a inspeccionar o proxecto da Casa Sindical e Fogar do Frente de Juventudes en Penatoares, examinaron os planos e visitaron as obras (*imaxe 18*).

Logo continuaron a Dozón para a cerimonia de apertura do transformador de Saa, visitaron a feira da Gouxá, e despois de pasar polo Castro, Santo Domingo e Catasós, chegaron a Moneixas, onde inauguraron a electrificación. O párroco Andrés Cajide presentoulles os problemas da parroquia. Despois de xantar en Lalín, visitaron o Instituto Laboral e abriron a fonte e lavadoiro de Donramiro. Continuaron a Doade, onde tamén se deu por rematada a electrificación.



Imaxe 18. O gobernador e autoridades na rúa Areal consultando os planos da Casa Sindical y Hogar del Frente de Juventudes que se estaba a construír en Lalín. Ao fondo a fábrica de ILEPSA.

Logo de pasar pola parroquia de Madriñán (*imaxe 19*), a comitiva chegou a Anzo onde tivo lugar un acto político. Foi recibida con foguetes e coa banda de música de Lalín interpretando pasacalles. Unha centuria de Falange e o grupo de coros e danzas da Sección Feminina rendéronlle homenaxe ás autoridades (*imaxe 20*). No mitin falaram Manuel Souto Presas, da Hermandad de Labradores, e o sempre presente Salvador Madriñán, que fixo unha loanza en verso do gobernador e das autoridades, finalizando co discurso de Rafael Fernández.

O gobernador amosou a súa satisfacción polas obras de electrificación, eloxiou a actitude da veciñanza no recibimento realizado a Franco uns meses antes, cando se inaugurara a vía férrea Ourense-Santiago, fixo unha enumeración dos investimentos dos organismos estatais e da Deputación na zona, e prometeu a pronta autorización da presenza de gando nas feiras, logo das medidas adoptadas coa vacinación contra a glosopeda.



Imaxe 19. O gobernador falando co cura e uns veciños de Madriñán.



Imaxe 20. O gobernador recibido en Anzo por unha centuria de Falange e o grupo de Coros y Danzas da Sección Feminina.

Ao remate do acto impúxolle a Medalla de Cisneros ao mérito político ao alcalde de Lalín, Luis González. As súas últimas palabras foron: “fieles a un ideal sagrado, como cuando el servicio a la Patria lo exija arma al brazo y en lo alto de las estrellas, mirando a Dios y reiterando la adhesión incondicional al Caudillo”.

Respondedeu o alcalde González Taboada afirmando que “no hiciera más que seguir las consignas que le han sido dictadas” e pedindo que o gobernador transmitira a súa leal e inquebrantable adhesión e a de todo o pobo de Lalín ao Generalísimo.

Xa noite, e de regreso a Lalín, Fernández Martínez inaugurou o alumeado nocturno da vila, as fontes da praza de Calvo Sotelo e a praza da Igrexa e o pavimentado de catro rúas.

Como de xeito grandilocuente remataba a crónica xornalística do día, foron 350 quilómetros inaugurando.

A propaganda falanxista no Val do Salnés

Antón Mascato

Editor e presidente da Asociación pola Memoria Histórica do Grove

Nos primeiros anos de 1950 o franquismo entrou nunha nova fase de control político no que as violencias criminosas e a escenografía do terror deron paso a formas depuradas de propaganda identitaria do nacionalcatolicismo. A Falange española continuaba as tirapuxas co réxime militar por facérense cos gobernos civís provinciais e, ao tempo coa instalación nos concellos de alcaldes afectos ao *primorriverismo*. En cada acto municipal, salón de plenos, homenaxe aos “caídos”, ou calquera outra manifestación de celebración da “victoria” convivían os retratos cutres do xeneral Franco e José Antonio Primo de Rivera. O cambio que se produce, ao abeiro das novas directrices propagandísticas do NO-DO e o cinema, inclúe a mellora das oficinas de prensa e propaganda dos gobernos civís e a contratación de profesionais da fotografía que sexan parte das delegacións que acompañan o mandatario en calquera mínima inauguración de fontes públicas, lavadoiros, placas de homenaxe, entrega de dorna, cadeira de persoa con discapacidade, ou camiño empichado: era 1950, a década da propaganda.

No que se refire ao Val do Salnés, do arquivo do Goberno civil, hoxe propiedade da Deputación de Pontevedra, consérvanse, ademais das de Vilagarcía e o acto de aniversario do mitin de José Antonio, imaxes dos concellos de O Grove, Cambados, Vilanova e A Illa –que daquela eran o mesmo–, Ribadumia, Meaño e Meis. Comezaremos pola punta do sur da Ría de Arousa, polas fotografías que teñen O Grove como paisaxe de fondo.

O GROVE

A primeira das fotos tomouse na concentración provincial de homenaxe ao gobernador José Solís Ruíz (Cabra, 1913-Madrid, 1990), batemos co que ben podería ser un slogan de promoción da Festa do marisco, mesmo semella que humorístico, camaradas *camisas viejas* groveses portan a pancarta de maior tamaño, de máis altura, con



Imaxe 1. Instantánea tomada durante a concentración provincial de homenaxe ao gobernador José Solís Ruíz, que presidiu os actos.

letras moi destacadas e texto xeneroso en corpo e grosor que non deixa nada atrás: “Franco, tus mariscos seguimos en pie de guerra contra todo enemigo del interior o del exterior. Esperando tus órdenes ¡¡Arriba España!! Jefatura local de El Grove”. Velaí os temos apelando aos valores gastronómicos!? Non, non era iso, sabían o que dicían dirixíndose a Franco e agardando as súas ordes... “tus mariscos” aludía á denominación que lle deran aos voluntarios fascistas galegos que interviñeron na guerra de Asturias e por extensión aos que foron na División Azul. Eran eses os “mariscos”, en absoluto o produto do mar. Son ben recoñecibles varios dos que aparecen na imaxe, mais imos referir só a identificación dos que portan as varas: á dereita, o almacenista de material de construción e vendedor de pinturas –o que explica o dispendio en medios-, Carlos Rego; á esquerda o fillo, non recoñecido, do estafalario garda cívico, Ceferrino Solá Dadín, Antonio Aguín, traballador de banca. Algúns aínda dirán que O Grove non é un “sitio distinto”... (*imaxe 1*).

Na segunda fotografía vemos a presidencia dun acto de recepción ao gobernador civil Rafael Fernández Martínez (Pontevedra, 1916-Oviedo, 1979), no salón de plenos do Concello do Grove en



Imaxe 2. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez toma a palabra nunha recepción oficial que lle ofreceron no Concello do Grove en 1957.

1957, falando de pé; á esquerda vemos o falanxista Santiago Búa Frieiro (Caldas, 1920-O Grove, 2011), industrial de tafona e combustible, que pasou da presidencia da Hermandad de Labradores y Ganaderos (1955-1957) á alcaldía (1957-1966) polos méritos contraídos na súa adhesión á Falange e o seu comportamento político marcado pola violencia represiva. Cortados polo encadre da fotografía están os retratos de Franco e José Antonio a ambos lados do pendón co raído escudo municipal (*imaxe 2*).



Imaxe 3. Visita do gobernador Fernández Martínez á que, na altura de 1957, era a travesía de Peralto, no Grove, durante as súas obras de lastrado. As madeiras do fondo anuncian a situación do serradoiro de Pío Torres.

Na terceira imaxe, tomada durante a mesma visita governativa que Rafael Fernández Martínez fixo ao Grove no 1957, están na entón travesía de Peralto, actual rúa da Rapeta, en pleno proceso de lastrado, vemos entre o séquito falanxista pontevedrés, con lentes escuras e virado de perfil, ao secretario municipal Eduardo Fernández Eiríz, tamén el falanxista, ao que a xente coñecía polo alcume de o Caderas, por un aquel de bambán no seu camiñar. Este secretario,

que antes da guerra ocupara o mesmo posto no concello de Vilanova de Arousa, antigo republicano revirado en falanxista, chegou a estar no cárcere por asuntos turbios, dos que non se librou en boa parte da súa carreira profesional, moi marcada pola teima en exercer como alcalde.

As madeiras que vemos no chan, á esquerda, dan conta do negocio que había na casa caleada: o serradoiro de Pío Torres, no fondo a casa de Pilar Rodríguez, onde esta emprendedora instalaría o primeiro negocio de conxelado de peixe (*imaxe 3*).



Imaxe 4. A comitiva encabezada polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, deixa atrás a casa do concello, na visita oficial realizada a Cambados en 1957.

CAMBADOS

Na praza de Cervantes, hoxe máis coñecida como praza do Concello, coas súas palmeiras e o edificio da Casa Consistorial ao fondo, vemos o paso da comitiva que en 1957 visitou Cambados, co Gobernador

civil Rafael Fernández Martínez á cabeza e acompañado por varias persoas do seu círculo. A xente do común e moitas crianzas, liberadas aquel día de teren que ir á escola, ollan con curiosidade ás autoridades: o alcalde Andrés Iglesias González (1957-1962) falanxista e tamén, antes e despois, á fronte da Hermandad de Labradores y Ganaderos, na foto é o cuarto pola esquerda; e o Gobernador, o segundo; á esquerda da foto, con camisa azul escura, un personaxe aínda en fase de meritorio, Manuel Crespo Alfaya (Ponteareas, 1918-Pontevedra, 2006), daquela secretario da Obra Social del Movimiento, a máis precisa representación do camaleonismo político e todo un exemplo do que supuxo a “Transición” política, na que os vellos falanxistas accederon cos seus privilexios á reforma política, que os recompensou con cargos e honores, sen culpabilidades que penar. Á dereita, con chapeu, o médico José Padín González-Pardo (*imaxe 4*).

Na segunda das fotos que escolmamos, vese a mesma comitiva do gobernador civil, pasando por diante da praza de abastos, o merca-



Imaxe 5. O gobernador civil e a súa comitiva, en compañía de veciñanza e crianzas, pasa por diante do edificio da praza de abastos na súa visita a Cambados.

do municipal. No grupo dos cinco da cabeceira vemos, no terceiro posto pola esquerda, a Rafael Fernández Martínez, gobernador civil; o que lle segue é o alcalde Andrés Iglesias González, e logo Manuel Crespo Alfaya, con portafolios na man (*imaxe 5*).



Imaxe 6. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, percorre o mercado na visita que fixo a Cambados en 1957.

Na terceira das imaxes, correspondente á mesma visita do ano 1957, temos unha vista do interior da praza municipal, do mercado do peixe, logo dalgúñas obras de mellora. Alén das roupas de diario da xente que non estaba implicada naquela cohorte política, mariñeiros e peixeiras, coas chaquetas de maó remendadas, as puchas e os mandís, e coa cativada exenta de escola, temos ao mesmo trío autoritario ao pé da columna, Crespo Alfaya con lentes, o gobernador e o alcalde. Naquelas datas era o patrón maior da Confraría de Santo Antonio de Cambados o mariñeiro José Antonio Costa Ares, alcumado o Polo, a quen non vemos nas imaxes (*imaxe 6*).



Imaxe 7. Asistentes ao cine Coliseo de Vilanova de Arousa, no que o gobernador civil Rafael Fernández Martínez celebrou un acto o 1 de novembro de 1957.

VILANOVA DE AROUSA

Era día santo, o primeiro de novembro de 1957, mesmo era o día do santo de todos os santos, o que explica o cheo de público degorado no cine Coliseo, coa bandeira española pendurada da varanda do galiñeiro e co aforo atestado de xentiña do común. Na sala, ata a metade dianteira, os convidados especiais, entre os que vemos a Benito Otero, o primeiro pola esquerda, diante, que era secretario da Hermandad de Labradores y Ganaderos; o mariñeiro Manolo Sos, cuarto da segunda fila, e o mestre Carlos Núñez, con lentes e gravata, á dereita na terceira fila. Atentos, mesmo expectantes, ao que pasaba na presidencia, xusto embaixo da pantalla do cine (*imaxe 7*).



Imaxe 8. Un momento da intervención de Fernández Martínez, flanqueado polos retratos de Franco e José Antonio, no cine Coliseo de Vilanova.

Mais, poucas imaxes tan ilustrativas da escenografía trapalleira daquel réxime político como a que recolle, chantadas na pantalla do cine, as bandeiras falanxista e española reviradas. Sobre a española un crucifixo traído do despacho da alcaldía, e á dereita as puntas inferiores da aspa carlista, que para iso en Vilanova aínda quedaban pegadas dos requetés. Enriba do palco os retratos, tamén do concello, de Franco e José Antonio, arrimados conta a tea de proxeccións e, ao pé, unha mesa cuberta na frontal cun pano bicolor a xeito da *rojigualda*. Na mesa presidencial, o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, de pé, falando; á súa esquerda o daquela secretario da Obra Social del Movimiento, Manuel Crespo Alfaya, xunto co xefe local da Falange, e a xefa da Sección Femenina, ademais do alcalde Cándido Touceda, mestres, curas e médicos da vila. Entendemos que a atención da xente tiña moito que ver co reparto de vivendas sociais, das chamadas “casas baratas” que pro-

movía en varios concellos o “benéfico” sindicato falanxista, pola vía da súa “obra social” (*imaxe 8*).

Aquela “obra social” do réxime franquista non pasou de actos de beneficencia: reparto dalgunha dorna, unhas cadeiras de rodas para diversas minusvalías e a promoción dalgunhas vivendas de baixo custe e escasas prestacións habitacionais. A visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, aquel primeiro de novembro de 1957, tiña como obxectivo protagonizar outro acto propagandístico do Estado valedor dos desfavorecidos e da súa obra sindical. Velaí a foto co gobernador, sorrindo á dereita, escoltados por mandos falanxistas, ben recoñecibles pola cor escura das camisas, confraternizando con mariñeiros, tamén eles recoñecibles polas puchas nas testas. Neste caso estamos no lugar de San Pedro, ao que a xente sabía e argalleira, rebautizaría como Corea; do mesmo xeito que no Grove foille posto o nome de Katanga ao que é Virxe das Marés; cousas das



Imaxe 9. Instantánea do momento en que a visita do gobernador Civil a Vilanova en 1957 alcanza o lugar de San Pedro e a comitiva charla con veciños.

loitas de independencia en África vencelladas á conflictividade social que herdamos daquela “obra social falanxista” (*imaxe 9*).

A ILLA DE AROUSA

Podería resultar nunha primeira vista de ollos, o da gabardina de cor clara, un bondadoso bohemio preocupado polo benestar das persoas desfavorecidas, máis o que fai entrega desa cadeira de rodas do trinqué é José Puig Gaité (Pontevedra, 1912-1978), que ocupou varios cargos no franquismo, dende delegado provincial da Vieja Guardia, a consejero nacional de Falange e delegado do Frente de Juventudes, tamén foi subxefe provincial do Movimiento, tenente de alcalde e alcalde accidental de Pontevedra, entre outros, que acada polo seu pasado pleno de confrontacións violentas. Nos anos de estudante de Dereito en Santiago, enfrontouse violentamente a grupos progresistas rebentando manifestacións e actos en favor da República, o que lle supuxo entrar varias veces no cárcere. Coa sublevación



Imaxe 10. José Puig Gaité, subxefe provincial do Movimiento, entrégalle ao neno Francisco Núñez, *Paco da Ferrolla*, un coche ortopédico nun acto celebrado na Illa de Arousa en 1952.

militar preséntase voluntario e participa na Legión Gallega de Falange Española combatendo o exército republicano. O beneficiario da cadeira de discapacidade motriz é o neno da Illa, Francisco Núñez, Paco da Ferrolla (*imaxe 10*).



Imaxe 11. Autoridades e empresarios no acto de inauguración do servizo telefónico na Illa de Arousa, que tivo lugar en 1952.

Na mesma visita “benéfica” e propagandística, feita en 1952 á Illa de Arousa, o daquela subxefe provincial do Movimiento José Puig Gaité, con gabardina branca e chapeu na foto, recibe oficialmente o local no que se instala a central telefónica que tanto precisaban os conserveiros e industriais, que mercaron a rigoroso escote para crebar o illamento. Detrás do grupo, vese o local de Telefónica, na entón rúa General Franco, hoxe Avenida Castelao, que logo acolleu outros usos como ser sede do Clube de Fútbol Céltiga, ou a primeira biblioteca pública municipal, unha vez cedido ao novo concello. Do grupo identificamos, o primeiro e segundo pola esquerda: Amador Otero Fernández e Manuel Díz Suárez, fabricantes de conserva; o

quinto e sexto, son Alipio Santiago Ferro, futbolista, capitán do Céltiga e conserveiro, e Juan Hermida, alcalde do concello; con pucha detrás de José Puig, Alfonso Otero Maistu, industrial e concelleiro; e os dous da dereita son conserveiros, diante con gabardina posta e mans nos petos, Luís Guillán Sánchez, detrás del co gabán no brazo, Francisco Rial Ordóñez (*imaxe 11*).

RIBADUMIA

Non resulta doado de comprender tanto desleixo na escenografía propagandística das visitas gobernamentais. Se antes o vimos no cine de Vilanova de Arousa, agora é a quenda de Ribadumia, nesta ocasión, na inauguración do Centro de Higiene Rural.



Imaxe 12. Inauguración do centro médico en Ribadumia, presidida polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, o 23 de decembro de 1958.

O gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na imaxe falándolle á veciñanza, acode a véspera da noite boa de 1958, e a escena é decorada por camaradas con bandeiras falanxistas e a española pen-

duradas das árbores e cun enorme pano coas cores negra e vermella da Falange tapando a parte central da fachada da casa na que tamén tivo a súa vivenda o médico municipal (*imaxe 12*).



Imaxe 13. O gobernador civil, Fernández Martínez, contempla os planos do mercado municipal de abastecemento de mercadorías, que se estaba construíndo en Ribadumia en 1958.

Noutra imaxe do municipio vemos o posado das autoridades, e resulta de especial interese a intensidade da atención do gobernador civil, no centro da imaxe, aos planos do mercado municipal de abastecemento de mercadorías, que se estaba construíndo en Ribadumia en 1958. Rodeado do construtor, o arquitecto, o alcalde Noya e, á dereita, Manuel Crespo Alfaya, o daquela secretario da Obra Social del Movimiento, entidade á que lle correspondeu o mérito. Para ollos adestrados, non sorprende a permanencia, aínda hoxe, en moitas destas obras, das placas de aluminio que fan mención á obra social da Falange, co feixe de xugo e frechas incluídos (*imaxe 13*).



Imaxe 14. Un momento da visita que Fernández Martínez (á esquerda da foto, apoiado na mesa) realizou ao Concello de Meaño en 1957, sendo alcalde Ernesto Zárte (no centro da imaxe, de traxe claro).

MEAÑO

Dende 1954 era alcalde do concello de Meaño o produtor de viño, Ernesto Zárte Ambrós, con pasado de militancia no Somatén da ditadura de Primo de Rivera, e moi xeneroso nas achegas de ouro para nutrir os fondos franquistas destinados ao exército sublevado. Na imaxe, de 1957, vemos á esquerda, o gobernador civil de Pontevedra, Rafael Fernández Martínez, na recepción que o alcalde lle fixo no Concello de Meaño (*imaxe 14*).

MEIS

O incombustible réxime nacional falanxista non arriaba na súa propaganda, case vinte anos despois de rematada a guerra de 1936, continuaba “impasible el ademán” coa instalación de placas e cruces

dos “caídos”; sirva como exemplo a imaxe na que vemos o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, un ano despois de ser nomeado, inaugurando unha placa na fachada do concello de Meis. Esta xa non existe, outras permanecen malia as leis de Memoria Democrática. O “legalista” gobernador, xuíz de primeira instancia e profesor de dereito penal en Oviedo, foi tamén o secretario de Falange nesa cidade, de onde pasa ao cargo que ocupou en Pontevedra, a cidade onde nacera, entre 1956 e 1961 (*imaxe 15*).



Imaxe 15. Fernández Martínez descubrindo a placa dos “caídos” no Concello de Meis o 1 de novembro de 1957.

En Meis recibiron o gobernador, naquel primeiro de novembro de 1957, o alcalde José Manuel Roma Hermida, que non daba o perfil de *camisa vieja* xa que só levaba dous anos afiliado á Falange. Antes da guerra fora republicano, do Partido Radical de Emiliano Iglesias e mesmo foi desterrado polas autoridades militares sublevadas, polo seu pasado político, retornando á vida pública nos primeiros anos de 1950, entrando no réxime pola vía da Hermandad de Labradores y Ganaderos. No seu despacho da alcaldía recibiron o Gobernador (na foto, no centro, debaixo do retrato de Franco), entre outras au-



Imaxe 16. Fernández Martínez durante a súa visita ao Concello de Meis co alcalde Roma Hermida (xunto ao gobernador, de camisa gris e garabata) e outras autoridades.

toridades, o delegado da Obra Social del Movimiento, Manuel Crespo Alfaya (con lentes); e a continuación de Fernández Martínez, o alcalde. O seguinte acto da intensa xornada sería a inauguración da escola de Paradela (*imaxe 16*).

De xira polos concellos que ficaran sen alcalde

Pepe Novas

Dirixente da Asociación de Amigos de Johan Carballeira

O 14 de decembro de 1955, o Estado franquista ingresa na ONU poñendo fin ao período de autarquía e procurando unha apertura ao exterior que mellorase a situación económica. A comarca do Morrazo non é allea á actividade frenética de inauguracións que, entre esa data e o comezo do chamado Desarrollismo español (1959-1975), levará a cabo o gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, o pontevedrés Rafael Fernández Martínez, para inaugurar múltiples obras en distintas localidades da provincia de Pontevedra.

Visita o Morrazo en xullo de 1957, un ano despois do seu nomeamento, para conmemorar o que eles mal chamaban “Alzamiento Nacional” cun investimento en obras de 50 millóns de pesetas. Nas imaxes da xeira vemos como pretenden converter as inauguracións

en actos de masas e de contacto coa poboación dunha comarca que, tras o golpe de Estado fascista de 1936, sufrira unha durísima represión, orientada especialmente a castigar a implicación de dirixentes sociais e agrupacións sindicais e políticas morracenses.

Foi a comarca, desgraciadamente, exemplo sobranceiro do acontecido coas persoas que presidían as xestoras municipais nomeadas pola Fronte Popular logo das eleccións de febreiro de 1936. O alcalde de Cangas, o médico Agustín Jorge Etcheverri, foi executado o 24 de setembro de 1936, logo da súa condena a morte na causa 790/36. Os alcaldes de Marín e Moaña, Antonio Blanco Solla e José Fandiño Pidre, serán asasinados a través dunha execución nun día tan especial como a Fin de Ano de 1936, facendo gala os golpistas da súa extrema crueldade. O alcalde de Bueu, Johan Carballeira, será tamén executado o 17 de abril de 1937. Só o alcalde de Vilaboa, Manuel Acuña Palmeiro, logrará salvar a vida fuxindo ao exilio.

A XEIRA NA TERRA ORFA DE JOSÉ ETCHEVERRI

Dúas décadas despois, o réxime que os executara iniciou unha xira de propaganda polos seus concellos. No de Etcheverri, vemos o gobernador e a súa comitiva chegando en helicóptero á praia de Rodeira, durante a visita realizada o 27 de xullo de 1957, vinte e un anos despois do golpe fascista (*imaxes 1 e 2*). A posta en escena quere ser espectacular, con moita xente agardando no areal.

Noutra imaxe da visita, o gobernador aparece saudando unha nena que se atopa entre a veciñanza canguesa que o recibe na Alameda Vella, co palco de música de fondo (*imaxe 3*).

E aínda hai outra fotografía dese día en Cangas na que vemos a Fernández Martínez dándose un baño de masas sempre acompañado polo alcalde Pérez Barros (*imaxe 4*).



Imaxe 1. Xente na praia de Rodeira, en Cangas, agardando a aterraxe do helicóptero que traslada desde Vigo o gobernador civil Rafael Fernández Martínez, que visitou a localidade en xullo de 1957.



Imaxe 2. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, saíndo do helicóptero que o trasladara desde Vigo á praia de Rodeira, en Cangas, con motivo da súa visita o 27 de xullo de 1957.



Imaxe 3. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, saudando a unha nena entre a veciñanza que se amorea na Alameda Vella de Cangas, con motivo da visita oficial que fai á localidade en xullo de 1957.



Imaxe 4. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, xunto co alcalde José María Pérez Barros, rodeado de veciños de Cangas. Na parte esquerda destaca o funcionario municipal Eugenio Eiroa.

Xa no ano 1958, o gobernador volverá a Cangas para participar na inauguración do Xogo da Bóla, sito no barrio de Nerga, na parroquia do Hío. Fernández Martínez corta a cinta ante a atenta mirada do daquela alcalde de Cangas, José María Pérez Barros e o párroco. Detrás da comitiva, como xa pasara en 1957, atopamos numerosa veciñanza (*imaxe 5*).



Imaxe 5. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, corta a cinta inaugural no Xogo da Bóla. Ao seu lado aparece o alcalde José María Pérez Barros e, moi posiblemente, Antonio Graña, párroco do Hío de 1931 a 1981.

A XEIRA NA TERRA ORFA DE JOSÉ FANDIÑO PIDRE

Ao ter que acudir na mesma data a Vigo, o omnipresente Fernández Martínez non pode realizar o percorrido polas rúas de Moaña, prevista dentro desa xeira morracense de xullo de 1957. No seu lugar vai León Terrados Jarabo¹, o subxefe provincial do Movimiento, ao

¹ Grazas ao investigador Xosé Álvarez Castro sabemos que León Terrados Jarabo era de Guadalajara, licenciado en Ciencias Políticas e Económicas e procedía do Frente de



Imaxe 6. A comitiva, presidida por Terrados, nas inmediacións da praza de abastos, nun momento do percorrido que realizan polo concello de Moaña na visita de 1957.



Imaxe 7. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez uniuse logo á comitiva e departiu con autoridades locais de Moaña durante a xeira franquista pola comarca do Morrazo daquel verán de 1957.

que se ve nas inmediacións da praza de abastos acompañado por outras autoridades (*imaxe 6*). Pero logo de desprazarse en helicóptero de Vigo a Cangas, si vemos a Fernández Martínez chegar a tempo para departir coas autoridades moañesas, como recolle outra das imaxes do arquivo franquista (*imaxe 7*).

A XEIRA NA TERRA DA QUE TIVO QUE FUXIR MANUEL ACUÑA

A seguinte parada foi Vilaboa, en concreto, a parroquia de Paredes, onde a comitiva asistiu á inauguración da nova escola. Probablemente sexa esa a razón pola que participase na xeira a delegada provincial do Maxisterio, Carmen Mir, unha das poucas mulleres que aparece con rango de autoridade no arquivo da JPM (*imaxe 8*).

Vemos, de novo, numerosa representación popular para recibir a Fernández Martínez, incluíndo escolares que forman a ambos lados da rúa, nenas á esquerda da foto e nenos á dereita (*imaxe 9*).

Na multitudinaria recepción (*imaxe 10*), que contou, como noutros concellos, con representantes do clero, estivo tamén, por suposto, o alcalde franquista Alfonso Buceta que ocupaba o cargo arrebatado ao exiliado Acuña (*imaxe 11*).

Pero non hai maior contraste entre o tempo esperanzador que precedeu o golpe e o tenebroso franquismo, que o que atopamos en Bueu. Aquela vila que inspirara a Torrente Ballester ou Maruxa Mallo no tempo en que a dirixía un poeta, o xornalista Johan Carballeira, foi gobernada após 1939 por un dos maiores represores da comarca. O nome do alcalde, o conserveiro José María Massó García, ficará para sempre unido ao terror². Cos de fóra e cos da casa.

Juventudes. Tomou posesión como subxefe provincial do Movimiento o 14 de xaneiro de 1957, seis meses antes da xeira morracense.

² Torna, C: "José María Massó, o verdugo de Bueu" artigo publicado en *Nós Diario* o 24 de decembro de 2019.



Imaxe 8. Fernández Martínez fala durante a inauguración da escola de Paredes. Ao seu carón, Carmen Mir, delegada de Educación.



Imaxe 10. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez no acto de inauguración da escola en Paredes o día 27 de xullo de 1957.



Imaxe 9. Nenas a un lado e nenos ao outro forman para dar a benvida ao gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na súa visita á nova escola de Paredes, inaugurada o 27 de xullo de 1957.



Imaxe 11. O alcalde de Vilaboa, Alfonso Buceta, fala co gobernador civil aproveitando a visita realizada en xullo do 57, que contou con ampla presenza de representantes do clero.

A veciñanza deixou múltiples testemuñas que recolleu, por exemplo, o proxecto Nomes e Voces levado a cabo pola USC baixo o amparo económico do goberno autonómico na etapa do bipartito. Avalaban que se asasinaba na propia fábrica e logo subíanse os cadáveres a barcos para fondealos no mar. Fronte a ese proceder seu, todo lle parecía falta de firmeza, e diso acusou as primeiras corporacións franquistas nunha forte campaña que posibilitou que en xaneiro de 1939 collese o bastón de alcalde e xa non o soltase ata 1971. Massó foi tamén deputado provincial e aproveitou o seu apoio ao bando vencedor para afastar da xerencia da conserveira familiar o seu irmán Gaspar, que era galeguista. Logo ampliou o seu emporio grazas a concesións franquistas e chegou a poñer en marcha fábricas en Avilés ou Barbate.

Ese foi o “desarrollismo” de moitos, naquel franquismo levantado a forza de represión. E aí vemos a Massó, en 1957, encabezando a comitiva que acompaña a máxima autoridade provincial no percorrido pola parroquia de Beluso, engalanada para celebrar, no mes do golpe, a vitoria do sangue fronte á poesía de Johan Carballera (*imaxe 12*).



Imaxe 12. O alcalde José María Massó García, na zona do cruzamento, encabeza a comitiva que acompaña o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, no percorrido pola parroquia de Beluso en xullo de 1957.



Imaxe 13. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez, o presidente da Deputación Luis Rocafort, o alcalde de Bueu José María Massó García e outras autoridades van nun bote rumbo á Illa de Ons. Era o 4 de agosto de 1957.

Volvería Fernández Martínez a Bueu uns días despois. Vémolo, o 4 de agosto de 1957, co sanguinario alcalde e o presidente da Deputación, Luis Rocafort, entre outras autoridades, navegando nun bote cara á Illa de Ons (*imaxe 13*).

Noutra imaxe na illa aparece cos veciños Cambados, Reboredo, Candiño ou Victorino, mentres as irmás Carmen e Josefa Patiño Domínguez, daquela aínda unhas nenas, miran o fotógrafo apostado fronte á taberna de Checho (*imaxe 14*). O gobernador achegouse logo á escola de Ons, que acollía a chamada Cátedra Ambulante da Sección Femenina, para ser informado do seu devir pola responsable (*imaxe 15*).

Era un tempo escuro sobre o que é preciso botar luz, para que non nos enganen as imaxes luminosas de inauguracións e logros. De avances como o conseguido nese 1958 coa electrificación da Illa de Ons



Imaxe 14. Cambados, Reboredo, Candiño e Victorino son algúns dos veciños que aparecen fronte á taberna de Checho departindo co gobernador civil, que ten ás costas a Massó, alcalde e un dos máis sanguinarios represores da Galiza posterior a 1936. As dúas nenas que miran á cámara son as irmás Carmen e Josefa Patiño Domínguez.



Imaxe 15. A delegada da Cátedra Ambulante da Sección Femenina fala co gobernador Fernández Martínez durante a visita que este realizou á Illa de Ons en agosto de 1957.

mediante a colocación dun grupo electrógeno que o encargado, Emilio Blanco, mantiña aceso do anoitecer á medianoite. Vemos fotos da igrexa cómplice bendicindo a que sen dúbida era unha gran mellora, que desterraba a obrigada, ata entón, utilización de aparatos de carburo e gas para o alumearo (*imaxes 16 e 17*).

Pero aínda hoxe, malia os avances, garda a historia de Bueu moitas tebras que é necesario despexar mediante un relato crítico e completo, que alumee a memoria das vítimas. Só así deixaremos atrás a escuridade e recuperaremos a primavera republicana que soñaron os alcaldes arrebatados (*imaxe 18*).



Imaxe 16. Na sede da Junta Provincial del Movimiento en Pontevedra, un sacerdote bendice o grupo electrógeno que ía ser destinado á electrificación da Illa de Ons, diante do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, e outras autoridades.



Imaxe 17. No acto de presentación do grupo electrógeno destinado a alumear a Illa de Ons que se celebrou na sede pontevedresa da Junta Provincial del Movimiento.



Imaxe 18. Autoridades franquistas no Faro da Illa de Ons, visitada polo gobernador Fernández Martínez o 4 de agosto de 1957.

Aguinaldo para Ifni

Xoán Carlos Abad

Investigador do Instituto de Estudios Vigueses

Ao contrario do que sucede con outros lugares da provincia, onde proliferan as inauguracións e reunións coa veciñanza, as imaxes que o fondo da Jefatura Provincial del Movimiento garda de Vigo céntranse, case exclusivamente, na saída desde o porto dun cargamento de mercadorías que na fin de ano de 1957 lles foron enviadas aos combatentes españois do IFNI.

As noticias da zona africana do protectorado que chegan á prensa a partir do día 23 de novembro de 1957, tras os ataques sufridos en varias guarnicións protexidas por tropas do exército español, son tardías, escasas e moi imprecisas. Falan, tan só, de esporádicos combates que axiña son controlados, sempre, polas tropas españolas, e de que estes enfrontamentos non teñen nin a intensidade nin o custo humano dos que está a falar a prensa internacional.

O que máis ben se pretende transmitir é a idea do heroísmo do que están a facer gala as tropas hispanas no combate, “até ó punto de que son obxecto de admiración mundial!”, e de que todo o país segue con emoción esas xornadas gloriosas. Pero o feito é que a situación sobre o terreo é moito máis grave do que se conta, e non se lle ve ningunha solución no horizonte; de xeito que así vai pasando o tempo, e con el achegándose a fin de ano, que vén da man das festas do Nadal.

Nese contexto, e dentro dos equilibrios de poder que se manteñen no interior do réxime franquista, a Falange non quere quedar de lado neste tema, polo que de inmediato pide, publicamente, poder ter un papel relevante na contenda que se está a desenvolver na chamada África Occidental Española, polo que chega a solicitar poder organizar unidades de combate compostas por membros do partido, aceptando quedar baixo o mando operativo de xefes e oficiais do exército; dun xeito semellante a como xa se fixera durante a Guerra Civil, ou na organización da División Azul, sinalando que había xa milleiros de camaradas, procedentes de todas as provincias do Estado, que se ofreceran expresamente para tal fin. Como esa solución non vai ser nin tan sequera contemplada por parte das autoridades militares, e co pretexto de poder manterse nunha primeira liña, desde a Falange ofértanse entón para canalizar a asistencia aos combatentes con miras ás inmediatas festas de Nadal, organizando a creación dun aguinaldo extraordinario para eles (como xa se fixera tamén na Guerra Civil e durante a participación da División Azul).

A través dos seus abundantes órganos de prensa a Falange comezará unha intensa campaña de petición solidaria para os que combatían en África: “O Nadal achégase e o combatente agarda o gozo e a solidariedade do teu aguinaldo”, a base de discursos salpicados con palabras grandilocuentes: “Honra de España, lección de

heroísmo, defensa da integridade da Patria, valor e serenidade...”. Satisfeito de ver como o Partido Único aceptaba ese papel secundario no conflito, o Ministerio del Ejército non podía menos que manifestar abertamente o seu apoio a esa iniciativa, autorizando os gobernadores militares provinciais para que recollesen todas as achegas que se lles fixesen chegar no ámbito das súas respectivas zonas de control (*imaxe 1*).



Imaxe 1. O xeneral Fernández Prieto, gobernador militar da provincia, con parte do cargamento enviado na fin de ano de 1957 desde o porto de Vigo aos combatentes en Ifni.

O eco do chamamento vai ser total; o 13 de decembro, un día despois de ser publicado, son xa varias provincias as que informan de que teñen organizados os seus primeiros donativos para os soldados: Huelva (30.000 litros de viño), Almería (un cargamento de laranxas), Cádiz (viño, froita e conservas), Castellón (froita, doces e licores)... De feito, tal vai ser o éxito que, na tarde do 21 de decembro, e confiando en que poida chegar antes do día de

Nadal, vai saír o primeiro cargamento dende o porto de Barcelona con destino a Canarias, que o fará a bordo da motonave Ernesto Anastasio, e esa mesma noite, dende o porto de Cádiz, farao o Plus Ultra, con aguinaldos procedentes de Madrid, Cádiz, Almería, Sevilla, Alicante... (*imaxe 2*).

Camións ategados de turróns, de conservas, de galletas, de froita fresca, de conservas, de marmeladas, de tabaco e licores (que non podían faltar), pero tamén de embutidos e xamóns. Todas as xefaturas provinciais do Movimiento facían rascar o peto a empresarios e particulares con destino ao dito aguinaldo aos combatentes. Se todas as provincias do Estado (incluída Valencia, que o 13 de outubro anterior sufrira unhas impresionantes chuvias que provocaran o desbordamento do Turia e doutros ríos da zona, que anegaran a propia capital e a bisbarra inmediata, provocando grandes estragos en edificios e colleitas e máis de 80 mortes) facían un esforzo importante, non podía ser menos a provincia de Pontevedra (*imaxe 3*).

O gobernador provincial, o pontevedrés Rafael Fernández Martínez, vese na obriga de dirixir lle o 16 de decembro unha mensaxe á cidadanía coa intención de remover conciencias e carteiras para contribuír ao aguinaldo ás tropas que combatían en Ifni, facendo mención á xenerosidade e ao desprendemento do que adoitaba dar continua mostra a poboación pontevedresa, sempre na vangarda das causas solidarias; polo que nesa ocasión había que facer, tanto particulares como firmas comerciais, un sacrificio especial dentro dun espírito de patriótica solidariedade. Deste xeito, urxe a colaborar con achegas monetarias e de produtos (que exemplifica nos consabidos licores, turróns, conservas de peixe, queixos, galletas, tabaco, chocolate...) pero ampliándoo, tamén, a outro tipo de agasallos, como podían ser xogos, libros, revistas, instrumentos musicais... Para facilitar, e acelerar, a organización do aguinaldo, ofrece o xerarca, como



Imaxe 2. Os aguinaldos partiron de distintas provincias do Estado. Na foto, parte do cargamento pontevedrés.



Imaxe 3. O cargamento incluía conservas procedente da conserveira Massó, propiedade do alcalde e represor do Morrazo, José María Massó García.

lugar de recepción dos mesmos, a sede dos gobernos militares de Pontevedra e Vigo, da Jefatura Provincial del Movimiento e das xefaturas locais de Falange, ofrecendo, mesmo, a oportunidade de que se chamase a calquera deses centros para que o persoal autorizado acudise aos domicilios a recollelos (*imaxe 4*).

Pronto empezan os ofrecementos. E se así a Deputación provincial anuncia a entrega dun receptor de radio, seguido, días despois, de 5.000 pesetas; o Consejo Provincial da Falange faino dunha gramola para o tempo de lecer dos soldados, que iría acompañada dunha colección de discos, tanto de panxoliñas como de música tradicional galega. E malia que son tempos complexos para levar adiante esta iniciativa (pois ao tempo estaban recadándose cartos e produtos para o aguinaldo pascual ás familias máis humildes da provincia e a campaña para os afectados polas recentes inundacións de Valencia), comezan a chegar os agualdos de particulares e firmas comerciais, que con rapidez aparecen publicadas na prensa, xa a partir do día 21, como sinal de agradecemento e como estímulo á emulación dos petos máis remisos. A maioría, especialmente na bisbarra de Vigo, son nomes de empresas vinculadas ao sector alimentario e de bebidas, como a Compañía Viguesa de Panificación, Las Colonias, Bodegas López Valeiras, Bodegas Bandeira, Bodegas El Túnel, Bodegas Titán, Coloniales Sáenz-Díez, España y sus Colonias, Irmáns Troncoso, Chocolates Quiñones, Chocolates Viso, Chocolates La Perfección... (*imaxes 5 e 6*).

Con todo, iso non debe parecerlle suficiente á Jefatura Local del Movimiento viguesa xa que, en nota de prensa, ao tempo que agradece os xestos de solidariedade amosados, sinala que bota de menos a presenza de moitos nomes que deberían dar público exemplo de caridade cristiá. O tirón de orellas seica funcionou; nos días seguintes seguen aparecendo listas de nomes de empresas, institucións e particulares facendo a súa patriótica contribución, até o



Imaxe 4. O gobernador civil da provincia e xefe provincial do Movimiento, Rafael Fernández Martínez, viuse na obriga de dirixir unha mensaxe á cidadanía, para que contribuíse co aguinaldo ás tropas.



Imaxe 5. Unha das caixas cedidas pola Falange de Pontevedra, cun motivo do Nadal.



Imaxe 6. O gobernador militar, Antonio Fernández Prieto, escribe unha das dedicatorias aos combatentes ante a atenta mirada do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, e xunto a numerosas caixas de donativos cos carteis da Falange.

punto de que esta queda pechada coa fin do ano. Sen que chegase a ser publicado o montante exacto do total das achegas monetarias, o que si se sabe é que se logrou reunir en toda a provincia un total de 5.500 quilos de produtos diversos, entre os que destacaba un total de 186 caixas contendo produtos de Nadal, nos que había unha xenerosa cantidade de botellas de coñac e de licor de tipos e marcas diversas, caixas de turrón, chocolate, conservas de peixe, cartóns de tabaco, libros e revistas, así como tres aparatos receptores de radio. Ademais destas había outras 44 caixas que foran conseguidas pola mediación directa da Delegación Provincial de Sindicatos entre a masa social, o que supuña un total de 230 caixas correspondentes ao peso indicado. Todas as caixas levaban no exterior, e de xeito ben visible, a inscrición “Da Falange pontevedresa aos combatentes de Ifni”, mentres que no seu interior ían tarxetas de felicitación manuscritas do xefe provincial do Movimiento, e gobernador civil, o antedito Rafael Fernández Martínez (*imaxe 7*).



Imaxe 7. O gobernador civil escribindo unha das dedicatorias durante o acto de despedida do buque Escolano que levaba os agasallos aos combatentes do IFNI.

Para poder realizar o envío deste cargamento contouse coa colaboración da empresa navieira Compañía Trasmediterránea Española, que ofreceu o seu vello vapor Escolano para que levase o cargamento até o porto de Las Palmas, que sería o centro loxístico previo ao seu reenvío ao continente africano. O acto de embarque e despedida do Escolano tivo todo o boato que a situación requiría. A data escollida foi a da tarde do día 31 de decembro de 1957, dende o peirao comercial situado no Areal vigués, e foi en todo momento seguido polo gobernador civil, que foi quen lle fixo entrega oficial do donativo para a súa custodia ao capitán do buque, Juan Antonio Saras. A carón do gobernador estaban as máis altas personalidades do réxime na provincia: o xefe da Agrupación Especial de Costa das Rías Baixas e gobernador militar da provincia, o xeneral Hipólito Fernández Palacio; o seu segundo no mando da agrupación militar, o xeneral Antonio Fernández Prieto; o bispo da diocese tudense, frei José López Ortiz; o comandante militar de Marina da zona de Vigo, Rafael Aguilar y Ojeda; o alcalde da cidade olívica, Tomás Pérez Lorente; o xefe local do Movimiento en Vigo, Pedro Ojeda de la Riva; o xuíz decano, Félix Lis Alonso; o enxeñeiro-director da Junta de Obras del Puerto de Vigo, encargado de coordinar os labores de embarque, Manuel Espárrago Fernández; o delegado provincial de Sindicatos, Ramón Gutiérrez Flores; o subdelegado de Facenda, Luis Román Cardero; o maxistrado provincial de Traballo, Emilio Bermúdez Trasmonte; o delegado rexional de Comercio, Luis de Aguirre Fanaique; a delegada provincial da Sección Femenina, e única muller presente, María Luisa Otero Moratinos; o subdelegado do Ministerio de Información e Turismo, Álvaro Domínguez y Domínguez-Lemus; así como outras autoridades civís, militares e relixiosas (*imaxe 8 e 9*).

Ás catro da tarde, con algunha demora con respecto ao plan orixinal, e tras o discurso protocolario da máxima autoridade civil



Imaxe 8. Algunhas das autoridades que acudiron o 31 de decembro de 1957 ao porto de Vigo para proceder ao envío dos produtos recadados pola Jefatura Provincial del Movimiento.



Imaxe 9. Foron numerosas as autoridades que se achegaron ao peirao do Areal, en Vigo, para ver partir o Escolano. Entre elas, os gobernadores civil e militar –Fernández Martínez e Fernández Prieto– e o bispo da diocese de Tui-Vigo, Frei José López Ortiz.



Imaxe 10. Un momento da preparación das caixas que ían ser embarcadas no buque.

provincial, na que procedeu a dar os agradecementos oportunos (especialmente a Manuel González Alegre, representante local da compañía navieira) e tras a sinatura dalgúns dos paquetes polas máximas autoridades, acompañadas de expresivas dedicatorias, o buque partiu co aguinaldo recollido na provincia de Pontevedra con destino aos soldados que loitaban nas terras de África na Guerra Esquecida (*imaxe 10*).

O 11 de marzo do ano seguinte vai haber na cidade do Lerez un especial acto: inaugúrase a nova sede da Jefatura Provincial del Movimiento, e sede da Gobernación Civil. Para dita celebración cóntase coa presenza do (ministro) secretario xeral do Movimiento, José Solís Ruiz, e do arcebispo de Santiago, Fernando Quiroga Palacios; e, para darlle máis realce á data, o gobernador civil dispuxo do envío extraordinario dunha nova expedición de produtos



Imaxe 11. Un momento da bendición relixiosa do novo edificio da xefatura, oficiada por Fernando Quiroga Palacios, arcebispo de Compostela, co gobernador civil en primeiro termo.

para os soldados de Ifni, composto por víveres, licores e produtos diversos. A expedición deste envío, se é que algunha vez saíu da nosa provincia, non tivo a repercusión mediática da do aguinaldo do mes de decembro anterior (*imaxe 11*).

A Jefatura Provincial del Movimiento en Salceda de Caselas, O Porriño e Mos

Xosé Ramón Paz Antón

Historiador

Arredor de 1950 a ditadura de Franco entra nunha fase de maior estabilidade. A oposición antifascista, esmagada e desencantada coa non intervención das forzas aliadas tras a vitoria de 1945, diminúe a súa actividade, que logo retomará nos ámbitos da loita sindical, universitaria e cultural. Ademais prodúcese nese tempo unha emigración masiva: a xente que non se adaptara aproveita para fuxir ao exilio. En Salceda, tal é o caso do zapateiro Amador Solla, o famoso “Tarzán” da fuga do Penal de San Cristóbal, quen saíu cara Arxentina, sempre coa súa gaita, fuxindo do réxime que o condenou a varios anos de cárcere¹.

¹ Paz Antón, X.R. (2019). *Salceda de Caselas republicana 1936*. Salceda de Caselas: Concello de Salceda de Caselas, pp. 106-108.

A debilidade da oposición coincide co levantamento da proscripción realizado pola ONU e a fin do illamento internacional. Ademais do Concordato co Vaticano, se produce en 1953 o acordo das bases militares con EEUU, que achega créditos e outros recursos económicos. A Obra Sindical do réxime franquista comezará por vez primeira a facer investimentos públicos que utiliza como propaganda nos medios de prensa, aínda que é preciso insistir en que a veciñanza estaba obrigada a participar nas obras con achegas económicas e de man de obra.

Dentro deste afán propagandista, destaca nas fotografías da colección da Jefatura Provincial del Movimiento tomadas en Salceda de Caselas², a permanente presenza do alcalde, Rafael Tilve Adrio, que estivo no cargo entre 1947 a 1966 e, por tanto, recibiu os tres gobernadores que protagonizan as visitas recollidas: Solís Ruíz e Elías Palao fixérono en 1951, e Rafael Fernández Martínez en 1956 e 1958.

Tilve era natural de Pontevedra e o seu pai, Francisco Tilve Rodríguez, era un significado socialista que foi represaliado após 1936, ao igual que el mesmo. Tilve Adrio era mestre, en xullo de 1936 estaba nunha escola de Covelo, e en setembro resultou suspendido de emprego e soldo, se ben en decembro era repostado na súa escola e o seu expediente resolveuse sen represalia en 1938. Participou na guerra civil e cando rematou, foi reintegrado ao maxisterio. Pronto aparece na escola de Picoña. A partir de 1944 podemos seguir na prensa o seu aliñamento co Frente de Juventudes, o seu cargo como secretario da Hermandad de Labradores y Ganaderos e, desde 1947, o ascenso a alcalde e xefe local do Movimiento, cargos nos que continuou ata o seu falecemento en 1966 (*imaxes 1, 2 e 3*).

² A única referencia segura sobre a autoría das fotografías sería a da imaxe 13, con veciñanza facendo o saúdo fascista, que sabemos que se corresponde a Tilve por publicarse recortada en *El Pueblo Gallego*. Máis dubidoso, pero probable, é o caso de Foto Roberto Tuy a quen a prensa tamén lle publicou dúas fotos moi similares á imaxe 1, na que Solís recibe explicación do alcalde Tilve.



Imaxe 1. Rafael Tilve Adrio, alcalde de Salceda de Caselas de 1947 a 1966, dándolle explicacións ao gobernador civil, Solís Ruíz, durante a inauguración, en maio de 1951 das dependencias da Hermandad de Labradores y Ganaderos, da que el foi secretario. Á esquerda está López Canabal, secretario da Cámara Oficial Sindical Agraria.



Imaxe 2. O alcalde, Rafael Tilve Adrio, á esquerda da imaxe, escoita a Solís Ruíz na visita que este realizou ao seu concello en maio de 1951, sendo gobernador civil.



Imaxe 3. Locais da Hermandad de Labradores y Ganaderos e do Frente de Juventudes. Fondos gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación.

A prensa faise eco da primeira, e última, visita que fai o gobernador Solís a Salceda de Caselas o 29 de maio de 1951³. É recibido no límite das parroquias de San Xurxo e Salceda, onde estaban os locais da Hermandad de Labradores y Ganaderos e do Frente de Juventudes, que el inaugurou (*imaxes 4 e 5*).

Logo, a comitiva continuou camiñando ata o edificio do Concello (*imaxe 6*) e Solís dirixiuse á veciñanza desde o balcón.

Un par de meses despois da visita de Solís Ruiz, en xullo de 1951, prodúcense as do seu sucesor no cargo, Elías Palao Martialay. Arredor da conmemoración do 18 de xullo repítense as inauguracións e os anuncios de obra, tal e como recollen as notas de prensa⁴. Palao inaugura o embalse dos Agoeiros e o matadoiro municipal, a electri-

³ *El Pueblo gallego*, 31/05/1951, p. 6.

⁴ Sábado, 30/09/1951, p. 5. *El Pueblo Gallego* 17/07/1951, pp. 1 e 5.



Imaxe 4. Veciñanza de Salceda de Caselas recibe o gobernador Solís Ruiz ante os edificios (as dúas casas da dereita) da Hermandad de Labradores y Ganaderos e do Frente de Juventudes que inaugurou o 29 de maio de 1951.



Imaxe 5. Banda de música, nenos e nenas das escolas, corporación municipal e veciñanza realizan o saúdo fascista e entoan o himno de Falange.



Imaxe 6. A comitiva que acompaña a Solís Ruiz na visita a Salceda de Caselas, camiña dende San Xurxo ata o centro da vila.

ficación das parroquias de Picoña, San Xurxo e Salceda, ou a casa do médico, acompañado de xerarcas provinciais (*imaxes 7 a 11*). Entre as autoridades presentes están o presidente da Deputación, Luis Rocafort Martínez, o subxefe provincial, José Puig Gaité, o arquitecto Enrique Álvarez-Sal ou o enxeñeiro Eloy Fernández-Valdés. Está tamén Manuel Crespo Alfaya, pontearán que durante a ditadura asume os cargos de secretario da Obra Social do Movimiento e do consello da FET. Tras a morte de Franco será un dos fundadores de Alianza Popular e ocupará diversos cargos políticos, ata chegar a ser vicepresidente da Xunta de Galicia en 1987-88. O seu fillo Pablo Crespo Sabarís é de sobra coñecido pola condena no xuízo da Gurtel.

Habería que agardar cinco anos pola seguinte visita dun gobernador recollida nas imaxes relacionadas con Salceda. Será Rafael Fernández Martínez que, pouco despois de ser nomeado, toma o “primer contacto directo con los problemas municipales de la provincia” visitando a localidade o 23 de xuño de 1956 (*imaxe 12*).



Imaxe 7. A comitiva asistente á inauguración dun transformador eléctrico na Picoña, durante a visita que o gobernador civil, Elías Palao, fai a Salceda de Caselas en xullo de 1951.



Imaxe 8. Inspección das obras do Centro de Higiene Rural e casa do médico, situado na Esfarrapada.



Imaxe 9. Centro de Higiene Rural e casa do médico en Salceda de Caselas (na actualidade Escola de Música). Fondos gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación.



Imaxe 10. Visita do gobernador civil, Elías Palao a Salceda de Caselas. Inspección das obras da praza de abastos, situada na Esfarrapada. No centro da imaxe, o gobernador, o alcalde (case non se ve), López Canabal e o arquitecto Álvarez Salas, autor do proxecto.



Imaxe 11. Obras do mercado de Salceda de Caselas. Fondos gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación.



Imaxe 12. Visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez a Salceda de Caselas o 23 de xuño de 1956. No novo edificio da Delegación Local Sindical, “onde tivo un cambio de impresións coas autoridades locais”, distinguimos ao gobernador e ao alcalde e, de perfil e con gafas, a Manuel Crespo Alfaya.

Unhas semanas despois, o 30 de xullo, Fernández Martínez volve a Salceda para inaugurar o alumeado da Picoña (*imaxe 13*).

A última imaxe en Salceda pertence ao ano 1958, cando o mesmo gobernador inaugura a electrificación en Soutelo e arredores (*imaxe 14*).

A XEIRA DO PORRIÑO

No caso do Porriño temos, en 1951, a inauguración do Hogar del Frente de Juventudes e a visita ao Centro de Mejora Ganadera. O local destinado ao Frente de Juventudes inaugurábase na antiga Casa do Pobo, incautada ao movemento obreiro tras o golpe de Estado de 1936. Ao acto presidido polo gobernador e xefe provincial do Movimiento, José Solís Ruiz, asistiron, entre outras autoridades, o alcalde, Edilberto Vieito García, e o abade porriñés Jose María Quiroga López, que seguía o credo do nacionalcatolicismo con rigor (*imaxe 15*).

Solís Ruiz visitará tamén as obras do Centro Comarcal de Mejora Ganadera e Inseminación Artificial, construído nas Gándaras de Budiño (onde hoxe está o polígono industrial A Granxa), que dirixirá o veterinario Nicanor Ocampo Otero. Acompañano na visita López Canabal e Marcide Odriozola, secretario e presidente, respectivamente, da Cámara Oficial Sindical Agraria, así como o alcalde Edilberto Vieito García e un antigo alcalde agrario, don Silvino, que tamén foi concelleiro franquista (*imaxe 16*).

O centro xa será inaugurado polo seguinte gobernador, Elías Palao, o 16 de xullo de 1951, só un día despois de acceder ao cargo (*imaxes 17 a 20*).

Dous días despois, o propio 18 de xullo, a Jefatura Local del Movimiento e a Organización Sindical celebraron un concurso de corte de leña, ao que asistiron, entre outros, Tomás Quintana Pombo,



Imaxe 13. Veciñanza facendo o saúdo fascista durante a intervención que o alcalde e o gobernador fan desde o balcón da casa consistorial, coincidindo coa visita que Fernández Martínez fai a Salceda o 30 de xullo de 1956.



Imaxe 14. Inauguración dun transformador eléctrico en Soutelo, o 1 de maio de 1958, por parte do gobernador civil Rafael Fernández Martínez. Na esquerda, León Terrados Jarabo, subxefe provincial do Movimiento; no centro, o gobernador. Tras el camiña Manuel Crespo Alfaya. Outros cargos que non identificamos pero que formaban o séquito eran Pedro Ruibal Sabio (tudense e enxeñeiro xefe da Delegación de Industria), Rueda Muñiz, enxeñeiro de Colonización, e Fernández Eiriz (xefe de Acción municipal).



Imaxe 15. Inauguración do Hogar del Frente de Juventudes no primeiro semestre de 1951. O daquela gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, José Solís Ruíz, diríxese a integrantes da Falange local no acto inaugural da nova sede do Frente de Juventudes do Porriño. No fondo está o abade porriñés José María Quiroga López, diante deste o gobernador Solís Ruíz e cara á dereita (en primeiro plano con traxe escuro) o alcalde Edilberto Vieito García que tapa a Leandro Diz Rey (correspondente da RAG). Totalmente á dereita Manuel Fernández.



Imaxe 16. O gobernador civil escoita coa gabardina pousada no brazo o veterinario Nicanor Ocampo Otero, director do Centro Comarcal de Mejora Ganadera e Inseminación Artificial construído nas Gándaras de Budiño (onde hoxe está o polígono industrial A Granxa) que Solís Ruíz visitou en 1951. Entre eles dous está López Canabal, e Marcide Odriozola está situado máis á dereita coa gabardina desabrochada e con gafas. Diante del, en primeiro plano e con traxe escuro, o alcalde Edilberto Vieito García. Ao fondo, co pelo branco, don Silvino, antigo alcalde agrario e logo concelleiro franquista.



Imaxe 17. O gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, Elías Palao Martialay, aparece con traxe claro e banda negra de loito no brazo, percorrendo as rúas do Porriño o 18 de xullo. Ao seu carón o cargo local da Falange Manuel Fernández. Na parte dereita e camiñando pola estrada, Tomás Valverde Pérez.



Imaxe 18. Palao Martialay, noutro momento da visita⁸⁶. Á esquerda (con gafas de sol), Pastoriza, inspector provincial de Falange, e á dereita o delegado provincial de sindicatos, Francisco Carrilero García. En segundo plano e totalmente á esquerda está o director do centro, Nicanor Ocampo Otero. Sabemos pola prensa⁸⁷ que tamén estaban presentes o presidente e secretario da Cámara Oficial Sindical Agraria, Marcide Odriozola e López Canabal.



Imaxe 19. O gobernador Palao, con traxe claro e banda negra de loito no brazo, atende as explicacións do veterinario Nicanor Ocampo Otero (con bigote), director do Centro. De perfil e co cóbado levantado está o Inspector provincial de Falange, e enfronte o delegado provincial de Sindicatos Francisco Carrilero García. Á dereita está o secretario da Cámara Oficial Sindical Agraria.



Imaxe 20. Outro momento da inauguración do centro de mellora gandeira. O gobernador, con traxe claro e coa man no peto, conversa con Pastoriza, inspector provincial de Falange.



Imaxe 21. O mestre Tomás Quintana Pombo, delegado comarcal de Sindicatos, no centro da fotografía do concurso de corte de leña con traxe de chaqueta cruzada, e José Ruiz con sombreiro e traxe claro. Á esquerda e diante dun gaiteiro está o militante falanxista Avelino Castro, logo Gonzalo Ordóñez Pérez e segue —con gafas— Manuel Fernández, cargo local da FET. Gonzalo Ordóñez formou parte da División Azul que combateu xunto aos nazis na segunda guerra mundial, logo acubillou na Hermandad de Labradores e despois foi o alcalde franquista dos anos sesenta.

camisa vieja de Falange, director das Escolas Graduadas e delegado comarcal de Sindicatos (imaxe 21).

O resto de imaxes son xa de xullo de 1957, con Fernández Martínez como gobernador civil, e correspóndense coa inauguración dunha rúa e de vivendas protexidas, neste caso en Mos, aínda que a súa finalidade era mellorar a problemática que había no Porriño. Por iso, na inauguración vemos, xunto ao alcalde de Mos, Olimpio Míguez Maquieira, ao seu homólogo porriñés, Ceferino Míguez Otero (imaxes 22 e 23).

⁵ *El Pueblo Gallego*, 20/07/51, (p. 5).



Imaxe 22. Visita do gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, ao concello de Mos para participar no acto inaugural dun grupo de vivendas protexidas en Pereiras. Entre as autoridades que o acompañan están o alcalde da localidade, Olimpio Miguez Maquieira e o do Porriño, Ceferino Míguez Otero, pois as vivendas pretendían paliar un problema porriñés aínda que estivesen situadas en Mos.



Imaxe 23. Vivendas da Obra Sindical en Pereiras, Mos.
Fondos gráficos do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación.



Imaxe 24. Na inauguración da apertura da inacabada rúa Pío XII levada a cabo o 20 de xullo de 1957 vemos, abrindo a comitiva, o gobernador Fernández Martínez e o alcalde Ceferino Míguez Otero. Unha segunda parella fórmana o delegado provincial de Sindicatos, Ramón Gutiérrez Flórez (con traxe de cor clara) e o delegado comarcal de Sindicatos, o mestre Tomás Quintana Pombo. Máis atrás o abade do Porriño José María Quiroga López, e detrás —con bigote— Gonzalo Ordóñez Pérez. Os tres personaxes da dereita son Antonio Valverde Mayo, Nicanor Ocampo Otero (ámbolos dous represaliados) e José Fernández Rodríguez quen, seguramente, representaban o Círculo Recreativo Cultural.

A viaxe propagandística en seis concellos do Condado e A Paradanta⁶ remataba coa inauguración, cando aínda non estaba rematada, da porriñesa rúa Pío XII, transversal entre a de Ramón González e a “calle nueva”, que ata o golpe de estado de 1936 chamárase rúa Pablo Iglesias. Vemos abrindo a comitiva ao gobernador e o alcalde Ceferino Míguez Otero, de “la Jerezana”, seguidos polo delegado provincial de Sindicatos, Ramón Gutiérrez Flórez e o mestre Quintana Pombo.

Máis atrás o abade José María Quiroga López e Gonzalo Ordóñez Pérez, que posteriormente sería alcalde. Tamén formaban parte

⁶ *El Pueblo gallego*, 20/07/1957 (pp. 1-2).

do grupo José Fernández Rodríguez —seguramente, representando o Círculo Recreativo Cultural— e dous republicanos represaliados, Antonio Valverde Mayo, dunha familia fondamente castigada, e Nicamor Ocampo Otero, socialista redondelán e antigo inquilino da Residencia de Estudiantes de Madrid, que fora condenado a 5 anos de cárcere en 1948 por participar na organización de axuda aos presos Socorro Rojo⁷ (*imaxe 24*).

Observamos pois, unha certa convivencia das autoridades con sectores non afíns ao réxime, feito que entendemos non sería explicable sen o amparo da industrialización local realizada polos irmáns Fernández López, e neste caso nomeadamente por José, na que participaron moitos científicos e traballadores represaliados. O numeroso emprego xerado nas súas empresas porriñesas —Zeltia, por exemplo— facía menos dependente á poboación da Obra Sindical ou da Obra Social do réxime.

⁷Paz Antón, X. R. (2007). *O Porriño 1936* (pp. 202-203). Vigo: A Nosa Terra.

E agora que?

Xosé Lois Vilar

Directivo do Instituto de Estudos Miñoráns

A verdade é, que paz transmiten, que xustiza social, que xúbilo popular recibindo as autoridades con pancartas e admiración polo seu bo quefacer. O señor abade, o alcalde, o gobernador civil. As cousas ben feitas. Departindo con ese grupo de paisanos de boina á cabeza, axudando a botar ao mar esa *basía*, percorrendo “campechanos” as rúas dunha vila e outra. Agardados, vitoreados.

A verdade é que dá gusto ver as cousas no seu sitio, con orde. Traballo para a xente, días de festa cando é pertinente. Respírase un ambiente de progreso, unha calma branca, din os mariñeiros. O mundo ben organizado, as señoritas da Sección Femenina compondo cestiñas de roupa para bebés, as monxas franciscanas repartindo leite en po do plan Marshall, o padre Fernando regalando gamelas, administrando medicamentos, mobilizando a mocidade.

Que ben alicerzados os cimentos do novo Estado, que viva a cruzada nacional e católica, que logrou conxurar os intentos de rusificación que estaban a matar os valores patrios, acabando coa familia tradicional, inzando o país de herexes, enganando os pobres obreiros.

Volveu o crucifixo ás aulas, o himno nacional soaba no intre máis álxido da celebración litúrxica, canda a exposición e consagración da hostia santa erguida ao alto nas mans do oficiante. Himno nacional e consagración do corpo de Cristo inmoldado por nós.

Un Val de Miñor coma o país enteiro, coma todo o estado a xeito de *locus amoenus*, aínda con milleiros de persoas presas nos inmundos cárceres franquistas. Presas de pensamento ou que defenderon a orde constitucional, no caso dos militares segundo un xuramento debido á patria que os contratara e á que se debían. E miles que emigraron de xeito forzoso alén mar.

Estamos dediante dunha macro-representación teatral, do gran teatro do mundo cun decorado, un cadro actoral e un tempo unilaterais, unívocos, provocados, promovidos polo exército, a garda civil, falanxistas, a igrexa católica romana e as súas comparsas, un feixe de xente mangoiteira e delatora achegada ao poder sen escrúpulos. Mandas de represores, torturadores, perseguidores, asasinados que agora detentan o poder, traxados, peiteados, riseiros coas mans untadas de sangue pero coa benzón dos ministros de deus na terra.

Unha inmensa tramoia que oculta a realidade que se agacha detrás.

Unha enorme mentira que terma dun transcorrer sereno do día a día.

Unha farsa persistente, continuada e perversa que podemos ver desde a óptica do bando perdedor acalado pola forza, desde o punto de vista das viúvas, orfas e nais que ficaron sen descendencia (*imaxes 1 a 7*).



Imaxes 1 e 2. Gondomar (na primeira imaxe) e Baiona (na segunda, co gobernador e o alcalde en primeiro plano) recibiron a Fernández Martínez con pancartas de benvinda.





Imaxes 3 e 4. O gobernador civil visitou a parroquia de Vincios (Gondomar) en xullo de 1956.



Imaxes 5 e 6. O gobernador civil, “campechano”, axuda na botadura dunha embarcación doada polo Movemento á xente do mar de Baiona.





Imaxe 7. O gobernador civil, na botadura dunha embarcación doada polo Movemento á xente do mar de Baiona.

E AGORA QUE? ANO 2022

A memoria doce da xente, asusta, admira, unha memoria que xustifica moitas cousas e oculta as máis. Xustifican a Sección Femenina, a pertenza á OJE, a ditadura, os camisas azuis. Pódese entender como xeito de supervivencia pero bótase de menos unha crítica dura, radical, implacable contra a perturbación e destrución violentísima da orde constitucional. A xente crítica, pouca pero de moita intensidade.

Hai máis de tres décadas que o analizou para nós o arquitecto Amos Rapoport: o espazo, o tempo, o cadro actoral, a función. Catro parámetros, entre outros, que lle viran o significado a calquera acto humano, actos que se desenvolven dentro de sistemas con significados variables.

O espazo da praia da Ribeira, entre a Vila Vella e a península de Monteboi, banda oriental do istmo, lugar multifuncional hoxe e onte. Daquela, praza de abastos, cárcere, lonxa, estaleiro, secadeiro de aparellos de peixe, varadoiro de *basías*, tamén, daquela, espazo de lecer. Fortaleza militar na Punta do Cantíño, testemuña da chegada dos conquistadores opresores en 1493. Destaca ser un lugar de traballo vinculado ao mundo do mar onde homes e mulleres descargaban o peixe que Visita e Lola a Zapatillera mandaban a Vigo e ás fábricas. Aquelas mulleres que, disque, horrorizadas ollaron pasar a camioneta que ía parar na futura Volta dos Nove.

É o ano 1957, hai 21 anos, só, unha cruenta represión enchera de morte o noso país; cinco ducias de cadáveres ao pé das estradas ou nas praias do Val de Miñor, entre eles os de dúas mulleres, Carme Gómez Domínguez —asasinada en Lourido— e Dolores Samuelle Álvarez —en Sabarís—. E ducias delas encarceradas, a maioría de Nigrán. É o tempo das fuxidas, dos homes botados ao monte, agachados en cortes, faiados, abrigueiros. Na Groba, na Lapa do Parreal, en Sanomedio, O Galiñeiro.

Hai 21 anos os mesmos mariñeiros que varaban as *basías* na Ribeira escoitaron ducia e media de disparos na amañecida do 16 de outubro do 36. A camioneta verde do sal levara sete mariñeiros, un ferreiro e un labrego desde o Frontón de María Berdiales de Vigo á enseada da Bombardeira en Baiona, unha ruta de morte. Alí falanxistas e gardas civís crearon trinta e unha criaturas orfas e nove viúvas. Á mañá enterraron os nove corpos nunha foxa común e á tarde tocou o enterro homenaxe do falanxista Luís Refojo Mariño.

É o tempo no que Lolito, Manuel Prado Pereira, empregado de tranvías, líder cenetista, fuxido, é acribillado na Camesella de San Pedro o 17 de decembro do 38. As agochadoras Rogelia Cabreira, a súa nai Josefa Cabreira Valverde e a súa curmá Dolores González Cabreira colleitan varios meses de cárcere, —varios anos para Rogelia— na

prisión de Tarragona. Lolito fuxiu e foi achado agachado na poza de auga do Pazo de Cea, orgulloso atopouno Julio Roade Niel con su perro León.

Os actores actúan, representan, contannos a súa verdade, a verdade única, sen posibilidade de alternativa. Aí tedes ao señor gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, xefe provincial do Movimiento. Impoluto, barbeado, engominado, xeito fino de fumar, licenciado en dereito, atento ás necesidades da veciñanza, rodeado de nenos, mozas, labregos, mariñeiros, velliñas, represores, cregos, alcalde, señoritas da Sección Femenina de Falange.

Actor principal foi tamén Abilio Araujo Barbosa, a tarde do 10 de febreiro de 1937 na que foi torturado na casa do concello de Gondomar e declamou gritos sentidos por toda A Paradela e actuou á noite con Manuel Prudencio del Rosario tamén portugués e co “palero” de Laureana, os tres asasinados no Alto do Curto de San Xián. Algún deles levaba feixóns nun dos petos e caéronlle e prenderon na terra ben regados por sangue obreiro, republicano e gomaron e medraron.

E saberán eses mozos de camisa azul que están a carón de Juan Arrocha que foi buscar á casa o Largo do Burgo, Francisco Lijó Pérez, un dos mariñeiros de esquerdas asasinado na Volta dos Nove?

Saberán que ese cura baixiño, engurrichado, vello, Rasputín de Baíña tiña coma eles camisa azul, carné de Falange e pistola nunha comunión de intereses igrexa/estado? (*imaxe 8*).

O alcalde de Baiona é José Pereira Troncoso, o *Orellán*, tesoureiro da Falange da Ramallosa, membro armado da escuadra que andaba polas casas e os montes na procura de xente fuxida (*imaxe 9*).

Estas representacións teatrais en Gondomar e Baiona son pura ficción, a funcionalidade destas actividades enmárcanse dentro dun sistema moito máis amplo co cometido de detentar, manter e reproducir o poder. Ese poder total conseguido pola forza, que chegou



Imaxe 8. Fernández Martínez con Pereira Troncoso, —na esquerda da foto co bastón de mando—, que ademais de alcalde foi activo participante na represión do Val de Miñor, igual que Juan Arrocha, que aparece tras o gobernador con cabeza baixa. De pelo branco, baixiño e sorrinte, o Rasputín de Baíña, cura dos de pistola ao cinto.



Imaxe 9. O gobernador civil flanqueado polo alcalde Pereira Troncoso, participante activo na represión da comarca. Con eles o padre Fernando.



Imaxe 10. O gobernador civil posando para a foto cun grupo de mulleres, crianzas e resto de autoridades con motivo da súa visita oficial a Baiona en xullo de 1957.

á caza de homes e mulleres. O gobernador civil rodeado de alcaldes, cregos, falanxistas..., fala con mozas en Baiona ou nas aldeas de Gondomar ou asiste á entrega de gamelas aos mariñeiros na Ribeira onde as autoridades axudan a botar ao mar, area abaixo, a embarcación. Nin vai podar a viña, nin arrendar o millo, nin largar o palanグレ. A súa función é amosar quen manda. Realiza actos metafóricos de mantemento da xerarquía. Emprega todos os tropos que pode para manipular a realidade que trocaron violentamente lustros atrás e continuaban coa represión nos anos 50 nas súas distintas modalidades (*imaxe 10*).

Os escenarios, o espazo físico, é moi variable dependendo do tempo e as persoas. Ese concello de Gondomar foi lugar físico de represión no 36 e no 37 e agora, vinte anos máis tarde celebra con pancarta a recepción do gobernador civil continuador daqueles re-



Imaxes 11 e 12. Representantes do réxime e autoridades eclesiásticas acompañaron o gobernador na visita que realizou a Gondomar en xullo de 1956.





Imaxes 13 e 14. Fernández Martínez volveu a Gondomar ao ano seguinte, en 1957, e de novo é recibido polas autoridades, encabezadas polo alcalde Vicente Vázquez González, e por numerosa veciñanza que participou na inauguración da praza do Concello.



Imaxe 15. Tamén na visita a Baiona de 1957 tivo a comitiva franquista acompañamento de numerosa veciñanza.

presores. O peirao mariñeiro baionés foi lugar de chegada de miles de presos cataláns que viñeron, por exemplo, no barco Arichachúa camiño dun campo de concentración, o de Oia, lugar de clasificación cara o cárcere ou cara a morte.

O uso e significado do espazo chegou a unha perversión total como nos lembraba Mariví Villaverde na propia Illa de San Simón. Díciános que foron tan crueis que lle viraran o significado a ‘cuneta’, ‘monte’, ‘paseo’. Para moita xente foron palabras innomeables (*imaxes 11 a 15*).

O axitado verán do 57

Carlos Méixome

Profesor xubilado

Aínda Dylan non balbucira o de “The times they are a-changin’”, a canción e o álbum homónimo non se publicarían ata sete anos máis tarde, pero no franquismo comezábanse a farfallar consignas e aparentar xestos de mudanza. Fóranse alá case vinte anos dende o triunfo definitivo de “la espada y la cruz” sobre as “hordas marxistas”, sobre “los extranjeros y extranjerizantes” que quixeran destruír España, e máis de dez dende que aquela “alianza insólita e temporal entre o capitalismo liberal e o comunismo” (Hobsbawm, *dixit*) derrotara o fascismo nos campos europeos estrados de cadáveres. Cumpría adaptarse.

Aqueles mozos de 1936, de clase media ou acomodada e formación académica, que “junto a mis compañeros” fixeran “guardia sobre los luceros”, eran xa homes maduros que iniciaban a súa es-

calada cara ás máis altas “magistraturas del Estado”. Ademais das similitudes na orixe social e formativa, compartían estereotipos xeracionais, todas as xeracións os teñen. Decididos e fortes, enérxicos e falangueiros, paternalmente comprensivos coas masas e axitada presenza de executivos con moitas ordes que impartir ao servizo de España. Cabelos peiteados cara atrás, enchoupados en *fijador*, e procurando certas ondulacións; elegancia no vestir, dentro da austeridade falanxista e tipoloxía militarista; barbas rasuradas ou con coitados bigotiños; poses “holivudienses” propias de quen se decatara de que a bendición washingtoniana ía acompañada de certas dependencias, non só estéticas, ademais do cheiro elegante a Chesterfield. Eran os cachorros do franquismo apancados nas fileiras reservadas do teatro, dispostos a prolongar a función mentres a “cuestión biolóxica” non fose motivo de preocupación.

Un destes cachorros, en pleno ascenso, era Rafael Fernández Martínez (1916-1979). En abril de 1956 nomeárono gobernador civil de Pontevedra, o cargo levaba aparelado un enorme poder, pois ao tempo convertíase en xefe provincial do Movimiento, é dicir, no mandarán do partido único do réxime —que na realidade denominábase, dende o Decreto de Unificación do 20 de abril de 1937, ideado por Serrano Suñer, Falange Española Tradicionalista—, das Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista ou FET e das JONS; pero a Franco gústalle máis o de Movimiento que se axeitaba á súa idea cesarista do poder e disimulaba orixes incómodas no ambiente posterior a 1945.

O novo gobernador nacera en Pontevedra, onde o pai, Domingo, era profesor na Normal. Nesta cidade estudou o bacharelato. Un traslado familiar levouno a Oviedo que foi onde se achegou ás JONS que argallaran entre Ramiro Ledesma Ramos (1905-1936), “brusco, taciturno y poco sociable” (Payne, 1965:10), e Onésimo Redondo (1905-1936), “joven, vigoroso, guapo y apasionado, (...) clerical y conservador, (...) agitador nacionalista (...) por cuenta de los re-

molacheros de Valladolid” (Payne, 1965: 13). Descoñecemos datos da intervención do mozo fascista na resistencia de Oviedo dirixida polo “raposeiro” Aranda, pero en todo caso alí fixo a súa carreira de dereito e accedeu á fiscalía da audiencia.

Pegou o chimp a Pontevedra, consciente de que na Nova España tamén os tempos estaban a mudar. Exerceu o cargo dende abril de 1956 ata marzo de 1961. Desde esa data ata 1968 gobernou Tarragona. Regresou á Audiencia ovetense como xefe da fiscalía. Nos seus anos como gobernador, tanto no extremo noroeste como no nordeste, desenvolveu unha intensa actividade que, seica, lle xerou serios problemas de saúde que o levaron con 62 anos.

Aquel seu case inicial ano gobernativo de 1957 foi un “sen parar”. Non deixou recanto da provincia sen visitar, nin ficou actividade corporativa na que non estivese presente; extensas listas de recepcións, os actos públicos, inauguracións, procesións, conferencias, festas locais..., tiñan asegurada a súa augusta presenza. A esa intensa actividade non deixaban de referirse os xornais, en especial *El Pueblo Gallego*, que para algo pertencía á cadea de prensa do partido.

Un deses percorridos maratonianos anunciouno o xefe provincial para conmemorar o “alzamiento” do 18 de xullo. Baixo a advocación da Divina Pastora, iniciaría unha xira por 62 concellos da provincia tanto para que moitos sentisen o que nunca tiveran oportunidade de experimentar, a presenza da “primera autoridad y jerarquía provincial”, como para inaugurar obras por valor de 50 millóns de pesetas. O 29 de xullo foi a quenda do Baixo Miño. Non todos os concellos da comarca tiñan que inaugurar, pero si A Guarda e O Rosal e, en especial, Tomiño. Oia e Tui ficaban sen bendición á que asistir.

Unha das súas angueiras foi a promoción turística. Aí o temos (*imaxe 1*), un ano despois, en 1958, agardando na ponte internacional a chegada das autoridades portuguesas convidadas, probabel-



Imaxe 1. O gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, xunto ao alcalde tudense, Luis Álvarez, na ponte internacional sobre o río Miño, nunha visita oficial do primeiro a Tui o día 29 de xullo de 1958.

mente de Viana ou de Braga, cidades que visitou con frecuencia para difundir aquel “turismo sacramental” que ficaba apampado ante as ringleiras de chanzos ascendentes cara ao Bom Jesus, ou mareados entre as reviravoltas da subida a Santa Luzia. Tamén para amosar tanto que España non estaba illada como babeaba a xente inimiga, como para que as escasas clases medias puidesen facer turismo e, de paso, constatar que, para pobreza, a do país veciño. Os excursionistas en autobús parroquial, regresaban felices cun quilo de café Sical, “o mellor de Portugal”, por cabeza, algún que outro quilo de toallas ou un xogo de cubertos de alpaca. En contrapartida promovíanse, ora os balnearios da Toxa e Mondariz e os hoteis de Vigo; ora as ladeiras do Castro vigués ou os piñeirais de Marín, onde excursionistas altomiñotos estendían mantel e roncaban sestras.

Cando andou por Tarragona, insistiu no turismo e argallou o fenómeno masificado de Salou, deixou pegada co complexo petroquímico e o monumento de Tortosa á batalla do Ebro, en correspondencia coa modernidade dos “25 Anos de Paz”, deseñados por outro cachorro empoleirado nas retortas cimas do poder, Manuel Fraga (1922-2012).

Mais regresemos ao activo verán do 57. Un 10 de xullo acudiu en compañía de destacados camaradas da xefatura provincial e sentou na presidencia do salón de plenos tudense, tendo á dereita o alcalde cesante, José Jurado Romero, e á outra man o substituto, Gonzalo Álvarez Besada. Ata ese día, dende 1951, o médico Jurado (?-1971) exercera a alcaldía, dándolle o relevo a Rosendo Bugarín Martínez (1909-1989), outro dos nomes soados, xunto ao seu irmán Pablo, na “limpeza da retagarda”. O médico Jurado casara na Guarda e alí residía cando estourou o trebón e formou parte da inicial xestora insurrecta de Paco Moreno. Sobre a participación do alcalde cesante, por vontade propia, segundo os xornais, nas carneiradas daqueles días hai múltiples referencias, pero ningunha tan explícita como a que deixou escrita Josefina Segret (1982:185): “hizo puntería el médico, Jurado, allí presente en aquella bacanal, apretó el gatillo y le aplicó el tiro de gracia”. Refírese á tortura e morte do guardés Manuel Noia, na Agoeira, en Oia.

Precisamente na porta da casa do concello que con brevidade republicana presidira o sacrificado nos cons da Agoeira, vemos o flamante gobernador, adobiado coa branca chaquetiña do Movimiento, que non de camareiro, procede aos saúdos de rigor. Estreita a man do patrón maior da confraría, Manuel de la Peña Pacheco, mentres que, agardando a súa quenda, o párroco, Francisco Saa Aldir, comeza a erguer a “tella”. Á esquerda do gobernador, garbosos, de camisa falanxista e garabata, o risoño Ermelindo Portela Gómez (1918-2003), alcalde, e Rafael Salcidos Sobrino



Imaxe 2. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na porta do Concello da Guarda, saudando o patrón maior da confraría, Manuel de la Peña Pacheco. Ao lado deste, de sombreiro, o párroco Francisco Saa Aldir. Á esquerda do gobernador vemos a Ermelindo Portela Gómez, alcalde naquel xullo de 1957, e ao seu predecesor no cargo, Rafael Salcidos, xefe local da Falange.

(1912-1997), que o precedera como primeiro edil, xefe local da Falange, dirixente/funcionario de asuntos de obreiros e labradores (*imaxe 2*).

No salón de plenos (*imaxe 3*), santificado coa presenza do coadxutor, enérxico o ademán, o home da chaquetiña branca, diríxese ao público asistente, á súa dereita o alcalde Portela, á esquerda, coidamos, o delegado da Hermandad de Labradores, e á beira deste, coa camisa azul e lentes sinistras, a delegada provincial do SEM, Carmen Mir Sans.

A presenza desta última debía ter a súa razón de ser na inauguración da reforma do grupo escolar da Portela, dúas aulas (nenos e nenas), e sendas vivendas-escola (*imaxe 4*).



Imaxe 3. Visita do gobernador civil Rafael Fernández Martínez na casa do concello da Guarda. Aparece á súa dereita o alcalde, Ermelindo Portela Melón, e entre as autoridades, Carmen Mir, delegada provincial de Maxisterio, 1957.



Imaxe 4. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez falando co alcalde da Guarda, Ermelindo Portela, durante a inauguración da reforma do grupo escolar da Portela, en xullo de 1957. Na imaxe aparece tamén o cura de Salcidos, Francisco Villa, e o encargado das obras, Arístides Moreira, tras a señora co pano de lunares. Na imaxe aparece tamén, peiteada cun moño, a mestra Aurora de la Torre, que chegara a esta escola tras ser sancionada no 36 co traslado desde o Carballiño.

O portalón con arrecendo a *cortijo* xa non existe. No edificio, hoxe, está instalada a asociación Avelaíña, de persoas con discapacidade. O xefe provincial, en diálogo con quen foi alcalde durante once anos (1949-1960), acapara o foco. O cura de Salcidos, Francisco Villa Martínez, contempla a escena desde unha salvífica distancia, e o que vira a cabeza, cun aquel de desconfianza, á beira dunha señora cuberta cun pano de lunares, é Arístides Moreira Portela, encargado das obras. Fronte ás autoridades, co pelo recollido como en moño, a mestra Aurora de la Torre Parada, segundo nos informa o profesor Malheiro, castigada en 1936, co traslado dende unha escola da bisbarra do Carballiño para esta da Portela; o terceiro interlocutor, intuído na imaxe, é o mestre Francisco Valderrama Fernández, ao que podemos ollar con nitidez na imaxe; quen se fixa na cámara é o construtor José Ricardo Riego (*imaxe 5*).



Imaxe 5. O gobernador civil fala co mestre do grupo escolar da Portela, Francisco Valderrama Fernández. Á esquerda da foto, mirando á cámara, o construtor José Ricardo Riego. Á dereita, de gafas, Carmen Mir, delegada provincial de Maxisterio, e de costas, con moño, a mestra Aurora de la Torre.



Imaxe 6. O gobernador civil Rafael Fernández Martínez diante do Centro de Alimentación Infantil ou Gota de Leche do Auxilio Social, na Guarda, logo derruído para ampliar o centro sanitario e que hoxe é centro cultural. Varias das mulleres cóbrense con bolsos damero, moi populares na época.

Nalgún momento chegoulle a hora da bendición ao Centro de Alimentación Infantil ou Gota de Leche do Auxilio Social (*imaxe 6*). O modelo asistencial (alimentos e roupa para aquela xente tan necesitada que era quen de arrombar o sentimento de vergoña) creárase en 1937, a iniciativa de Mercedes Sanz Bachiller, viúva de Onésimo Redondo, inspirándose na *Winterhilfe*, a axuda de inverno nazi. Á altura do mandatario, as autoridades; en fronte, o pobo feminino armado de bultos semiplásticos decorados en *damero*, ben populares na altura, que, de momento, protexían do sol agardando poderse encher dos alimentos precisos no fogar. O edificio foi derruído para ampliar o Centro Sanitario de Hixiene Rural, que dirixiu o alcalde Ermelindo Portela, médico de profesión. Na actualidade é o Centro Cultural.

Portela, o xefe provincial Rafael Fernández, así como o alcalde do veciño Rosal, Manuel Suárez Marquier, non só se coñecían e trataban, como era evidente –eran camaradas “que traían prendidas cin-

co rosas”—, senón que había pouco que viviran xuntos unha emotiva xornada, desas que nunca se esquecen, pois levaríana pendurada do peito, á beira do corazón, en forma de medalla. Os falanxistas, a imitación dos militares, devecían polas medallas. Polo significado e o contexto, debeu ser unha das máis emotivas das que recibiu o gobernador, e tamén debeu ser así para os dous alcaldes miñotos. Quen lle espetou a condecoración na camisa azul, na vilagarcía praza da Ravella, ante corenta mil camaradas, foi o ministro-secretario xeral do Movimiento José Solís Ruíz (1913-1990). O ministro, noviño do trínque, era outro cachorro, ao que chegaron a alcumar “la sonrisa del régimen”, e precedera a Rafael Fernández na xefatura de Pontevedra. Tivo prolongada vida política; volveu recuncar como secretario do Movimiento no último goberno de Franco; cedeulle o posto a Adolfo Suárez, outro sorriso do réxime, para, despois da resolución da “cuestión biolóxica”, portar a carteira de Traballo cando acaeceran os “sucesos de Victoria”, o 3 de marzo de 1976; a policía desalojou, con fogo real, unha asemblea de traballadores celebrada nunha igrexa. Matou a cinco.

Regresando a Ravella, o motivo da concentración de tanta fascista era a conmemoración do “acto fundacional” da Falange galega, un 17 de marzo de 1935. Vinte e dous anos despois, o teatro onde discursara José Antonio xa non existía, pero o partido controlaba unha parte substancial do poder e devecía por demostralo. Ao galeiro ministro-secretario Solís recibírono na Cañiza e fixo un percorrido provincial como se dun Míster Marshall se tratase. Antes da imposición da medalla da *vieja guardia* Rafael Fernández disertou sobre as mudanzas precisas.

Lembrou que era un dos que escoitara dos beizos de José Antonio as primeiras consignas, pero que non se podían quedar en 1933 ou 1936, pois, aínda que as ideas permanezan, a forma de expresalas ten que mudar para non caer na rutina, “en palabras de olor cadavérico”,

xa que non se podía vivir de costas á realidade e debíase acoller na Falange a todos os que veñan de boa fe, como fixeran os seguidores de Cristo cos que non estaban circuncidados. Había que mudar. Ese mesmo día, os xornais recollían con entusiastas gabanzas as declaracións do Caudillo ao *The New York Times*, en certo xeito inusitadas por disertar sobre a apreciación da peseta e outros asuntos económicos; temas pouco frecuentes nos discursos e entrevistas do Generalísimo.

Fernández Martínez volveu visitar Oia ese mesmo ano, ataviado con elegante traxe e fina boquilla, pode que para algunha inauguración, pois detrás del, nunha das imaxes, aparece don Claudio, o cura de Oia, Rodal Fandiño de apelidos (*imaxe 7*).

Tamén vemos a don Claudio, noutra instantánea, saudando a un xerifalte provincial baixo a ollada atenta, con traxe de verán e garbata branca, de Manolo, o encargado das obras; o protocolo é ob-



Imaxe 7. Visita do gobernador civil e xefe provincial do Movimiento, Rafael Fernández Martínez, ao concello de Oia. Tras el, o cura da localidade, Claudio Rodal Fandiño.

servado con atención por José García Ferradás, mentres que, á súa beira, o vello e abastado patrucio Daniel Bouso Arias, ben cuberto de elegante chapeu, anda na procura do chisqueiro (*imaxe 8*); o irmán do avogado, e prelado doméstico do papa, Gabriel Bouso Arias, herdou unha parte das terras do mosteiro de Santa María, que este último adquirira, chamada “El Bosque”. Don Claudio era xa cura de Oia cando no convento se instalou un campo de concentración e seica tivo actuacións humanitarias con algún dos presos alí almacenados; sobre uns catro mil entre febreiro e agosto de 1939.

Nada lle tocara a Oia no reparto de millóns de 1957, pero alí, como correspondía, estaban para acompañar a Fernández Martínez na recepción popular o alcalde Luís Domínguez Fernández, que era de Mougás; José Andura, que era da Portela de Burgueira; Manuel Álvarez Rodríguez, e, en lugar preferente, de novo a delegada de educación, e mais, coidamos, o seu homólogo da Hermandad de Labradores, e arredor, acochando, arremangados homes de camisa azul (*imaxe 9*).

Quen debeu ficar máis contento, agasallado cunha restra de inauguracións, foi o alcalde e xefe local do Rosal, Suárez Marquier (1913-1988). El tamén estivera na praza vilagarcía e fora recoñecido, ao igual que Ermelindo Portela e o xefe de Tomiño, Pío Troncoso, cunha condecoración, aínda que máis humilde, pero á fin e ao cabo, e tras subir ao estrado ante 40.000 camaradas, inseriulla, no peito azul, o secretario xeral do Movimiento-partido. Os tres recibiron a Cruz de Cisneros de ángulo verde e dúas barras.

Marquier estaba nun momento ascendente, á xefatura local do Rosal engadíalle a xefatura do partido, valla a redundancia, no partido de Tui. Polo tanto, formaba parte da xunta de mando provincial, o centro do poder. Así que preparou o recibimento mobilizando as xentes rosaleiras para que o xefe provincial sentise de preto o alento popular entretecido co abafo suorento e poeirento daquel caloroso



Imaxe 8. O cura don Claudio saúda a un dirixente provincial baixo a ollada de Manolo, o encargado de obras, que leva traxe de verán e garabata branca, e de José García Ferradás, de escuro. Á súa beira con sombreiro, o abastado Daniel Bouso Arias.



Imaxe 9. En xullo de 1957, o gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, visitou a casa do concello de Oia. Con el na imaxe o alcalde Luís Domínguez Fernández e a súa dereita, José Andura e Manuel Álvarez Rodríguez. Do outro lado, na esquina, a delegada provincial de Maxisterio, Carmen Mir.

verán. Aí están, case como xenerais romanos ascendendo á gloria pola Vía Apia entre o populus de brazos ergueitos e obrigadas fes patrióticas (*imaxe 10*).

Camiña á beira do gobernador, grande, forte, masculino, arremangada a camisa azul, despojado da chaqueta pouco viril, o xefe local, Suárez Marquier, orgulloso do evidente referendo popular que lle permitiría manterse na alcaldía nada máis e nada menos que 26 anos (1951-1975), case ata a resolución da “cuestión biolóxica”. No recibimento todo foran parabéns; os da elegante mestra rodeada de niveas e anxelicais alumnas máis sorprendidas e medrosas que interesadas en axitar bandeiriñas, o cura arremangando saias impropias de día tan solleiro, o garda civil espreitando, sempre a medida distancia, tras lentes escuros; os políticos funcionarios de camisa azul e Ray-ban elegantes, botafumeiros eternos do poder. E alá, ao fondo, a ollada espreitadora, abesulladora, escudriñadora e divertida das xentes por un día de folganza e novidade na rutina do traballo (*imaxe 11*).

Aquel home servizal que, baixo a canícula, tantos desvelos pasaba polo benestar das xentes da súa provincia, co enérxico furabolo ben teso, adoutrina o infantil exército abandeirado, rodeado de funcionariado protexido con lentes solares, mentres as xentes erguen a pucha, non por respectuoso saúdo, senón por airear a testa suorenta; e a máis ousada procura refuxio ao aveseado da casa de enfronte aínda que iso lles impida escoitar o patriótico discurso inaugural da escola do Calvario (*imaxe 12*).

Suárez Marquier nacera en Oia, en Loureza. De pai e nai de Asturias que se asentaran no Baixo Miño, para dedicarse á contratación de obra pública. A inicial contrata rematou por converterse nunha empresa que acabou por denominarse Hermanos Suárez, con actividades non só relacionadas coa construción. Naquela calorosa xornada houbo máis obras que bendicir, que para iso a familia do alcalde era contratista de obra pública.



Imaxe 10. A veciñanza saúda, brazo en alto, nun momento da visita oficial realizada polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez, á parroquia de Tabagón, no concello do Rosal o día 30 de xullo de 1957. Durante a visita inaugurouse un cruceiro e a escola parroquial.



Imaxe 11. Outro momento da visita do gobernador, co xefe local Suárez Maquier, de camisa azul sen chaqueta.



Imaxe 12. Discurso de Fernández Martínez con motivo da inauguración da escola do Calvario o 30 de xullo de 1957.



Imaxe 13. Veciñanza brazo en alto durante a inauguración da alameda de San Xoán de Tabagón, na estrada xeral Tui-A Guarda no desvío cara a Eiras.

Alí onde a estrada xeral Tui-A Guarda, se apartaba, e aparta, cara a Eiras, en San Xoán de Tabagón, inaugurouse unha pequena alameda con cruceiro e parada do autobús. Baixo a pancarta de benvida ao xefe provincial, ergue todo o mundo o brazo en respecto aos himnos, aínda que as mulleres o tomasen máis a chacota que os fatuos varóns (*imaxe 13*).

Tras o remate dos actos chegou o momento de confraternizar coas masas. Unha parte das lexións de “morrilleiros” dedicados a picar a pedra, os croios do río, dos campos ou da beiramar, para o firme das estradas, que contratara a empresa familiar do alcalde, habían de estar presentes, e tamén moitas “morrilleiras”, en gran número portuguesas, ás que a xentil autoridade non deixaría de facerlle algunha chanza.

Como remate daquel día solleiro e axitado ben viña un pouco de sombra e sosego espiritual, e, dado que en Tui non había bendición que botar, que mellor que recibila da súa Ilustrísima. Como ramo da xira estival, fixo unha visita ao pazo bispal para saudar as elites locais e presentarlle ao bispo os altos funcionarios provinciais que o acompañaban (*imaxe 14*).

José López Ortiz (1898-1992) xa levaba anos na sede tudense, foi bispo dende 1944 ata 1969. A aquel arabista e historiador do dereito seica lle salvara a vida Wenceslao Roces, un militante comunista que desempeñou altos cargos no Ministerio de Instrución Pública. Despois de Tui exerceu como arcebispo castrense.

Mais aquel activo xefe provincial non tiña acougo, nin para gozar un anaquiño coa fachada gótica da catedral. Pegando un revirangancho entre toureiro e futbolero, bríndalle un sorriso ao excelentísimo e reverendísimo bispo e marcha, porque tiña que marchar (*imaxe 15*).



Imaxe 14. Un momento da visita feita polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez ao Pazo episcopal de Tui onde foi recibido polo bispo, Frei José López Ortiz.

Co meu agradecemento a José Antonio Urís Guisantes, Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez e Matilde Salinas, a carteira de Oia.

PRENSA CONSULTADA:

El Pueblo Gallego, La Noche.

BIBLIOGRAFÍA CITADA:

- Payne (1965): *Historia del fascismo español*. París: Ruedo Ibérico
- Segret, J: (1982): *¡Abajo las dictaduras!* Vigo: Edición da autora.



Imaxe 15. Fernández Martínez despídese do bispo de Tui, Frei José López Ortiz, ante a fachada da catedral tudense.

Un *Cara al sol*, unha peseta

Natalia Jorge Pereira

Investigadora do grupo Histagra da USC

Cando Maximino Álvarez Vicente baixou do camión do Moure¹ abraíouse ao ver ateigada a vila. Viña cantar o *Cara al Sol* cos outros nenos da escola porque, segundo lles contara o mestre, era un día especial.

A Mino deulle o canguelo, mais todo pasou en canto viu achegarse ao mestre. Don Domingo Garcés² era bo con eles e non como a mestra da súa irmá que só sabía de catecismo e de coser. O mestre, en cambio, nunca lles fixera rezar, el daba historia sagrada.

¹ A empresa Transportes Moure foi fundada polos irmáns Ramiro e Benito Moure Moure. Ramiro Moure (Figueiró, 1894-Estás, 1954) destacou pola súa traxectoria política, vinculada ao movemento agrario e ao Partido Republicano Radical, e por ser un dos maiores empresarios no sector madeireiro.

² Domingo Garcés Campo (Tolosa-Guipuzcoa, 1903-Estás 1993) foi mestre nacional na escola de Estás a onde chegou destinado en 1925. Ao pouco de vivir en Tomiño, Garcés adquiriu grande popularidade pola súa actividade política. Na II República militou no Partido Radical e foi secretario do Sindicato de agricultores Estás-Figueiró. Tras o golpe viuse seriamente comprometido dada a súa afiliación republicana e confesado anticlericalismo do que deixou constancia nos artigos publicados na prensa local. Porén, conservou o seu posto de mestre posiblemente grazas a súa adhesión á Falange nas primeiras semanas do golpe militar e ao seu papel de voluntario nas tarefas represoras na retagarda.

Tras a confusión inicial entraron á nova praza de abastos. No primeiro andar estaban as autoridades: o gobernador civil, o alcalde Don Pío, os curas coa sotana e os homes da camisa azul. Eles, os nenos, ao rematar de cantar levantaron o brazo en alto como ensaiaran na escola (*imaxes 1 e 2*).

Don Domingo era un bo mestre. Mino oíralle dicir ao pai que tempo atrás vírase obrigado a levar os nenos da escola a cantar diante da abadía. Tamén escoitara ao avó Castor que había uns anos as cousas andaran revoltas para o mestre.

Antes de subir de novo ao camiión do Moure, Mino agardou espreito a que o alcalde lle dera a peseta prometida por ir cantar. Mais foi unha fraude, viu sen ren para a casa. Chegou anoxado e desexou que fose noite para que o avó pasase a pechadura na porta da tenda e prendera a radio. O aparello dicía cousas que non comprendía pero gustaba daqueles momentos clandestinos co seu avó. Non entendía moi ben que era Radio Pirenaica nin porqué o avó prestaba tanta atención pero sabía que naqueles momentos eran cómplices dun acto prohibido.

Ao avó non lle gustaba o alcalde e o neto sabía ben. Tampouco gustaba dun home que vivía alí ao lado e que nunca pasaba por diante da tenda. Castor maldició porque disque fixera moito mal. Mino prestaba atención ás palabras do avó. Ás veces, cando viña xente oír a radio, el ficaba calado coas orellas prestas na conversa. Así foi como soubo que un tío do Brasil fora quen construíra a escola³. Di-

³ Abdón Alonso Alonso (Estás, 1873-Uberaba, 1960) foi o maior filántropo de Tomiño. Iniciou a súa andaina emigrante ben cedo, participando nas emigracións estacionais á meseta xunto co seu irmán Maximino. Ambos deron o salto ao Brasil onde se estableceron con éxito. Abdón Alonso Alonso, masón e seguidor da corrente espiritista, mandou construír unha escola na súa parroquia para a que creou unha fundación chamada Peirópolis (1934). Ademais, achegou o financiamento preciso para que a coñecida escola de emigración Aurora del Porvenir puidese abrir as súas portas en 1931. Pola súa parte, a escola de Estás foi engadida dende a súa creación á rede estatal dependente do Ministerio de Educación e na actualidade continúa impartindo aulas. A



Imaxe 1. Desfile ante o novo mercado de Tomiño. Á dereita as crianzas que foron cantar o *Cara al sol*, entre as que estaba Maximino Álvarez Vicente. No centro, con gafas e garabata o mestre, Domingo Garcés Campo.



Imaxe 2. Veciñanza de Tomiño congégase diante do edificio do mercado, inaugurado polo gobernador civil Rafael Fernández Martínez na súa visita do día 30 de xullo de 1957.

cían que ese tío non regresaría mentres vivise o Caudillo. Mino soñaba con marchar ao Brasil. Faríao catro anos despois da man do seu pai (*imaxes 3 e 4*).

O 29 de xullo de 1957 inaugurouse o novo mercado municipal de Tomiño⁴ e as crianzas das escolas do municipio foron cantar o *Cara al sol*. Como cada aniversario do Glorioso Alzamento⁵, o gobernador civil e xefe provincial do Movimiento percorría os 62 concellos de Pontevedra co gallo de inaugurar as novas obras símbolo dos bos tempos da ditadura. Uns festexos organizados pola corporación local e a FET da JONS que eran aproveitados para facer alarde de ostentación e pomposidade propias do fasto falanxista (*imaxes 5 e 6*).

Segundo o xornal *El Pueblo Gallego*, Tomiño recibiu ese ano 4.247.190,08 pesetas, o cuarto maior investimento da provincia⁶.

escola non puido ser incautada tras o golpe militar grazas ao seu carácter de fundación que imposibilitou que pasase a titularidade estatal. Aínda así, a instauración do novo réxime supuxo o cambio de directiva da fundación con personalidades afíns ao novo goberno. Abdón Alonso nunca regresou e faleceu en Uberaba onde fundou diversas obras filantrópicas.

⁴ Inicialmente a construción do mercado municipal estaba prevista noutra localización pero mudouse pola falta de condicións sanitarias e de desaugue. As duras críticas dos industriais do casco urbano non impediron que se expropiaran terreos á descendencia da familia Carrera Fariñas e o arquitecto pontevedrés Enrique Álvarez-Sala e Solís fixera o novo proxecto, que logo padeceu varios cambios en prol da mellora estética do edificio como o engadido da segunda planta ou a mellora no deseño das ventás grandes. O construtor encargado da obra foi, como en boa parte dos edificios públicos levantados nese anos, o contratista tudense asentado en Tomiño Fernando Solla González.

⁵ Cunha clara influencia do calendario fascista italiano, en xullo de 1937 declarouse Festa Nacional o 18 de xullo. Era, polo tanto, unha festa do réxime que en palabras de Ismael Saz “sería el principio de la fundación de un régimen y de la (re)fundación de España” en: Saz Campos, I. (2013). *Las caras del franquismo* (p.97). Granada: Editorial Comares. En Fuero del Trabajo (1938) o 18 de xullo sería declarada Fiesta de la Exaltación del Trabajo (BOE, 10 marzo 1938).

⁶ Segundo *El Pueblo Gallego*. Año XXXIII núm. 11.019, 16 xullo 1957, (p. 5), o investimento total na provincia superou os 50.000.000 de pesetas. A nivel comarcal, A Guarda recibiu 116.642,30 pts. O Rosal 235.000 pts. e Tomiño 4.247.190, 08 pesetas. Sería o de Tomiño



Imaxes 3 e 4. O alcalde Pío Troncoso, falando na primeira foto, participou no acto realizado no interior da casa do concello de Tomiño o día da visita oficial do gobernador, que é quen fala na segunda das imaxes.





Imaxes 5 e 6. Militancia de FET Tomiño realiza o saúdo fascista na inauguración do novo mercado municipal por parte do gobernador civil Rafael Fernández Martínez. O acto estivo presidido por unha pancarta que puña “Tres pilares: Franco, Falange y Ejército”.



Foi sen dúbida o grande acontecemento da comarca e foi, tamén, a obra máis destacada dos vinte anos da alcaldía de Pío Troncoso⁷. Un período, o dos anos 1950 e 1960, asociados ao despegue económico do réxime franquista que non se debeu a ningún milagre senón a un cambio na política económica. O modelo autárquico imposto polo ditador nada mais gañar a guerra supuña a intervención do Estado en todas as esferas da economía e partía da idea de que España era autosuficiente produtivamente. Un funesto erro que levou o país á fame, ao desabastecemento das mercadorías de primeira necesidade e que foi caldo de cultivo para o contrabando e o mercado negro.

O cambio de política iniciouse andados os anos cincuenta⁸ e veu condicionado pola propia supervivencia do réxime. A ditadura precisaba romper co illamento internacional tras a derrota da Alemania nazi e aproveitou o interese xeopolítico norteamericano no contexto da guerra fría para diluír as vinculacións co bando perdedor. Foi así como a cambio de aparentes medidas democratizadoras, o goberno estadounidense insufloulle aire fresco á maltreita economía españo-

o cuarto maior investimento por detrás de Vigo (14.720.011,66 pts.), Pontevedra (8.698.816,04 pts.) e As Neves (1.144.413 pts.).

⁷ As décadas de 1950 e 1960 son o período da construción das coñecidas como ‘casas baratas’, financiadas cos fondos da Obra Social do Movimiento e tamén dos actuais edificios das escolas unitarias das parroquias. Nestes anos tamén proliferaron a construción de lavadoiros e fontes, e melloras nas principais vías do municipio.

⁸ Ao remate da II Guerra Mundial España era considerada un reduto do fascismo europeo, o que explica a remodelación do terceiro goberno da ditadura na que introduce como ministros a membros de Acción Católica en dúas carteiras chave, educación e asuntos exteriores. Nos sucesivos gobernos Franco continuará con esa liña nunha clara estratexia de dulcificar a imaxe externa da ditadura e desenvolverá tímidas iniciativas aperturistas que culminarán en 1959 co Plan de estabilización. Dous anos antes, en 1957, e ante os graves problemas económicos do país, o ditador tiña introducido no goberno os coñecidos tecnócratas, procedentes das filas do Opus Dei, que serán os encargados dese Plan de estabilización e do exponencial crecemento económico que daría paso ao que se coñece como Segundo Franquismo.

la mediante unha serie de acordos económicos e defensivos⁹. Tamén a Santa Sede contribuíu simbolicamente ao lavado de cara do franquismo. En 1953 asinaban un concordato que viña máis a lexitimar o réxime que a introducir mudanzas na situación da Igrexa española, sempre cómplice¹⁰. Foi unha exitosa forma de promocionar a imaxe de “ditadura católica”, un mal menor no contexto europeo.

Con ese mesmo fin, o franquismo organizou unha intensa campaña de prensa e de publicacións e renováronse os gabinetes ministeriais dando maior presenza, que non maior número, aos cadros procedentes da dereita católica. Ao tempo pretendeuse convencer á opinión estranxeira de que o país era unha democracia orgánica e convocáronse eleccións municipais en 1948 baixo sufraxio restrinxido¹¹. Un episodio que no caso tomiñés non estivo exento de polémica

⁹ En 1950 o goberno norteamericano aprobou o Proxecto de Lei de Asignacións que incluíu un crédito de 62,5 millóns de dólares para España (Barciela López, Carlos: “La modernización de la agricultura española y la política agraria del franquismo” en Moreno Fonseret, R e Sevillano Calero, F. [eds] (1999). *El franquismo visiones y balances* (p.77). Alicante: Universidad de Alicante. E dous anos despois ambos países asinaban o Pacto de Madrid que blindaba un convenio de axuda económica a cambio dun lucrativo acordo defensivo para os Estados Unidos. Entre outras cousas, España cedía 4 bases militares: Rota, Morón de la Frontera, Zaragoza e Torrejón de Ardoz, con soberanía incluída. O estreitamento das relacións entre ambos países consolidouse na visita do presidente Eisenhower no Nadal de 1959 que supuxo o recoñecemento definitivo á ditadura de Franco. (Castro Franco, D. e Revilla Casado, J. “A dictadura franquista e o comenzo da guerra fría”, en Grandío Seoane, E. e Rodríguez, J. [ed] (2013). *Derribar a Franco* (p. 32). Madrid: Editorial Eneida).

¹⁰ Alberto Martín Artajo foi o responsable do cambio de imaxe do réxime e do seu verniz católico. Artajo, quen procedía das filas de Acción Católica, adquiriu a carteira de Asuntos Exteriores en xullo de 1945 e foi o artífice do concordato coa Santa Sede asinado en Roma o 25 de agosto de 1953. Entre outras cousas, o concordato recoñecía o papel da xerarquía eclesiástica española e reservaba ao ditador o dereito de presentación de bispos. A ditadura, pola súa parte, recoñecía a confesionalidade católica do Estado, mantiña o financiamento do culto e do clero e permitíalle a inmunity xudicial aos relixiosos e ás relixiosas.

¹¹ Froito desas estratexias de aparentar democratización no réxime, en 1947 celebrouse un referendo polo que o xefe de Estado sometía a votación a Lei de sucesión á xefatura

xa que Castor Vicente, o avó que escoitaba Radio Pirenaica, denunciou ante o notario presente na mesa electoral “que estas elecciones fueron mangoneadas”¹². A aparente democratización da representatividade da administración local non foi tal, e as alcaldías seguiron sendo ocupadas por designación do gobernador civil. Porén, serviu de fenda á entrada de vellos agraristas. Un regreso que tivo como primeiro escenario as Hermandades de Labradores y Ganaderos, froito mais ben da necesidade de líderes experimentados na dinamización agraria que da vontade do réxime por integrar o bando perdedor¹³.

Un claro exemplo en Tomiño é Manuel Moure de Santiago quen fora alcalde republicano en 1932 e que tras a represión, en 1944, é nomeado prócer da Hermandad de Labradores y Ganaderos e elixido concelleiro polo terzo de cabezas de familia en 1948, sendo 1º tenente de alcalde en 1952¹⁴.

de Estado. E un ano despois, novembro-décembro de 1948 celebráronse “eleccións” municipais correspondentes aos terzos de representación familiar, sindical e entidades.

¹² Protocolo número 957, 28 novembro 1948, Tomás Santoro Iglesias, notario do Porriño. A escritura notarial responde ao requirimento de Nemesio Vicente Fernández para que o notario levante acta na Casa Consistorial de Tomiño onde está constituída a mesa electoral do terzo de representación sindical. A escritura notarial dá conta das declaracións dos membros da mesa e tamén de varios asistentes que denuncian que non estiveran expostas as listaxes de candidatos e que o alcalde, Francisco Pino Carrera, entregaba a súa papeleta á entrada. No mesmo tamén figura Castor Vicente Fernández, irmán do denunciante, quen deixa constancia de que as eleccións son amañadas.

¹³ Desde mediados de 1940 comezan a aparecer integrantes das antigas filas agrarias prebélicas en postos de dirección das *hermandades sindicales*. Entidades que pretendía substituír de forma corporativa o papel dos suprimidos sindicatos agrarios e que nos primeiros tempos foron incapaces de ir máis alá do nefasto reparto de *inputs* e sementes nos tempos do desabastecemento.

¹⁴ Manuel Moure de Santiago destacou ben novo como un líder agrario. En abril de 1931 foi un dos tres membros do comité provisional republicano e de setembro de 1932 a xaneiro de 1933 desempeñou o cargo de alcalde afiliado á Federación Municipal Agraria baixo o liderado de Antón Alonso Ríos. A súa foi unha traxectoria que, como moitas outras, foi truncada polo levantamento militar de xullo de 1936 e que sufriu a política represiva levada a cabo na retagarda galega. Con todo, as novas autoridades non

Mais este regreso dos agrarios non supuxo o retorno da vella política agrarista, senón que deu comezo a unha nova realidade que deixaba atrás a dura posguerra e traía á palestra a tres grupos sociais diferenciados: as vellas oligarquías, os experimentados agrarios e un novo grupo que atopara na contenda a oportunidade de participación dentro do Novo Réxime. Un novo persoal político que se ben se forxou na guerra ou na retagarda non era nin ideólogo nin falanxista revolucionario. A súa cultura política definíase no antirrepublicanismo, no nacionalismo español e no catolicismo e foi o pegamento social que serviu de base á vida cotiá do réxime¹⁵. Un claro exemplo témolo na figura do alcalde tomiñés que inaugura o mercado municipal en 1957 (imaxe 7).

Pío Troncoso¹⁶ era farmacéutico e procedía por tanto dun grupo social diferenciado no rural. Un posto de partida que lle deu a posibilidade de participar na guerra desde un lugar privilexiado e tamén lle facilitou o acceso e prestixio dentro das filas do Movi-

tardarían moito en descubrir que gañar unha guerra non é o mesmo que gobernar, de aí que paulatinamente se visen obrigadas a recorrer a membros das experimentadas filas agrarias nun claro intento por reactivar o agro. O salto ao goberno local non se fixo esperar. Nas eleccións locais de 1948, as primeiras celebradas no franquismo, Manuel Moure de Santiago sae electo polo terzo de cabezas de familia. Un informe da FET local dese mesmo ano definíao como votante de esquerdas (AHPPO, Fondo do Movimiento, caixa 244). En 1955 Manuel Moure de Santiago desempeña o cargo de 1º tenente de alcalde a quen lle segue no rango outro membro das filas agrarias e republicanas, Feliciano Estévez Fernández, quen entre outras cousas fora directivo da sociedade Aurora del Porvenir e do Comité Tomiñense Pro Autonomía Galega.

¹⁵ Arco Blanco, M. A. del (2014). “¿Fascismo en las instituciones del ‘Nuevo Estado’? personal político, cultura política y participación en el franquismo (1936-1951)” en *Rúbrica Contemporánea* (en línea), vol. 3, núm. 5, 29-43.

¹⁶ Pío Troncoso Martínez (Goján, 1912-1979) era fillo dun emigrante retornado con éxito, Silvano Troncoso Carrera quen ademais fora alcalde en 1923. Pío cursou estudos de farmacia establecendo o seu propio negocio en 1935. Pouco despois, co estoupido da guerra pasou a formar parte da Jefatura de Servicios Farmacéuticos da 8ª Región na Coruña como oficial farmacéutico. Foi na cidade herculina onde se afiliou a FET da JONS en xullo de 1938. En 1951 é nomeado alcalde e xefe local da FET.



Imaxe 7. Pío Troncoso, á dereita da foto, con camisa falanxista e garabata negra, toma do brazo ao gobernador civil Rafael Fernández Martínez, na visita realizada por este a Tomiño.

miento. Pío foi, dende ben cedo, un claro candidato a ocupar un cargo destacado a nivel local xa que o seu perfil profesional e a súa ausencia nos duros tempos da represión, lle outorgaban a imaxe que o réxime quería dar nos anos de tímido aperturismo. Neste sentido, o réxime premiou a lealdade e fixo súa a imaxe do nacional catolicismo nun claro abandono da doutrina falanxista. As xefaturas locais da FET das JONS mantivéronse no tempo pero careceron de capacidade operativa, limitándose a súa actuación a desfiles e concentracións¹⁷.

¹⁷ As xefaturas locais da Falange pasaron, tras os primeiros tempos da represión, a desempeñar un papel secundario nas localidades do rural. O seu peso tiña mais que ver cos informes políticos morais -tan necesarios nas relacións da xente coa administración- que co seu carácter adoutrinador. En 1953 a FET de Tomiño contaba con 147 militantes e 17 persoas adheridas nun padrón de 12.912 habitantes. A correspondencia do Movimiento deixa translucir a escasa repercusión das poucas iniciativas que veñen desenvolvendo as xefaturas locais e que basicamente se limitan a ámbitos de propaganda do réxime como concentracións, desfiles e campamentos xuvenís. E aínda así a mobilización das filas do

Os 50 foron os anos bisagra sobre os que se asentará o réxime até a Transición. Foron anos de certos cambios pero tamén de continuidades en canto ao día a día da poboación. Persistiu unha política represiva pero tamén disidencias, aínda que estas non se presentasen baixo conflitos abertos. Tamén persistiu un duro control social baseado na denuncia, no chivatazo, e sobre todo na dominación das elites locais tradicionais e de quen apoiou o golpe, incluída a xerarquía eclesiástica.

O papel da Igrexa foi fundamental na permanencia do réxime franquista, non só lavou a súa imaxe internacional senón que foi unha útil ferramenta de control social. O clero recuperou o lugar preeminente que lle arrebatara a República e ademais encargouse dos principios morais que as estruturas represivas do réxime se ocuparon de facer cumprir. Foi, por tanto, responsable do enorme retroceso educativo, da discriminación da muller e do cambio no modelo de familia¹⁸.

partido único sufriron un retroceso importante. En 1951 asistían á concentración de Vilagarcía 34 veciños de Tomiño dos que só 15 levaban camisa azul. De Tui asistiron 63 persoas afiliadas das cales 32 levaban o uniforme de Falange. E da Guarda o número de participantes era de 37 mais 10 excombatentes non afiliados ao partido. (AHPPO, Fondo Movimiento, c. 260). Esa falta de presenza da militancia déixase ver nos propios cadros do persoal político municipal. En 1957 dos 12 concelleiros que integran o concello só 3 son militantes, entre eles o alcalde que aglutinaba na súa persoa o cargo de xefe local da FET. Catro anos despois, en 1961, había 4 militantes e segundo os informes da FET 6 apolíticos. E en 1963 só pertencían aos cadros locais do partido único un concelleiro e o alcalde, a maioría de integrantes eran catalogados como xente de dereita. (AHPPO, Fondo Movimiento, c. 262). “Sobre o papel do Movimiento no rural”. Rodríguez Barreira, O. e Lanero Táboas, D. (2014) “Juventud y campesinado en las falanges rurales: España, 1939-50”, en *Historia Agraria*, 62, 177-216.

¹⁸ O púlpito servía para adoutrinar e vanagloriar as proezas do Caudillo pero tamén para regular as relacións sociais e con especial atención as de xénero. As mulleres e as familias pobres foron os grupos que en maior medida sufriron as políticas restritivas da Igrexa e en moitos casos a súa reputación era o único elemento que os podía salvar da marxinação. (Martín Gaité, C. (1994). *Los usos amorosos de la posguerra española*, Barcelona: Editorial Anagrama).

Nas familias o autoritarismo e a disciplina eran o día a día e a súa execución recaía “no cabeza de familia”. Esas mesmas doutrinas foron trasladadas as aulas onde o crucifixo, o

Porén, como dicíamos, houbo lugar para a disidencia aínda que esta en boa medida fora plasmada baixo formas de “baixo risco”¹⁹. Foi desta maneira como Domingo Garcés puido desoír algúns deses preceptos educativos como o de impartir o catecismo ou o temario referido á organización político social recollido na enciclopedia Álvarez ao tempo que desempeñaba cargos menores na xefatura local da FET das JONS²⁰.

Realmente a disidencia non foi mais alá de episodios puntuais porque os únicos grupos con capacidade de oposición eran as novas elites do contrabando. Fixéronse fortes na fronteira miñota grazas ao desabastecemento e mercado negro que trouxo a autarquía, e asentaron as súas fortunas sobre unha vigorosa rede de corrupción. Foron os poderes fácticos do lugar e tamén sustentaron o réxime porque o negocio dependía da súa continuidade. Ademais o contrabando deu a posibilidade de ascenso social grazas á unión de contrabandistas de perfil pequeno e mediano que fixeran oficio ao amparo de grandes xerarcas²¹.

catecismo e a moral cristiá pasaron a pivotar os currículos escolares nun sistema educativo abandonado polo réxime. Segundo a UNESCO en 1954 España destinaba a educación o 0,9% do seu orzamento nacional fronte ao 3% de Irlanda, o 2,71% de Suecia ou o 2,68% de Italia. Á falta de material escolar, de escolas acondicionadas e de profesorado formado engadíase un marco pedagóxico baseado en obedecer en vez de pensar, na práctica do castigo corporal e nunha educación segregada por sexos. Cazorla, A. (2016). *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo 1939-1975*. Madrid: Alianza editorial.

¹⁹ É o que James Scott denomina as “armas dos febles” (Scott, J. (2003). *Los dominados y el arte de la resistencia*. Tafalla: Editorial Txalaparta).

²⁰ Entrevistas a Maximino Álvarez Vicente (01. 06. 2009 e 21. 01. 2022).

²¹ O desabastecemento xeralizado de mercadorías desde o inicio da contenda favoreceu o despegue do contrabando transfronteirizo. As vellas elites locais investiron o seu capital na importación e exportación ilegal de mercadorías pola fronteira, o que lles reportou importantes beneficios. O mesmo que ao persoal burocrático que fomentou a súa supervivencia ao longo do tempo acadando altas cotas de corrupción. Grandes contrabandistas non só aglutinaron fortunas senón que se converten no poder fáctico local ao amparo do que se xerou unha dinámica económica a marxe das canles legais. En

A progresiva liberalización do mercado porá fin aos anos dourados do contrabando pero en contrapartida afrouxará a presión demográfica no rural grazas a apertura das canles da emigración transoceánica reactivándose as vellas redes emigratorias de preguerra ás que se sumarán Maximino e o seu pai. Mais tamén haberá lugar á emigración cara ás urbes onde se instalan iniciativas industriais con capital estranxeiro como é o caso de Citroën Hispania en Vigo.

Pero, sen dúbida, un dos maiores beneficios da apertura económica do réxime foi a importación de inputs e sementes e a renovación tecnolóxica nun rural estancado en 1936²². Un campo en esgotamento, que non só perdera o tren da modernidade europea senón que sufrira a perda do uso do monte en beneficio das repoboacións forestais practicadas polo Patrimonio Forestal do Estado en consorcio cos concellos. Foi posiblemente no monte onde se desenvolveu unha clara loita polos recursos e que, baixo as armas do feble²³, sufriu

torno ao mercado negro xurdiron enlaces, responsables de cargar, espías, estraperlistas... que conformaron a sociedade da guerra e da posguerra. Moitas destas persoas, con contactos noutra marxe, estableceron novos negocios que lles permitiron o ascenso social. Quen se beneficiou da fame coa que a ditadura castigou o país, foi quen tivo o maior interese por que esta se mantivese. En 1959, coa chegada de tecnócratas ao poder, procederase á paulatina liberalización económica e con ela ao abastecemento por canles legais de mercadorías e tecnoloxías e polo tanto o decaemento do contrabando transfronteirizo que se converterá en residual e limitado nas seguintes décadas. (Sobre política económica Barciela, C. [ed] (2003). *Autarquía y mercado negro. El fracaso económico del primer franquismo, 1939-1959*. Barcelona: Editorial Crítica).

²² Os anos 50 supuxeron ademais a apertura das canles da emigración pechadas primeiro pola Segunda Guerra Mundial e logo polo illamento do país. O ano 1955 foi o de maior tránsito coa emigración de 62.000 persoas que cruzaron o charco fundamentalmente a Arxentina e Venezuela. Unha emigración que coincide co *boom* das exportacións e da industrialización, en boa medida debedoras dos créditos estadounidenses e da creación de importantes fábricas polo estado pero tamén do asentamento de fábricas con capital estranxeiro como a citada planta de Citroën Hispania en 1957.

²³ Expresión do antropólogo James Scott. Scott demostrou como as rebelións das clases subalternas non se manifestan de forma aberta, senón que se encobren de xeito que sexa

continuos episodios de lume. Pero tamén foi un ben desexado por render rápido, xerar grandes lucros a súa explotación, e como non, polo alto índice de corrupción.

Deste episodio non estivo alleo Tomiño que, en marzo de 1957, protagoniza un novo escándalo nas poxas de madeira coas que se pretendía financiar o remate das obras do novo mercado²⁴. Un capítulo mais de corrupción dun réxime que non convenceu pese aos intentos por darlle un novo verniz político. Porque, a modo de conclusión, mentres o aparato burocrático festexaba a inauguración de grandes obras baixo a propaganda falanxista, o conxunto da poboación desenvolvía a súa vida cotiá a medio camiño entre a adaptación e a resiliencia. Como Maximino Álvarez Vicente quen, con 10 anos, foi cantar o *Cara al sol* ante as autoridades do réxime e a noite escoitaba a Radio Pirenaica co seu avó. Unha ditadura que na década de 1950 asentou as bases do país que logo sería pero que nunca esqueceu que nacera dunha cruenta guerra.

Unha ferida que Fernando Fernán Gómez soubo ilustrar tan ben naquel diálogo de *Las bicicletas son para el verano*: “Non chegou a paz, chegou a vitoria”²⁵.

difícil a resposta das clases dominantes. Ver Scott, J. (2003). *Los dominados y el arte de la Resistencia*. México D.F. Tafalla: Editorial Txalaparta.

²⁴ A época de maior repoboación foi 1950-60 e supuxo a expropiación dos aproveitamentos comunais dos montes que durante séculos fixeran as comunidades. Unha repoboación que procuraba o crecemento e a rendibilidade inmediata e que foi un negocio moi lucrativo para os concellos, en: Villares, R. (2004). *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia. Pero tamén caldo de cultivo para a corrupción no aparato burocrático como así pasou en Tomiño en marzo de 1957 cando o cabo da gardería presenta unha denuncia ante o alcalde na que acusa ao tesoureiro municipal de beneficiarse ilicitamente de poxas de madeira vinculadas ao financiamento da construción do mercado. O asunto resolverase no xulgado de Tui pouco antes dos grandes festexos da inauguración do emblemático edificio (AHMTO, sesións 11. 04. 1957 e 21. 06. 1927).

²⁵ Fernán Gómez, F. (1996). *Las bicicletas son para el verano* (p. 206). Madrid: Editorial Espasa Calpe.

Fondos para o estudo da memoria no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Carmen L. Corgo Silheiro

Directora do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

No contexto de coñecer o período cronolóxico da Guerra Civil española e da ditadura franquista, favorecendo a investigación e a divulgación da memoria, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHHPo) custodia unha serie de fondos de enorme importancia e riqueza histórica para a provincia de Pontevedra (*imaxe 1*).



Imaxe 1. A sede do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

FONDOS DA ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO

SERVIZOS SOCIAIS

Xunta Provincial do Patronato de Protección a la Mujer

O Patronato de Protección a la Mujer creouse, dentro do Ministerio de Xustiza, no ano 1941 baixo o pretexto de velar pola moralidade pública, especialmente da muller. Realizaba o control e a tutela dun sector da poboación feminina, que ía moito máis alá das que se entendía estaban en situación de exclusión social.

Nas súas facultades estaba a función tutelar de vixilancia, tratamento e internamento sobre as menores, especialmente por debaixo dos dezaioito anos, ás que manteñen en reformatorios, colexios de relixiosas ou vixiadas dentro das súas casas.

Os seus órganos foron: Junta Nacional, Juntas Provinciales e Juntas Locales. Suprimíuse no ano 1985.

A documentación que se conserva no AHPPo transferiuse no ano 1993, procedente de Servizos Sociais da Administración Periférica do Estado. Está descrito a nivel de fondo. Consta de oito caixas e dez libros en soporte papel, cun período cronolóxico que vai desde 1944 ata 1986.

Presenta documentación económica, de correspondencia, centros dependentes e, principalmente, de expedientes persoais e de vixilancia tutelar.

É de gran valor para o estudo da muller no século XX desde o punto da moral e ideoloxía católica do réxime franquista, como un elemento de control e represión que se foi suavizando nos últimos anos da súa existencia.

A investigación deste fondo transmite o discurso moral que se lle impuxo ao colectivo das mulleres, partindo de que elas eran as encargadas de transmitir os valores franquistas e, daquela, tanto o seu adoutramento coma o da súa descendencia.

O fondo serve para o estudo da evolución da política que se deu sobre a muller, o papel que tivo na época franquista e a represión que sufriu. O Patronato de Protección a la Mujer supuxo un dos instrumentos político-sociais de máis influencia na vixilancia moral das mulleres.


SEGURIDADE E INTERIOR. GOBERNO CIVIL

Comisión Provincial de Cualificación-Comisión Provincial de Informe

Durante a época franquista, e xa desde moi pronto, a axuda social e a protección económica (como un principio de caridade) proxectouse sobre as persoas necesitadas do bando franquista, principalmente para amparar os afectados pola guerra. E así, se regulamentaron unha serie de medidas e sistemas de indemnizacións e de pensións, para afectados pola guerra e as súas familias.

Dentro deste contexto, o AHPPo custodia, no fondo de Goberno Civil, documentación diversa que se produciu a raíz de lexislación variada:

- Comisión Provincial de Cualificación: Expedientes de pensións de feridos de guerra (datas 1976-1982) a favor dos soldados que sufriron mutilación a causa da guerra, amparados no Decreto 670 de 1976, no Real decreto 3025 de 1976, no Real decreto-lei 43 de 1978, no Real decreto 1372 de 1979 e na Lei 35 de 1980. Son sete caixas e están descritos a nivel de expediente (*imaxe 2*).



Imaxe 2. Parte dun dos expedientes de tramitación das pensións por feridas de guerra.

- Comisión Provincial de Informe: Expedientes de pensións a familiares de falecidos na guerra (datas 1979-1981), seguindo o Real decreto-lei 35 e o Real decreto 2926 de 1978. Consta dunha caixa, con descrición a nivel de expediente.

Con esta documentación pódense facer estudos de asistencia e pensións na época franquista. É dicir, do sistema de prestación e protección sociais dos que gozou o bando vencedor.

FONDOS DE INSTITUCIÓN DO MOVIMIENTO NACIONAL

JEFATURA PROVINCIAL DEL MOVIMIENTO

Tras a sublevación militar de 1938, o único partido existente será Falange Española de las JONS. O Decreto 225, de 19 de abril de 1937, legislará sobre a súa organización, funcionamento e competencias.

En agosto do mesmo ano dotóuselle duns Estatutos, reformados en 1939. Neles contéplase a figura do xefe provincial, máxima autoridade da Provincia, que só responde ante o xefe nacional del Movimiento, é dicir, o ditador Franco.

O posto de xefe provincial será ocupado polo gobernador civil.

En 1959 ten lugar o Regulamento da organización e funcionamento das xefaturas provinciais e locais.

Posteriormente establécese que as xefaturas provinciais teñen que impulsar a vida política do Movimiento, procurando “o estudo e promoción dos intereses da provincia” e velando “pola instauración, desenvolvemento e defensa dos principios fundamentais do Movimiento”. Correspóndelles, pois, ás xefaturas provinciais o impulso da vida política do Movimiento.

Os organismos políticos do réxime franquista desaparecen coa morte de Franco (*imaxe 3*).



Imaxe 3. Cabeceira da delegación provincial da Falange en Pontevedra.

Este fondo foi transferido desde o Arquivo da Deputación ao longo dos anos 80. Consta de 364 caixas e 76 libros en soporte papel. A súa cronoloxía é de 1932 ata 1972. Organizouse tendo en conta estas tres seccións: Goberno, Administración e Servizos, e Contabilidade-Tesourería.

Actualmente está en proceso de descrición (a nivel de inventario, no programa informático de descrición da Xunta de Galicia, Digiarch) e de dixitalización, consultable a través da plataforma da Xunta de Galicia, Galiciana (*imaxe 4*).




Imaxe 4. Selo do Servicio de Información e Investigación de FET de las JONS.

DELEGACIÓN PROVINCIAL DA SECCIÓN FEMENINA

A Sección Femenina era a organización dedicada á muller dentro da Falange Española. Fundouse no ano 1934 e recollía como finalidade “formar, promover e facer partícipe á muller española nos ámbitos familiar, laboral, político e cultural”. Suprimiuse no ano 1977.

Era a encargada de transmitir o rol da muller segundo a ideoloxía franquista: ama de casa, nai e esposa. Segundo a Sección Femenina, as mulleres tiñan que ser “respectuosas, alegres, modestas, altruístas e obedientes”, esposas abnegadas suxeitas ao marido e nais que educarían a súa descendencia na doutrina católica e falanxista. O seu obxectivo era a de devolver a muller ao fogar. Era como unha axencia política, social e educativa da muller na época franquista (*imaxe 5*).



Imaxe 5. Encabezamento dun escrito da delegada en Vigo da Sección Femenina.

En 1944 introducíronse reformas polas que todas as mulleres solteiras e viúvas de dezasete a trinta e cinco anos, se querían traballar, tiñan que facer o chamado Servizo Social nas Escuelas de Formación y del Hogar.

Significou un forte retroceso nos dereitos das mulleres, o inmovilismo do réxime franquista na emancipación da muller, cun gran intervencionismo estatal dentro da vida privada.

Este fondo foi transferido ao AHPPo nos anos 1978, 1988 e 2003. Atópase descrito a nivel de serie, cun total de 105 caixas e 43 libros en soporte papel, e abarca desde o ano 1936 ata o ano 1979.

A importancia deste fondo é que reflicte, desde unha perspectiva de xénero, como foron as actividades educativas, sociais e políticas dirixidas á muller na época franquista. É de grande importancia para o estudo da muller no século XX.

DELEGACIÓN PROVINCIAL DO AUXILIO SOCIAL

O Auxilio Social foi unha organización fundada por Mercedes Sanz Bachiller en 1936, como Auxilio de Invierno, para prestarlle axuda ás vítimas, nomeadamente do bando vencedor, da Guerra Civil mediante comedores infantís.

Foi o encargado de administrar a beneficencia e, á vez, adoutrinar á poboación infantil dentro dos valores sindicalistas e nacional-católicos.

En 1937 incorpórase á Sección Femenina. Empezan a abrirse garderías infantís (para as nais traballadoras) e fogares para a orfandeade.

Organízase polo Decreto de 1940. Tamén se crea o Servicio Social de la Mujer baixo os auspicios do Auxilio Social.

En 1973 pasa a denominarse Instituto Nacional de Asistencia Social (INAS) e, posteriormente, en 1977, as competencias son asumidas polo Ministerio de Sanidade e Seguridade Social.

O seu fondo, transferido ao AHPPo nos anos 1984, 1987 e 2004, consta de 423 caixas e 45 libros, abarcando un período cronolóxico de 1937 ata 1984.

DELEGACIÓN DEL FRENTE DE JUVENTUDES

Instituído pola Lei de 6 de decembro de 1940 como unha sección de Falange española, as súas funcións eran a “educación física, política, moral, social, cultural e relixiosa” dos mozos menores de vinte e un anos, colaborando na tarefa do Estado, converténdose nun instrumento de adoutrinoamento nas consignas políticas do Movimiento.

Encargábase da docencia da educación física, política e deportiva no ensino secundario e universitario.


En 1961 a Delegación Nacional de Juventudes estruturouse en 2 grandes bloques: Enseñanza y Sección Juvenil. Baixo esta última quedou o Frente de Juventudes, formado pola Organización Juvenil Española (OJE), as Falanges Juveniles de Franco e as asociacións colaboradoras. Nese ano tamén se constituíu o Instituto de la Juventud.

As delegacións provinciais divídense en Organización Juvenil e Enseñanza e contaban con actividades culturais, deportivas, profesionais, campamentos e albergues (*imaxe 6*).

En 1977 as súas competencias pasan á Administración Pública de carácter social desenvolvida polo propio Estado.

Transferido ao AHPPo no ano 1988, este fondo abarca desde 1945 ata 1977, constando de 235 libros en soporte papel e descrito a nivel de fondo, mostrando a actividade ideolóxica do réxime franquista na súa actividade institucional xuvenil.

Entre as súas series destacan as relativas ás inspeccións e visitas aos campamentos, as memorias das actividades deportivas e os rexistros de sanidade. Da súa función administrativa hai libros de ingresos, pagos e operacións bancarias.



Imaxe 6. Portada dunha publicación dos campamentos xuvenís da OJE.

FONDOS XUDICIAIS

Dentro dos fondos públicos están os xudiciais, dos que, en relación coa Memoria, o AHPPo ten descrito os Expedientes de Responsabilidades Políticas dos distintos xulgados de Primeira Instancia e Instrución da provincia de Pontevedra.

Os Expedientes de Responsabilidades Políticas

A xurisdición especial de responsabilidades políticas xorde coa Lei de 9 de febreiro de 1939 que xulgaba as persoas que contribuíran a crear ou a agravar a subversión en toda orde e se opuxeran no pasado ou, por suposto, se seguían opoñendo, ao Movimiento Nacional con “actos concretos” ou con “pasividade grave”, impondo tres tipos de sancións: restritivas da actividade, limitativas da liberdade de residencia e económicas. En casos excepcionais podería supoñer a perda da nacionalidade española.

Créase o Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas, con Jefatura Superior Administrativa, tribunais rexionais, xulgados instrutores provinciais e xulgados civís especiais.

Nunha lei de 1942 facultábase ao Tribunal Nacional para ditar instrucións para as Audiencias Provinciais e os Xulgados de Instrución de Primeira Instancia sobre os procedementos de responsabilidades políticas.

Significaba a incautación dos bens de persoas partidarias da República, sendo expropiadas en beneficio do Estado (*imaxe 7*).

A través destes expedientes percíbese o funcionamento do Tribunal así como o ambiente social e político do momento histórico. Despréndese deles a violencia física, económica e moral sobre a vida das persoas procesadas, falando dun ambiente de medo xeneralizado.

No AHPPo custódianse un total de 63 expedientes, principalmente de Vigo, Pontevedra e Cambados, cunha cronoloxía que



Imaxe 7. Cabeceira da comisión liquidadora de responsabilidades políticas, o organismo que ditaminaba a incautación de bens a persoas republicanas.

abarca desde 1936 ata 1969, descritos a nivel de expediente (en Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia).

Entre estes expedientes destaca o de Elpidio Villaverde Rey, primeiro alcalde republicano de Vilagarcía de Arousa (*imaxe 8*).

FACENDA DE PONTEVEDRA

Expedientes de Incautación de Bienes

Os bens incautados a raíz dos Expedientes de Responsabilidades Políticas foron a parar á Hacienda estatal na provincia, xerando os Expedientes de Incautación de Bienes.

Os bens e propiedades das persoas acusadas quedaban inmovilizados mentres durase o expediente, en previsión de posibles sancións económicas (*imaxe 9*).

No AHPPo custódiáanse un total de 26 expedientes de incautacións, 25 de Pontevedra e 1 de Vigo, cunha cronoloxía de 1935 a



Imaxe 8. Elpidio Villaverde e a súa muller, Rosina Otero, no exilio argentino. Arquivo familiar.

1969. Están descritos a nivel de expediente (na aplicación informática de descrición dos arquivos da Xunta, Digiarch) e dixitalizados. Poden ser consultados en Galiciana. Destaca o expediente de Alfonso Rodríguez Castelao (1950-1969) (*imaxe 10*).



Imaxe 9. Encabezamento dun expediente de incautacións.



Imaxe 10. Recepción no exilio a Castelao e Virxinia Pereira. Foto de *A Nosa Terra*

OUTROS FONDOS

Existen outros fondos custodiados no AHPPo que tamén presentan gran interese para o estudo e investigación da Memoria: xulgados, libros de rexistros, protocolos notariais, Información e Turismo, Instituto de Pontevedra, Goberno Civil, asociacións, AISS, Xunta Provincial de Protección de Menores... Aquelas persoas que estean interesadas nestes fondos poden contactar co AHPPo.

UNHA PEQUENA REFLEXIÓN

Se queremos coñecer o pasado para entender o presente hai que investigar nos fondos custodiados nos arquivos. Indagando nos documentos da Memoria e divulgando o seu contido estaremos en posición de entender a nosa situación actual e, tal vez, soamente tal vez, non repetir uns dos períodos máis escuros da nosa historia, mantendo a esperanza no futuro.

FONTES DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

<https://arquivosdegalicia.xunta.gal/gl>

<http://censoarchivos.mcu.es/>

<https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/archivos/archivos-y-centros.htm>

